

2021

PROFESIONES REGULADAS

Análise das profesións reguladas e as súas posibles vinculacións cos
certificados de profesionalidade das distintas familias formativas

Actualización **XUÑO 2021**

XUNTA DE GALICIA



PROFESIÓN S REGULADAS

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Emprego e Igualdade

Dirección Xeral de Formación e Colocación

Instituto Galego das Cualificacións

2013

© Xunta de Galicia. “Profesiões reguladas”

EDITA:

Consellería de Emprego e Igualdade

Dirección Xeral de Formación e Colocación

ELABORA:

Instituto Galego das Cualificacións

URL:

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución.CompartirIgual 4.0

España de Creative Commons. Para ver unha copia de licenza, visite:

<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/>

Índice

INTRODUCCIÓN.....	11
SOBRE O CONCEPTO DE PROFESIÓN REGULADA.....	11
OBXECTIVOS DO INFORME.....	13
ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS.....	14
SOCORRISTA.....	14
MONITOR DEPORTIVO.....	16
ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN.....	18
XESTOR ADMINISTRATIVO.....	18
TRADUCCIÓN E INTERPRETACIÓN XURADA.....	20
MEDIADORES DE SEGUROS E CORREDORES DE REASEGUROS.....	22
AGRARIA.....	24
MANIPULACIÓN E APLICACIÓN DE PRODUCTOS FITOSANITARIOS.....	24
ASESOR EN XESTIÓN INTEGRADA DE PRAGAS.....	28
CARNÉS DE CAPACITACIÓN AGRARIA.....	30
CONDUTORES OU COIDADORES NO TRANSPORTE DE GANDO POR ESTRADA.....	32
BENESTAR ANIMAL NA MANIPULACIÓN DE ANIMAIS EN GRANXAS, MATADOIROS,	33
PERSOAL DE COIDADOS E PROCEDEMENTOS EN CENTROS DE EXPERIMENTACIÓN CON ANIMAIS.....	34
COMERCIO E MÁRKETING.....	39
AXENTE COMERCIAL.....	39
EDIFICACIÓN E OBRA CIVIL.....	40
TARXETA PROFESIONAL DA CONSTRUCCIÓN.....	40
OPERADOR DE GUINDASTRES OU OPERADOR DE GUINDASTRE TORRE.....	41
OPERADOR DE GUINDASTRE MÓBIL AUTOPROPULSADO, CATEGORÍAS A E B.....	43
MONTADOR DE ESTADAS.....	45
ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA.....	47
CERTIFICADO DE CUALIFICACIÓN INDIVIDUAL EN BAIXA TENSIÓN, CATEGORÍAS: BÁSICA E ESPECIALISTA.....	47
INSTALADOR DE LIÑAS DE ALTA TENSIÓN.....	49
ELECTRICISTA MINEIRO AUTORIZADO.....	52
ENERXÍA E AUGA.....	54
INSTALADOR NUCLEAR RADIOACTIVO.....	54
CERTIFICACIÓN DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DOS EDIFICIOS.....	57

FABRICACIÓN MECÁNICA.....	59
TARXETA PROFESIONAL DA CONSTRUCIÓN PARA O METAL.....	59
CUALIFICACIÓN DE SOLDADORES.....	60
HOSTALARÍA E TURISMO.....	62
GUÍAS DE TURISMO.....	62
IMAXE PERSOAL.....	65
PERRUQUEIRO.....	65
OPERADOR DE APARELLOS DE BRONCEADO ARTIFICIAL MEDIANTE RADIACIÓN ULTRAVIOLETA.....	65
APLICADOR DE TATUAXES, MICROPIGMENTACIÓN E PIERCING.....	67
INDUSTRIAS ALIMENTARIAS.....	69
CERTIFICADO INDIVIDUAL DE ACREDITACIÓN SOBRE MANIPULACIÓN DE ALIMENTOS.....	69
CARNÉS DE ACREDITACIÓN DA INSPECCIÓN EN MATERIA AGROALIMENTARIA.....	72
ENÓLOGO, TÉCNICO VITIVINÍCOLA E TÉCNICO EN ELABORACIÓN DE VIÑOS.....	73
ASISTENTE AOS CONTROIS OFICIAIS EN ESTABLECEMENTOS DE PRODUCCIÓN DE CARNE FRESCA DE AVES DE CURRAL E LAGOMORFOS.....	75
INDUSTRIAS EXTRACTIVAS.....	76
CERTIFICADO DE FORMACIÓN PREVENTIVA PARA DESEMPEÑAR O POSTO DE TRABAJO DE TRABALLADORES DE ACTIVIDADES MINEIRAS.....	76
OPERADORES DE MAQUINARIA MINEIRA MÓBIL.....	78
ARTILLEIRO/ AUXILIAR DE ARTILLEIRO.....	80
CERTIFICADO DE APTITUDE DE CONDUTOR E MAQUINISTA DE VEHÍCULOS MINEIROS.....	84
CERTIFICADO DE APTITUDE DE MAQUINISTA DE EXTRACCIÓN.....	85
VIXILANTE DE MINAS.....	86
INSTALACIÓN E MANTEMENTO.....	87
INSTALADOR DE FONTANARÍA.....	87
INSTALADOR AUTORIZADO DE GAS, CATEGORÍAS A, B, C.....	87
INSTALADOR E MANTEDOR EN INSTALACIÓN TÉRMICAS EN EDIFICIOS.....	90
PROFESIONAIS FRIGORISTAS HABILITADOS.....	93
INSTALACIÓN, MANTEMENTO, REVISIÓN E MANIPULACIÓN DE GASES FLUORADOS E EQUIPAMENTOS.....	96
MANIPULACIÓN DE GASES FLUORADOS PARA CALQUERA CARGA.....	98
MANIPULACIÓN DE GASES FLUORADOS PARA CARGA MENOR DE 3 kg.....	100
MANIPULACIÓN DE SISTEMAS FRIGORÍFICOS QUE EMPREGUEN REFRIGERANTES FLUORADOS DESTINADOS AO CONFORT TÉRMICO DE PERSOAS INSTALADOS EN VEHÍCULOS.....	102
MANIPULACIÓN DE EQUIPAMENTOS DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS QUE EMPREGUEN GASES FLUORADOS COMO AXENTE EXTINTOR.....	103

MANIPULACIÓN DE DISOLVENTES QUE CONTEÑAN GASES FLUORADOS E EQUIPAMENTOS QUE OS EMPREGAN.....	104
CERTIFICADO ACREDITATIVO DA COMPETENCIA PARA A RECUPERACIÓN DE HEXAFLUORURO DE XOFRE DE EQUIPAMENTOS DE CONMUTACIÓN DE ALTA TENSIÓN.....	104
OPERADOR INDUSTRIAL DE CALDEIRAS.....	105
INSTALADOR OU REPARADOR E EMPRESA INSTALADORA OU REPARADORA DE PRODUTOS PETROLÍFEROS LÍQUIDOS (P.P.L.).....	106
CONSERVADOR DE ASCENSORES.....	109
TÉCNICOS TACÓGRAFOS.....	111
INSTALACIÓNS DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS.....	113
MADEIRA E MOBLE.....	116
TARXETA PROFESIONAL DA CONSTRUCCIÓN PARA O SECTOR DA MADEIRA E MOBLE.....	116
MARÍTIMO-PESQUEIRA.....	118
TITULACIÓNS DE MERGULLO PROFESIONAL.....	118
EXTRACCIÓN DE RECURSOS PESQUEIROS CON TÉCNICAS DE MERGULLO.....	121
MARISCADOR A PÉ E DE RECURSOS ESPECÍFICOS.....	123
TÍTULOS PROFESIONAIS DE PESCA.....	124
CAPITÁN DE PESCA.....	124
PATRÓN DE ALTURA.....	125
PATRÓN DE LITORAL.....	126
PATRÓN COSTEIRO POLIVALENTE.....	128
PATRÓN LOCAL DE PESCA.....	129
MARIÑEIRO- PESCADOR.....	131
MECÁNICO MAIOR NAVAL.....	133
MECÁNICO NAVAL.....	135
TITULACIÓNS PROFESIONAIS DA MARIÑA MERCANTE.....	137
CAPITÁN DA MARIÑA MERCANTE.....	139
PILOTO DE PRIMEIRA DA MARIÑA MERCANTE.....	139
PILOTO DE SEGUNDA DA MARIÑA MERCANTE.....	139
PATRÓN DE ALTURA.....	140
PATRÓN DE LITORAL.....	141
PATRÓN PORTUARIA.....	142
XEFE DE MÁQUINAS DA MARIÑA MERCANTE.....	142
OFICIAL DE MÁQUINAS DE PRIMEIRA DA MARIÑA MERCANTE.....	143
OFICIAL DE MÁQUINAS DE SEGUNDA DA MARIÑA MERCANTE.....	143

OFICIAL ELECTROTÉCNICO DA MARIÑA MERCANTE.....	144
MECÁNICO MAIOR NAVAL.....	144
MECÁNICO NAVAL.....	145
OFICIAL RADIOELECTRÓNICO DE PRIMEIRA DA MARIÑA MERCANTE.....	146
OFICIAL RADIOELECTRÓNICO DE SEGUNDA DA MARIÑA MERCANTE.....	147
OPERADOR XERAL DO SISTEMA MUNDIAL DE SOCORRO E SEGURIDADE MARÍTIMA.....	147
OPERADOR RESTRINXIDO DO SISTEMA MUNDIAL DE SOCORRO E SEGURIDADE MARÍTIMA.....	148
TARXETAS A EXTINGUIR.....	148
CERTIFICADOS DE SUFICIENCIA.....	149
CERTIFICADO DE SUFICIENCIA DE MARIÑEIRO DE PONTE DA MARIÑA MERCANTE.....	150
CERTIFICADO DE SUFICIENCIA DE MARIÑEIRO DE MÁQUINAS DE MARIÑA MERCANTE.....	150
CERTIFICADO DE SUFICIENCIA DE MARIÑEIRO DE PRIMEIRA DE PONTE DA MARIÑA MERCANTE	151
CERTIFICADO DE SUFICIENCIA DE MARIÑEIRO DE PRIMEIRA MÁQUINA DA MARIÑA MERCANTE	152
CERTIFICADO DE SUFICIENCIA DE MARIÑEIRO ELECTROTÉCNICO DA MARIÑA MERCANTE.....	152
CERTIFICADO DE SUFICIENCIA EN ALTA VOLTAXE.....	153
CERTIFICADOS DE ESPECIALIDADE.....	154
FORMACIÓN BÁSICA.....	155
AVANZADO EN LOITA CONTRA INCENDIOS.....	155
EMBARCACIÓNS DE SUPERVIVENCIA E BOTES DE RESCATE (NON RÁPIDOS).....	155
BOTES DE RESCATE RÁPIDOS.....	156
CERTIFICADO DE FAMILIARIZACIÓN EN BUQUES TANQUE.....	156
CERTIFICADO DE BUQUES PETROLEIROS.....	156
CERTIFICADO DE BUQUES GASEIROS.....	156
CERTIFICADO DE BUQUES QUIMIQUEIROS.....	156
CERTIFICADO DE BUQUES DE PASAXE.....	157
CERTIFICADO DE BUQUES RO-RO DE PASAXE E BUQUES DE PASAXE DISTINTOS DE BUQUES RO- RO.....	157
CERTIFICADO DE RADAR DE PUNTEO AUTOMÁTICO (ARPA).....	157
EMBARCACIÓNS DE GRAN VELOCIDADE OU DE SUSTENTACIÓN DINÁMICA.....	157
PATRÓN PROFESIONAL DE EMBARCACIÓNS DE LECER.....	159
PATRÓN PROFESIONAL DE INSTALACIÓNS E DÁRSENAS PORTUARIAS.....	160
OFICIAL DE PROTECCIÓN DO BUQUE.....	161
OFICIAL DA COMPAÑÍA PARA A PROTECCIÓN MARÍTIMA.....	161
PREVENCIÓN E LOITA CONTRA A CONTAMINACIÓN EN MANIPULACIÓN DE HIDROCARBUROS.....	162

COMPENSADOR DE AGULLAS NÁUTICAS.....	163
OPERADOR DE PEIRAO E TERMINAL QUE MANIPULE MERCADORÍAS PERIGOSAS.....	164
CAPACITACIÓN PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO PORTUARIO DE MANIPULACIÓN DE MERCADORÍAS.....	164
SANIDADE.....	167
TRANSPORTE SANITARIO.....	167
PROFESIONAIS DA ÁREA SANITARIA DE FORMACIÓN PROFESIONAL.....	169
PROTÉTICO DENTAL E HIXIENISTAS DENTAIS.....	170
AUXILIAR DE FARMACIA.....	172
CREACIÓN E FUNCIONAMENTO DE LABORATORIOS CLÍNICOS.....	174
ORTOPEDIA E AUDIOPRÓTESES.....	174
ÓPTICA.....	177
MANTEMENTO E LIMPEZA DOS EQUIPOS E INSTALACIÓNS DE PISCINAS.....	177
PERSOAL CUALIFICADO EN TANATOPRAXIA.....	179
MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS SUSCEPTIBLES DE SE CONVERTER EN FOCOS DE PROPAGACIÓN DE LEXIONELOSE.....	181
SEGURIDADE E MEDIO AMBIENTE.....	183
PERSOAL DE SEGURIDADE PRIVADA.....	183
INSTRUTOR DE TIRO.....	187
CONTROL DE ACCESOS A ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS.....	188
CAPACITACIÓN PARA ADESTRAMENTO DE CANS.....	190
CAPACITACIÓN PARA REALIZAR TRATAMENTOS CON BIOCIDAS.....	192
PERSOAL VOLUNTARIO DO SISTEMA INTEGRADO DE PROTECCIÓN CIVIL E DE XESTIÓN DE RISCOS E DE EMERXENCIAS DE GALICIA.....	196
SERVIZOS SOCIOCULTURAIS E Á COMUNIDADE.....	198
EDUCADORES NO TEMPO LIBRE.....	198
EDUCADOR INFANTIL.....	199
AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR.....	201
COIDADORES E XEROCULTORES OU CATEGORÍAS SIMILARES.....	204
DIRECTORES/AS DE CENTROS DE DEPENDENCIA.....	206
MEDIADOR FAMILIAR.....	207
PERSOAL QUE PRESTA SERVIZO NAS LUDOTECAS COMO CENTROS DE SERVIZOS SOCIAIS.....	208
TRATAMENTO DE DROGODEPENDENCIA.....	209
CERTIFICADO DE APTITUDE DE PROFESOR DE FORMACIÓN VIARIA.....	210
CERTIFICADO DE APTITUDE DE DIRECTOR DE ESCOLAS DE CONDUTORES.....	211
TRANSPORTE E MANTEMENTO DE VEHÍCULOS.....	212
ENCARGADO OU RESPONSABLE TÉCNICO DE TALLER DE REPARACIÓN DE AUTOMÓBILES.....	212

FORMACIÓN CAP.....	223
XESTOR DE TRANSPORTE.....	226
CONSELLEIROS DE SEGURIDADE PARA O TRANSPORTE DE MERCADORÍAS PERIGOSAS.....	228
AUTORIZACIÓN ESPECIAL PARA VEHÍCULOS QUE TRANSPORTEN MERCADORÍAS PERIGOSAS.....	229
AUXILIAR/RESPONSABLE DE CIRCULACIÓN.....	230
ENCARGADO DE TRABALLOS FERROVIARIOS.....	232
PILOTO DE SEGURIDADE NA CIRCULACIÓN FERROVIARIA.....	233
OPERADOR DE MAQUINARIA DE INFRAESTRUTURA FERROVIARIA.....	235
AUXILIAR DE OPERACIÓNS DO TREN.....	236
RESPONSABLES DAS OPERACIÓNS DE CARGA.....	237
OPERADOR DE VEHÍCULOS DE MANOBRAS.....	239
AUXILIAR DE CABINA.....	240
RESPONSABLE DE CONTROL DO MANTEMENTO DE MATERIAL RODANTE FERROVIARIO.....	242
CERTIFICACIÓN DE MAQUINISTA DE TREN.....	244
TRANSVERSAL A VARIAS FAMILIAS.....	247
CARRETILLAS ELEVADORAS.....	247

Introdución

SOBRE O CONCEPTO DE PROFESIÓN REGULADA

En primeiro lugar, antes de abordar este informe, cómpre realizar algunha reflexión en torno ao concepto de profesión regulada, porque habitualmente con esta denominación referímonos a situacións de moi diversa índole e consecuencias para a formación profesional. Como nexo común a todas elas, podemos dicir que case sempre, na orixe da regulación, está o deber da Administración competente en cada caso de garantir a seguridade dun servizo, instalación, etc.

Tradicionalmente, fálase de profesións reguladas en relación con profesións “liberais” que exigen para o seu exercicio a colexiación obrigatoria, como é o caso das profesións médicas, os arquitectos, etc. No entanto, o nome que a legalidade lles outorga a estas profesións é o de “profesións tituladas”. Segundo o ordenamento xurídico vixente, unha profesión titulada só pode ser considerada tal de se establecer o dito carácter nunha lei; ademais, implica a creación do correspondente colexio profesional. Nesta definición entra un número restrinxido de profesións que están ligadas na súa inmensa maioría a un título universitario.

Outras profesións denominadas tradicionalmente reguladas son as relacionadas coa instalación e mantemento de instalacións que requiren dun carné outorgado por Industria. A misión destes carnés é garantir que os responsables da instalación e o mantemento das instalacións posúan os coñecementos necesarios para a seguridade destas e, en xeral, o cumprimento da regulamentación de seguridade.

Non obstante, existen outras profesións menos coñecidas. Estas tamén se poderían denominar reguladas na medida en que a Administración competente establece algunha condición que supedita o exercicio da profesión ou a prestación do servizo ao cumprimento dalgún requisito en relación coa cualificación das persoas.

Por último, está a lista de profesións reguladas que establecen as sucesivas directivas europeas para o recoñecemento e a transparencia das cualificacións.

O recoñecemento profesional das profesións reguladas está cuberto por un conxunto de directivas nas que se especifican os dereitos da cidadanía no ámbito das cualificacións. Este conxunto de directivas substituíuse no ano 2007 por unha única Directiva 2005/36/CE aplicable a todas as profesións reguladas. Tal directiva está dirixida a consolidar quince

directivas: doce directivas sectoriais que cobren as profesións de médico, enfermeiro responsable de coidados xerais, odontólogo, veterinario, matrona ou asistente obstétrico, farmacéutico e arquitecto, e tres directivas que instauraron un sistema xeral de recoñecemento das cualificacións profesionais que cobren a maioría das demais profesións reguladas.

Con esa directiva, a Comisión iniciou unha reforma do réxime de recoñecemento das cualificacións profesionais, co obxecto de contribuír á flexibilidade dos mercados laborais, acelerar a liberalización da prestación dos servizos, fomentar unha maior automaticidade no recoñecemento das cualificacións e simplificar os procedementos administrativos.

Desde o 20 de outubro de 2007, o recoñecemento das cualificacións profesionais permite que o beneficiario poida acceder, no Estado membro de acollida, á profesión para a que estea cualificado e exercela nas mesmas condicións que os nacionais do dito Estado membro cando neste último estea regulada.

A directiva derroga as directivas anteriormente mencionadas, aínda que estas permaneceron en vigor ata o 19 de outubro de 2007.

En resumo, para os efectos deste documento, imos definir ***profesión regulada como aquela en que existe unha normativa emanada dunha Administración pública que establece algunha condición, relacionada coa cualificación, que é necesario cumprir para exercer unha actividade profesional, prestar un servizo, abrir un establecemento, etc.***

○ **OBXECTIVOS DO INFORME**

Despois do exposto no punto anterior, podemos concluír que existen distintos graos e formas en que a Administración intervén establecendo condicións e requisitos para a prestación dalgúns servizos e/ou o exercicio de determinadas profesións. Na medida en que estas condicións e requisitos teñen que ver coa cualificación das persoas, cómpre inventariar e analizar as mencionadas intervencións para deducir as posibles implicacións ou consecuencias que sería necesario ter en conta desde a Dirección Xeral de Formación e Colocación.

O obxectivo deste informe é precisamente presentar o dito inventario, así como unha análise pormenorizada que lles sirva como información de consulta aos profesionais do emprego e formación que necesiten orientar sobre as formas de obter unha habilitación profesional. Por outra banda, a vinculación existente entre estas habilitacións e a formación adquirida a través dun certificado de profesionalidade xustifica a información engadida, de ser o caso, sobre a relación directa ou indirecta destes coa obtención dunha acreditación para traballar.

Non debemos esquecer que desde a Consellería de Emprego e Igualdade se programan anualmente cursos de formación para o emprego, priorizándose os certificados de profesionalidade como vía para obter unha formación que supoña un valor engadido no itinerario profesional dun traballador e, dentro destes, aqueles que ademais estean especialmente requiridos polo mercado de traballo e/ou sirvan para acreditar o exercicio dunha profesión regulada.

SOCORRISTA**ÓRGANO COMPETENTE:****DIRECCIÓN XERAL DA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA****NORMATIVA**

- ➔ **Decreto 63/2021**, do 22 de abril, polo que se modifica o Decreto 104/2012, do 19 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.
- ➔ **Decreto 35/2017**, do 30 de marzo, polo que se modifica o Decreto 104/2012, do 16 de marzo polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.
- ➔ **Decreto 104/2012**, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.

Para o exercicio profesional do socorrismo acuático na Comunidade Autónoma de Galicia, será necesario que o/a profesional solicite a inscrición no correspondente Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, presentando a preceptiva declaración responsable, e que dispoña da correspondente habilitación profesional. Segundo o Decreto 63/2021, a inscrición provisional do persoal de socorrismo acuático efectuada ao abeiro da anterior normativa quedará prorrogada automaticamente, sen necesidade de presentar documentación ningunha e sen prexuízo do dereito a solicitar a baixa no rexistro.

REQUISITOS PARA A SÚA OBTENCIÓN

- A) A formación mínima requirida para o exercicio da actividade de **SOCORRISMO EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS** pódese obter por calquera das seguintes vías:
- **Certificado de profesionalidade de socorrismo en instalacións acuáticas** (AFDP0109), establecido polo Real decreto 711/2011, do 20 de maio.
 - Título de técnico deportivo en salvamento e socorrismo, establecido polo Real decreto 878/2011, do 24 de xuño; título de técnico deportivo superior en salvamento e socorrismo, establecido polo Real decreto 879/2011, do 24 de xuño, ou calquera outro título de grao medio ou superior de formación profesional que inclúa no seu currículo os módulos formativos asociados a todas as unidades de competencia da

- cualificación de socorrismo en instalacións acuáticas do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.
- Acreditación de ter superado as catro unidades de competencia da cualificación profesional de socorrismo en instalacións, acuáticas, obtidas a través do procedemento que desenvolve o Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral.
 - **Título de Licenciado ou Graduado en Ciencias da Actividade Física e o Deporte**, xunto co certificado de ter superado o curso de adaptación de actividade física e deportiva ao socorrismo en instalacións acuáticas (CAFDO-IA), establecido no anexo V do Decreto 35/2017.
 - **Título de Técnico Superior en animación de Actividades Físicas e Deportivas**, xunto co certificado de ter superado o curso de adaptación da actividade física e deportiva ao socorrismo en instalacións acuáticas (CAFDO-IA), establecido no anexo V do Decreto 32/2017.
- B) A formación mínima requirida para o exercicio da actividade de **SOCORRISMO EN ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS** pódese obter por calquera das seguintes vías:
- **Certificado de profesionalidade de socorrismo en espazos acuáticos naturais** (AFDP0209), establecido polo Real decreto 711/2011, do 20 de maio.
 - Título de técnico deportivo en salvamento e socorrismo, establecido polo Real decreto 878/2011, do 24 de xuño; título de técnico deportivo superior en salvamento e socorrismo, establecido polo Real decreto 879/2011, do 24 de xuño, ou calquera outro título de grao medio ou superior de formación profesional que inclúa no seu currículo os módulos formativos asociados a todas as unidades de competencia da cualificación de socorrismo en espazos acuáticos naturais do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.
 - Acreditación de ter superado as catro unidades de competencia da cualificación profesional de socorrismo en espazos acuáticos naturais, obtidas a través do procedemento que desenvolve o Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral.
 - **Título de Licenciado ou Graduado en Ciencias da Actividade Física e o Deporte**, xunto co certificado de ter superado o curso de adaptación de actividade física e deportiva ao socorrismo en espazos acuáticos naturais (CAFDO-EAN), establecido no anexo VI do Decreto 35/2017.
 - **Título de Técnico Superior en animación de Actividades Físicas e Deportivas**, xunto co certificado de ter superado o curso de adaptación da actividade física e deportiva

ao socorrismo en espazos acuáticos naturais (CAFDO-EAN), establecido no anexo VI do Decreto 32/2017.

O Decreto 63/2021 **prorroga** ata o día **30 de abril do 2022** o período transitorio establecido no parágrafo primeiro da disposición transitoria única do Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

- **AFDP0109 “Socorrismo en instalacións acuáticas”.**
- **AFDP0209 “Socorrismo en espazos acuáticos naturais”.**

Esta non é unha profesión regulada a nivel europeo.

MONITOR DEPORTIVO

ÓRGANO COMPETENTE:

SECRETARÍA XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA E FORMACIÓN DO PROFESORADO

NORMATIVA

- **Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.**
- **Real decreto 1363/2007**, do 24 de outubro, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial.

O derogado Real decreto 1913/1997, do 19 de decembro, especificaba que a única formación deportiva con validez sería a impartida polos centros de ensinanza secundaria, e só durante un período transitorio se poderán validar os cursos impartidos polas federacións deportivas.

O actual real decreto polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial especifica que as ensinanzas deportivas se estruturarán en dous graos: grao medio e grao superior. Estas ensinanzas forman parte da educación secundaria postobrigatoria e da educación superior, respectivamente.

Así mesmo, de acordo coa Lei orgánica 2/2006, as ensinanzas deportivas poderán estar referidas ao Catálogo nacional das cualificacións profesionais¹, na medida en que este

¹ O ciclo inicial de grao medio en Piragüismo inclúe completa a cualificación profesional AFD614_2 Iniciación deportiva en piragüismo. Así mesmo, o ciclo inicial de grao medio en Baloncesto inclúe a

recolla as necesidades e os perfís competenciais propios do sistema deportivo e de resposta ás necesidades do contexto deportivo-laboral da modalidade de que se trate. Os módulos de ensinanza deportiva, no caso de que estean referidos ao catálogo, incluírán as especificacións da formación recollidas nos correspondentes módulos formativos do dito catálogo relacionadas coas competencias profesionais que se pretenden desenvolver a través do módulo.

A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, incide nesta idea expoñendo no seu artigo 72 o seguinte:

1. Para a realización de servizos de ensinanza, dirección, xestión, adestramento, animación e calquera outro relacionado co deporte, os poderes públicos autonómicos exixirán a posesión do correspondente título oficial da familia das actividades físicas e deportivas, ou ben, as **cualificacións profesionais ou os certificados de profesionalidade expedidos pola propia Administración autonómica**.

2. Os poderes públicos da Comunidade Autónoma e, se é o caso, as federacións deportivas e os colexios profesionais, nos seus respectivos ámbitos competenciais, velarán de forma efectiva polo cumprimento da exixencia establecida no apartado anterior.

3. Os títulos habilitantes para cada prestación de servizos deportivos determinaranse regulamentariamente, respectando en todo caso o marco legal que se determine para o exercicio das profesións do deporte.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Os certificados de profesionalidade aprobados, relacionados con esta materia son:

- AFDA0310 Actividades de natación
- AFDA0311 Instrución en ioga
- AFDA0211 Animación físico-deportiva e recreativa.
- AFDA0110 Acondicionamento físico en grupo con soporte musical
- AFDA0111 Fitness acuático e hidrocinesia
- AFDA0210 Acondicionamento físico en sala de adestramento polivalente

Esta non é unha profesión regulada a nivel europeo.

unidade de competencia UC0272_2_R: asistir como interviniente en caso de accidente ou situación de emerxencia.

XESTOR ADMINISTRATIVO

ÓRGANO COMPETENTE:

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

A Administración do Estado reserva para si o recoñecemento, validación ou homologación, de ser o caso, dos títulos de xestor administrativo doutros Estados da Unión Europea que habilitan para o exercicio en España desta profesión.

NORMATIVA

- ➔ **Estatuto orgánico da profesión de xestor administrativo**, aprobado polo Decreto 424/1963, do 1 de marzo.
- ➔ Modificado polos decretos: 2129/1970, do 9 de xullo e 3598/1972, do 23 de decembro; e os reais decretos: 606/1977, do 24 de marzo, 1324/1979, do 4 de abril e 2532/1998, do 27 de novembro.
- ➔ **Real decreto 1141/2007**, do 31 de agosto, de ampliación das funcións traspasadas á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 1643/1996, do 5 de xullo, en materia de colexios oficiais ou profesionais (título de xestor administrativo).
- ➔ **Decreto 172/2007**, do 6 de decembro, sobre a asunción de funcións e servizos transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia, e asignadas á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

REQUISITOS PARA ADQUIRIR A CONDICIÓN DE XESTOR ADMINISTRATIVO (Real decreto 1324/1979, do 4 de abril e posteriores modificacións)

- ☒ Ser español, nacional dun Estado membro da Unión Europea, dos demais signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, ou dun país que conceda reciprocidade de títulos e dereitos.
- ☒ Ser maior de idade.
- ☒ Non ter sido condenado a penas que inhabiliten para o exercicio de funcións públicas.
- ☒ Acreditar por medio de certificación do Consello Xeral de Colexios que nos seus arquivos non constan antecedentes desfavorables.

☒ Estar en posesión dalgún dos seguintes títulos académicos:

- Licenciado en Dereito, en Ciencias Económicas, en Ciencias Empresariais ou en Ciencias Políticas, de conformidade co artigo 6.e) do Decreto 424/1963.
- Licenciatura no ámbito das Ciencias Económicas e Empresariais, do Dereito e das Ciencias Políticas que as sucederon no extinto Catálogo de títulos universitarios oficiais de España.
- Máster universitario implantado ao abeiro do Real decreto 1393/2007, do 27 de abril, adscrito á rama de coñecemento das Ciencias Sociais e Xurídicas e vinculado ao eido disciplinar dalgunha das licenciaturas requiridas polo estatuto orgánico.
- Grao implantado ao abeiro do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, en cuxo proceso de verificación a universidade que expide o título declárase especificamente que os estudos de grao substitúen unha das licenciaturas previstas nos puntos anteriores.
- Titulación universitaria oficial obtido noutros estados que acredite a súa equivalencia ao nivel MECES 3 e a súa homologación respecto a algunha das titulacións anteriores.

☒ Superar as probas de aptitude que se exixan.

☒ Estar dado de alta nos impostos que correspondan á profesión de xestor administrativo.

☒ Estar incorporado a un colexio oficial de xestores administrativos e ter satisfeito os gastos de incorporación a dito colexio e os de expedición do título profesional.

☒ Ter solicitado o ingreso na Mutualidade Xeral de Previsión dos xestores administrativos e satisfacer a cuota de incorporación á mesma ou no Réxime Especial de Traballadores Autónomos, de acordo coa lexislación vixente.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, debe estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

Coa publicación do Real decreto 1141/2007, do 31 de agosto, de ampliación das funcións traspasadas á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 1643/1996, do 5 de xullo, en materia de colexios oficiais ou profesionais (título de xestor administrativo), a nosa **comunidade autónoma asume** as seguintes funcións en materia de xestores administrativos que ata agora viña desempeñando a Administración do Estado:

- A convocatoria e desenvolvemento das probas para obter o título de xestor administrativo, de conformidade co Consello Xeral de Colexios de Xestores Administrativos.

- A expedición do título de xestor administrativo, ao que se lle recoñecerá validez en calquera outro lugar do territorio español.

Asígnanselle á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza as funcións e servizos asumidos. As probas de aptitude convocaranse pola Secretaría Xeral Técnica da Consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a solicitude do Colexio Oficial de Xestores Administrativos de Galicia, e de conformidade co Consello Xeral de Colexios de Xestores Administrativos de España.

Esta é unha profesión regulada a nivel europeo.

TRADUCCIÓN E INTERPRETACIÓN XURADA

ÓRGANO COMPETENTE:

SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA

NORMATIVA

- ➔ **Decreto 267/2002, do 13 de xuño**, polo que se regula a habilitación profesional para a tradución e a interpretación xurada doutras linguas para o galego e viceversa.
- ➔ **Decreto 43/2009, do 26 de febreiro**, polo que se modifica o Decreto 267/2002, do 13 de xuño, polo que se regula a habilitación profesional para a tradución e a interpretación xurada doutras linguas para o galego e viceversa.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística convoca as primeiras probas de habilitación profesional para a tradución e interpretación xurada do galego para outras linguas e viceversa. A convocatoria, publicada no *Diario Oficial de Galicia* do 8 de xaneiro de 2007, estaba dirixida aos pares de linguas galego-castelán, galego-portugués, galego-francés, galego-inglés e galego-alemán.

A habilitación profesional de tradutores xurados realizarase a través de probas comúns de lingua galega e de dereito, con carácter eliminatorio cada unha delas. Posteriormente, realizaranse probas específicas de tradución directa e inversa e de interpretación consecutiva para as respectivas linguas ás que se presenten as persoas aspirantes.

REQUISITOS PARA PRESENTARSE ÁS PROBAS

- ☒ Ser maior de idade.

- ☑ Posuír como mínimo un título de diplomado, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico ou equivalente. No caso de que o título sexa estranxeiro, deberá estar homologado.

HABILITACIÓN DIRECTA

Poderán obter a habilitación directa, sen necesidade de convocatoria previa, aquelas persoas que:

a) Posúan o título de licenciado en tradución e interpretación, sempre que acrediten mediante certificación académica que cumpren os seguintes requisitos:

a.1.) Que cursaron vinte e catro créditos de materias de tradución especializada durante a licenciatura e que calquera posible combinación lingüística de todas e cada unha das materias cursadas de tradución especializada (no novo plan de estudos correspóndese con Tradución de textos económicos e Tradución de textos xurídicos e administrativos) teña o galego como lingua cara á que se traduce. De non figurar especificado deste xeito na denominación da materia, deberase xuntar tamén un certificado do programa oficial, coa combinación lingüística das materias cursadas.

a.2.) Que doce dos vinte e catro créditos das materias de tradución especializada cursada teñen como contidos a tradución de textos xurídicos e económicos. Se estes contidos non figuran especificados nalgunha das materias, deberase achegar un certificado do programa oficial da materia correspondente ao curso escolar en que se cursase, no que terán que aparecer especificados aqueles contidos. O resto dos créditos, ata os vinte e catro, pódense obter mediante a realización de prácticas en empresas avaladas e tuteladas pola universidade correspondente, a través dos proxectos de fin de carreira ou memorias de tradución, ou a través de materias, incluídas as de terceiro ciclo, sempre que estean relacionadas directamente coa tradución de textos xurídico administrativos ou económicos.

a.3.) Que cursaron doce créditos de interpretación.

b) Posúan o nomeamento de intérprete xurado de galego, expedido polo Ministerio de Asuntos Exteriores.

MEDIADORES DE SEGUROS E CORREDORES DE REASEGUROS

ÓRGANO COMPETENTE:

DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA FINANCEIRA, TESOURO E FONDOS EUROPEOS

NORMATIVA

- ➔ **Lei 26/2006**, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados.
- ➔ **Resolución do 18 de febreiro de 2011**, da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, pola que se establecen os requisitos e principios básicos dos programas de formación para os mediadores de seguros, corredores de reaseguros e demais persoas que participen directamente na mediación dos seguros e reaseguros privados.

A Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados, establece que os axentes de seguros exclusivos, axentes de seguros vinculados, operadores de banca-seguros, corredores de seguros e corredores de reaseguro, e, en todo caso, os que exerzan a dirección técnica de todos eles deberán acreditar ter superado un curso de formación ou unha proba de aptitude en materia financeira e de seguros privados que reúna os requisitos establecidos por resolución da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

A Resolución do 18 de febreiro de 2011 establece os requisitos e principios básicos dos programas de formación para os mediadores e todas as persoas que participen directamente na mediación dos seguros e reaseguros privados, que garanten os coñecementos suficientes para o desenvolvemento da súa actividade.

- Persoas encadradas no **GRUPO A**: xestionar as actividades de mediación entre os tomadores de seguros ou as entidades aseguradoras cedentes e asegurados, dunha parte, e as entidades aseguradoras ou reaseguradoras privadas, doutra, presentando, propondo e realizando os traballos previos á formalización do contrato de seguro ou reaseguro, ou na formalización deste, así como asistindo na execución dos ditos contratos, en particular en caso de sinistro, con transparencia e calidade de servizo ao cliente, atendendo aos seus dereitos, e de acordo cos procedementos internos e a normativa legal vixente, e coordinar e supervisar o seu equipamento de traballo.

Os **REQUISITOS** serán os seguintes:

- ☑ Realizar un curso de formación, segundo o programa formativo que figura no anexo I da Resolución do 18 de febreiro de 2011; nas organizacións máis representativas dos mediadores de seguros e das entidades aseguradoras, así como as institucións universitarias públicas ou privadas que pretendan realizar os cursos, e que llo deberán solicitar previamente á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións. As ditas organizacións emitirán as certificacións que acrediten a superación dos cursos.
- ☑ E superar unhas probas de aptitude en materias financeiras, de seguros privados e reaseguros. O Consello Xeral dos Colexios de Mediadores de Seguros organizará as probas de aptitude tras solicitude previa á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e emitirá as certificacións que acrediten a superación desas probas.

■ Persoas encadradas no **GRUPO B**: mediadores de seguros e Axentes

Superar un curso de formación, segundo o programa formativo recollido no anexo II da citada resolución.

■ Persoas encadradas no **GRUPO C**: auxiliares de seguros

Funcións: auxiliares de captación de clientes, así como as relativas ás tramitacións administrativas correspondentes.

Superar un curso de formación, segundo o programa formativo recollido no anexo III da citada resolución.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Contamos con novos certificados de profesionalidade relacionados con esta materia:

■ **ADGN0210 Mediación de seguros e reaseguros privados e actividades auxiliares**

■ **ADGN0110 Xestión comercial e técnica de seguros e reaseguros privados**

En calquera caso, para o exercicio profesional na actividade de mediación de seguros e reaseguros privado, cómpre acreditar a competencia profesional superando un **curso de formación ou proba de aptitude** que reúna os requisitos establecidos en cumprimento da Directiva 92/2002, así como a Lei 26/2006 e normativa vixente.

MANIPULACIÓN E APLICACIÓN DE PRODUCTOS FITOSANITARIOS

ÓRGANO COMPETENTE:

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

NORMATIVA

- ➔ **Resolución do 21 de outubro de 2013**, da Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes, pola que se regula a acreditación da capacitación dos usuarios profesionais de produtos fitosanitarios en Galicia.
- ➔ **Real decreto 1311/2012, do 14 de setembro**, polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sustentable dos produtos fitosanitarios.

O Real decreto 1311/2012 dispón que, **a partir do 26 de novembro de 2015**, os usuarios profesionais e vendedores de produtos fitosanitarios deberán estar en posesión dun carné que acredite *coñecementos apropiados para exercer a súa actividade*, segundo os niveis de capacitación seguintes:

- **Básico:** o persoal auxiliar de tratamentos terrestres e aéreos, incluíndo os non agrícolas, e os agricultores que os realizan na propia explotación sen empregar persoal auxiliar e utilizando produtos fitosanitarios que non sexan nin xeren gases tóxicos, moi tóxicos ou mortais. Tamén se expedirán para o persoal auxiliar da distribución que manipule produtos fitosanitarios.
- **Cualificado:** para os usuarios profesionais responsables dos tratamentos terrestres, incluídos os non agrícolas, e para os agricultores que realicen tratamentos empregando persoal auxiliar. Tamén se expedirán para o persoal que interveña directamente na venda de produtos fitosanitarios de uso profesional, capacitando para proporcionar a información axeitada sobre o uso, os seus riscos para a saúde e no medio ambiente e as instrucións para mitigar eses riscos. O nivel cualificado non outorga capacitación para realizar tratamentos que requiran niveis de fumigador ou piloto aplicador.
- **Fumigador:** para aplicadores que realicen tratamentos con produtos fitosanitarios que sexan gases clasificados como tóxicos, moi tóxicos, ou mortais, ou que xeren gases desta natureza. Para obter o carné de fumigador, cómpre ter adquirido previamente a capacitación correspondente aos niveis básico ou cualificado segundo o establecido nestes.

- **Piloto aplicador:** para o persoal que realice tratamentos fitosanitarios desde ou mediante aeronaves, sen prexuízo do cumprimento da normativa específica que regula a concesión de licenzas no ámbito da navegación aérea.

Estará exento da obriga de realizar o correspondente curso quen solicite o carné que habilita para o nivel cualificado (segundo o establecido no punto referido á capacitación "cualificado") e que poida acreditar que posúe:

- ☑ Titulación habilitante, segundo o establecido no artigo 13 do citado real decreto.
- ☑ Titulación de formación profesional e certificados de profesionalidade segundo se recolle na Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, que permita acreditar unha formación equivalente á que recolle a parte B do anexo IV do real decreto.

O órgano competente da comunidade autónoma adoptará as medidas necesarias para que, non máis tarde do 26 de novembro de 2013, os usuarios profesionais poidan ter acceso á formación axeitada para adquirir o respectivo tipo de capacitación requirido por este real decreto, así como para a súa actualización periódica.

Os carnés serán válidos para efectos de exercer a actividade para a que habilitan en todo o ámbito nacional, e terán unha validez de 10 anos.

Segundo a disposición transitoria primeira do real decreto, os carnés expedidos en virtude da Orde do 8 de marzo de 1994, pola que se establece a normativa reguladora da homologación de cursos de capacitación para realizar tratamentos con praguicidas, terán validez ata o 1 de xaneiro de 2016.

RESOLUCIÓN DO 21 DE OUTUBRO EN CUMPRIMENTO DO REAL DECRETO

En cumprimento do especificado no Real decreto 1311/2012, cómpre que, desde o 26 de novembro deste ano, toda persoa que inicie o procedemento necesario para a obtención dun carné de usuario profesional de produtos fitosanitarios estea inscrito no ROPO (Rexistro Oficial de Produtores e Operadores) segundo as seguintes especificacións:

- a)** Solicitudes de formación como usuarios profesionais de produtos fitosanitarios.

Con carácter xeral, aquelas persoas que soliciten formación en calquera nivel de capacitación á Consellería do Medio Rural deberán estar inscritos no ROPO. Así mesmo, as

persoas que soliciten formación como aplicadores-manipuladores de produtos fitosanitarios no seu nivel básico ás entidades colaboradoras desta consellería, só poderán realizar a proba de avaliación se se comproba a súa inscrición no ROPO como usuarios profesionais. Con este motivo, as entidades colaboradoras deberán acreditar ter informado desta circunstancia con carácter previo á impartición da formación, a todos os solicitantes destes cursos.

b) Repetición da proba de avaliación.

Aquelas persoas que non superen a proba de avaliación en primeira instancia poderán presentarse, durante os dous anos seguintes á data en que recibiu a formación, a outras probas de avaliación. Por mor das posibles actualizacións na normativa, unha vez superado ese período, deberá repetir o curso de formación.

No suposto de que algunha persoa acredite ter recibido a formación necesaria nun período inferior aos dous anos, e xa se atope no ROPO, tamén poderá presentarse ás probas de avaliación, baixo estes mesmos condicionantes.

c) Renovación do carné.

As persoas que soliciten a renovación do seu carné deberán acreditar, en primeiro lugar, a súa inscrición no ROPO para, a continuación, cumprir co requisito de actualización da formación segundo o nivel de capacitación. En concreto, para a actualización de coñecementos no nivel cualificado será necesario un curso de formación teórico-práctica cunha duración de 10 horas, cuxo contido formativo estará principalmente constituído polos aspectos modificados da normativa de aplicación. A acreditación desta actualización realizarase mediante probas de avaliación específicas que se desenvolveran segundo distintos modelos de avaliación.

d) Modelos de avaliación.

Para asegurar a obxectividade das avaliacións que se realicen, publicarase na páxina web da consellería unha instrución respecto ás probas que se realizarán segundo correspondan ao nivel básico ou cualificado, así como as probas correspondentes ás actualizacións formativas.

e) Convocatoria das probas de avaliación para a renovación dos carnés.

A Consellería de Medio Rural convocará as probas de avaliación nos lugares e datas que se indiquen, a través da súa páxina WEB. As persoas que desexen renovar o seu carné deberán inscribirse electronicamente na Oficina Agraria Virtual. Para acceder ás probas, deberán presentar un documento de identificación fidedigno e a xustificación do pagamento da taxa.

Os resultados das probas de avaliación, que especificarán as persoas aptas e as non aptas, serán remitidos polo seu responsable, á Subdirección Xeral de Formación e Transferencia tecnolóxica consonte o procedemento establecido. Unha vez achegada a documentación, emitirase o correspondente carné a todas as persoas con cualificación de aptas para as cales se acredite a súa inscrición no ROPO. En ningún caso se poderá emitir o carné coa presentación dunha declaración responsable ou similar.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO ²

Listaxe de titulacións que acreditan unha formación equivalente á que recolle a parte A do anexo IV do Real decreto 1311/2012, que establece as materias de formación para a obtención do carné de utilización de produtos fitosanitarios de **nivel básico**:

- AGAJ0109 Xestión e mantemento de árbores e palmeiras ornamentais
- AGAO0108 Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinaría
- AGAR0309 Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes
- AGAU0108 Agricultura ecolóxica
- AGAX0208 Actividades auxiliares en agricultura
- AGAU0111 Manexo e mantemento de maquinaria agraria
- AGAU0208 Xestión da produción agrícola
- SEAG0311 Control e protección do medio natural

Listaxe de titulacións que acreditan unha formación equivalente á que recolle a parte B do anexo IV do Real decreto 1311/2012, que establece as materias de formación para a obtención do carné de utilización de produtos fitosanitarios de **nivel cualificado**³:

² Información publicada polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

³ O Ministerio publica tamén unha serie de títulos de grao superior e de grao medio que acreditan tamén a formación para poder obter o carné de utilización de produtos sanitarios de nivel

- AGAC0108 “Cultivos herbáceos”.
- AGAF0108 Fruticultura
- AGAH0108 Horticultura e floricultura
- AGAO0208 Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes
- AGAO0308 Xardinaría e restauración da paisaxe
- AGAR0109 Xestión e repoboacións forestais e tratamentos silvícolas
- AGAR0208 Repoboacións forestais e tratamentos silvícolas
- AGAU0112 Producción e recolección de cogomelos e trufas
- AGAU0210 Producción de sementes e plantas en viveiro
- SEAG0110 Servizos para o control de pragas
- SEAG0311 Xestión de servizos para o control de organismos nocivos

Nos casos dos carnés de fumigador e piloto aplicador, non hai ningunha especialidade de formación ocupacional relacionada.

Estas **non** son unhas profesións reguladas a nivel europeo.

ASESOR EN XESTIÓN INTEGRADA DE PRAGAS

ÓRGANO COMPETENTE:

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

NORMATIVA

- **Decreto 46/2017, do 20 de abril**, polo que se regula a inscrición e o funcionamento do Rexistro Oficial de Produtores e Operadores de medios de defensa fitosanitaria.
- **Decreto 1311/2012, do 14 de setembro**, polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sustentable dos produtos fitosanitarios.

Terá a condición de asesor en xestión integrada de pragas quen acredite ante o órgano competente da comunidade autónoma estar en posesión da titulación habilitante, segundo o disposto no artigo 13 do antedito decreto. A titulación habilitante quedaría reflectida nos seguintes puntos.

cualificado.

1. A posesión da titulación habilitante requirida acreditarase provisionalmente mediante o título ou, de ser o caso, os certificados xustificativos de ter adquirido a formación que figura no anexo II:

- ☒ Licenciaturas, enxeñarías superiores, enxeñarías técnicas, títulos de grao, máster ou terceiro ciclo, e títulos de formación profesional superior, que cumpran a condición de sumaren no seu conxunto un mínimo de 40 ECTS (European Credit Transfer System), en materias relacionadas directamente coa produción vexetal, e en particular naquelas que, independentemente da denominación particular que reciban no plan de estudos correspondente, respondan de maneira inequívoca aos seguintes contidos: *Edafoloxía / Fisioloxía vexetal / Botánica / Mellora vexetal / Fitotecnia / Cultivos herbáceos / Cultivos hortícolas / Cultivos leñosos / Silvicultura / Planificación xeral dos cultivos e aproveitamentos forestais / Avaliación do impacto ambiental / Mecanización agraria / Protección vexetal / Entomoloxía agrícola ou forestal / Patoloxía vexetal / Malherboloxía / Química agrícola.*

Dos 40 ECTS recollidos no parágrafo anterior, polo menos 12 corresponderán a materias que estean relacionadas directamente coa protección vexetal, e en particular aquelas que, independentemente da denominación propia que reciban no plan de estudos correspondente, respondan de maneira inequívoca aos seguinte contidos:

Protección vexetal / Entomoloxía agrícola ou forestal / Patoloxía vexetal / Malherboloxía / Mecanización (maquinaria e equipamentos para a protección de cultivos).

- ☒ Cumpren as condicións especificadas no punto 1 as seguintes titulacións oficiais con plans de estudo anteriores ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES):
 - Enxeñeiro agrónomo.
 - Enxeñeiro técnico agrícola.
 - Enxeñeiro de montes.
 - Enxeñeiro técnico forestal.
 - Outras titulacións universitarias en que os titulares poidan acreditar ter recibido formación equivalente á que se especifica no punto anterior.

☒ Cumpren tamén as condicións especificadas no punto 1 as seguintes titulacións de formación profesional:

- Técnico superior en paisaxismo e medio rural.
- Técnico superior en xestión forestal e do medio natural.
- Outras titulacións de formación profesional superior en que os titulares poidan acreditar ter recibido formación equivalente á que se especifica no punto 1.

2. Como moi tarde, o 1 de xaneiro de 2016, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, con apoio do comité, elaborará un informe sobre o grao en que a formación recibida nos distintos títulos que permiten acreditar a titulación habilitante segundo o anexo II se adapta ás necesidades formativas do asesor. O informe conterá, se das súas conclusións deriva a necesidade, unha proposta de ratificación ou de modificación do citado anexo, que se terá en conta no momento de aprobarse unha modificación deste real decreto que estableza o sistema definitivo que determine finalmente a dita titulación habilitante.

O Decreto 46/2017, establece na disposición derradeira segunda a habilitación de persoas asesoras fitosanitarias. A Consellería do Medio Rural establecerá nos seus programas de formación os cursos para completar a formación para o persoal que queira acceder á condición de persoa asesora en xestión integrada de pragas e non dispoña da titulación habilitante.

A valoración de todas as titulacións universitarias e de formación profesional presentadas para acreditar que cumpren coas condicións de formación establecidas no anexo II do Real decreto 1311/2012, do 14 de setembro, para o asesoramento en xestión integrada de pragas, realizarase a través dun grupo de traballo constituído na subdirección xeral con competencia en formación agroforestal.

CARNÉS DE CAPACITACIÓN AGRARIA

ÓRGANO COMPETENTE:

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

NORMATIVA

- **Decreto 247/2000, do 29 de setembro**, polo que se aproba o Regulamento de capacitación agraria, establécense unha serie de ensinanzas que impartirá a consellería, as cales inclúen: ensinanzas de capataces agrícolas, de formación

básica agraria, para a incorporación á empresa agraria e de actualización e perfeccionamento profesional.

O obxecto do decreto é a regulación, para todo o territorio de Galicia, da capacitación dos profesionais de agricultura e mozos que teñan cumpridos os dezoito anos e non cheguen aos corenta que se queiran incorporar ás explotacións e que os cualifique para o exercicio da actividade agraria, entendida esta como un proceso de formación agraria que se estende ao longo da vida profesional do agricultor.

Poderán participar:

- Os titulares e colaboradores de explotacións agrarias.
 - Os traballadores agrícolas por conta allea e os dirixentes e socios de asociacións e sociedades agrarias con personalidade xurídica.
 - Os mozos que se desexen incorporar ao sector como agricultores autónomos ou continuar a súa formación nas ensinanzas agrarias.
- A **Orde do 17 de marzo de 2009** pola que se ditan normas relativas á inscrición no rexistro de entidades colaboradoras da Consellería do Medio Rural para a realización de actividades de formación continua e transferencia de tecnoloxía en materia agraria e sobre o procedemento de homologación dos cursos realizados por estas entidades e a expedición de certificacións e diplomas oficiais por parte da Administración pública ten por obxecto regular o procedemento para homologar as actividades formativas que as entidades realicen e para o recoñecemento oficial dos certificados, carnés ou diplomas das persoas asistentes aos cursos e actividades impartidas polas entidades colaboradoras.

As ensinanzas de capacitación agraria segundo a citada orde son:

- Ensinanzas para a incorporación á empresa agraria: dirixidas a mozos co obxectivo de capacitálos e facilitarlles a súa incorporación ás empresas agrarias. **Cursos de 250 horas de aptitude empresarial agraria.**
- Ensinanzas de actualización e perfeccionamento profesional. Mínimo de 30 horas por acción formativa.
- Actividades de experimentación, ensaio e transferencia tecnolóxica. A duración destas ensinanzas estará en función do tipo de actividade que se vaia desenvolver.

- Actividades formativas para a cualificación en profesións específicas necesarias para o cumprimento da normativa vixente en materia de modernización de explotacións agrarias. A duración destas actividades será, como mínimo, a fixada pola normativa comunitaria ao respecto.

As entidades colaboradoras en materia de capacitación agraria e transferencia tecnolóxica deberán ser autorizadas e rexistradas como **colaboradoras** de conformidade co procedemento establecido na antedita orde.

O órgano competente, verificada a concorrencia dos requisitos, expedirá o certificado, diploma ou acreditación, e será remitido ás entidades organizadoras nun prazo non superior a tres meses a partir da data da finalización do curso.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

No ficheiro de especialidades do SPEE inclúese unha numerosa serie de especialidades relacionadas coas materias citadas neste decreto.

No punto 3 da disposición adicional única do citado decreto indícase que as ensinanzas profesionais de formación ocupacional se considerarán cualificantes para o exercicio da actividade agraria **cos efectos previstos no decreto**. Segundo esta disposición, o alumnado de formación para o emprego non debería ter ningún problema para conseguir o carné de capacitación agraria. De todos os xeitos, consideramos que se debería aclarar cales son os efectos a que se refire o decreto.

Esta **non é** unha profesión regulada a nivel europeo.

CONDUTORES OU COIDADORES NO TRANSPORTE DE GANDO POR ESTRADA

ÓRGANO COMPETENTE:

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

NORMATIVA

- ➔ **Decreto 542/2016, do 25 de novembro**, sobre normas de sanidade e protección animal durante o transporte.

- ➔ **Decreto 60/2007, do 22 de marzo**, polo que se regulan os cursos de formación en materia de benestar animal, se establece o procedemento de autorización das entidades de formación e se crea o rexistro destas.

Este decreto establece as normas, así como os programas de formación para a realización de cursos de formación en materia de benestar animal, para garantir a capacitación do persoal encargado da manipulación dos animais naqueles casos en que a normativa en vigor así o exixa. A obtención do certificado adquirese pola superación da proba obxectiva de aptitude correspondente ao módulo xeral (anexo I) e ao módulo específico (anexo III).

BENESTAR ANIMAL NA MANIPULACIÓN DE ANIMAIS EN GRANXAS, MATADOIROS, ...

ÓRGANO COMPETENTE:

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

NORMATIVA

- ➔ **Decreto 60/2007, do 22 de marzo**, polo que se regulan os cursos de formación en materia de benestar animal, se establece o procedemento de autorización das entidades de formación e se crea o rexistro destas.

Este decreto establece as normas, así como os programas de formación para a realización de cursos de formación en materia de benestar animal, para garantir a capacitación do persoal encargado da manipulación dos animais naqueles casos en que a normativa en vigor así o exixa.

A obtención do certificado adquirese pola superación da proba obxectiva de aptitude correspondente ao módulo xeral (anexo I) e ao módulo específico (anexo II).

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Contamos cun certificado de profesionalidade xa publicado: AGAN0311 Xestión da produción gandeira, que inclúe unha serie de módulos formativos que establecen a formación requirida en benestar animal en explotacións gandeiras:

- MF1495_3 Xestión dos procesos de produción de animais de reposición, de reprodutores e crías, e de leite (250 horas), en explotacións gandeiras de gando vacún.

- MF1496_3 Xestión dos procesos de produción de animais de recría e de cebo, (160 horas), en explotacións gandeiras de porcino.
- MF1497_3 Xestión dos procesos de produción de aves e de ovos, (140 horas), en explotacións gandeiras de aves.

PERSOAL DE COIDADOS E PROCEDEMENTOS EN CENTROS DE EXPERIMENTACIÓN CON ANIMAIS

ÓRGANO COMPETENTE:

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

NORMATIVA

- ➔ **Real decreto 1386/2018, do 19 de novembro**, polo que se modifica o Real decreto 53/2013, do 1 de febreiro, polo que se establecen as normas básicas aplicables para a protección dos animais utilizados en experimentación e outros fins científicos, incluíndo a docencia.
- ➔ **Orde ECC/566/2015, do 20 de marzo**, pola que se establecen os requisitos de capacitación que debe cumprir o persoal que manexe animais utilizados, criados ou subministrados con fins de experimentación e outros fins científicos, incluíndo a docencia.
- ➔ **Real decreto 53/2013, do 1 de febreiro**, polo que se establecen as normas básicas aplicables para a protección dos animais utilizados en experimentación e outros fins científicos, incluíndo a docencia.
- ➔ **Decreto 296/2008, do 30 de decembro**, de protección dos animais utilizados para experimentación e outros fins científicos, incluída a docencia, polo que se crea o Rexistro dos centros de cría, de subministradores e usuarios e a Comisión Galega de Benestar dos Animais de Experimentación.

Os centros de cría e subministradores deben ter persoal especializado para o coidado e atención dos animais. Tamén deberán dispor de persoal experimentador, de persoal investigador e de persoal asesor en benestar e saúde animal. No caso de que o persoal investigador leve adiante os procedementos de experimentación, non será necesario contar con persoal experimentador.

A Orde do 20 de marzo de 2015⁴ ten por obxecto desenvolver os requisitos de capacitación do persoal que utilice animais en experimentación e con outros fins científicos, incluíndo a docencia, regulados con carácter xeral no artigo 15 do Real decreto 53/2013, do 1 de febreiro.

OBTENCIÓN DA CAPACITACIÓN INICIAL AXEITADA ÁS DIFERENTES FUNCIÓNS

■ Función de coidado dos animais

- a) Estar en posesión dun título de formación profesional ou **certificado de profesionalidade** que recollan os resultados de aprendizaxe incluídos nos módulos correspondentes a esta función segundo o anexo I.
- b) Superar os cursos de formación dirixidos a alcanzar os resultados de aprendizaxe incluídos nos módulos correspondentes a esta función segundo o anexo I, acompañado do desenvolvemento dun período de traballo baixo supervisión ata a adquisición da destreza necesaria para realizar dita función de forma autónoma.

■ Función da eutanasia dos animais

- a) Estar en posesión dun título de formación profesional ou **certificado de profesionalidade** que recollan os resultados de aprendizaxe incluídos nos módulos correspondentes a esta función segundo o anexo I.
- b) Superar os cursos de formación dirixidos a alcanzar os resultados de aprendizaxe incluídos nos módulos correspondentes a esta función segundo o anexo I, acompañado do desenvolvemento dun período de traballo baixo supervisión ata a adquisición da destreza necesaria para realizar dita función de forma autónoma.

■ Función da realización dos procedementos

- a) Estar en posesión dun título de formación profesional ou **certificado de profesionalidade** que recollan os resultados de aprendizaxe incluídos nos módulos correspondentes a esta función segundo o anexo I.
- b) Superar os cursos de formación dirixidos a alcanzar os resultados de aprendizaxe incluídos nos módulos correspondentes a esta función segundo o anexo I, acompañado do desenvolvemento dun período de traballo baixo supervisión ata a adquisición da destreza necesaria para realizar a dita función de forma autónoma.

⁴ O Real decreto 1386/2018, do 19 de novembro, sinala, na súa disposición adicional única, que a Orde ECC/566/2015, do 20 de marzo, vai ser obxecto de revisión.

■ **Función de deseño dos proxectos e procedementos**

- a) Posuír un título universitario de licenciado, grao, máster ou doutor, ou equivalentes, en Bioloxía (animal), Medicina, Veterinaria ou calquera outra disciplina que incorpore no seu programa formativo estudos sobre bioloxía e fisioloxía animal.
- b) Superar os cursos de formación dirixidos a alcanzar os resultados de aprendizaxe incluídos nos módulos correspondentes a esta función segundo o anexo I.

Tamén poderán obter a capacitación para esta función os que posúan un título de licenciado, grao, máster ou doutor, ou equivalentes, diferentes dos indicados na letra a) e que superen os cursos aos que se refire a letra b) anteriores, sempre que estes cursos inclúan un módulo adicional sobre fundamentos de bioloxía e fisioloxía animal, orientado á especie ou grupo de especies involucradas.

■ **Función de supervisión “in situ” do benestar e coidado dos animais**

- a) Posuír un título universitario de licenciado, grao, máster ou doutor, ou equivalentes, en Bioloxía (animal), Medicina, Veterinaria ou calquera outra disciplina que incorpore no seu programa formativo estudos sobre bioloxía e fisioloxía animal.
- b) Superar os cursos de formación dirixidos a alcanzar os resultados de aprendizaxe incluídos nos módulos correspondentes a esta función segundo o anexo I.

■ **Función de veterinario designado**

- a) Posuír un título universitario de licenciado, grao, máster ou doutor, ou equivalentes, que permita o exercicio da veterinaria.
- b) Superar os cursos de formación dirixidos a alcanzar os resultados de aprendizaxe incluídos nos módulos correspondentes a esta función segundo o anexo I.

Os órganos competentes poderán excepciónar a superación destes cursos aos que demostren documentalmente coñecementos ou experiencia en medicina de animais utilizados en experimentación e con outros fins científicos ou docentes, equivalentes aos dos resultados de aprendizaxe incluídos nos módulos aos que se refire o parágrafo anterior.

No marco do establecido no artigo 15, referido ás entidades que imparten cursos de formación, o apartado 3 determina que os órganos competentes poderán desenvolver os requisitos mínimos que deberán cumprir as entidades que impartan a formación.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

As persoas que á entrada en vigor do Real decreto 53/2013, do 1 de febreiro, estivesen facultadas polos órganos competentes para realizar as funcións correspondentes ás categorías establecidas conforme ás disposicións do derogado Real decreto 1201/2005, do 10 de outubro, manterán dita facultade, sen limitación de especie, en referencia ás mencionadas funcións.

Esta consideración aplicarase tamén ao período comprendido desde a entrada en vigor do Real decreto 53/2013, do 1 de febreiro, ata a entrada en vigor desta orde ministerial. Os cursos de formación que conforme ao Real decreto 1201/2005, do 10 de outubro, habilitasen para a adquisición da capacitación e que se impartiran no período ao que se refire o parágrafo anterior surtirán efectos para o recoñecemento da capacitación. Igual efecto terán os cursos que no momento da entrada en vigor desta orde estivesen en proceso de impartición ou tivesen data prevista de impartición no prazo non superior a seis meses.

Os órganos competentes levarán un rexistro do persoal ao que se lle recoñeza a capacitación conforme ao establecido na disposición transitoria primaria, con indicación da función ou funcións do artigo 3.2. ás que se refire.

OBSERVACIÓN

A Lei 6/2013, do 11 de xuño, de modificación da Lei 32/2007, de 7 do novembro, para o coidado de animais, establece unha serie de cambios que se deben ter en conta: a adaptación á nova Directiva 2010/63/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de setembro de 2010 e a lexislación nacional, motiva un cambio na categorización dos animais utilizados para experimentación e outros fins científicos ou educativos, e de resolución expresa das solicitudes de autorización dos proxectos.

Na nova categorización habería que incluír “invertebrados tales como cefalópodos e determinadas formas fetais de mamíferos” por tratarse de seres sobre os que actualmente se

puido demostrara a súa capacidade para experimentar dor, sufrimento, angustia e dano duradeiro.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Hai dous certificados de profesionalidade publicados:

AGAN0212 Realización de procedementos experimentais con animais para investigación e con outros fins científicos (nivel3)

AGAN0111 Coidados e mantemento de animais utilizados para investigación e outros fins científicos (nivel 2)

A formación establecida nestes certificados de profesionalidade axústanse ao establecido no Real decreto 53/2013, do 1 de febreiro, polo que se establecen as normas básicas aplicables para a protección dos animais utilizados na experimentación e outros fins científicos, incluíndo a docencia.

AXENTE COMERCIAL

ÓRGANO COMPETENTE:

Ministerio de Comercio, Industria e Turismo

NORMATIVA

➔ **Real decreto 118/2005**, polo que se aproban os estatutos xerais dos colexios de axentes comerciais de España e do seu consello xeral.

Considerarase axente comercial aquela persoa que, actuando como intermediario independente, se encargue, de maneira continuada ou estable e a cambio dunha remuneración, de promover actos ou operacións de comercio por conta allea, ou a promovelos e concluílos por conta e en nome alleo, sen asumir, salvo pacto en contra, o risco de tales operacións.

REQUISITOS PARA A COLEXIACIÓN

Para incorporarse a un colexio de axentes comerciais, deberase acreditar que se posúe o título de axente comercial e satisfacer a cota de ingreso. Para obter o título de axente comercial, cómpre:

- Ter capacidade legal para exercer o comercio.
- Non estar inhabilitado para exercer a profesión.
- Ter superado a proba de aptitude convocada polo consello xeral tras aprobación previa do temario polo Ministerio competente en materia de comercio. A proba convocarase, polo menos, unha vez ao ano.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Hai publicado un certificado de profesionalidade relacionado con esta actividade COMT0411 Xestión comercial de vendas.

TARXETA PROFESIONAL DA CONSTRUCCIÓN

Non obrigatoria

Aínda que estea derrogada por sentenza, moitos empresarios seguen a exixila para traballar. A Sentenza T.S. (Sala 4) do 27 de outubro de 2010 declara nula a obrigatoriedade da Tarxeta Profesional da Construción.

ÓRGANO COMPETENTE:

Fundación laboral da construción

ANTECEDENTES

Como consecuencia do previsto na Lei 32/2006, reguladora da subcontratación no sector da construción, e do establecido no Convenio xeral do sector da construción 2007-2011, encomendóuselle á Fundación Laboral da Construción o desenvolvemento e emisión da **Tarxeta Profesional da Construción**.

Segundo se determinaba no IV Convenio xeral do sector da construción 2007-2011, a Tarxeta Profesional do Sector da Construción sería obrigatoria a partir do 31 de decembro de 2011.

Esta tarxeta é un documento mediante o cal se acreditan, entre outros datos, os seguintes: a formación recibida polo traballador do sector en materia de prevención de riscos laborais, a súa categoría profesional e os seus períodos de ocupación nas distintas empresas en que exercese a súa actividade.

Para obter a Tarxeta Profesional da Construción é requisito imprescindible ter recibido, polo menos, a formación inicial cunha duración de 8 horas en materia de prevención de riscos laborais, de acordo co previsto no Convenio xeral do sector da construción. Esta formación hai que realizala nunha entidade coa actividade formativa homologada ou na Fundación Laboral da Construción. **Os certificados de profesionalidade deste sector inclúen un módulo de prevención de riscos.**

Unha vez feito o curso de formación, deberáselle solicitar a expedición desta tarxeta á Fundación Laboral da Construción da respectiva comunidade autónoma, achegando os seguintes documentos:

CON CARÁCTER OBRIGATORIO

- ☑ O impreso de solicitude da tarxeta debidamente cuberto.
- ☑ Unha fotografía recente en tamaño carné.
- ☑ Unha fotocopia do DNI ou da tarxeta de residencia.
- ☑ O informe da vida laboral emitido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social dentro dos noventa días inmediatamente anteriores á data da solicitude, que se poderá obter nas administracións da Seguridade Social.
- ☑ Orixinal ou fotocopia compulsada do diploma ou certificado no que se acredite que o solicitante recibiu, como mínimo, a formación inicial en materia de prevención de riscos laborais.

Traballadores ocupados: estar de alta, ou en situación de incapacidade transitoria, prestando servizos en empresas encadradas no ámbito de aplicación do Convenio xeral do sector da construción (non se eximen os 30 días). Acreditarase mediante contrato de traballo, nómina ou certificación de empresa.

Traballadores desempregados: acreditar, polo menos, trinta días de alta en empresas encadradas no ámbito de aplicación do Convenio xeral do sector da construción, no período de trinta e seis meses inmediatamente anterior á data da solicitude. Acreditarase mediante contrato de traballo, nómina ou certificación de empresa.

A Tarxeta Profesional da Construción caduca aos cinco anos da súa emisión.

OPERADOR DE GUINDASTRES OU OPERADOR DE GUINDASTRE TORRE

ÓRGANO COMPETENTE:

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

NORMATIVA

- ➔ **Real decreto 298/2021, do 27 de abril**, polo que se modifican diversas normas regulamentarias en materia de seguridade industrial.

- ➔ **Real decreto 542/2020**, do 26 de maio, polo que se modifican e derrogan diferentes disposicións en materia de calidade e seguridade industrial.
- ➔ **Real decreto 560/2010**, do 7 de maio, polo que se modifican diversas normas regulamentarias en materia de seguridade industrial.
- ➔ **Real decreto 836/2003**, do 27 de xuño, polo que se aproba unha nova Instrución técnica complementaria «MIE-AEM-2» do Regulamento de aparellos de elevación e manutención, referente a guindastres torre para obras e outras aplicacións.

REQUISITOS PARA A SÚA OBTENCIÓN

1.- Requisitos para a obtención do carné:

A- Ser maior de idade.

B- Contar cos coñecementos necesarios para a operación do guindastre torre.

C- Superar un exame médico sobre agudeza visual, sentido da orientación, equilibrio e agudeza auditiva e aptitudes psicolóxicas.

Para a acreditación dos coñecementos exixidos no apartado B anterior, poderá optarse por algunha das seguintes vías:

a) A concorrencia dos seguintes requisitos:

i. Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou dun título equivalente para efectos laborais.

ii. Superar un curso teórico-práctico impartido por unha entidade habilitada ante o órgano competente da comunidade autónoma.

iii. Superar un exame realizado polo órgano competente da comunidade autónoma.

b) Dispor dun título de formación profesional⁵ ou dun certificado de profesionalidade incluído no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade, cuxo ámbito competencial inclúa as materias obxecto do Regulamento de aparatos de elevación e manutención, aprobado polo Real decreto 2291/1985, do 8 de novembro, e desta instrución técnica complementaria.

c) Posuír unha certificación outorgada por entidade acreditada para a certificación de persoas, por ENAC ou calquera outro organismo nacional de acreditación designado de acordo ao establecido no Regulamento (CEE) nº 765/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de xullo do 2008, polo que se establecen os requisitos de acreditación e vixilancia do mercado relativos á comercialización dos produtos e polo que de derroga o Regulamento (CEE) nº 339/93, de acordo coa norma UNE-EN ISO 17024.

⁵

Segundo nota informativa publicada dende a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa: **na actualidade, non existe ningunha titulación que permita a obtención directa deste carné.**

d) Ter recoñecida a cualificación profesional de operador de guindastre torre adquirida noutro ou noutros Estados membros da Unión Europea, de acordo co establecido no Real decreto 581/2017, do 9 de xuño, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/55/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 20 de novembro do 2013, polo que se modifica a Directiva 2005/36/CE relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais e o Regulamento (UE) nº1 1024/2012 relativo á cooperación administrativa a través do Sistema de información do mercado interior (Regulamento IMI).

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Cómpre salientar a existencia dunha cualificación profesional de código EOC687_2 denominada Operacións de manutención de cargas con guindastre-torre.

OPERADOR DE GUINDASTRE MÓBIL AUTOPROPULSADO, CATEGORÍAS A E B

ÓRGANO COMPETENTE:

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

Existen dúas categorías de operador de guindastre móbil autopropulsado: **categoría A** (guindastres de ata 130 t) e **categoría B** (guindastres de máis de 130 t).

NORMATIVA

- ◆ **Real decreto 298/2021, do 27 de abril**, polo que se modifican diversas normas regulamentarias en materia de seguridade industrial.
- ◆ **Real decreto 542/2020, do 26 de maio**, polo que se modifican e derogan diferentes disposicións en materia de calidade e seguridade industrial.
- ◆ **Instrución do 7 de xullo de 2020**, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, relativa ás entidades de formación recoñecidas para impartir o curso para a obtención do carné de operador de guindastre móbil autopropulsado que son empresas alugadoras de guindastres móbiles autopropulsados.
- ◆ **Real decreto 560/2010, do 7 de maio**, polo que se modifican diversas normas regulamentarias en materia de seguridade industrial.

- ◆ **Real decreto 837/2003, do 27 de xuño**, polo que se aproba unha nova Instrución técnica complementaria «MIE-AEM-4» do Regulamento de aparellos de elevación e manutención, referente a guindastres móbiles autopropulsadas.

REQUISITOS PARA A SÚA OBTENCIÓN

1.- Requisitos para a obtención do carné:

A- Ser maior de idade.

B- Contar cos coñecementos necesarios para a operación do guindastre móbil.

C- Superar un exame médico sobre agudeza visual, sentido da orientación, equilibrio e agudeza auditiva e aptitudes psicolóxicas.

Para a acreditación dos coñecementos exixidos no apartado B anterior, poderá optarse por algunha das seguintes vías:

a) A concorrencia dos seguintes requisitos:

i. Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou dun título equivalente para efectos laborais.

ii. Superar un curso teórico-práctico impartido por unha entidade habilitada ante o órgano competente da comunidade autónoma.

iii. Superar un exame realizado polo órgano competente da comunidade autónoma.

b) Dispor dun título de formación profesional⁶ ou dun certificado de profesionalidade incluído no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade, cuxo ámbito competencial inclúa as materias obxecto do Regulamento de aparatos de elevación e manutención, aprobado polo Real decreto 2291/1985, do 8 de novembro, e desta instrución técnica complementaria.

c) Posuír unha certificación outorgada por entidade acreditada para a certificación de persoas, por ENAC ou calquera outro organismo nacional de acreditación designado de acordo ao establecido no Regulamento (CEE) nº 765/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de xullo do 2008, polo que se establecen os requisitos de acreditación e vixilancia do mercado relativos á comercialización dos produtos e polo que se derroga o Regulamento (CEE) nº 339/93, de acordo coa norma UNE-EN ISO 17024.

d) Ter recoñecida a cualificación profesional de operador de guindastre torre adquirida noutro ou noutros Estados membros da Unión Europea, de acordo co establecido no Real decreto 581/2017, do 9 de xuño, polo que se incorpora ao

⁶ Segundo nota informativa publicada dende a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa: **na actualidade, non existe ningunha titulación que permita a obtención directa deste carné.**

ordenamento xurídico español a Directiva 2013/55/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 20 de novembro do 2013, polo que se modifica a Directiva 2005/36/CE relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais e o Regulamento (UE) nº1 1024/2012 relativo á cooperación administrativa a través do Sistema de información do mercado interior (Regulamento IMI).

INSTRUCCIÓN DO 7 DE XULLO DO 2020

As empresas alugadoras de guindastres móbiles autopropulsados que fosen recoñecidas como entidades de formación, poderán impartir o módulo práctico do curso destinado á obtención do carné de operador de guindastre móbil de categoría A e/ou B, ao cal se refire o anexo VII da Instrución técnica complementaria MIE-AEM-4, aprobada polo Real decreto 837/2003, do 27 de xuño, cando os alumnos sexan os seus propios traballadores en activo e dispoñan de contrato de traballo en vigor na empresa recoñecida como entidade de formación, ademais de na forma e lugares previstos no parágrafo anterior, tamén directamente en obra, sempre que conste autorización expresa para iso do director da obra ou actividade e baixo a súa dirección e supervisión.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Cómpre salientar a existencia de dúas cualificacións profesionais vinculadas con estes perfís profesionais:

- EOC688_2 Operacións de manutención de cargas con guindastre móbil autopropulsado categoría A
- EOC720_2 Operacións de manutención de cargas con guindastre móbil autopropulsado categoría B

MONTADOR DE ESTADAS

ÓRGANO COMPETENTE:

Ministerio da Traballo e Economía Social

NORMATIVA

- ◆ **Real decreto 2177/2004, do 12 de novembro**, polo que se modifica o Real decreto 1215/1977, do 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo en materia de traballos temporais de altura.

Este real decreto determina que as estadas só poderán ser montadas, desmontadas ou modificadas substancialmente baixo a dirección dunha persoa cunha formación universitaria ou profesional que a habilite para este fin, e por traballadores que recibirán unha formación axeitada e específica para as operacións previstas, que lles permita facer fronte a riscos específicos de conformidade coas disposicións do artigo 5. Por outra banda, as estadas deberán ser inspeccionadas por unha persoa cunha formación universitaria ou profesional habilitado.

En calquera caso, cando non sexa necesaria a elaboración dun plan de montaxe, utilización e desmontaxe, estas operacións poderán tamén ser dirixidas por unha persoa que dispoña dunha experiencia certificada polo empresario nesta materia de máis de dous anos e conta coa formación preventiva correspondente, como mínimo, as funcións de nivel básico, conforme o previsto no apartado 1 do artigo 35 do Regulamento dos servizos de prevención, aprobado polo Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

A persoa que dispoña do seguinte certificado de profesionalidade poderá realizar as operacións de montaxe, transformación, desmontaxe e inspección de estadas:

☒ **EOCJ0109 Montaxe de estadas tubulares**

Este certificado consta de catro módulos formativos (máis o correspondente módulo de prácticas profesionais non laborais): o MF1926_1 "Labores básicas en montaxe de estadas tubulares" garante o nivel de coñecementos necesarios para realizar operacións de montaxe, transformación e desmontaxe de todo tipo de estadas tubulares, baixo a dirección dun profesional habilitado. Se ademais de dispor do módulo anterior, supera con avaliación positiva os módulos MF1927_2 "Montaxe de estadas tubulares" e o MF1360_2 (transversal) "Prevención básica de riscos laborais en construción", podería dirixir directamente a operación de montaxe, transformación e desmontaxe de estadas, de acordo co establecido no apartado 3.7. do anexo do Real decreto 2177/2004. A superación do citado módulo de prevención de riscos, xunto co módulo MF1928_2 "Organización e supervisión da montaxe de estadas tubulares," permitiría ademais poder inspeccionar as estadas de acordo co establecido no apartado 3.8. do anexo do Real decreto 2177/2004.

CERTIFICADO DE CUALIFICACIÓN INDIVIDUAL EN

BAIXA TENSIÓN, CATEGORÍAS: básica e

especialista

ÓRGANO COMPETENTE:

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

~~Carné derogado~~

NORMATIVA

- ◆ **Real decreto 298/2021, do 27 de abril**, polo que se modifican diversas normas regulamentarias en materia de seguridade industrial.
- ◆ **Decreto 51/2011, do 17 de marzo**, polo que se actualiza a normativa en materia de seguridade industrial na Comunidade Autónoma de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior.
- ◆ **Real decreto 560/2010**, do 7 de maio, polo que se modifican diversas normas regulamentarias en materia de seguridade industrial.
- ◆ **Sentenza do 17 de febreiro de 2004**, da Sala Terceira do Tribunal Supremo, pola que se anula o inciso 4.2.c.2 da ITC-BT-03 anexa ao Regulamento electrónico para baixa tensión, aprobado polo Real decreto 842/2002, do 2 de agosto.
- ◆ **Real decreto 842/2002**, do 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico para baixa tensión e as súas instrucións técnicas complementarias.

O instalador de baixa tensión deberá desenvolver a súa actividade no seo dunha empresa instaladora de baixa tensión habilitada e deberá cumprir e poder acreditar ante a Administración competente, cando esta así o requira no exercicio das súas facultades de inspección, comprobación e control, unha das seguintes situacións:

- Dispor dun título universitario cuxo ámbito competencial, atribucións legais ou plan de estudos cubra as materias obxecto do Regulamento electrotécnico para baixa tensión, aprobado polo Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, e das súas instrucións técnicas complementarias.
- Dispor dun título de formación profesional ou dun **certificado de profesionalidade** incluído no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade, cuxo ámbito competencial inclúa as materias obxecto do Regulamento electrotécnico para baixa tensión, aprobado polo Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, e das súas instrucións técnicas complementarias.

- Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo co estipulado no Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, nas materias obxecto do Regulamento electrotécnico para baixa tensión, aprobado polo Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, e das súas instrucións técnicas complementarias.
- Ter recoñecida a cualificación profesional de instalador en baixa tensión adquirida noutro ou noutros Estados membros da Unión Europea, de acordo co establecido no Real decreto 581/2017, do 9 de xuño, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/55/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de novembro de 2013, pola que se modifica a Directiva 2005/36/CE relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais e o Regulamento (UE) nº 1024/2012 relativo á cooperación administrativa a través do Sistema de información do mercado interior (Regulamento IMI).
- Posuír unha certificación outorgada por entidade acreditada para a certificación de persoas, por ENAC ou calquera outro organismo nacional de acreditación designado de acordo ao establecido no Regulamento (CE) nº 765/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de xullo do 2008, polo que se establecen os requisitos de acreditación e vixilancia do mercado relativos á comercialización dos produtos e polo que se derroga o Regulamento (CEE) nº 339/93, de acordo coa norma UNE-EN ISO/IEC 17024.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Xa non existe carné profesional; o único que se establece son uns requisitos para exercer esta actividade, e realizar unha declaración responsable ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria, conforme a persoa dispón dos requisitos necesarios para o exercicio profesional⁷.

⁷ O **Ministerio de Industria, Comercio e Turismo** establece que os seguintes títulos de formación profesional presumen o cumprimento dos requisitos necesarios para desenvolver a actividade de "instalador de baixa tensión", en calquera das súas dúas categorías (básica e especialista) e modalidades dentro da categoría especialista:

- Técnico en Instalacións Eléctricas e Automáticas
- Técnico superior en Sistemas Electrotécnicos e Automatizados
- Técnico en Equipos e Instalacións Electrotécnicas
- Técnico superior en Instalacións Electrotécnicas
- Técnico auxiliar Instalador-Mantedor Eléctrico (rama de Electricidade e Electrónica)
- Técnico auxiliar de Electricidade (rama de Electricidade e Electrónica)
- Técnico especialista en Instalacións e Liñas Eléctricas (rama de Electricidade e Electrónica)
- Técnico especialista en Máquinas Eléctricas (rama Electricidade e Electrónica)
- Técnico especialista en Electricidade Naval (rama Marítimo-Pesqueira)
- Oficial industrial, especialidade Instalador-Montador (rama Electricidade)
- Mestre industrial (rama Eléctrica).

Títulos de Formación Profesional que se consideran válidos para acreditar o cumprimento da situación indicada no apartado 4.b) da ITC-BT-03 do REBT para desenvolver a actividade como "instalador de baixa tensión", só para categoría básica:

Os certificados de profesionalidade que se relacionan considéranse válidos para acreditar o cumprimento da situación indicada no apartado 4.b) da ITC-BT-03 do REBT para desenvolver a actividade como “instalador de baixa tensión”, en calquera das súas dúas categorías (básica e especialista) e modalidades dentro da categoría especialista:

- ☑ **ELEE0109 Montaxe e mantemento de instalacións eléctricas de baixa tensión.**
- ☑ **ELEE0310 Xestión e supervisión da montaxe e mantemento de instalacións eléctricas no contorno de edificios.**
- ☑ **Certificado de profesionalidade da ocupación de electricista de edificios**
- ☑ **Certificado de profesionalidade da ocupación de electricista industrial**
- ☑ **Certificado de profesionalidade da ocupación de electricista de mantemento**

Tamén se recoñece para o desenvolvemento da actividade como “instalador de baixa tensión”, na categoría básica e só a modalidade dentro da categoría especialista de liñas aéreas ou subterráneas para a distribución de enerxía o seguinte certificado:

- ☑ **ELEE0610 “Xestión e supervisión da montaxe e mantemento de redes eléctricas de baixa tensión e iluminación exterior”**

Esta é unha profesión regulada a nivel europeo.

INSTALADOR DE LIÑAS DE ALTA TENSIÓN

CATEGORÍAS: LAT1 e LAT2

ÓRGANO COMPETENTE:

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

NORMATIVA

- ◆ **Real decreto 298/2021**, do 27 de abril, polo que se modifican diversas normas regulamentarias en materia de seguridade industrial.
- ◆ **Real decreto 542/2020**, do 26 de maio, polo que se modifican e derrogan diferentes disposicións en materia de calidade e seguridade industrial.
- ◆ **Decreto 51/2011**, do 17 de marzo, polo que se actualiza a normativa en materia de seguridade industrial na Comunidade Autónoma de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior.

- Técnico en Mantemento Electromecánico.

- ◆ Orde do 10 de maio de 2010 pola que se regula a aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia da instrución técnica complementaria ITC-LAT 03 do Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión, aprobado polo Real decreto 223/2008, do 15 de febreiro.
- ◆ Real decreto 560/2010, do 7 de maio, polo que se modifican diversas normas regulamentarias en materia de seguridade industrial.
- ◆ Real decreto 223/2008, do 15 de febreiro, polo que se aproban o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias ITC-LAT 01 a 09.

REQUISITOS PARA O SEU EXERCICIO PROFESIONAL

O instalador de liñas de alta tensión deberá desenvolver a súa actividade nunha empresa instaladora de liñas de alta tensión habilitada, e terá que cumprir e poder acreditar ante a Administración competente, cando esta así o requira no exercicio das súas facultades de inspección, comprobación e control, unha das seguintes situacións:

- ☑ Dispor dun título universitario cuxo ámbito competencial, atribucións legais ou plan de estudos cubra as materias obxecto do Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión, aprobado polo Real decreto 223/2008, do 15 de febreiro, e das súas instrucións técnicas complementarias.
- ☑ Dispor dun título de formación profesional ou dun **certificado de profesionalidade** incluído no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade, cuxo ámbito competencial inclúa as materias obxecto do Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión, aprobado polo Real decreto 223/2008, do 15 de febreiro, e das súas instrucións técnicas complementarias
- ☑ Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo co estipulado no Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, nas materias obxecto do Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión, aprobado polo Real decreto 223/2008, do 15 de febreiro, e das súas instrucións técnicas complementarias.
- ☑ Ter recoñecida a cualificación profesional de instalador de liñas de alta tensión adquirida noutro ou noutros Estados membros da Unión Europea, de

acordo co establecido no Real decreto 581/2017, do 9 de xuño, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/55/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de novembro do 2013, pola que se modifica a Directiva 2005/36/CE relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais e o Regulamento (UE) nº 1021/2012 relativo á cooperación administrativa a través do Sistema de información do mercado interior (Regulamento IMI).

- ☑ Posuír unha certificación outorgada pola entidade acreditada para a certificación de persoas, por ENAC ou calquera outro organismo nacional de acreditación designado de acordo ao establecido no Regulamento (CE) nº 765/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, de 9 de xullo de 2008, polo que se establecen os requisitos de acreditación e vixilancia do mercado relativo á comercialización dos produtos e polo que se derroga o Regulamento (CEE) nº 339/93, de acordo coa norma UNE-EN ISO/IEC 17024.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO⁸

Os certificados de profesionalidade que se relacionan a continuación presumen o cumprimento do requisito establecido no apartado 1 do anexo 1 da ITC-LAT-03 do RLAT en relación co inciso b) do apartado 4 de dita ITC para desenvolver a actividade como “instalador de liñas de alta tensión”, en calquera das súas dúas categorías:

ELEE0209 Montaxe e mantemento de redes eléctricas de alta tensión de segunda e terceira categoría e centros de transformación.

Tamén serviría como habilitación profesional a presentación simultánea dos seguintes certificados: **ELEE0510 Xestión e supervisión da montaxe e mantemento de redes eléctricas subterráneas de alta tensión de segunda e terceira categoría de centros de transformación de Interior + ELEE0410 Xestión e supervisión da montaxe e mantemento de redes eléctricas aéreas de alta tensión de segunda categoría e terceira categoría e centros de transformación de intemperie (LAT1)**

⁸ O **Ministerio de Industria, Comercio e Turismo** establece que os seguintes títulos de formación profesional presumen o cumprimento dos requisitos necesarios para desenvolver a actividade de “instalador de liñas de alta tensión”, en calquera das súas dúas categorías:

- Técnico superior en Instalacións Electrotécnicas
- Técnico especialista en Instalacións e Liñas Eléctricas (rama de Electricidade e Electrónica)
- Mestre industrial (rama Eléctrica).

ELECTRICISTA MINEIRO AUTORIZADO

ÓRGANO COMPETENTE:

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

NORMATIVA

- ◆ **RD 863/1985, do 2 de abril**, polo que se aproba o Regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira.
- ◆ A instrución técnica complementaria ITC 09.0.10 (Orde do 2-10-1985, BOE núm. 242, 9-10-1985).
- ◆ RD 249/2010, do 5 de marzo, polo que se adaptan determinadas disposicións en materia de enerxía e minas ao disposto na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e ao seu exercicio, e na Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e ao seu exercicio.

REQUISITOS PARA A CUALIFICACIÓN DE ELECTRICISTA MINEIRO

A instrución técnica complementaria ITC 09.0.10 (Orde do 2-10-1985, BOE núm. 242, 9-10-1985) establece os requisitos que debe cumprir o persoal dedicado á montaxe, explotación e mantemento en instalacións eléctricas dentro das actividades mineiras. Establécese que as montaxes e os traballos de mantemento deberán ser realizados por persoal coa cualificación de electricista mineiro; para obter esta cualificación, concedida pola autoridade mineira, deberánse reunir os seguintes requisitos:

- ☑ Estar en posesión, como mínimo, dun título de formación profesional de primeiro grao na rama eléctrica, ou posuír un certificado expedido por unha empresa mineira que acredite ter exercido en interior de mina traballos electrotécnicos durante un mínimo de dous anos.
- ☑ Superar un exame relativo ao contido das instrucións de montaxe, explotación e mantemento do capítulo de electricidade do Regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira e os seus ITC e ás regras elementais de electrotecnia, así como os coñecementos básicos de primeiros auxilios en caso de electrocución.

Os electricistas mineiros estarán inscritos nun libro rexistro que levará a autoridade competente, a cal expedirá o correspondente documento acreditativo que os autoriza para realizaren os traballos electrotécnicos segundo o citado regulamento.

Os electricistas mineiros deberán renovar o seu título cada tres anos.

*De acordo cun informe remitido pola Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas (do 17 de marzo de 2005), **actualmente non se están a expedir estas cartillas.***

A ITC mencionada establece, ademais, que o persoal de explotación e mantemento en instalacións electrotécnicas que se cita a continuación deberá recibir unha formación específica cos contidos que se fixen en cada caso:

- Responsables xerais e de cuartel, fronte e talleres electrificados.
- Operarios de salas de carga de baterías.
- Lampisteiros de minas con atmosfera potencialmente explosiva.

NOTA

O Real decreto 249/2010, do 5 de marzo, no seu artigo 126 establece que “o empresario nomeará un responsable do mantemento eléctrico, cunha categoría técnica que estará en consonancia coa importancia da instalación”.

Este nomeamento debe ser comunicado á autoridade mineira competente”. Quedaría eliminada a autorización por parte da dita autoridade, ***polo que se intúe que nunha próxima modificación se elimine a necesidade do certificado de aptitude.***

INSTALADOR NUCLEAR RADIOACTIVO

ÓRGANO COMPETENTE:

CONSELLO DE SEGURIDADE NUCLEAR

NORMATIVA

- ◆ **Real decreto 1836/1999 polo que se aproba o Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas.**

O Real decreto 1836/1999 polo que se aproba o Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas distingue entre instalacións radioactivas do ciclo de combustible nuclear (fábricas de produción de uranio, torio e os seus compostos; produción de elementos combustibles de uranio natural) e instalacións radioactivas con fins científicos, médicos, agrícolas, comerciais ou industriais.

No título V, capítulo I, establece que o persoal que manipule os dispositivos de control dunha instalación nuclear ou radioactiva ou que dirixa esas manipulacións deberá estar provisto dunha licenza específica concedida polo Consello de Seguridade Nuclear.

Existirán dous tipos de licenzas e un diploma:

- Licenza de supervisor, que capacita para dirixir o funcionamento dunha instalación nuclear ou radioactiva e as actividades dos operadores.
- Licenza de operador, que capacita, baixo a inmediata dirección do supervisor, para a manipulación dos dispositivos de control e protección da instalación.
- Diploma de xefe de servizo de protección radiolóxica, que é a persoa responsable do servizo de protección radiolóxica.

INSTALACIÓNS NUCLEARES E RADIOACTIVAS DO CICLO DO COMBUSTIBLE NUCLEAR

Para o exercicio das profesións de operador, supervisor ou xefe de servizo de protección radiolóxica neste tipo de instalacións, requírese solicitude ao Consello de Seguridade Nuclear da correspondente licenza ou diploma, á que se xuntará a seguinte documentación:

1. Información sobre a formación académica e profesional do solicitante e sobre a súa experiencia, que será a seguinte:
 - Para a licenza de supervisor requírase, como mínimo, unha titulación universitaria de grao medio ou titulación equivalente.

- Licenza de operador: a formación requirida será de titulación universitaria de grao medio ou titulación equivalente, ou ben ter unha formación equiparable e adecuada en seguridade nuclear e protección radiolóxica.

- O diploma de xefe de servizo de protección radiolóxica poderá ser solicitado por titulados universitarios de grao superior e formación adecuada en protección radiolóxica.

2. Declaración do titular da instalación na que consten as misións que se lle van asignar ao solicitante.

3. Certificado de aptitude para o posto de traballo que se vai desempeñar, expedido por un servizo médico especializado autorizado para este fin. Este certificado comprenderá requisitos de saúde física e estabilidade psíquica.

O Consello de Seguridade Nuclear concederalles as licenzas e os diplomas a todas aquelas persoas que, a xuízo dun tribunal designado por el, superen as probas e prácticas establecidas.

CARACTERÍSTICAS E VIXENCIA DAS LICENZAS:

- Terán un prazo de validez de tres anos.

- Terán carácter persoal e intransferible.

- Serán específicas para a instalación de que se trate.

- As licenzas de operador e supervisor renovaranse por períodos iguais ao da primeira concesión.

- As licenzas e diplomas deixarán de ter vixencia por caducidade, revogación por perda ou diminución substancial da capacidade física ou mental do titular, actuación ou omisión grave no desempeño das súas funcións e por clausura da instalación.

INSTALACIÓNS RADIOACTIVAS CON FINS CIENTÍFICOS, MÉDICOS, AGRÍCOLAS, COMERCIAIS OU INDUSTRIAIS

Para exercer as profesións de operador, supervisor ou xefe de servizo de protección radiolóxica neste tipo de instalacións, requírese solicitude ao Consello de Seguridade Nuclear da correspondente licenza ou diploma, á que se xuntará a seguinte documentación:

1. Información sobre a formación académica e profesional do solicitante e sobre a súa experiencia, que será a seguinte:

- Para a licenza de supervisor requirirase, como mínimo, unha titulación universitaria de grao medio ou titulación equivalente.
- Licenza de operador: a formación requirida será, como mínimo, de ensinanza secundaria obrigatoria ou equivalente.
 - O diploma de xefe de servizo de protección radiolóxica poderá ser solicitado por titulados universitarios de grao superior e formación adecuada en protección radiolóxica.

2. Certificado de aptitude para o posto de traballo que se vai desempeñar, expedido por un servizo médico especializado autorizado para tal fin. Este certificado comprenderá requisitos de saúde física e estabilidade psíquica.

A solicitude de licenzas e diplomas deberase dirixir ao Consello de Seguridade Nuclear, que será quen conceda as licenzas por campo de aplicación e instalación, e inscribirá no correspondente rexistro as persoas ás que se lles outorgasen, ou a quen:

- A) Acredite ter superado os cursos homologados previamente polo Consello de Seguridade Nuclear para cada tipo de licenza e campo de aplicación.
- B) Estea en posesión de titulacións cuxos programas, a xuízo do Consello de Seguridade Nuclear, conteñan os coñecementos requiridos para un tipo de licenza e campo de aplicación.

Igual que no caso anterior, o Consello de Seguridade Nuclear, considerando o risco radiolóxico, poderalles requirir aos titulares destas instalacións radioactivas que dispoñan dun servizo de protección radiolóxica propio ou contratado, á fronte do cal deberá estar, polo menos, unha persoa acreditada para iso polo Consello de Seguridade Nuclear.

O Consello de Seguridade Nuclear poderá eximir da obrigatoriedade de obter licenza as persoas que dirixan ou manipulen materiais e equipamentos produtores de radiacións ionizantes naquelas instalacións que, ao seu xuízo, non ofrezan risco significativo.

CARACTERÍSTICAS E VIXENCIA DAS LICENZAS:

- As licenzas de operador e supervisor para este tipo de instalacións terán un prazo mínimo de validez de cinco anos.

- Serán de carácter persoal e intransferible.
- Serán específicas por campo de aplicación.
- As licenzas de supervisor e operador renovaranse por períodos iguais ao da primeira concesión.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

As instalacións radioactivas con fins científicos, médicos, agrícolas, comerciais ou industriais teñen un carácter transversal a varias familias.

De feito, en Electricidade e electrónica aparece o certificado de profesionalidade de *Instalación e mantemento de sistemas de electromedicina* (ELEQ0108), onde se especifica que o persoal que manipule material ou equipamentos radioactivos nunha instalación deberá ter, segundo o indicado no artigo 55 do RD 1836/1999, unha licenza de operador concedida polo Consello de Seguridade Nuclear.

CERTIFICACIÓN DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DOS EDIFICIOS

ÓRGANO COMPETENTE:

INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

NORMATIVA

- ◆ **Real decreto 390/2021, do 1 de xuño**, polo que se aproba o procedemento básico para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios.
- ◆ **Real decreto 56/2016, do 12 de febreiro**, polo que se traspón a Directiva 2012/27/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro do 2012, relativa á eficiencia enerxética, no referente a auditorías enerxéticas, acreditación de provedores de servizos e auditores enerxéticos e promoción da eficiencia da subministración de enerxía.

Constitúe o obxecto do Real decreto 390/2021 o establecemento das condicións técnicas e administrativas que deben rexer a realización das certificacións de eficiencia enerxética dos edificios e a correcta transmisión dos resultados obtidos neste proceso de certificación enerxética aos usuarios e propietarios destes. Así mesmo, establécense as condicións técnicas e administrativas para a aprobación da metodoloxía de cálculo da súa cualificación de eficiencia enerxética, considerando aqueles factores que máis incidencia teñen no consumo de enerxía dos edificios, así

como para a probación da etiqueta de eficiencia enerxética como distintivo común en todo o territorio nacional.

Segundo o artigo 1 do RD 56/2016, un **auditor enerxético** é unha persoa física con capacidade persoal e técnica demostrada e competencia para levar a cabo unha auditoría enerxética. O artigo 8 (modificado no Real decreto 390/2021), indica que as persoas físicas que desexen exercer a actividade profesional de auditor enerxético deberán cumprir algunha das seguintes condicións:

a) Estar en posesión dunha titulación universitaria oficial ou outras licenciaturas⁹, graos ou máster universitarios nos que se impartan coñecementos básicos de enerxía, instalacións dos edificios, procesos industriais, contabilidade enerxética, equipos de medida e toma de datos e técnicas de aforro enerxético, ou ben;

b) Ter os coñecementos teóricos e prácticos sobre as auditorías enerxéticas, entendendo que posúen os ditos coñecementos as persoas que acrediten algunha das seguintes situación: 1º dispor dun título de formación profesional ou un certificado de profesionalidade incluído no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais cuxo ámbito competencial inclúa materias relativas ás auditorías enerxéticas; 2º Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo co estipulado no Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, en materia de auditorías enerxéticas, nos termos previstos no artigo 19 do citado real decreto. En calquera destas dúas situacións, ter recibido e superado un curso teórico e práctico de coñecementos específicos de auditorías enerxéticas, impartido por unha entidade recoñecida polo órgano competente da comunidade autónoma, co contido indicado no anexo V. A realización deste curso terá eficacia en todo o territorio nacional, sen necesidade de trámites ou requisitos adicionais.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Debemos facer constar a existencia dun certificado que tería relación directa polo seu contido:

- ENAC0108 Eficiencia enerxética de edificios.

⁹ Non existe un listado oficial de titulacións universitarias que habiliten para exercer a actividade profesional de auditor enerxético. As titulacións que xeren dúbidas deben solicitar un certificado do reitorado da universidade que o imparta no que se confirme que na titulación en cuestión se imparten coñecementos básicos de enerxía, instalacións dos edificios, procesos industriais, contabilidade enerxética, equipos de medida e toma de datos e técnicas de aforro enerxético.

TARXETA PROFESIONAL DA CONSTRUCCIÓN PARA O METAL

ÓRGANO COMPETENTE:

FEDERACIÓN DO METAL

NORMATIVA

- ◆ **Lei 32/2006, reguladora da subcontratación no sector da construción.**
- ◆ Acordo estatal do sector do metal, 5 de febreiro de 2009.
- ◆ Resolución do 3 de marzo de 2009 da Dirección Xeral de Traballo polo que se aproba o acordo que incorpora novos contidos sobre formación e promoción da seguridade e a saúde no traballo.

A Tarxeta Profesional do Metal (TPM) é exigible a todos os traballadores do convenio do metal que, polo seu traballo, deban entrar nunha obra que pertenza ao convenio da construción. Esta tarxeta outórgaa FEMETAL.

A non obrigatoriedade da Tarxeta Profesional da Construción¹⁰ podería ter claras implicacións para a Tarxeta Profesional do Metal, pero actualmente non nos consta tal circunstancia.

A Tarxeta Profesional da Construción para o sector do metal ten como obxectivo acreditar, entre outros datos, a formación específica recibida no sector do metal polo traballador en materia de prevención de riscos laborais naquelas actividades e sectores do metal presentes en obras de construción; en concreto:

Construción de estradas e autoestradas.
Construción de redes para fluídos.
Construción de redes eléctricas e telecomunicacións.
Construción doutros proxectos de enxeñaría civil n.c.o.p.
Instalación eléctrica.
Fontanaría, instalacións de sistemas de calefacción e aire acondicionado.
Outras instalacións en obras de construción.
Instalacións de carpintaría.
Outras actividades de construción especializada n.c.o.p.

¹⁰ Véxase Tarxeta Profesional da Construción.

A grandes trazos, e salvando as diferenzas, a TPM (Tarxeta Profesional do Metal) poderíase describir como a homónima da TPC (Tarxeta Profesional da Construción) no sector do metal. Esta tarxeta será de carácter obrigatorio para todos aqueles traballadores que pertencen ao sector do metal e que deban entrar en obra, a partir do 31 de decembro de 2011. Non obstante, moitas empresas xa están a exixila como requisito de contratación.

Os beneficiarios desta tarxeta serán todos aqueles traballadores de alta ou en situación de incapacidade temporal de empresas do metal que presten servizos en obras de construción.

No caso dos traballadores que se atopen en situación de desemprego, poderán optar á TPM sempre e cando poidan acreditar, ademais das exixencias formativas comúns en todos os casos, un mínimo de trinta días de alta nunha ou en varias empresas do sector do metal durante o período de doce meses inmediatamente anteriores ao momento da solicitude.

REQUISITOS PARA O EXERCICIO PROFESIONAL

Será obrigatoria para todos os traballadores que desenvolvan a súa actividade en obras de construción a partir do 31 de decembro de 2011. Segundo o Acordo estatal do sector do metal, a formación mínima en prevención de **riscos laborais** (tamén chamada aula primaria ou nivel inicial) exixida para obter a Tarxeta Profesional do Metal correspóndese, igual que no caso da TPC, a 8 horas presenciais.

RENOVACIÓN: Cada 5 anos.

CUALIFICACIÓN DE SOLDADORES

ÓRGANO COMPETENTE:

Comisión interministerial permanente de estruturas de aceiro (o ministro de transportes, mobilidade e axenda urbana pode modificar a relación de normas referenciadas no anexo II da instrución técnica de aceiro estrutural por proposta da antedita comisión).

NORMATIVA

- Real decreto 751/2011, do 27 de maio, polo que se aproba a Instrución de aceiro estrutural (EAE).
- UNE-EN 287_1: 2011: Cualificación de soldadores. Sondaxe por fusión.

A UNE 287_1 incorpora unha serie de cambios, aínda que quizais o máis significativo sexa o indicado no punto 5.4.b): **as soldaduras a tope non cualifican as soldaduras en ángulo e viceversa.**

O Real decreto 751/2011, no seu artigo 77.4.2, e en consonancia co establecido na normativa anterior, establece que “os soldadores deberán estar cualificados segundo a UNE-EN-287_1; en particular, os soldadores que executen cordóns de ángulo deberán ter sido cualificados mediante ensaios axeitados de cordóns en ángulo”.

A documentación acreditativa a cualificación por exame dos soldadores deberase archivar e quedar dispoñible para a verificación. Esta cualificación acorde con UNE-EN 287_1, ou segundo EN 1418 para operadores de sondaxe, deberá estar certificada por un organismo acreditado a xuízo da dirección facultativa.

Os soldadores deberán estar en posesión da cualificación axeitada. Serán admitidos os certificados que posúan os soldadores, sempre que estes sexan empregados fixos do taller, agás decisión contraria da dirección facultativa. A dirección facultativa poderá establecer calquera comprobación adicional sobre a cualificación dos soldadores.

O taller mecánico manterá ao día os correspondentes rexistros de identificación dos seus soldadores de forma satisfactoria, nos que debe figurar:

- o número de ficha,
- a copia de homologación e
- a marca persoal.

Esta documentación estará en todo momento ao dispor da dirección facultativa e da entidade de control de calidade.

Cada soldador identificará o seu propio traballo con marcas persoais que non serán transferibles.

Toda soldadura executada por un soldador non cualificado será rexeitada, procedéndose ao seu levantamento. No caso de que isto puidese producir efectos perniciosos, a xuízo da dirección facultativa, o conxunto soldado sería rexeitado e repostado polo construtor da estrutura de aceiro.

O certificado de cualificación do soldador que se emita ten unha **validez de dous anos**, sempre que o coordinador da sondaxe, ou a persoa responsable da empresa, poida confirmar cada seis meses que o soldador estivo a traballar nas condicións do rango de cualificación inicial. Para soldadores autónomos, acéptase a sinatura de verificación mencionada de cliente, responsables de obras e proxecto.

Aos soldadores con certificado en vigor que teñan que renovar o seu certificado de homologación despois do 29 de novembro de 2011 emitiráselles un novo certificado, adaptándoo aos rangos e exigencia da nova EN 287-1 no momento da renovación.

GUÍAS DE TURISMO

ÓRGANO COMPETENTE:

AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA

NORMATIVA

- ◆ Decreto 73/2015, do 7 de maio, polo que se regula a profesión de guía de turismo de Galicia.
- ◆ Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia
- ◆ Decreto 42/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de axencias de viaxes, guías de turismo e turismo activo (derogado parcialmente).

A Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, no seu artigo 90, sinala que: "determinaranse regulamentariamente as condicións de acceso, o ámbito de actuación e os demais requisitos precisos para o exercicio da profesión de guía". Esta mesma lei determina que "consideraranse guías de turismo os profesionais que, debidamente habilitados, prestan de xeito **habitual e retribuído** servizos de asistencia, acompañamento e información en materia cultural, artística, histórica e xeográfica aos usuarios turísticos nas súas visitas a museos e demais bens integrantes do **patrimonio cultural de Galicia**".

O Decreto 73/2015, do 7 de maio, ten por obxecto a regulación da profesión de guía de turismo no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia. O artigo 4 expón que "para o exercicio da profesión de guía de turismo é imprescindible contar coa correspondente habilitación expedida pola Axencia Turismo de Galicia".

As modificacións máis salientables que se recollen no presente decreto son:

- a) Proceso de habilitación directa, sen necesidade da superación de probas específicas, baseada na posesión de determinados títulos.
- b) Ampliación do ámbito de aplicación da norma, que comprende tanto a liberdade de prestación de servizos como de establecemento.
- c) A duración indefinida da habilitación, que xa non precisa a súa validación cada cinco anos.
- d) Establécense réximes distintos segundo a procedencia do guía de turismo (doutra comunidade autónoma, da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo ou dun terceiro país).

- e) Organización ou homologación por parte da Axencia Turismo de Galicia de cursos de formación , a asistencia aos cales é voluntaria.

REQUISITOS PARA A HABILITACIÓN POR SUPERACIÓN DE PROBAS ESPECÍFICAS

1. Superar as probas de habilitación que convoque a Axencia de Turismo de Galicia.
2. Poderán concorrer ás probas de habilitación as persoas que reúnan os seguintes requisitos:
 - Posuír a nacionalidade española ou a dalgún dos Estados membros da Unión Europea, signatario do Acordo sobre Espazo Económico Europeo ou de calquera outro dos estados a que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores e traballadoras. Así mesmo, poderán participar nas probas os cidadáns estranxeiros con residencia legal en España.
 - Ser maior de idade.
 - Posuír algún dos seguintes títulos:
 - Ciclo formativo de grao superior de formación profesional ou equivalente ou homologado previamente pola autoridade competente na materia.
 - Grado ou diplomatura universitaria ou equivalente ou homologado previamente pola autoridade competente na materia.
 - Máster oficial universitario, licenciatura ou equivalente ou homologado previamente pola autoridade competente na materia.
 - Gran diploma de xestión e dirección de empresas hoteleiras.
 - Diploma de xestión de empresas hoteleiras.
 - Diploma superior en xestión hoteleira.
 - Non padecer ningunha enfermidade nin limitación física que poida ser incompatible coas funcións de guías de turismo.
 - Acreditar o dominio das linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia e dalgunha lingua estranxeira, salvo que se opte por realizar a correspondente proba de idiomas nos termos recollidos no artigo 11. Non será precisa a acreditación da lingua oficial do país de orixe do solicitante.

REQUISITOS PARA A OBTENCIÓN DA HABILITACIÓN DIRECTA

- 1º Técnico superior en guía, información e asistencia turística ou equivalente ou homologado
- 2º Grao ou diplomatura en turismo ou equivalente ou homologado.

A habilitación terá carácter indefinido. En ningún caso terá a consideración de título senón de cualificación profesional para o exercicio da actividade que se regula neste decreto.

Os guías de turismo, unha vez obtida a necesaria habilitación ou recoñecemento profesional como guía de turismo, inscribíranse de oficio no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes desde a notificación ou, de ser o caso, publicación da resolución de habilitación ou recoñecemento profesional. A Dirección da Axencia de Turismo de Galicia expedirá no prazo dun mes contado desde a data de inscrición a acreditación mediante o carné de guía de turismo.

É unha profesión regulada non titulada.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

O novo certificado de profesionalidade aprobado relacionado con esta ocupación sería o seguinte:

 **HOTI0108 “Promoción turística local e información ao visitante”.**

En calquera caso, está pendente o certificado referido á cualificación HOT335_3 Guía de turistas e visitantes, que faría referencia expresa a esta ocupación.

Está é unha profesión regulada a nivel europeo como guía de turismo-guía intérprete de turismo.

PERRUQUEIRO

Carné derogado

ÓRGANO COMPETENTE:

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

Este carné profesional está actualmente derogado, é dicir, a profesión de perrucaría xa non é unha profesión regulada na nosa comunidade autónoma.

NORMATIVA

- ➔ **O Decreto 51/2011, do 17 de marzo, polo que se actualiza a normativa en materia de seguridade industrial na Comunidade Autónoma de Galicia** para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, derroga o Decreto 204/1999, polo que se regulaban os requisitos mínimos exixibles para a apertura dos establecementos de perrucaría e estética.

OPERADOR DE APARELLOS DE BRONCEADO ARTIFICIAL MEDIANTE RADIACIÓNS ULTRAVIOLETA

ÓRGANO COMPETENTE:

CONSELLERÍA DE SANIDADE

NORMATIVA

- ➔ **Decreto 51/2018, do 22 de marzo, polo que se regula a formación do persoal que realiza actividades de mantemento hixiénico-sanitario de instalacións susceptibles de propagar a lexielose, do persoal que realiza prácticas de tatuaxe, micropigmentación e piercing, así como calquera outra práctica de decoración corporal que implique a perforación da pel, mucosas ou tecidos, e do persoal operador de aparellos de bronceado artificial mediante radiacións ultravioleta.**

- ➔ **O Decreto 253/2004, do 7 de outubro**, polo que se regulan as actividades de bronceado artificial mediante radiacións ultravioleta, determina a formación que deberán recibir os operadores de aparellos de bronceado (MODIFICADO POLO DECRETO 51/2018)

O disposto no Decreto 51/2018 resultará de aplicación á formación do persoal que realiza actividades de aplicación de aparellos de bronceado artificial mediante radiacións ultravioleta en centros de bronceado situados na Comunidade Autónoma de Galicia.

ENTIDADES DE FORMACIÓN

As entidades que se dediquen á formación do persoal que realice as actividades de aplicación de aparellos de bronceado artificial mediante radiacións ultravioleta deberán dispoñer dos espazos necesarios para o desenvolvemento das accións formativas, cun programa de formación e cos recursos materiais e humanos axeitados para impartir os contidos previstos, así como un sistema que posibilite a actualización constante do persoal docente en relación cos avances científicos e técnicos propios de cada sector.

Estas entidades deben de presentar unha **declaración responsable** que permitirá a estas a organización e impartición da formación desde o día da súa presentación, sen prexuízo das facultades administrativas de comprobación, control e inspección.

A superación da formación a que se refire este decreto acreditarase mediante certificación individual expedida pola entidade de formación.

No eido do sector público autonómico de Galicia, e sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos da Administración xeral e das entidades públicas instrumentais, a consellería competente en materia de sanidade levará a cabo as funcións de inspección das entidades de formación, así como o control do cumprimento das obrigas exixibles a estas. Así mesmo, créase un **rexistro de entidades de formación hixiénico-sanitaria**, no cal se inscribirán as entidades que impartan formación ao persoal que realice as actividades hixiénico-sanitario a que se refire o presente decreto. Este rexistro dependerá organicamente do órgano superior competente en materia de saúde pública da consellería competente en materia de sanidade. Sen prexuízo do anterior, manterase a debida coordinación e intercambio de información co Rexistro de centros de bronceado artificial mediante radiacións ultravioleta da Comunidade Autónoma de Galicia, dependente da consellería con competencias en materia de industria.

PERSOAL EXCLUÍDO DO ÁMBITO DE APLICACIÓN DO DECRETO

Queda excluído o persoal que conte con algún título universitario de diplomado, licenciado, graduado en cuxo programa de estudos se inclúan os contidos formativos

recolleitos no anexo VI do presente decreto; pola posesión dun título de formación profesional de técnico superior en Estética Integral e Benestar ou dun certificado de profesionalidade que acredite as unidades de competencia correspondentes á cualificación profesional IMP182_3 de Bronceado, maquillaxe e depilación avanzada.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

A obtención do seguinte certificado excluíra o persoal formado da aplicación do antedito decreto:

- ➔ **IMPE0109** Bronceado, maquillaxe e depilación avanzada.

APLICADOR DE TATUAXES, MICROPIGMENTACIÓNS E PIERCING

ÓRGANO COMPETENTE:

CONSELLERÍA DE SANIDADE

NORMATIVA

- ➔ **Decreto 51/2018**, do 22 de marzo, polo que se regula a formación do persoal que realiza actividades de mantemento hixiénico-sanitario de instalacións susceptibles de propagar a lexielose, do persoal que realiza prácticas de tatuaxe, micropigmentación e piercing, así como calquera outra práctica de decoración corporal que implique a perforación da pel, mucosas ou tecidos, e do persoal operador de aparellos de bronceado artificial mediante radiacións ultravioleta.

O disposto no decreto 51/2018 resultará de aplicación á formación do persoal que realiza prácticas de tatuaxe, micropigmentación e piercing, así como calquera outra práctica de decoración corporal que implique a perforación da pel, mucosas ou tecidos, en establecementos incluídos no ámbito de aplicación do Decreto 13/2004, do 15 de xaneiro, polo que se establecen os requisitos técnicos e condicións sanitarias mínimas aplicables ás prácticas de tatuaxes, micropigmentacións e piercing.

ENTIDADES DE FORMACIÓN

As entidades que se dediquen á formación do persoal que realice as prácticas de tatuaxe, micropigmentación e piercing deberán dispoñer dos espazos necesarios para o desenvolvemento das accións formativas, cun programa de formación e cos recursos

materiais e humanos axeitados para impartir os contidos previstos, así como un sistema que posibilite a actualización constante do persoal docente en relación cos avances científicos e técnicos propios de cada sector.

Estas entidades deben de presentar unha **declaración responsable** que permitirá a estas a organización e impartición da formación desde o día da súa presentación, sen prexuízo das facultades administrativas de comprobación, control e inspección.

A superación da formación a que se refire este decreto acreditarase mediante certificación individual expedida pola entidade de formación.

No eido do sector público autonómico de Galicia, e sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos da Administración xeral e das entidades públicas instrumentais, a consellería competente en materia de sanidade levará a cabo as funcións de inspección das entidades de formación, así como o control do cumprimento das obrigas exixibles a estas. Así mesmo, créase un **rexistro de entidades de formación hixiénico-sanitaria**, no cal se inscribirán as entidades que impartan formación ao persoal que realice as actividades hixiénico-sanitario a que se refire o presente decreto. Este rexistro dependerá organicamente do órgano superior competente en materia de saúde pública da consellería competente en materia de sanidade.

PERSOAL EXCLUÍDO DO ÁMBITO DE APLICACIÓN DO DECRETO

Queda excluído o persoal que conte con algún título universitario de diplomado, licenciado, graduado en cuxo programa de estudos se inclúan os contidos formativos recolleitos no anexo V do presente decreto ou do título de formación profesional de técnico superior en Estética Integral e Benestar.

Para o persoal que realice exclusivamente prácticas de tatuaxe, quen dispoña dun certificado de profesionalidade que acredite as competencias correspondentes á cualificación profesional IMP024_3 de Maquillaxe integral.

Para o que realice exclusivamente prácticas de micropigmentación, quen dispoña dun certificado de profesionalidade que acredite as competencias correspondentes á cualificación profesional IMP024_3 de Maquillaxe integral ou da cualificación profesional IMP182_3 de Bronceado, maquillaxe e depilación avanzada.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

A obtención dos seguintes certificados excluíría o persoal formado da aplicación do antedito decreto:

- **IMPE0109** Bronceado, maquillaxe e depilación avanzada (micropigmentación)
- **IMPE0209** Maquillaxe integral (tatuaxe e micropigmentación)

CERTIFICADO INDIVIDUAL DE ACREDITACIÓN SOBRE MANIPULACIÓN DE ALIMENTOS

ÓRGANO COMPETENTE:

CONSELLERÍA DE SANIDADE

NORMATIVA

- ◆ Nota informativa sobre a formación de manipuladores de alimentos nas empresas alimentarias tras a derogación do Real decreto 202/2000, do 11 de febreiro, polo que se establecen as normas relativas aos manipuladores de alimentos. Aprobada en Comisión Institucional do 17 de novembro do 2013.
- ◆ Real decreto 109/2010, do 5 de febreiro, polo que se modifican diversos reais decretos en materia sanitaria para a súa adaptación á Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e á Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, *derroga expresamente o RD 202/2000, do 11 de febreiro*, polo que se establecen as normas relativas aos manipuladores de alimentos.
- ◆ Regulamento (CE) 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativo á hixiene dos produtos alimentarios.
- ◆ Regulamento (CE) 882/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, sobre os controis oficiais efectuados para garantir a verificación do cumprimento da lexislación en materia de pensos e alimentos e a normativa sobre saúde animal e benestar animal.
- ◆ En Galicia: Decreto 290/2003, do 4 de xuño, polo que se fixan as normas relativas á formación de manipuladores de alimentos, o procedemento de autorización de empresas e entidades de formación e se crea o rexistro destas (derogado parcialmente no que lle afecta o Real decreto 109/2010).

CERTIFICADO INDIVIDUAL DE ACREDITACIÓN

A partir do 26 de agosto de 2003, coa entrada en vigor do Decreto 290/2003, desaparece o documento “carné de manipulador” (emitido pola Consellería de Sanidade), pero non desaparece a necesidade e a obriga da formación e hixiene nos alimentos. Actualmente,

en vez do carné de manipulador, expídese o **certificado individual de acreditación**, por parte da empresa ou dun centro de formación.

RESPONSABILIDADE DAS EMPRESAS ALIMENTARIAS

Coa nova normativa, **a responsabilidade da formación destes traballadores recae sobre as empresas dos alimentos**. Os operadores de empresa alimentaria están obrigados a establecer e aplicar un plan de formación en hixiene de alimentos apropiado para cada empregado, de acordo coas súas necesidades concretas e o seu ámbito específico de actuación; eles mesmos poden impartir esa formación aos seus traballadores, ou contratar centros ou persoas que a impartan.

A formación en hixiene de alimentos, por tanto, depende do que cada operador de empresa alimentaria concreta busca e necesita para cumprir cos requisitos establecidos na lexislación de aplicación.

A actuación da Consellería de Sanidade concrétase nun labor de inspección, verificando a idoneidade da formación de cada manipulador no seu posto de traballo específico.

Actualmente, non existen limitacións de caducidade dos certificados, división por sectores, nin clasificación de alto ou baixo risco. Non entanto, é responsabilidade do operador económico que se inclúa no plan de formación unha revisión e actualización periódica dos coñecementos do manipulador.

EMPRESAS DE FORMACIÓN

Os centros que imparten formación de hixiene aos manipuladores de alimentos **non necesitan ningunha homologación ou autorización de ningún organismo oficial** para impartiren formación aos manipuladores de alimentos.

Os xustificantes por ter asistido a un curso de formación de manipulación de alimentos, emitidos e entregados polas empresas de formación aos alumnos (asinados e selados pola persoa responsable, orixinais e especificando os contidos impartidos), serán, por tanto, nun modelo libre, terán validez en todo o territorio nacional e acreditarán que ese alumno recibiu formación como manipulador de alimentos. Para que esta formación se considere axeitada, debe adaptarse ás necesidades do posto de traballo específico do manipulador.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Todos os novos certificados de profesionalidade da **familia de industrias alimentarias** inclúen a seguinte vinculación profesional: "a superación da formación establecida neste certificado de profesionalidade garante o nivel de coñecementos necesarios para obter a acreditación de manipulación de alimentos". Esta vinculación aparece recollida nas

distintas áreas profesionais: *panadaría, pastelería, confeitaría e industria muiñeira, bebidas, lácteas, cárnicas, produtos da pesca, aceites e graxas, conservas vexetais, actividades auxiliares na industria alimentaria e alimentos diversos.*

Os certificados da **familia de hostalaría e turismo** indican a necesidade de ter a acreditación en manipulación de alimentos como requisito profesional. Posúen un módulo formativo MF0711_2 “Seguridade, hixiene e protección ambiental en hostalaría”, de 60 horas, que garante o nivel de coñecementos necesarios para a correcta manipulación dos alimentos”¹¹. Con data de novembro de 2012, os certificados que contan co antedito módulo formativo son:

- ☒ HOTR0408 Cociña.
- ☒ HOTR0509 Repostaría.
- ☒ HOTU0109 Aloxamento rural.
- ☒ HOTR0508 Servizos de bar e cafetaría.
- ☒ HOTR0608 Servizos de restaurante.
- ☒ HOTR0110 Dirección e produción en cociña.
- ☒ HOTR0409 Xestión de procesos de servizo en restauración.
- ☒ HOTR0209 Sumillería.
- ☒ HOTR0210 Dirección e produción en pastelería.

ACLARACIÓN

O certificado **HOTR0309 Dirección en restauración** establece como vinculación profesional que “a formación establecida no módulo formativo de *Seguridade e hixiene e protección ambiental en hostalaría* garante o nivel de coñecementos necesarios para obter a acreditación de manipulación de alimentos”. No entanto, este módulo non aparece como tal no certificado, mentres que si atopamos o módulo MF1100 “Calidade, seguridade e protección ambiental en restauración”, de 60 horas, que entendemos que equivale ao módulo antes mencionado (MF0711_2).

En novembro de 2003, foi dada de alta unha nova especialidade no ficheiro do SPEE coa denominación de **Manipulador de alimentos (FCOM01)** como *formación complementaria*. O curso ten como obxectivo que o alumnado adquira os coñecementos, destrezas e aptitudes necesarias para aplicar no seu posto de traballo as técnicas axeitadas de hixiene e sanidade alimentaria en manipulación de alimentos.

Esta non é unha profesión regulada a nivel europeo.

¹¹ Este apuntamento só aparece recollido nalgúns certificados de profesionalidade desta área, pero entendemos que se pode estender a todos os certificados que contén co antedito módulo formativo.

CARNÉS DE ACREDITACIÓN DA INSPECCIÓN EN MATERIA AGROALIMENTARIA

ÓRGANO COMPETENTE:

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

NORMATIVA

- ◆ Orde do 26 de xaneiro de 2006 pola que se regulan os carnés de acreditación da inspección en materia agroalimentaria
- ◆ A Lei 2/2005 de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, no seu artigo 54, e a Lei 8/2003 de sanidade animal, no seu artigo 78, recollen os diferentes tipos de persoal que realizarán o labor de inspección en tres ámbitos de actuación: de defensa contra fraudes e da calidade alimentaria, de sanidade e produción animal, e de sanidade e produción vexetal.

A Orde do 26 de xaneiro de 2006 pola que se regulan os carnés de acreditación da inspección en materia agroalimentaria establece no artigo 2º que o seu ámbito de aplicación é o seguinte:

- Persoal inspector que con esa consideración conste na relación de postos de traballo da consellería competente en materia de agricultura.
- Funcionarios da antedita consellería que desenvolven funcións de inspección.
- Demais persoal ao servizo da Administración autonómica debidamente habilitado.
- Persoal dos consellos reguladores que realice funcións de inspección e control.

A acreditación do persoal que realiza funcións de inspección en materia de defensa contra fraudes e da calidade alimentaria, e de sanidade e produción vexetal e animal farase mediante carné que será expedido polo director xeral competente na materia. Este carné terá unha duración ilimitada, en canto realicen funcións de inspección.

Os carnés correspondentes ao persoal dos consellos reguladores con funcións de inspección e control ou ao persoal habilitado de forma temporal para o exercicio de funcións inspectoras nos diferentes ámbitos de actuación desta consellería terán duración limitada e serán expedidos polo director xeral competente na materia.

ENÓLOGO, TÉCNICO VITIVINÍCOLA E TÉCNICO EN ELABORACIÓN DE VIÑOS

ÓRGANO COMPETENTE:

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

NORMATIVA

- ◆ A Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais administrativas e da orde social, no seu artigo 102, considera as situacións transitorias dos que exercen as profesións con anterioridade á entrada en vigor da citada lei, posibilitando a súa habilitación para continuar a desenvolverlas.
- ◆ O Real decreto 595/2002, do 28 de xuño, regula a habilitación para exercer profesións de enólogo, técnico especialista en vitivinicultura e técnico en elaboración de viños.
- ◆ Orde do 15 de marzo de 2006 pola que se ditan as normas de habilitación para exercer as profesións de enólogo, técnico especialista en vitivinicultura e técnico en elaboración de viños.

A regulación das profesións de enólogo, técnico especialista en vitivinicultura e técnico en elaboración de viños foi efectuada pola Lei 50/1998, que exige posuír unha determinada titulación para o exercicio profesional destas actividades; trátase de auténticas profesións reguladas. Non obstante, o RD 595/2002, do 28 de xuño, no seu artigo 10, recolle un procedemento para a habilitación daqueles profesionais que, sen posuíren a titulación exixida, exercen estas actividades con anterioridade á publicación da citada lei.

A Consellería do Medio Rural promulgou a Orde do 15 de marzo de 2006 pola que se ditan as normas de habilitación para exercer as profesións de enólogo, técnico especialista en vitivinicultura e técnico en elaboración de viños.

Segundo esta normativa, a habilitación para o exercicio da profesión como enólogo recoñecerase nos seguintes supostos:

- ☑ As persoas que, carecendo da titulación legalmente exixida, acrediten fidedignamente ter desenvolvido durante un período de tempo de, polo menos, cinco anos con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1999 unha actividade profesional que se atope comprendida entre as descritas no anexo I do RD 595/2002.
- ☑ Ter impartido docencia nas materias relacionadas coa viticultura ou a enoloxía, un mínimo de cinco cursos académicos con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1999, en facultades, escolas técnicas ou politécnicas superiores, escolas universitarias ou

escolas universitarias politécnicas ou centros de formación profesional de grao superior ou FP II.

- ☑ Ter desenvolvido durante un período mínimo de cinco anos con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1999 unha actividade técnica en materia de viticultura e enoloxía, que estea comprendida entre as descritas no anexo I do RD 595/2002, en centros dependentes ou vinculados ás distintas administracións públicas, tales como consellos reguladores das denominacións de orixe, centros de experimentación, estacións enolóxicas, Consello Superior de Investigacións Científicas ou outros similares.

Para o exercicio da profesión de **técnico especialista en vitivinicultura**, exíxese estar en posesión do título de técnico superior en industria alimentaria ou do título de técnico especialista en viticultura e enotecnia (FP-II). A habilitación profesional, segundo a orde da consellería, concederáselles a aqueles que, sen posuíren estes títulos, acrediten fidedignamente o desenvolvemento, durante un período de tempo mínimo de cinco anos con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1999, desta actividade profesional comprendida no anexo II do RD 595/2002.

Os **técnicos en elaboración de viños** son aqueles que teñen o título de técnico en elaboración de viños e outras bebidas (CM). Poderán ser habilitados aqueles que acrediten fidedignamente o desenvolvemento durante un período de tempo mínimo de cinco anos, con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1999, dunha actividade profesional comprendida no RD 2023/1996, polo que se establece o certificado de profesionalidade na ocupación de elaborador de viños.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Hai dous certificados relacionados con estas ocupacións nos que queda constancia da necesidade de regular estas profesións:

📄 **INAH0109 Elaboración de viños e licores (nivel 2).**

📄 **INAH0209 Enotecnia (nivel 3).**

A consecución destes certificados garante a adquisición das capacidades necesarias para obter o carné de manipulador de alimentos. Tamén aparece un terceiro certificado, INAH0110 Industrias derivadas da uva e do viño, no cal non se prevé a necesidade do requisito profesional descrito, aínda que si habilitaría para obter o carné de manipulación de alimentos.

Estas non son profesións reguladas a nivel europeo.

ASISTENTE AOS CONTROIS OFICIAIS EN ESTABLECEMENTOS DE PRODUCCIÓN DE CARNE FRESCA DE AVES DE CURRAL E LAGOMORFOS

ÓRGANO COMPETENTE:

MINISTERIO DE SANIDADE, CONSUMO E BENESTAR SOCIAL

NORMATIVA

- ◆ Real decreto 340/2014, do 9 de maio, polo que se establecen disposicións en relación coa asistencia aos controis oficiais en establecementos de produción de carne fresca de aves de curral e lagomorfos.

Este real decreto ten por obxecto establecer as condicións e requisitos para a autorización da participación, como asistentes, do persoal dos matadoiros en funcións específicas en relación co control da produción de carne de aves de curral e de lagomorfos. Enténdese por asistente o persoal cualificado do establecemento que, actuando con independencia do persoal de produción e baixo a supervisión do veterinario oficial, presta asistencia nos controis oficiais mediante a realización de determinadas funcións específicas.

As actividades dos asistentes serán supervisadas polo veterinario oficial, que realizará exames de avaliación periódicos para determinar se a actividade do persoal se axusta aos criterios establecidos, deixando constancia documental dos ditos exames.

O persoal que actúa como asistente deberá dispor da formación necesaria e acorde co desempeño das funcións específicas que lle sexan asignadas segundo a súa cualificación ou categoría profesional, así como actualizar os seus coñecementos. A formación dos asistentes acreditarase mediante a posesión dun título de formación profesional, ou dun **certificado de profesionalidade**, ou ben dunha certificación recoñecida pola autoridade competente que permita acreditar que se reúnen os requisitos de formación exixidos pola normativa. Esta acreditación terá validez en todo o territorio nacional.

Esta formación será promovida e levada a cabo baixo a responsabilidade dos titulares dos matadoiros. Os titulares dos matadoiros proporán unicamente persoal que poida garantir que está debidamente cualificado e formado de conformidade con este decreto.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Hai un certificado de profesionalidade relacionado coa asistencia en matadoiros:

- **AGAN0112 Asistencia nos controis sanitarios en matadoiros, establecementos de manipulación de caza e salas de despece**

CERTIFICADO DE FORMACIÓN PREVENTIVA PARA DESEMPEÑAR O POSTO DE TRABAJO DE TRABALLADORES DE ACTIVIDADES MINEIRAS

ÓRGANO COMPETENTE:

**DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA ENERXÉTICA E DE MINAS NO MINISTERIO
TRANSICIÓN ECOLÓXICA E RETO DEMOGRÁFICO**

NORMATIVA

- ◆ En desenvolvemento do Regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira (RD 836/1985) e da Lei de prevención de riscos laborais (Lei 31/1995), aprobouse a Instrución técnica complementaria ITC 02.1.02 “Formación preventiva para o desempeño do posto de traballo” (Orde ITC/1316/2008 do 7 de maio), que ten por obxecto regular a formación profesional mínima en materia de seguridade e saúde laboral que deben posuír os traballadores e traballadoras que desempeñan ou seu traballo habitual en centros de traballo adscritos a actividades mineiras.

No artigo 4 desta orde, establécese que esta formación preventiva “ten a consideración de habilitante para o desempeño do posto de traballo, polo que é obrigatoria a súa realización para a empresa. Así mesmo, deberase realizar formación preventiva para o desempeño do posto de traballo de actualización e reciclaxe, cunha periodicidade que non será superior a catro anos”.

No artigo 9 desta orde, establécese que “os traballadores que fosen axeitadamente formados segundo o previsto nesta instrución técnica complementaria, superando os niveis de coñecemento establecidos polo persoal docente, recibirán unha acreditación documental diso, expedida pola empresa se esta tivese utilizado medios propios para impartir a formación, ou pola entidade encargada por ela para facelo, en caso de recorrer a medios alleos. Esta formación anotarse e certificarse na cartilla de formación profesional propia de cada traballador”.

Estas disposicións xerais sobre a formación preventiva dos traballadores de actividades mineiras serán desenvolvidas para os distintos postos de traballo mediante distintas “especificacións técnicas”, que se aprobarán mediante resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Moitos certificados de profesionalidade inclúen formación que habilita para o desempeño das funcións de prevención de riscos laborais de nivel básico:

- **IEXM0809 “Escavación a ceo aberto con explosivos”** (inclúe o módulo MF1344_2 “prevención de riscos laborais en escavacións a ceo aberto”).
- **IEXM0709 “Montaxe e mantemento mecánico de instalacións e equipamentos semimóviles en escavacións e plantas”** (inclúe o módulo MF0858_1 “prevención de riscos en escavacións subterráneas e a ceo aberto”).
- **IEXM0609 “Operacións auxiliares na montaxe e mantemento mecánico de instalacións e equipamentos de escavacións e plantas”** (inclúe o módulo MF0858_1 “prevención de riscos en escavacións subterráneas e a ceo aberto”).
- **IEXM0509 “Operacións en instalacións de transporte subterráneas en industrias extractivas”** (inclúe o módulo MF0864_2 “prevención de riscos laborais en escavacións subterráneas”).
- **IEXM0210 “Escavación subterránea mecanizada dirixida de pequena sección”** (inclúe o módulo MF0858_1 “prevención de riscos en escavacións subterráneas e a ceo aberto”).
- **IEXM0409 “Escavación subterránea con explosivos”** (inclúe a unidade formativa UF0770 “prevención de riscos laborais en escavación subterránea con explosivos”).
- **IEXM0309 “Tratamento e beneficio de minerais, rochas e outros materiais”** (inclúe a unidade formativa UF0764 “Prevención de riscos e xestión medioambiental de tratamento e beneficio de minerais”).
- **IEXM0310 “Escavación subterránea mecanizada a sección completa con tuneladoras”** (inclúe o módulo MF0864_2 “prevención de riscos en escavacións subterráneas”).
- **IEXM0209 “Sondaxes”** (inclúe a unidade formativa UF0752 “Prevención de riscos laborais e medioambientais en perforación de sondaxes”).
- **IEXM0109 “Operacións auxiliares en escavacións subterráneas e a ceo aberto”** (inclúe o módulo MF0858_1 “prevención de riscos en escavacións subterráneas e a ceo aberto”).
- **IEXM0110 “Escavación subterránea mecanizada de arranque selectivo”** (inclúe o módulo MF1383_2 “carga con pa cargadora de interior ou escraper”).

- IEXD0409 “Colocador de pedra natural” (inclúe o módulo MF1360_2 “prevención básica de riscos laborais en construción”).

OPERADORES DE MAQUINARIA MINEIRA MÓBIL

ÓRGANO COMPETENTE:

DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA ENERXÉTICA E DE MINAS NO MINISTERIO TRANSICIÓN ECOLÓXICA E RETO DEMOGRÁFICO

NORMATIVA

- ◆ RD 863/1985, do 2 de abril, polo que se aproba o Regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira.
- ◆ Instrución técnica complementaria ITC 07.1.03 (Orde 16-04-1990, BOE núm. 103, 30-04-1990).

REQUISITOS PARA OBTENIR O CERTIFICADO DE APTITUDE

O Ministerio de Industria, baseándose no RD 863/1985, do 2 de abril, polo que se aproba o Regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira, e a Instrución técnica complementaria ITC 07.1.03 (Orde do 16-04-1990 instrucións técnicas complementarias do capítulo VII do Regulamento xeral de normas básicas de seguridade: traballos a ceo aberto, BOE núm. 103, 30-04-1990), establece, **para traballos a ceo aberto**, que todos os condutores e maquinistas, de todo tipo de vehículos, deberán estar perfectamente capacitados e dispor dun **certificado de aptitude** expedido pola autoridade mineira competente.

Segundo o disposto no artigo 117 do regulamento indicado anteriormente, todo operador de maquinaria móbil deberá ter o correspondente certificado de aptitude.

Temos que sinalar que só se exixen estes carnés no eido da minaría, pero non no ámbito de obras públicas.

A ITC 07.1.03, no punto 5.1.1. “**Operadores de máquinas**”, establece que “o manexo de maquinaria móbil soamente poderá ser realizado por operadores maiores de 18 anos, que recibirán a instrución necesaria cun período de prácticas, que coñezan as prestacións, mantemento normal e limitacións da máquina e sexan debidamente autorizados pola autoridade mineira competente. Estas autorizacións non terán carácter xeral, senón que se concederán **para cada tipo de máquina** e deberán ser renovadas cada cinco anos, e non exclúe a necesidade do permiso de condución que poida ser exixible, de ser o caso”.

Ademais, segundo o disposto no punto 5.1.2. “**Condutores de vehículos**” da mesma ITC, os condutores de vehículos de transporte persoal deberán ser titulares dun permiso de

conducir acorde ao tipo de vehículo, expedido pola autoridade de Tráfico. Os condutores de camións con caixa abatible da explotación dedicados ao transporte de material útil ou estériles deberán dispor dun permiso expedido pola autoridade mineira competente, segundo as condicións indicadas no punto anterior.

SITUACIÓN EN GALICIA

Con respecto aos certificados de aptitude, que no eido da minaría a ceo aberto en Galicia son xestionados pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a través das súas delegacións provinciais, as categorías para as que se expiden certificados de aptitude actualmente son as seguintes:

- Pa cargadora
- Escavadora (frontal e retro)
- Tractor
- Caixa abatible / Camión (interior explotación)
- Equipamentos de perforación
- Motoniveladora
- Carretilla niveladora
- Outra maquinaria móbil

Dentro do ámbito da ITC citada anteriormente, poderanse expedir certificados de aptitude para calquera outro tipo de maquinaria móbil dentro das explotacións mineiras. Polo tanto, vemos que se trata dunha certificación que se expide para traballadores en activo e que debe ser solicitada pola empresa.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Tanto no certificado de profesionalidade **IEXD0108** "Elaboración da pedra natural" como no **IEXD0308** "Operacións auxiliares en plantas de elaboración de pedra natural e de tratamento e beneficio de minerais e rochas", indícase que a formación establecida no módulo de "manipulación de cargas con carretillas elevadoras" garante o nivel de coñecementos necesarios para obter a habilitación para desempeñar as funcións de condución de carretillas elevadoras. Tamén se inclúe formación referida á manipulación de cargas con pontes-guindastre e polipastos. Esta non é unha profesión regulada a nivel europeo.

ARTILLEIRO/ AUXILIAR DE ARTILLEIRO

ÓRGANO COMPETENTE:

DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA ENERXÉTICA E DE MINAS NO MINISTERIO TRANSICIÓN ECOLÓXICA E RETO DEMOGRÁFICO

NORMATIVA

- ◆ Real decreto 130/2017, do 24 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de explosivos (Instrución técnica complementaria 8).
- ◆ RD 863/1985, do 2 de abril, polo que se aproba o Regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira.
- ◆ Instrución técnica complementaria ITC 10.2.01 (Orde do 20-03-1986, BOE núm. 87, do 11-04-1986).

Para efectos da instrución técnica complementaria número 8 do Real decreto 130/2017, enténdese por:

- **Artilleiro:** persoa que realiza operacións de manipulación, manexo e utilización de explosivos, incluíndo a carga, descarga dende cargadora de explosivos, disparo e destrución ou eliminación de explosivos.
- **Auxiliar de artilleiro:** persoal de apoio, que colabora, baixo a supervisión do artilleiro, nas operacións de movemento e traslado de explosivos e accesorios de voadura, non podendo intervir nas operacións de carga, disparo e destrución de explosivos, así como ao persoal que realiza actividades de adestramento de cans utilizados para a detección de explosivos.
- **Operario de MEMU:** persoa que realiza, ademais das operacións de artilleiro, operacións de fabricación in situ de explosivos mediante MEMU, incluíndo a carga, control, disparo, limpeza e eliminación de explosivos.

CARNÉ DE ARTILLEIRO

A instrución técnica complementaria número 8 do Real decreto 130/2017 dispón que o carné de artilleiro non capacita, por si só para a realización da actividade de manexo, manipulación e utilización de explosivos, senón que debe ser exercida nunha empresa consumidora de explosivos autorizada.

Hai dúas categorías de carné de artilleiro: básico e especializado. O primeiro engloba todas as voaduras, agás as asignadas unicamente ao carné de artilleiro especializado. Este

podería realizar tamén as seguintes voaduras (unha ou varias): demolición, voaduras baixo a auga, voaduras en presenza de atmosfera potencialmente explosiva por presenza de gases ou pos inflamables ou explosivos, ou o operador de MEMU.

En relación coa experiencia, as dúas categorías do carné de artilleiro poden ser provisionais ou definitivos.

O carné de artilleiro será expedido pola Área funcional de Industria e Enerxía da Delegación ou Subdelegación do Goberno correspondente.

REQUISITOS ESPECÍFICOS PARA A OBTENCIÓN DO CARNÉ DE ARTILLEIRO

Para a obtención do carné de artilleiro provisional os interesados deben de cumprir os seguintes requisitos no momento de realizar a solicitude:

- a) Ter cumpridos 18 anos.
- b) Estar, polo menos, en posesión do certificado de estudos primarios.
- c) Estar en condicións psicofísicas para a actividade de utilización de explosivos, acreditadas por certificado médico.
- d) Ter recibido e superado a formación teórica e práctica indicada no citada ITC número 8, impartida por unha entidade autorizada.
- e) Ter superado un exame de capacitación realizado pola área funcional de Industria e Enerxía da Delegación ou Subdelegación do Goberno correspondente.
- f) Recibir conformidade por parte da Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil da Comandancia que corresponda.

Cumpridos todos os requisitos expedirase o carné de artilleiro provisional, que habilitará para exercer a función de artilleiro durante un período de prácticas de seis meses, baixo a supervisión dun artilleiro con carné definitivo. Unha vez superado este período de prácticas, expedirase o **carné de artilleiro definitivo**. Os carnés de artilleiros definitivos terán un período de validez de cinco anos.

CARNÉ DE AUXILIAR DE ARTILLEIRO

Para a expedición e posterior utilización do carné de auxiliar de artilleiro, o posuidor debe estar contratado por unha empresa consumidora de explosivos autorizada. Non entanto, a expedición do carné é única independentemente de que o auxiliar de artilleiro cambie de empresa, non sendo necesario neste caso a expedición dun novo carné.

REQUISITOS ESPECÍFICOS PARA A OBTENCIÓN DO CARNÉ DE AUXILIAR DE ARTILLEIRO

Para a obtención do carné de auxiliar de artilleiro os interesados deben cumprir os seguintes requisitos no momento de realizar a solicitude:

- a) Ter cumpridos 18 anos.
- b) Estar, polo menos, en posesión do certificado de estudos primarios.
- c) Estar en condicións psicofísicas para a actividade de utilización de explosivos, acreditadas por certificado médico.
- d) Ter recibido e superado a formación teórica e práctica indicada no citada ITC número 8, impartida por unha entidade autorizada.
- e) Recibir conformidade por parte da Intervención de Armas e Explosivos da Garda Civil da Comandancia que corresponda.

Os carnés de auxiliar de artilleiro terán un período de validez de cinco anos.

VALIDACIÓNS

Artilleiro básico

Estarán eximidas de realizar o curso básico de formación, así como a realización do exame de capacitación, aquelas persoas que dispoñan dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade que inclúan a unidade ou as unidades de competencia que recollan a **realización de voaduras subterráneas e voaduras a ceo aberto** incluídas en cualificacións profesionais do Catálogo nacional de cualificacións profesionais. Enténdese que se atopa dentro deste ámbito competencial, sen prexuízo de que se poidan incluír outras titulacións, a titulación de técnicos en Escavacións e Sondaxes.

Artilleiro especializado

Estarán eximidas de realizar o curso especializado de formación (artilleiro especializado), así como o exame de capacitación, aquelas persoas que dispoñan dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade que inclúan as unidades de competencia que recollan a realización de **voaduras subterráneas, voaduras a ceo aberto e voaduras subacuáticas** incluídas nas cualificacións profesionais do Catálogo nacional de cualificacións profesionais.

Axudante de artilleiro

Estarán eximidas de realizar o curso teórico de formación aquelas persoas que dispoñan dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade que inclúan a unidade ou as unidades de competencia que recollan a **colaboración en operacións auxiliares durante a realización de voaduras subterráneas e voaduras a ceo aberto**, incluídas nas cualificacións profesionais do Catálogo nacional de cualificacións profesionais.

ARTILLEIRO

Os seguintes certificados de profesionalidade inclúen unha unidade de competencia que recolle a realización de voaduras subterráneas (módulo asociado: **MF0418_2 Voaduras subterráneas**, de 150 horas):

- IEXM0409 Escavación subterránea con explosivos.

Os seguintes certificados de profesionalidade inclúen unha unidade de competencia que recollen a realización de voaduras a ceo aberto (módulo asociado: **MF0426_2 Voaduras a ceo aberto**, de 80 horas e de carácter transversal):

- IEXM0809 Escavación a ceo aberto con explosivos.
- IEXD0208 Extracción da pedra natural.

A realización dos dous módulos formativos anteriores eximiría da realización do curso de formación básico e do curso de capacitación requiridos para acadar o carné de artilleiro.

A unidade de competencia referida a voaduras subacuáticas, aparece recollida nunha cualificación aprobada pero que **non conta**, a día de hoxe, con certificado de profesionalidade publicado.

A cualificación sería “Operacións subacuáticas de obra hidráulica e voadura” que recolle un módulo de voadura subacuática de 150 horas.

AXUDANTE DE ARTILLEIRO

Os seguintes certificados de profesionalidade inclúen unha unidade de competencia que recolle a realización de operacións auxiliares durante a realización de voaduras subterráneas e a ceo aberto (módulo asociado: **MF0855_1 Operacións auxiliares en voaduras**, de 50 horas):

- IEXM0109 Operacións auxiliares en escavacións subterráneas e a ceo aberto.

A realización deste módulo formativo eximiría de realizar o curso teórico de formación necesario para conseguir o carné de axudante de artilleiro.

Esta non é unha profesión regulada a nivel europeo.

CERTIFICADO DE APTITUDE DE CONDUTOR E MAQUINISTA DE VEHÍCULOS MINEIROS

ÓRGANO COMPETENTE:

DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA ENERXÉTICA E DE MINAS NO MINISTERIO TRANSICIÓN ECOLÓXICA E RETO DEMOGRÁFICO

NORMATIVA

- ◆ RD 863/1985, do 2 de abril, polo que se aproba o Regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira.
- ◆ Instrución técnica complementaria ITC 04.5.04 (Orde do 13-09-1985, BOE núm. 224, do 18-09-1985).

REQUISITOS PARA OBTENIR O CERTIFICADO

A Instrución técnica complementaria ITC 04.5.04 establece os requisitos para que o transporte con vehículos automotores (de combustión interna, eléctricos e outros vehículos) e trens en explotacións de interior se poida levar a cabo en condicións adecuadas de seguridade.

No punto 5 establece que “os condutores e maquinistas de todo tipo de vehículos deberán estar perfectamente capacitados e dispor dun **certificado de aptitude** expedido pola autoridade mineira”.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Os seguintes certificados de profesionalidade contan con módulos formativos que proporcionan o nivel de coñecementos necesario para presentarse ás probas para obter o certificado de aptitude de condutor e maquinista de vehículos mineiros:

- **IEXM0210** “Escavación subterránea mecanizada dirixida de pequena sección”.
- **IEXM0310** “Escavación subterránea mecanizada a sección completa con tuneladoras”.
- **IEXM0509** “Operacións en instalación de transporte subterráneas en industrias extractivas”.
- **IEXM0110** “Escavación subterránea mecanizada de arranque selectivo”.

CERTIFICADO DE APTITUDE DE MAQUINISTA DE EXTRACCIÓN

ÓRGANO COMPETENTE:

DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA ENERXÉTICA E DE MINAS NO MINISTERIO TRANSICIÓN ECOLÓXICA E RETO DEMOGRÁFICO

NORMATIVA

- ◆ RD 863/1985, do 2 de abril, polo que se aproba o Regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira.
- ◆ Instrución técnica complementaria ITC 04.3.01 (Orde do 20-03-1986, BOE núm. 87, do 11-04-1986).

REQUISITOS PARA OBTENIR O CERTIFICADO

A Instrución técnica complementaria ITC 04.3.01 establece os requisitos mínimos que, por motivos de seguridade, deben cumprir as máquinas de extracción e sistemas asociados.

No punto 2 dispón que “a persoa encargada de manexar a máquina de extracción deberá ser un profesional competente e en condicións psicofísicas acreditadas por certificado expedido por titular competente, e será proposto á autoridade mineira co fin de que esta a someta a un exame de práctica profesional”.

Se procede, expedirlle o correspondente **certificado de aptitude**, que terá validez durante cinco anos e que será renovado unha vez acreditadas as condicións psicofísicas necesarias. A partir dos 55 anos de idade, a validez do certificado será por dous anos, e ao rematar poderase renovar tamén acreditando previamente as condicións psicofísicas”.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

O seguinte certificado de profesionalidade proporciona o nivel de coñecementos necesario para presentarse ás probas para obter o certificado de aptitude de maquinista de extracción:

- **IEXM0509 “Operacións en instalacións de transporte subterráneas en industrias extractivas”.**

Por outra banda, os certificados **IEXM0210** “Escavación subterránea mecanizada dirixida de pequena sección” e **IEXM0110** “Escavación subterránea mecanizada de arranque selectivo” fan referencia expresa á necesidade deste carné para poder traballar, pero non indican se a formación impartida nestes é suficiente para presentarse ás probas.

ÓRGANO COMPETENTE:**DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA ENERXÉTICA E DE MINAS NO MINISTERIO
TRANSICIÓN ECOLÓXICA E RETO DEMOGRÁFICO****NORMATIVA**

- ◆ Orde do 22 de marzo de 1988 pola que se aproban instrucións técnicas complementarias dos capítulos II, IV e XIII do Regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira.
- ◆ ITC 04.6.02.

CONDICIÓN PARA SER VIXILANTE

Todo vixilante, para exercer as súas funcións asignadas no regulamento anterior, debe ser titular dun certificado de capacidade, no que se especificará para que tipo de labores é considerado apto. O certificado será expedido pola autoridade mineira, por proposta do director facultativo, e despois de superar o aspirante unha proba, na que se lle exixirá, como mínimo:

- ☒ Ter cinco anos de experiencia práctica.
- ☒ Posuír un certificado de primeiros auxilios e socorrismo.
- ☒ Coñecer o regulamento básico de seguridade mineira e as instrucións técnicas complementarias.
- ☒ Superar unha proba práctica de recoñecemento de gases, ventilación e manexo de explosivos.

Cando o certificado se refira a labores con risco de explosión, deberá superar unha proba teórica sobre as prescricións esenciais para este tipo de minas.

A persoa que non dispoña do certificado de capacidade de vixilante non poderá realizar as funcións que en materia de seguridade lle asigna esta ITC, agás as que teñan o título de enxeñeiro técnico ou de enxeñeiro superior ou as que designe o director facultativo en casos excepcionais, con carácter temporal e debidamente xustificadas, e os que na data de publicación da ITC teñan consolidada a categoría e veñan realizando funcións de vixilante.

INSTALADOR DE FONTANARÍA

ÓRGANO COMPETENTE:

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

NORMATIVA

- ◆ **Decreto 51/2011**, do 17 de marzo, polo que se actualiza a normativa en materia de seguridade industrial na Comunidade Autónoma de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, derroga a orde do 13 de abril de 2009 pola que se desenvolve o Decreto 42/2008, do 28 de febreiro, de creación do Rexistro de Instalacións Interiores de Subministración de Auga de Galicia e a autorización das empresas instaladoras, onde se regulaban os requisitos para o carné de instalador.

A normativa autonómica que existía quedou derogada mediante o Decreto 51/2011, do 17 de marzo, de tal forma que na actualidade **non existe ningún tipo de habilitación como instalador de fontanaría.**

INSTALADOR AUTORIZADO DE GAS, CATEGORÍAS A, B, C

ÓRGANO COMPETENTE:

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

Os títulos e certificados habilitan para o exercicio profesional.

NORMATIVA

- ◆ **Real decreto 298/2021**, do 27 de abril, polo que se modifican diversas normas regulamentarias en materia de seguridade industrial.
- ◆ **Real decreto 542/2020**, do 26 de maio, polo que se modifican e derrogan diferentes disposicións en materia de calidade e seguridade industrial.
- ◆ **Real decreto 984/2015**, do 30 de outubro, polo que se regula o mercado organizado de gas e o acceso de terceiros ás instalacións do sistema de gas natural.
- ◆ **Decreto 51/2011**, do 17 de marzo, polo que se actualiza a normativa en materia de seguridade industrial na Comunidade Autónoma de Galicia para a súa adaptación

á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior.

- ◆ **Real decreto 560/2010**, do 7 de maio, polo que se modifican diversas normas regulamentarias en materia de seguridade industrial.
- ◆ **Orde do 28 de abril de 2008** pola que se regula a aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia do Regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles gasosos e as súas instrucións técnicas complementarias ICG 01 a 11, aprobadas polo Real decreto 919/2006, do 28 de xullo.
- ◆ **Real decreto 919/2006**, do 28 de xullo, polo que se aproba o Regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles gasosos e as súas instrucións técnicas complementarias ICG 01 a 11.

As categorías en que se dividen os instaladores de gas son:

1. **Categoría A** equivalente a IG-IV.
2. **Categoría B** equivalente a IG-III e IG-II.
3. **Categoría C** equivalente a IG-I.

REQUISITOS PARA A SÚA OBTENCIÓN:

- a) Dispor dun título universitario cuxo ámbito competencial, atribucións legais ou plan de estudos cubra as materias obxecto do Regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles gasosos, aprobados polo Real decreto 919/2006, do 28 de xullo, e das súas instrucións técnicas complementarias.
- b) Dispor dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade, cuxo ámbito competencial inclúa as materias obxecto do Regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles gasosos, aprobado polo Real decreto 919/2006, do 28 de xullo, e das súas instrucións técnicas complementarias.
- c) Ter superado un exame teórico-práctico ante a comunidade autónoma sobre os contidos mínimos que se indican no anexo I da instrución técnica complementaria ITC-ICG 09.
- d) Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo co estipulado no RD 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, nas materias obxecto do Regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles gasosos, aprobado polo Real decreto 919/2006, do 28 de xullo e das súas instrucións técnicas complementarias.
- e) Ter recoñecida a cualificación profesional de instalador de gas adquirida noutro ou noutros Estados membros da Unión Europea, de acordo co establecido no Real decreto 581/2017, do 9 de xuño, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva

2013/55/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de novembro do 2013, polo que se modifica a Directiva 2005/36/CE relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais e o Regulamento (UE) nº1 1024/2012 relativo á cooperación administrativa a través do Sistema de información do mercado interior (Regulamento IMI).

f) Posuír unha certificación outorgada por entidade acreditada para a certificación de persoas, por ENAC ou calquera outro organismo nacional de acreditación designado de acordo ao establecido no Regulamento (CEE) nº 765/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de xullo do 2008, polo que se establecen os requisitos de acreditación e vixilancia do mercado relativos á comercialización dos produtos e polo que se derroga o Regulamento (CEE) nº 339/93, de acordo coa norma UNE-EN ISO 17024.

Calquera das situacións ou titulacións previstas (título universitario, título de formación profesional ou certificado de profesionalidade, exame teórico-práctico da comunidade autónoma, experiencia laboral recoñecida ou certificación outorgada por entidade acreditada) son válidas indistintamente para as distintas categorías de instalador de gas, en función dos coñecementos acreditados.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO¹²:

Contamos cun certificado da familia de enerxía e auga:

■ ENAS0110 Montaxe, posta en servizo, mantemento, inspección e revisión de instalacións receptoras e aparellos de gas.

Este certificado permite desenvolver a actividade como "instalador de gas, categoría B". Por outra banda, os instaladores de gas que superen os módulos formativos MF1524_2 (posta en marcha e adecuación de aparatos a gas) e o MF1525_2 (mantemento e reparación de instalacións receptoras e aparatos de gas) poderán considerarse habilitados como axentes de posta en marcha de aparatos de gas conducidos (aparatos de tipo B e C) de máis de 24,4 KW de potencia útil ou de vitrocerámicas a gas de fogos cubertos e axentes para axear aparatos por cambio de familia de gas.

Así mesmo, a superación do módulo formativo MF0611_2 (Montaxe e mantemento de redes de gas en polietileno) incluído no certificado de profesionalidade **ENAS0108 Montaxe e mantemento de redes de gas**, considérase suficiente para actuar como soldador de tubaxes de polietileno para gas.

Esta é unha profesión regulada a nivel europeo.

¹² Os títulos de formación profesional que se sinalan a continuación presumen o cumprimento da situación indicada no apartado 2.b) da ITC ICG 09 do Regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles gasosos para desenvolver a actividade como "Instalador de gas, categoría C":

- Técnico en instalacións de produción de calor.
- Técnico en montaxe e mantemento de instalacións de frío, climatización e produción de calor.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Real decreto 178/2021, do 23 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de instalacións térmicas en edificios
- Real decreto 238/2013, do 5 de abril, polo que se modifican determinados artigos e instrucións técnicas do Regulamento de instalacións térmicas nos edificios, aprobado polo Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo.
- Decreto 51/2011, do 17 de marzo, polo que se actualiza a normativa en materia de seguridade industrial na Comunidade Autónoma de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior.
- Orde do 24 de febreiro de 2010 pola que se regula a aplicación, na Comunidade Autónoma de Galicia, do Regulamento de instalacións térmicas nos edificios, aprobado polo Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo.
- Real decreto 1826/2009, do 27 de novembro, polo que se modifica o Regulamento de instalacións térmicas nos edificios, aprobado polo Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo (consultar as correccións de erros).
- Orde do 1 de decembro de 2008 pola que se modifica a Orde do 27 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento unificado para a obtención de carnés profesionais e exixencias a empresas autorizadas para a instalación, mantemento e outras actividades en materia de seguridade industrial.
- Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de instalacións térmicas nos edificios (RITE) (consultar as correccións de erros).

- Ser maior de 18 anos.
- Ter recibido e superado un curso teórico e práctico de coñecementos básicos e outro de coñecementos específicos en instalacións térmicas en edificios, impartido por unha entidade recoñecida polo órgano competente da comunidade

autónoma, coa duración e contido indicados nos apartados 3.1 e 3.2 do apéndice 3 (Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o regulamento de instalacións térmicas nos edificios)

- Acreditar unha experiencia laboral de, polo menos, tres anos nunha empresa instaladora ou mantedora (RITE) como técnico/a.

Para calcular a experiencia laboral, só se terán en conta os últimos dez anos contados desde a data de presentación da solicitude.

2.- Obtención directa do carné, sen exame:

- Ser maior de 18 anos.
- a) Dispor dun título universitario cuxo plan de estudos cubra as materias obxecto do Regulamento de instalacións térmicas nos edificios, e as súas instrucións técnicas complementarias.
- b) Dispor dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, cuxo ámbito competencial coincida coas materias obxecto do Regulamento de instalacións térmicas nos edificios, e as súas instrucións técnicas complementarias.
- c) Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo co estipulado no Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, nas materias obxecto do Regulamento de instalacións térmicas nos edificios, e as súas instrucións técnicas complementarias.
- d) Posuír unha certificación outorgada por entidade acreditada para a certificación de persoas, segundo o establecido no Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro, que inclúa como mínimo os contidos do Regulamento de instalacións térmicas nos edificios, e as súas instrucións técnicas complementarias.

CARNÉS CONSEGUIDOS POLO ANTIGO REGULAMENTO

Na Orde do 1 de decembro de 2008, pola que se modifica a Orde do 27 de decembro de 2000, establécese un período transitorio de tres anos, desde a entrada en vigor desta orde, para poder realizar as oportunas validacións dos carnés antigos e poder acadar o novo carné en instalacións térmicas de edificios. Este período finalizou o pasado 2 de febreiro de 2012.

Transcorrido ese prazo, non se poderán efectuar validacións, pero os antigos carnés seguirán a ter vixencia nas condicións en que foron emitidos e poderán ser renovados cando caduquen.

Na nosa comunidade autónoma, estes antigos carnés terán unha vixencia indefinida e xa non figurará a caducidade no carné. Así, ademais do novo carné en instalacións térmicas de edificios, seguiremos a ter un certo número dos antigos carnés (CIA, CIB, CMA e CMB).

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Este regulamento establece a necesidade **dun curso teórico e práctico de coñecementos básicos e outro sobre coñecementos específicos** en instalacións térmicas de edificios, impartido por unha entidade recoñecida polo órgano competente da comunidade, con duración e contido indicados nos puntos 3.1 e 3.2. do apéndice 3. Este apéndice indica:

3.1. Coñecementos básicos de instalacións térmicas en edificios:

- Coñecementos básicos.
- Instalacións e equipamentos de calefacción e produción de auga quente sanitaria.
- Instalacións e equipamentos de acondicionamento de aire e ventilación.
- Aproveitamento das enerxías renovables nas instalacións térmicas.
- Redes de transporte de fluídos portadores.
- Terminais e de tratamento de aire.
- Regulación, control, medición e contabilización de consumos para instalacións térmicas.
- Coñecementos básicos de electricidade para instalacións térmicas.

Número mínimo de horas do curso de coñecementos básicos de instalacións térmicas en edificios: 180 horas (120 horas de temas teóricos + 60 horas de temas prácticos).

3.2. Coñecementos específicos de instalacións térmicas en edificios:

- Execución de procesos de montaxe de instalacións térmicas.
- Mantemento de instalacións térmicas.
- Explotación enerxética das instalacións.
- Técnicas de medición en instalacións térmicas.
- Probas e postas en funcionamento de instalacións térmicas.
- Seguridade na montaxe e mantemento de equipamentos e instalacións.
- Calidade no mantemento e montaxe de equipamentos e instalacións térmicas.
- Documentación técnica das instalacións térmicas: memoria técnica.
- Regulamento de instalacións térmicas nos edificios.

Número mínimo de horas do curso de coñecementos básicos de instalacións térmicas en edificios: 270 horas (150 horas de temas teóricos + 120 horas de temas prácticos).

Hai varios certificados de profesionalidade que inclúen formación adaptada a estes requirimentos:

- Certificado de montaxe e mantemento de instalacións de climatización e ventilación-extracción **(IMAR0208)**.
- Certificado de montaxe e mantemento de instalacións caloríficas **(IMAR0408)**.
- Certificado de montaxe e mantemento de instalacións frigoríficas **(IMAR0108)**.
- Certificado de planificación, xestión e realización do mantemento e supervisión da montaxe de instalacións de climatización e ventilación-extracción **(IMAR0409)**.
- Certificado de planificación, xestión e realización do mantemento e supervisión da montaxe de instalacións caloríficas **(IMAR0509)**.
- Certificado de planificación, xestión e realización do mantemento e supervisión da montaxe de instalacións frigoríficas **(IMAR0309)**.
- Certificado de eficiencia enerxética de edificios **(ENAC0108)**.

O único certificado que especifica que conta con formación que garante o nivel de coñecemento necesario para a obtención do carné profesional de instalacións térmicas de edificios é o **ENAE0308 Organización e proxectos de instalacións solares térmicas**.

PROFESIONAIS FRIGORISTAS HABILITADOS

ÓRGANO COMPETENTE:

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

NORMATIVA

- ◆ Real decreto 298/2021, do 27 de abril, polo que se modifican diversas normas regulamentarias en materia de seguridade industrial.
- ◆ Real decreto 552/2019, do 27 de setembro, polo que se aproban o Regulamento de seguridade para instalacións frigoríficas e as súas instrucións técnicas complementarias.
- ◆ Decreto 51/2011, do 17 de marzo, polo que se actualiza a normativa en materia de seguridade industrial na Comunidade Autónoma de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior.
- ◆ Real decreto 560/2010, do 7 de maio, polo que se modifican diversas normas regulamentarias en materia de seguridade industrial.

REQUISITOS PARA A SÚA OBTENCIÓN (R.D. 552/2019)

O instalador frigorista é a persoa física que, en virtude de posuír coñecementos teórico-prácticos da tecnoloxía da industria do frío e da súa normativa, está capacitado para realizar, pór en marcha, manter, reparar, modificar e desmantelar instalacións frigoríficas. O instalador frigorista debe desenvolver a súa actividade nunha empresa frigorista habilitada e deberá cumprir e poder acreditar ante a Administración competente, cando esta así llo requira no exercicio das súas facultades de inspección, comprobación e control, unha das seguintes situacións:

- a. Dispor dun título universitario cuxo ámbito competencial cubra as materias obxecto do presente regulamento de seguridade para instalacións frigoríficas.
- b. Dispor dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade, no que o ámbito competencial inclúa as materias obxecto do presente regulamento de seguridade para instalacións frigoríficas.
- c. Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo co estipulado no Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, nas materias obxecto deste regulamento de seguridade para instalacións frigoríficas.
- d. Ter recoñecida a cualificación profesional de instalador frigorista adquirida noutro ou noutros Estados membros da Unión europea, de acordo co establecido no Real decreto 581/2017, do 9 de xuño, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/55/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de novembro do 2013, polo que se modifica a Directiva 2005/36/CE relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais, e o Regulamento (UE) nº 1024/2012 relativo á cooperación administrativa a través do Sistema de información do mercado interior (Regulamento IMI).
- e. Posuír unha certificación outorgada por entidade acreditada de persoas, segundo o establecido no Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da infraestrutura para a calidade e a seguridade industrial.

Todas as entidades acreditadas para a certificación de persoas que queiran outorgar estas certificacións deberán incluír no seu esquema de certificación un sistema de avaliación que inclúa os contidos mínimos que se indican na IF-19 do presente regulamento.

- ☑ Os instaladores que dispoñan de habilitación profesional en instalacións térmicas de edificios poderán realizar as actividades de instalación, mantemento, reparación e desmantelamento das instalacións frigoríficas que formen parte dunha instalación térmica incluída no ámbito do RITE.
- ☑ Nos casos en que as instalacións empreguen ou estea previsto que empreguen refrixerantes fluorados, o persoal que realice estas actividades previstas no artigo 3 do Real decreto 115/2017, do 17 de febreiro, polo que se regula a comercialización e manipulación de gases fluorados e equipamentos baseados neles, así como a certificación dos profesionais que os utilizan e polo que se establecen os requisitos técnicos para as instalacións que desenvolven actividades que emitan gases fluorados, deberá estar en posesión da certificación que sexa necesaria de acordo a dita norma.
- ☑ Porén, a execución das unións soldadas en instalacións con refrixerantes fluorados poderá levala a cabo persoal que non estea en posesión das certificacións previstas no Real decreto 115/2017, do 17 de febreiro, sempre que estea acreditado para realizar as unións soldadas en cuestión e se establezan os métodos de traballo e controis necesarios para asegurar o cumprimento das regulamentacións aplicables e estea baixo a supervisión dunha persoa titular do certificado previsto no parágrafo anterior.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO¹³

¹³ Ademais dos certificados de profesionalidade referidos, os seguintes títulos tamén presumen o cumprimento da situación indicada no artigo 9.1.b) do Regulamento de seguridade para instalacións frigoríficas para desenvolver a actividade como "profesional frigorista habilitado" segundo información recollida no **Ministerio de Industria, Comercio e Turismo**:

- Oficial industrial
- Mestre industrial
- Técnico superior en mantemento de instalacións térmicas e fluídos
- Técnico especialista en calor, frío, aire acondicionado, rama electricidade e electrónica
- Técnico especialista en frío industrial, rama electricidade e electrónica
- Técnico especialista en instalacións frigoríficas e de climatización, rama electricidade e electrónica
- Técnico especialista en instalacións térmicas auxiliares de proceso, rama electricidade e electrónica
- Técnico especialista en mantemento de instalacións de servizos e auxiliares, rama electricidade e electrónica
- Técnico superior en mantemento e montaxe de instalacións de edificio e proceso
- Técnico auxiliar en instalación e mantemento de equipos de frío e calor, rama electricidade e electrónica
- Técnico en instalacións frigoríficas e de climatización

Existen certificados de profesionalidade referidos á área de montaxes frigoríficas:

■ **IMAR0108 Montaxe e mantemento de instalacións frigoríficas.**

A formación establecida garante o nivel de coñecementos necesarios para realizar a actividade profesional de manipulación de gases fluorados e para acadar a certificación persoal (categoría I) expedida pola autoridade competente. Tamén garante o nivel de coñecementos necesarios para obter a habilitación para desempeñar as funcións de prevención de riscos laborais nivel básico.

■ **IMAR0309 Planificación, xestión e realización do mantemento e supervisión da montaxe de instalacións frigoríficas.**

A cualificación encádrase nas áreas de montaxe, definición e planificación do mantemento de instalacións frigoríficas, respondendo aos posibles requirimentos recollidos na normativa para obter as correspondentes habilitacións profesionais.

Ambos os certificados presumen o cumprimento da situación indicada no artigo 9.1.b) do Regulamento de seguridade para instalacións frigoríficas para desenvolver a actividade como "profesional frigorista habilitado" segundo información recollida na Subdirección Xeral de Calidade e Seguridade Industrial do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

INSTALACIÓN, MANTEMENTO, REVISIÓN E MANIPULACIÓN DE GASES FLUORADOS E EQUIPAMENTOS

ÓRGANO COMPETENTE:

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

consellería de cultura, educación e ordenación universitaria

Son necesarios os chamados **certificados acreditativos**.

- Técnico en montaxe e mantemento de instalacións de frío, climatización e produción de calor

Segundo esta mesma fonte tamén sería axeitado o antigo certificado de profesionalidade de ocupación de frigorista (Real decreto 942/1997, do 20 de xuño).

NORMATIVA

- ◆ Real decreto 115/2017, do 17 de febreiro, polo que se regula a comercialización e manipulación de gases fluorados e equipamentos baseados neles, así como a certificación dos profesionais que os utilizan e polo que se establecen os requisitos técnicos para as instalacións que desenvolven actividades que emitan gases fluorados.
- ◆ Regulamento UE n.º 517/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014
- ◆ Decreto 100/2011, do 19 de maio, polo que se regula a distribución de competencias en materia de expedición de certificados para a comercialización e manipulación de gases fluorados e equipamentos baseados neles.
- ◆ Regulamento CE n.º 1005/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de setembro do 2009.

OBXECTIVO

- Recoñecemento por parte da Administración da competencia profesional para a manipulación de gases fluorados.
- Presentación da solicitude para obter o recoñecemento e a inscrición no rexistro de certificacións persoais.

DESTINATARIOS

- ☒ Profesionais que manipulen gases fluorados.

CARACTERÍSTICAS

- ☒ As certificacións persoais terán validez en toda España e na Unión Europea.

TIPOS DE CERTIFICACIÓNS PERSOAIS

1. Manipulación de gases fluorados para calquera carga.
2. Manipulación de gases fluorados para carga menor de 3 kg.
3. Manipulación de sistemas frigoríficos que empreguen refrixerantes fluorados destinados ao confort térmico de persoas instalados en vehículos.
4. Manipulación de equipamentos de protección contra incendios que utilicen gases fluorados como axente extintor.
5. Manipulación de disolventes que conteñan gases fluorados e equipamentos que os empregan.
6. Para a recuperación de hexafluoruro de xofre de equipamentos de conmutación de alta tensión.

ACREDITACIONES QUE DAN ACCESO DIRECTO:

- ☒ Certificado de profesionalidade: montaxe e mantemento de instalacións frigoríficas (RD 1375/2009).
- ☒ Certificado de profesionalidade: montaxe e mantemento de instalacións de climatización e ventilación-extracción (RD 1375/2009).
- ☒ Carné de instalador frigorista (RD 3099/1977)
- ☒ Carné de conservador-reparador frigorista (RD 3099/1977).
- ☒ CS Desenvolvemento de proxectos de instalacións térmicas e de fluídos (RD 219/2008).
- ☒ CS Mantemento de instalacións térmicas e de fluídos (RD 220/2008).
- ☒ CS en Instalacións frigoríficas e de climatización (RD 1793/2010).
- ☒ CS Organización do mantemento de maquinaria de buques e embarcacións (RD 1075/2012).
- ☒ CS Mantemento e control da maquinaria de buques e embarcacións (RD 1072/2012).
- ☒ Outros certificados de profesionalidade ou títulos de formación profesional que cubran as competencias e coñecementos esixidos no real decreto.
- ☒ Calquera título universitario que acredite a adquisición das competencias e coñecementos establecidos nos programas formativos 1 e 2 do anexo II do real decreto.

SEN ACCESO DIRECTO

A.- FORMACIÓN + ACREDITACIÓN

- ☒ Curso complementario (30 horas) acreditado por Emprego ou Educación + carné profesional de Industria de instalador térmico de edificios ou o de instalador-mantedor de climatización.
- ☒ Curso complementario (30 horas) acreditado por Emprego ou Educación + CP Frigorista (RD942/1997).
- ☒ Curso complementario (30 horas) acreditado por Emprego ou Educación + CP Mantedor de aire acondicionado e fluídos (RD 335/1997).
- ☒ Curso complementario (30 horas) acreditado por Emprego ou Educación + CM Montaxe e mantemento de frío, climatización e produción de calor (RD 2046/1995).
- ☒ Curso complementario (30 horas) acreditado por Emprego ou Educación + CS Mantemento e montaxe de instalacións de edificio e proceso (RD2044/1995).

B.- FORMACIÓN + EXAME + EXPERIENCIA

Curso complementario (30 h) + proba teórico-práctica sobre os contidos do curso básico + xustificación de ter unha experiencia anterior á data da solicitude de polo menos cinco anos na actividade de montaxe, desmontaxe e mantemento de equipos ou instalacións

con sistemas frigoríficos de máis de 3 kg de carga en empresas habilitadas polo RSIF ou polo RITE. Os cursos deben de realizarse en centros acreditados pola autoridade competente.

No caso de ter o curso complementario (30 h) + proba teórico-práctica sobre os contidos do curso básico + xustificación de ter unha experiencia anterior a data da solicitude de polo menos cinco anos en empresas dedicadas ao mantemento e reparación de aplicacións non fixas de vehículos dedicado ao transporte refrixerado, podería obterse a certificación persoal de **“Manipulación de equipamentos de transporte refrixerado de mercadorías de calquera carga de refrixerantes fluorados”**. Os cursos deben de realizarse en centros acreditados pola autoridade competente.

C.- FORMACIÓN + EXPERIENCIA LABORAL

Curso básico (90 h) + curso complementario (30 h) + experiencia anterior na data da solicitude de polo menos dous anos na actividade de montaxe, desmontaxe e mantemento de equipos ou instalacións con sistemas frigoríficos de máis de 3 kg de carga en empresas habilitadas polo RSIF ou polo RITE. Os cursos deben de realizarse en centros acreditados pola autoridade competente.

No caso de ter o curso básico (90 h) + curso complementario (30 h) + experiencia anterior á data da solicitude de polo menos dous anos en empresas dedicadas ao mantemento e reparación de aplicacións non fixas de vehículos dedicado ao transporte refrixerado, podería obterse a certificación persoal de **“Manipulación de equipamentos de transporte refrixerado de mercadorías de calquera carga de refrixerantes fluorados”**. Os cursos deben realizarse en centros acreditados pola autoridade competente.

Curso básico sobre manipulación de equipamentos con sistemas frigoríficos de calquera carga de refrixerantes fluorados (programa formativo 2 do anexo II.- 90 horas (55 horas de contidos prácticos, 30 de horas teóricas e 5 h de avaliación).

Curso complementario sobre manipulación de equipamentos con sistemas frigoríficos de calquera carga de refrixerantes fluorados (programa formativo 1 do anexo II.-30 horas (10 h de contidos prácticos, 18 h teóricas e 2 h de avaliación).

NOTA

As persoas que contan con certificados persoais anteriores ao Real decreto 115/2017 terán que cursar formación complementaria sobre tecnoloxías alternativas para substituír ou reducir o uso de gases fluorados de efecto invernadoiro e a maneira segura de manipalos.

Prazo para acreditar o curso: **ata o 20 de febreiro do 2021** (catro anos dende a entrada en vigor da normativa).

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Os seguintes certificados de profesionalidade responden aos requisitos previstos na normativa para obter o correspondente carné profesional:

- **IMAR0108 Montaxe e mantemento de instalacións frigoríficas.**
- **IMAR0208 Montaxe e mantemento de instalacións de climatización e ventilación-extracción.**

MANIPULACIÓN DE GASES FLUORADOS PARA CARGA MENOR DE 3 kg

ACREDITACIÓN QUE DAN ACCESO DIRECTO:

- ☑ Carné profesional de Industria de instalador térmico de edificios ou de instalador-mantedor de climatización.
- ☑ Certificado de profesionalidade de FRIGORISTA (RD 942/1997).
- ☑ Certificado de profesionalidade de MANTEDOR DE AIRE ACONDICIONADO E FLUÍDOS (RD 335/1997).
- ☑ CM MONTAXE E MANTEMENTO DE FRÍO, CLIMATIZACIÓN E PRODUCCIÓN DE CALOR (RD 2046/1995).
- ☑ CS MANTEMENTO E MONTAXE DE INSTALACIÓNS DE EDIFICIO E PROCESO (RD2044/1995).
- ☑ Outros certificados de profesionalidade ou títulos de formación profesional que cubran as competencias e coñecementos esixidos no real decreto.
- ☑ Calquera título universitario que acredite a adquisición das competencias e coñecementos establecidos nos programas formativos 3 e 4 do anexo II do real decreto.

SEN ACCESO DIRECTO

A.- FORMACIÓN

Curso de 320 horas.

B.1.- EXAME + FORMACIÓN + EXPERIENCIA

Superar un exame teórico-práctico sobre o temario do curso complementario temario parte B (80 h) + curso complementario temario A (30 h) + experiencia anterior á data da solicitude de polo menos cinco anos na actividade de instalacións de refrixeración e aire acondicionado.

Cursos en centros acreditados pola autoridade competente.

B.2.- FORMACIÓN + EXAME

As persoas que superen un exame teórico-práctico sobre o temario do curso complementario temario parte B, aplicable a transporte refrixerado de mercadorías + curso complementario temario A (30 h), obterán a certificación persoal de **“Manipulación de equipamentos de transporte refrixerado de mercadorías que empreguen menos de 3 kg de fluorados”**.

Cursos en centros acreditados pola autoridade competente.

C.- FORMACIÓN + EXPERIENCIA

Curso complementario (110 h) + experiencia anterior á data da solicitude de polo menos dous anos na actividade de instalacións de refrixeración e aire acondicionado.

Cursos en centros acreditados pola autoridade competente.

Curso sobre manipulación de equipamentos con sistemas frigoríficos de carga inferior 3 kg de refrixerantes fluorados.

- PROGRAMA FORMATIVO 4 DO ANEXO II.- 320 horas (90 teóricas, 220 prácticas e 10 de avaliación).

Curso complementario sobre manipulación de equipamentos con sistemas frigoríficos de carga inferior a 3 kg de refrixerantes fluorados.

- PROGRAMA FORMATIVO 3 DO ANEXO II.- 110 horas.
Temario parte A.- 30 horas (18 teóricas, 10 prácticas e 2 de avaliación).
Temario parte B.- 80 horas (25 teóricas, 50 prácticas e 5 de avaliación).

NOTA

As persoas que contan con certificados persoais anteriores ao Real decreto 115/2017 terán que cursar formación complementaria sobre tecnoloxías alternativas para substituír ou reducir o uso de gases fluorados de efecto invernadoiro e a maneira segura de manipularlos. Prazo para acreditar o curso: **ata o 20 de febreiro do 2021** (catro anos dende a entrada en vigor da normativa).

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

O seguinte certificado de profesionalidade responde aos requisitos recollidos na normativa para obter o correspondente carné profesional:

ELEM0411 Mantemento de electrodomésticos

A formación establecida neste certificado garante o nivel de coñecementos necesarios para a realización de actividades profesionais de manipulación de electrodomésticos onde se utilicen gases fluorados, e para a obtención da certificación persoal expedida pola autoridade competente.

MANIPULACIÓN DE SISTEMAS FRIGORÍFICOS QUE EMPREGUEN REFRIGERANTES FLUORADOS DESTINADOS AO CONFORT TÉRMICO DE PERSOAS INSTALADOS EN VEHÍCULOS

ACREDITACIÓN QUE DAN ACCESO DIRECTO:

- ☒ Estar en posesión de calquera título de formación profesional ou certificado de profesionalidade que cubra as competencias e coñecementos mínimos establecidos no programa formativo 5 do anexo II.
- ☒ Estar en posesión de calquera título universitario que acredite a adquisición das competencias e coñecementos mínimos establecidos no programa formativo 5 do anexo II.

SEN ACCESO DIRECTO:

FORMACIÓN:

Curso de formación sobre os contidos do programa 5 do anexo II: 44 horas (28 teóricas e 16 prácticas). Cursos en centros acreditados pola autoridade competente.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Os seguintes certificados de profesionalidade responden aos requisitos recollidos na normativa para obter o correspondente carné profesional¹⁴:

 **TMVG0209 Mantemento dos sistemas eléctricos e electrónicos de vehículos.**

¹⁴ O certificado **TMVG0310** Mantemento do motor e dos sistemas eléctricos, de seguridade e confortabilidade de maquinaria agrícola, de industrias extractivas e de edificación e obra civil, cumpria cos requisitos para obter este carné profesional, pero foi dado de baixa o 31 de decembro de 2014.

A **UC0628_2** “Manter os sistemas de seguridade e confortabilidade de vehículos” contén unha unidade formativa **UF1106 “Mantenemento do sistema de climatización”** que dá dereito á obtención do *certificado persoal de manipulación de sistemas frigoríficos que empreguen fluorados destinados a confort térmico de persoas en vehículos*. A persoa interesada debe de cursar como mínimo toda a unidade de competencia para obter a acreditación.

TMVB0211 Mantenemento de sistemas eléctricos e electrónicos de material rodante ferroviario

A **UC0633_2** “Manter sistemas eléctrico-electrónicos de comunicación, seguridade e confortabilidade de material rodante ferroviario” contén unha unidade formativa **UF2118 “Diagnose e reparación de sistemas de climatización e confortabilidade de material rodante ferroviario”** que dá dereito á obtención da *acreditación persoal para a manipulación de sistemas frigoríficos que empreguen refrixerantes fluorados destinados a confort térmico de persoas instalados en vehículos*. A persoa interesada debe de cursar como mínimo toda a unidade de competencia para obter a acreditación.

MANIPULACIÓN DE EQUIPAMENTOS DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS QUE EMPREGUEN GASES FLUORADOS COMO AXENTE EXTINTOR

ACREDITACIÓN QUE DAN ACCESO DIRECTO:

- ☒ Estar en posesión de calquera título de formación profesional ou certificado de profesionalidade que cubra as competencias e coñecementos mínimos establecidos no programa formativo 6 do anexo II.
- ☒ Estar en posesión de calquera título universitario que acredite a adquisición das competencias e coñecementos mínimos establecidos no programa formativo 6 do anexo II.

SEN ACCESO DIRECTO

FORMACIÓN:

Curso de formación sobre os contidos do programa 6 do anexo II: 18 horas (10 teóricas, 6 prácticas e 2 de avaliación). Cursos en centros acreditados pola autoridade competente.

MANIPULACIÓN DE DISOLVENTES QUE CONTEÑAN GASES FLUORADOS E EQUIPAMENTOS QUE OS EMPREGAN

ACREDITACIÓNS QUE DAN ACCESO DIRECTO:

- ☑ Estar en posesión de calquera título de formación profesional ou certificado de profesionalidade que cubra as competencias e coñecementos mínimos establecidos no programa formativo 7 do anexo II.
- ☑ Estar en posesión de calquera título universitario que acredite a adquisición das competencias e coñecementos mínimos establecidos no programa formativo 7 do anexo II.

SEN ACCESO DIRECTO:

FORMACIÓN:

Curso de formación sobre os contidos do programa 7 do anexo II: 11 horas (7 teóricas, 3 prácticas e 1 de avaliación). Cursos en centros acreditados pola autoridade competente.

CERTIFICADO ACREDITATIVO DA COMPETENCIA PARA A RECUPERACIÓN DE HEXAFLUORURO DE XOFRE DE EQUIPAMENTOS DE CONMUTACIÓN DE ALTA TENSIÓN

ACREDITACIÓNS QUE DAN ACCESO DIRECTO

- ☑ Estar en posesión de calquera título de formación profesional ou certificado de profesionalidade que cubra as competencias e coñecementos mínimos establecidos no programa formativo 8 do anexo II.
- ☑ Estar en posesión de calquera título universitario que acredite a adquisición das competencias e coñecementos mínimos establecidos no programa formativo 8 do anexo II.

SEN ACCESO DIRECTO

FORMACIÓN:

Curso de formación cos contidos do programa formativo 8 do anexo II: 18 horas (10 teóricas, 6 prácticas e de 2 avaliación). Cursos en centros acreditados pola autoridade competente.

OPERADOR INDUSTRIAL DE CALDEIRAS

ÓRGANO COMPETENTE:

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

O carné de operador industrial de caldeiras non é obrigatorio. Os títulos e certificados habilitan para o exercicio profesional.

Só é necesaria a habilitación profesional para as caldeiras da clase segunda, de vapor ou de auga sobrequeitada, a que se fai referencia no artigo 3.2 da ITC EP1 do Real decreto 2060/2008, do 12 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de equipamentos de presión e as súas instrucións técnicas complementarias.

NORMATIVA

- ◆ Real decreto 560/2010, do 7 de maio, polo que se modifican diversas normas regulamentarias en materia de seguridade industrial.
- ◆ Resolución do 25 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, pola que se modifica a Resolución do 15 de xaneiro de 2009, pola que se convocan exames ordinarios para obter carnés profesionais no ano 2009.
- ◆ Real decreto 2060/2008, do 12 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de equipamentos de presión e as súas instrucións técnicas complementarias.

REQUISITOS PARA A SÚA OBTENCIÓN

1.- Para presentarse ao exame (carné de operador industrial de caldeiras):

- ☒ Ser maior de 18 anos.

2.- Obtención directa, sen exame:

- ☒ Ter un título universitario cuxo plan de estudos cubra os contidos mínimos que se indican no anexo II da Instrución técnica complementaria EP-1.
- ☒ Dispor dun título de formación profesional¹⁵ ou dun certificado de profesionalidade incluído no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, cuxo ámbito competencial inclúa os contidos mínimos que se indican no anexo II da Instrución técnica complementaria EP-1.
- ☒ Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral nas materias que se indican no anexo II da instrución técnica complementaria de acordo

¹⁵ Segundo o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, o título de Técnico superior en centrais eléctricas, da familia de Enerxía e Auga, e o título de técnico en planta química, da familia de química, permiten o desenvolvemento da actividade de "operador industrial de caldeiras".

co estipulado no RD 1224/2009, do 17 de xullo, nas materias que se indican no anexo I da Instrución técnica complementaria EP-1.

- ☑ Posuír unha certificación outorgada por entidade acreditada para a certificación de persoas, segundo o establecido no Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro, que inclúa como mínimo os contidos que se indican no anexo II da Instrución técnica complementaria EP-1.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

A formación establecida neste certificado de profesionalidade garante o nivel de coñecementos necesarios para obter o carné profesional de “Operador industrial de caldeiras” de acordo co Real decreto 1244/1979, do 4 de abril, que recolle o regulamento de aparellos a presión e as instrucións complementarias ao antedito real decreto:

- ☑ **QUIE0208 Operacións en instalacións de enerxía e de servizos auxiliares.**

Así mesmo, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo considera suficiente ter o certificado de :

- ☑ **ENAL0108 Xestión da operación en centrais termoeléctricas**

Así mesmo, tamén se considera axeitada a posesión do antigo certificado de ocupación de “operario de planta de central termoeléctrica”.

Esta é unha profesión regulada a nivel europeo.

INSTALADOR OU REPARADOR E EMPRESA INSTALADORA OU REPARADORA DE PRODUTOS PETROLÍFEROS LÍQUIDOS (P.P.L)

ÓRGANO COMPETENTE

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

O carné de profesional de montaxe, mantemento e reparación de instalacións de produtos petrolíferos non é obrigatorio. Os títulos e certificados habilitan para o exercicio profesional.

NORMATIVA

- ◆ **Real decreto 298/2021, do 27 de abril**, polo que se modifican diversas normas regulamentarias en materia de seguridade industrial.

- ◆ **Real decreto 542/2020**, do 26 de maio, polo que se modifican e derogan diferentes disposicións en materia de calidade e seguridade industrial
- ◆ **Resolución do 25 de marzo de 2019**, da Dirección Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa, pola que se actualiza a lista de normas da instrución técnica complementaria MI-IP04 "Instalacións de subministración a vehículos", aprobada polo Real decreto 706/2017, do 7 de xullo.
- ◆ **Real decreto 706/2017**, do 7 de xullo, polo que se aproba a instrución técnica complementaria MI-IP04 "Instalacións para subministración a vehículos" e se regulan determinados aspectos da regulamentación de instalacións petrolíferas.
- ◆ **Real decreto 560/2010**, do 7 de maio, polo que se modifican diversas normas regulamentarias en materia de seguridade industrial.
- ◆ **Orde do 5 de xuño de 2007** pola que se modifica a do 21 de agosto de 2006 pola que se regula a aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia da Instrución técnica complementaria MI-IP05 "Instaladores ou reparadores e empresas instaladoras ou reparadoras de produtos petrolíferos líquidos", aprobada polo Real decreto 365/2005, do 8 de abril.
- ◆ **Orde do 21 de agosto de 2006** pola que se regula a aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia da Instrución técnica complementaria MI-IP05, "Instaladores ou reparadores e empresas instaladoras ou reparadoras de produtos petrolíferos líquidos", aprobada polo Real decreto 365/2005, do 8 de abril.
- ◆ **Real decreto 365/2005**, do 8 de abril, polo que se aproba a Instrución técnica complementaria MI-IP05 "Instaladores ou reparadores e empresas instaladoras ou reparadoras de produtos petrolíferos líquidos". (O **Real decreto 706/2017** modifica os números 2 e 3 do artigo 3).
- ◆ **Real decreto 2085/1994**, do 20 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de instalacións petrolíferas. (O **Real decreto 706/2017** modifica o artigo 10 e introduce un novo artigo 11, cambiando a numeración dos artigos posteriores).

REQUISITOS PARA A SÚA OBTENCIÓN

- a) Dispor dun título universitario cuxo ámbito competencial, atribucións legais ou plan de estudos cubra as materias obxecto do Regulamento de instalacións petrolíferas, aprobados polo Real decreto 2085/1994, do 20 de outubro, e das súas instrucións técnicas complementarias.
- b) Dispor dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade, cuxo ámbito competencial

inclúa as materias obxecto do Regulamento de instalacións petrolíferas, aprobados polo Real decreto 2085/1994, do 20 de outubro, e das súas instrucións técnicas complementarias.

c) Ter superado un exame teórico-práctico ante a comunidade autónoma sobre os contidos mínimos que se indican nos apéndices II, III e IV, segundo corresponda, da Instrución MI-IP05.

d) Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo co estipulado no Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, nas materias obxecto do Regulamento de instalacións petrolíferas, aprobado polo Real decreto 2085/1994, do 20 de outubro, e das súas instrucións técnicas complementarias.

e) Ter recoñecida a cualificación profesional de instalador/reparador de PPL adquirida noutro ou noutros Estados membros da Unión Europea, de acordo co establecido no Real decreto 581/2017, do 9 de xuño, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/55/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 20 de novembro do 2013, polo que se modifica a Directiva 2005/36/CE relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais e o Regulamento (UE) nº1 1024/2012 relativo á cooperación administrativa a través do Sistema de información do mercado interior (Regulamento IMI).

f) Posuír unha certificación outorgada por entidade acreditada para a certificación de persoas, por ENAC ou calquera outro organismo nacional de acreditación designado de acordo co establecido no Regulamento (CEE) nº 765/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de xullo do 2008, polo que se establecen os requisitos de acreditación e vixilancia do mercado relativos á comercialización dos produtos e polo que de derroga o Regulamento (CEE) nº 339/93, de acordo coa norma UNE-EN ISO 17024.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Polo que respecta á formación para o emprego, no ficheiro de especialidades do SEPE non aparece ningunha especialidade relacionada con esta actividade.

ÓRGANO COMPETENTE:

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

NORMATIVA

- ◆ **Real decreto 298/2021, do 27 de abril**, polo que se modifican diversas normas regulamentarias en materia de seguridade industrial.
- ◆ **Real decreto 203/2016**, do 20 de maio, polo que se establecen os requisitos esenciais de seguridade para a comercialización de ascensores e compoñentes de seguridade para ascensores.
- ◆ **Real decreto 88/2013**, do 8 de febreiro, polo que se aproba a Instrución técnica complementaria AEM 1 "Ascensores" do Regulamento de aparellos de elevación e manutención, aprobado polo Real decreto 2291/1985, do 8 de novembro.

O **punto 8** deste real decreto determina que: o conservador de ascensores é a persoa física que ten coñecementos suficientes para desempeñar as actividades de mantemento e modificacións importantes a que se refira esta ITC. O conservador de ascensores deberá desenvolver a súa actividade no seo dunha empresa conservadora de ascensores habilitada e deberá cumprir e poder acreditar ante a Administración competente, cando esta así o requira no exercicio das súas facultades de inspección, comprobación e control, unha das seguintes situacións:

- ☒ Dispor dun título universitario no que o plan de estudos cubra as materias obxecto da instrución técnica complementaria AEM 1 "Ascensores" do Regulamento de aparatos de elevación e manutención.
- ☒ Dispor dun título de formación profesional¹⁶ ou dun certificado de profesionalidade incluído no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade, cuxo ámbito

¹⁶ Segundo o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo os seguintes títulos de formación profesional presumen o cumprimento da situación indicada na Instrución Técnica Complementaria AEM 1 "Ascensores" do Regulamento de aparatos de elevación e manutención para desenvolver a actividade como "conservador de ascensores":

- Técnico en mantemento electromecánico
- Técnico superior en mecatrónica industrial
- Técnico superior en mantemento de equipo industrial
- Técnico en instalación e mantemento electromecánico de maquinaria e conducción de liñas.
- Técnico especialista en mantemento electromecánico, rama electricidade e electrónica (Orde do 17 de xuño de 1986).
- Técnico especialista en mantemento eléctrico-electrónico, rama electricidade-electrónica (Orde do 18 de outubro de 1983).
- Técnico especialista en mantemento mecánico, rama metal (Orde do 18 de outubro de 1983).
- Técnico especialista en automatismos pneumáticos e oleohidráulicos, rama do metal.
- Técnico especialista en mantemento de máquinas e sistemas automáticos, rama do metal.
- Técnico auxiliar en mantemento en liña, rama do metal.
- Técnico especialista en mantemento de instalacións de servizos auxiliares, rama electricidade e electrónica.

competencial inclúa as materias obxecto da antedita instrución técnica complementaria.

- ☑ Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo co estipulado no Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, en materias obxecto desta instrución técnica.
- ☑ Ter recoñecida a cualificación profesional de conservador de ascensores adquirida noutro ou noutros Estados membros da Unión Europea, de acordo co establecido no Real decreto 581/2017, do 9 de xuño, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/55/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de novembro do 2013, polo que se modifica a Directiva 2005/36/CE relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais e o Regulamento (UE) nº 1024/2012 relativo á cooperación administrativa a través do Sistema de información do mercado interior (Regulamento IMI).
- ☑ Posuír unha certificación outorgada por entidade acreditada para a certificación de persoas, por ENAC ou calquera outro organismo nacional de acreditación designado de acordo ao establecido no Regulamento (CE) nº 765/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de xullo do 2008, polo que se establecen os requisitos de acreditación e vixilancia do mercado relativos á comercialización dos produtos e polo que se derroga o Regulamento (CEE) nº 339/93, de acordo coa norma UNE-EN ISO/IEC 17024.

EXCEPCIONALIDADE AO ARTIGO 8 PARA OS TRABALLADORES CON EXPERIENCIA ANTERIOR Á PUBLICACIÓN DA AEM 1 “ASCENSORES”

Os requisitos recollidos no artigo 8 para os conservadores de ascensores **non serán requiridos** para aqueles traballadores que presten ou teñan prestado servizos como persoal cualificado durante polo menos **tres anos en tarefas de conservación de ascensores**, xa que, segundo a disposición transitoria primeira, disporán dun prazo dun ano para solicitaren certificación acreditativa da dita cualificación:

- a) pola propia empresa onde presten ou teñan prestados os seus servizos.
- b) polo órgano competente da comunidade autónoma onde residan, sobre a base dos datos da vida laboral do interesado e certificacións da empresa ou empresas onde presten ou tivesen prestado os seus servizos.

O persoal así cualificado entenderase que cumpre os requisitos sinalados no citado punto 8 da ITC, e contará coa acreditación para traballar.

O disposto nesta instrución técnica complementaria será exixible aos tres meses da súa publicación.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

A formación establecida nos seguintes certificados de profesionalidade presumen o cumprimento da situación indicada na Instrución Técnica Complementaria AEM1 "Ascensores" do Regulamento de aparatos de elevación e manutención para desenvolver a actividade como "conservador de ascensores":

- **IMAQ0110 Instalación e mantemento de ascensores e outros equipamentos fixos de elevación e transporte.**
- **IMAQ0210 Desenvolvemento de proxectos de instalacións de manutención, elevación e transporte**

TÉCNICOS TACÓGRAFOS

ÓRGANO COMPETENTE:

MINISTERIO DE ASUNTOS ECONÓMICOS E TRANSFORMACIÓN DIXITAL

NORMATIVA

◆ **Real decreto 125/2017**, do 24 de febreiro, polo que se establecen os requisitos técnicos e as normas de actuación que deben cumprir os centros técnicos de tacógrafos.

O obxecto deste real decreto é establecer os requisitos técnicos e as normas de actuación que deben cumprir os centros técnicos para realizar intervencións técnicas en tacógrafos.

As entidades autorizadas poderán exercer a súa actividade como centros técnicos dos seguintes tipos:

- a) **Tipo I:** unicamente para a instalación e/ou activación de tacógrafos dixitais.
- b) **Tipo II:** para a instalación, activación, verificación e primeira calibración de tacógrafos dixitais.
- c) **Tipo III:** para todas as intervencións técnicas previstas no artigo 2.2. (instalación, verificación, activación, calibración ou parametrización, inspección ou control periódico e reparación).
- d) **Tipo IV:** para a reparación de tacógrafos analóxicos.

e) **Tipo V:** para a verificación, calibración ou parametrización e inspección ou control periódico de tacógrafos.

Os centros técnicos dos tipo II, III e V, para a súa autorización, deben dispor no cadro de persoal, como mínimo, de dúas persoas: un responsable técnico e un técnico. Os centros técnico tipo IV deben dispor no cadro de persoal, como mínimo, dun técnico.

REQUISITOS DO PERSOAL QUE REALIZA AS INTERVENCIÓNS TÉCNICAS

Os **responsables técnicos** deben ter unha titulación mínima de técnico en electromecánica de vehículos automóbiles ou técnico en mantemento electromecánico ou técnico en electromecánica de maquinaria ou equivalentes, ou experiencia documentadas de cinco anos en tacógrafos, así como coñecementos de informática a nivel de usuario. Ademais, deberon superar un proceso de adestramento que inclúe a aplicación da lexislación vixente, as especificacións técnicas do tacógrafo e do sistema operativo.

Os **técnicos** deben ter unha certificación de profesionalidade en mantemento dos sistemas eléctricos e electrónicos de vehículos ou mantemento e montaxe mecánicas de equipamento industrial ou equivalentes, ou experiencia documentada de tres anos en tacógrafos, e deberon superar un proceso de adestramento que inclúa a aplicación da lexislación vixente e as especificacións técnicas do tacógrafo.

Os centros técnicos dos tipos II, III ou V deben asegurar o adestramento inicial e a súa actualización anual tanto do responsable ou dos responsables técnicos como dos técnicos na instalación, activación, verificación, calibración ou parametrización, e inspección ou control periódico de tacógrafos (procesos de adestramento tipo A). Os centros técnicos tipo IV deben asegurar o adestramento inicial e a súa actualización bienal dos técnicos en reparación de tacógrafos analóxicos (procesos de adestramento tipo B). Os procesos de adestramento e a súa actualización periódica realizaraos algún fabricante de tacógrafos ou calquera outra entidade que acredite o cumprimento dos requisitos establecidos neste real decreto.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA: Os responsables técnicos ou técnicos designados conforme o disposto no Real decreto 425/2005, do 15 de abril, ou na Orde IET/1071/2013, do 6 de xuño, con anterioridade á entrada en vigor do presente real decreto, estarán exentos de posuír as titulacións mínimas establecidas.

ENTRADA EN VIGOR : Este real decreto entrou en vigor aos tres meses da súa publicación no BOE (publicado o 25 de febreiro de 2017).

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

A formación establecida nos seguintes certificados de profesionalidade habilitan para exercer como técnico nos centros autorizados:

- **IMAQ0108 Mantemento e montaxe mecánico de equipo industrial.**
- **TMVG0209 Mantemento dos sistemas eléctricos e electrónicos de vehículos**

INSTALACIÓNS DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS

ÓRGANO COMPETENTE:

MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO

NORMATIVA

- ◆ **Real decreto 298/2021, do 27 de abril**, polo que se modifican diversas normas regulamentarias en materia de seguridade industrial.
- ◆ **Real decreto 513/2017, do 22 de maio**, polo que se aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incendios.

O obxecto deste regulamento é a determinación das condicións e os requisitos esixibles ao deseño, instalación/aplicación, mantemento e inspección dos equipos, sistemas e compoñentes que conforman as instalacións de protección activa contra incendios.

Estarán suxeitos ás disposicións deste Regulamento tanto as empresas instaladoras como as empresas mantedoras de instalacións de protección contra incendios.

PERSOAL CUALIFICADO

Os artigos 11 e 16 do presente Regulamento determinan que o persoal cualificado deberá poder acreditar ante a Administración competente:

- a) O cumprimento co establecido no Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, no caso de operarios cualificados para a instalación/mantemento de iluminación de emerxencia.
- b) O cumprimento co establecido no Regulamento (CE) nº517/2014, do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril do 2014, e o Real decreto 115/2017, do 17 de febreiro, polo que se regula a comercialización e manipulación de gases fluorados e equipos baseados neles, así como a certificación dos profesionais que os utilizan e polo que se

establecen os requisitos técnicos para as instalacións que desenvolven actividades que emitan gases fluorados, no caso de operarios cualificados para a instalación/mantemento de sistemas de extinción baseados en axentes gasosos fluorados¹⁷.

c) Unha das seguintes situacións, para os operarios cualificados para a instalación e /ou mantemento do resto de instalacións de protección contra incendios:

1º Dispor dun título universitario cuxo plan de estudos cubra as materias obxecto do presente Regulamento, para as que acredita a súa cualificación.

2º Dispor dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade, cuxo ámbito competencial cubra as materias obxecto do presente regulamento, para as que acredita a súa cualificación.

3º Posuír unha certificación outorgada pola entidade acreditada para a certificación de persoas, por ENAC ou calquera outro organismo nacional de acreditación designado de acordo ao establecido no Regulamento (CE) nº 765/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de xullo de 2008, polo que se establecen os requisitos de acreditación e vixilancia do mercado relativos á comercialización dos produtos e polo que se derroga o Regulamento (CEE) nº 339/93, de acordo coa norma UNE-EN ISO/IEC 17024.

4º Ter realizado, con aproveitamento, un curso de formación que inclúa os contidos mínimos que se indican no anexo IV deste regulamento, impartido por entidades habilitadas polo órgano competente en materia de industria da comunidade autónoma correspondente.

5º Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo co estipulado no Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, nas materias obxecto deste regulamento.

6º Ter recoñecida a cualificación profesional de operario cualificado para a instalación e/ou mantemento de protección contra incendios adquirida noutro ou noutros Estados membros da Unión Europea, de acordo co establecido no Real decreto 581/2017, do 9 de xuño, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/55/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de novembro de 2013, pola que se modifica a Directiva 2005/36/CE relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais e o Regulamento (UE) nº 1024/2012 relativo á cooperación administrativa a través do Sistema de información do mercado interior (Regulamento IMI).

¹⁷ Ver o apartado de Manipulación de equipamentos de protección contra incendios que empreguen gases fluorados como axente extintor, incluído dentro do apartado referido a **"Instalación, mantemento, revisión e manipulación de gases fluorados e equipamentos"**.

7º Os traballadores que presten ou prestasen servizos como persoal cualificado na instalación e/ou mantemento para cada un dos sistemas para os que solicita a habilitación durante ao menos 12 meses anteriores á entrada en vigor do presente regulamento, poderán solicitar certificación acreditativa da cualificación ante o órgano competente da comunidade autónoma onde residan.

TARXETA PROFESIONAL DA CONSTRUCCIÓN PARA O SECTOR DA MADEIRA E MOBLE

ÓRGANO COMPETENTE:

Fundación laboral da construción en coordinación coa Fundación laboral de madeira e moble

NORMATIVA

- ◆ Resolución do 27 de novembro de 2012, da Dirección Xeral de Emprego, pola que se rexistra e publica a modificación do Acordo sobre o Regulamento da Tarxeta Profesional da Construción para o sector da madeira e o moble.
- ◆ Resolución do 20 de decembro de 2011, da Dirección Xeral de Traballo, pola que se rexistra e publica o Acordo sobre o Regulamento da Tarxeta Profesional da Construción para o sector da madeira e o moble.

A Tarxeta Profesional da Construción para o sector da madeira e o moble é o documento expedido pola Fundación Laboral da Construción co obxectivo de acreditar, entre outros datos, a formación específica recibida do sector da madeira e o moble polo traballador en materia de prevención de riscos laborais naquelas actividades e sectores da madeira e o moble presentes en obras de construción. Igualmente, acredítase con ela o grupo profesional do traballador e os períodos de ocupación nas distintas empresas en que exerza a súa actividade.

A tarxeta caducará aos cinco anos da súa emisión, podendo renova-la se acredita os requisitos previstos no artigo 8 do Acordo sobre o Regulamento da Tarxeta Profesional da Construción para o sector da madeira e o moble.

As entidades que pretendan impartir formación en materia de prevención de riscos laborais regulada neste acordo deberán ser homologadas previamente pola Fundación Laboral da Construción nos termos que acorde a Fundación Laboral da Madeira e o Moble coa propia FLC.

A formación constará de diferentes niveis en materia de prevención de riscos laborais para as actividades e sectores da madeira e o moble que traballan en obras de construción:

- Formación inicial sobre os riscos do sector, e conterán os principios básicos e conceptos xerais sobre a materia; igualmente, deberán conseguir unha actitude de

interese pola seguridade e saúde que incentive o alumnado para iniciar os cursos de formación específica, de ser o caso.

- Formación específica: deberá transmitir coñecementos e normas específicas en relación co posto de traballo ou a familia profesional.
- Formación para directivos, responsables e técnicos de execución da actividade, mandos intermedios e delegados de prevención.

TITULACIÓN DE MERGULLO PROFESIONAL

ÓRGANO COMPETENTE:

CONSELLERÍA DO MAR

NORMATIVA

- ◆ Orde do 30 de marzo de 2001 pola que se establece o réxime de equivalencias e validacións das titulacións de mergullo profesional reguladas na Orde do 23 de abril de 1999 pola que se regula o exercicio do mergullo profesional na Comunidade Autónoma de Galicia
- ◆ Orde do 13 de xuño de 2001, pola que se modifica a do 23 de abril de 1999, pola que se regula o exercicio do mergullo profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ◆ Orde do 23 de abril de 1999 pola que se regula o exercicio do mergullo profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ◆ Decreto 152/1998, do 15 de maio, polo que se establecen as condicións para o exercicio do mergullo profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (Derogado artigo, 3, letra A).

Segundo a normativa anterior, as titulacións de mergullo profesional que se poden obter en Galicia son¹⁸:

- Iniciación ao mergullo profesional.
- Mergullador profesional de 2ª clase restrinxido.
- Mergullador profesional de 2ª clase.
- Mergullador profesional de 1ª clase.
- Mergullador instrutor profesional.
- Técnico en mergullo de media profundidade.

¹⁸ NOTA

As seguintes titulacións xa **non existen e só se renovan as tarxetas profesionais**:

- Escafandrista de pequena profundidade.
- Escafandrista de gran profundidade.
- Escafandrista instrutor.
- Operador de cámaras.

E tamén unha serie de especialidades subacuáticas profesionais:

- Instalacións e sistemas de mergullo.
- Reparacións en flotación e salvamento de buques.
- Corte e soldadura subacuáticas.
- Obras hidráulicas.
- Explosivos subacuáticos.
- Salvamento e rescate subacuáticos.
- Inspección subacuática e ensaios non destrutivos.
- Mergullo en ambientes hiperbáricos e subacuáticos especiais e contaminados.
- Mostraxe e inspección biolóxica.

Para optar a unha titulación ou especialidade de mergullo profesional, é necesario reunir as condicións físicas e psíquicas requiridas para poder inscribirse e realizar un curso de formación.

Os requisitos necesarios son:

- ☒ Ter cumpridos dezaioito anos de idade (no caso de iniciación ao mergullo, ter 16 anos cumpridos e posuír autorización do pai, nai ou titor acreditada documentalmente).
- ☒ Ter o ensino académico obrigatorio.
- ☒ Superar o exame médico de aptitude para o mergullo profesional. O certificado médico acreditativo de ter superado este exame pode ser substituído polo recoñecemento médico anual en vigor anotado no libro diario de mergullo.
- ☒ Superar a avaliación psicolóxica de aptitude para o mergullo profesional. Esta proba non será necesaria se o solicitante está en posesión doutra tarxeta de mergullo profesional en vigor, debendo acreditalo coa propia tarxeta ou co libro diario de mergullo.
- ☒ Aquelas específicas establecidas na táboa seguinte:

TITULACIÓN	REQUISITOS ESPECÍFICOS PARA OBTENER LA TITULACIÓN
Iniciación ao mergullo profesional	Ter realizado o curso de primeiros auxilios para mergulladores profesionais (nivel I).
Mergullador profesional de 2ª clase restrinxido	Estar en posesión do título de iniciación ao mergullo profesional. Ter realizado o curso de primeiros auxilios para mergulladores profesionais (nivel I).
Mergullador profesional de 2ª clase	Posuír o título de mergullador profesional de 2ª clase restrinxido. Ter realizado o curso de primeiros auxilios para mergulladores profesionais (nivel I).
Mergullador profesional de 1ª clase	Ter o título de mergullador profesional de 2ª clase por un período mínimo de dous anos, ou ben estar en posesión do título profesional de técnico en mergullo a media profundidade por un período mínimo dun ano. Presentar o diario de mergullo profesional correctamente cuberto, tendo realizado 3.000 minutos de tempo baixo a auga, dos cales 600 minutos serán realizados a máis de 20 metros de profundidade e 300 a máis de 30 metros de profundidade. Ter realizado o curso de primeiros auxilios para mergulladores profesionais de nivel I e II.
Instrutor de mergullo profesional	Estar en posesión do título de mergullador profesional de 1ª clase por un período de polo menos dous anos. Acreditar 400 horas de docencia en cursos de mergullo profesional, dos regulados nesta norma, por medio de certificado/s emitido/s pola entidade responsable da súa organización, xustificados documentalmente. Acreditar a realización dos cursos de primeiros auxilios para mergulladores profesionais de nivel I e II.
Técnico en mergullo de media profundidade	Ter cumpridos dezoito anos de idade. Acreditar que se ten o título académico de técnico en mergullo a media profundidade. Certificado médico que acredite ter superado o exame médico de aptitude para a práctica do mergullo profesional. Ter realizado o curso de primeiros auxilios para mergulladores profesionais (nivel I).
Especialidades subacuáticas	Estar en posesión do título de mergullador profesional de 2ª clase por un período mínimo dun ano, ou ben estar en posesión do título profesional de técnico de mergullo a media profundidade. Ter realizado o curso de primeiros auxilios para mergulladores profesionais (nivel I).

A realización por mergulladores profesionais de intervencións hiperbáricas e subacuáticas de carácter laboral, profesional e científica en augas marítimas pertencentes a Galicia, deberán de ser autorizadas pola Consellería do Mar.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Están pendentes de publicarse novos certificados de profesionalidade derivados das seguintes cualificacións relacionadas coa actividade de mergullo:

- **MAP009 Operacións en instalacións e plantas hiperbáricas.**
- **MAP010 Operacións subacuáticas de reparación a flote e reflotación.**
- **MAP011 Operacións subacuáticas de obra hidráulica e voadura.**
- **MAP406 Operacións subacuáticas de salvamento e rescate.**
- **MAP497 Inspección, localización e ensaios non destrutivos en ambientes hiperbáricos.**
- **MAP498 Intervencións subacuáticas no patrimonio natural e cultural somerxido.**
- **MAP499 Supervisión de operacións en complexos e sistemas hiperbáricos.**

A maior parte delas están relacionadas coas chamadas **especialidades subacuáticas profesionais**. Inclúen un módulo de primeiros auxilios (MF0272) de 60 horas. Na actividade de mergullo están recoñecidas como profesións reguladas a nivel europeo as seguintes: mergullador instrutor, mergullador de 1ª clase, mergullador de 2ª clase, mergullador de 2ª clase restrinxido e monitor de iniciación ao mergullo.

EXTRACCIÓN DE RECURSOS PESQUEIROS CON TÉCNICAS DE MERGULLO

ÓRGANO COMPETENTE:

CONSELLERÍA DO MAR

NORMATIVA

- ◆ Orde do 1 de outubro de 2008, pola que se regula o procedemento de obtención da certificación profesional para a extracción de recursos con técnicas de mergullo na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ◆ Decreto 64/2008, do 27 de marzo, polo que se regula a certificación profesional para a extracción de recursos específicos con técnicas de mergullo na Comunidade Autónoma de Galicia.

- ◆ Orde do 23 de abril de 1999 pola que se regula o exercicio do mergullo profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (modificada pola Orde do 13 de xuño de 2001).
- ◆ Decreto 152/1998, do 15 de maio, polo que se establecen as condicións para o exercicio do mergullo profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. (Derogado artigo, 3, letra A).

CONDICIÓNS E REQUISITOS PARA OBTENIR A CERTIFICACIÓN DE RECOLECTOR/A DE RECURSOS ESPECÍFICOS CON TÉCNICAS DE MERGULLO

- ☒ Ter cumpridos os 18 anos de idade.
- ☒ Ter rematada a ensinanza académica obrigatoria.
- ☒ Superar as probas médicas de aptitude ao mergullo profesional segundo o establecido no anexo IV da Orde do 23 de abril do 1999.
- ☒ Superar o curso de formación regulado na Orde de 1 de outubro do 2008.

Os aspirantes que obteñen unha avaliación positiva do curso poderán solicitar a súa acreditación persoal coa expedición da tarxeta profesional.

VALIDACIÓNS

1. Os que estean en posesión das dúas certificacións profesionais de recolector/a en apnea e de recolector/a submarino poderán solicitar a súa validación directa pola certificación profesional de recolector/a de recursos específicos con técnicas de mergullo.
2. Os titulares dunha das certificacións profesionais reguladas ao abeiro da normativa anterior, Orde do 17 de outubro de 2000 (derogada), que desexen realizar o curso de recolector/a de recursos específicos con técnicas de mergullo, poderán solicitar á Consellería do Mar a exención dos módulos aprobados e a realización dos pendentes, segundo o programa formativo do anexo IV da orde do 1 de outubro de 2008.
3. Os mergulladores/as que estean en posesión dunha tarxeta de mergullo profesional e dun certificado de mariscador/a poderán solicitar a súa validación polo certificado de mariscador/a a mergullo e a posterior emisión da tarxeta de recolector/a de recursos específicos con técnicas de mergullo.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Actualmente está publicado un certificado de profesionalidade que fai referencia a esta actividade, aínda que non serviría para obter a habilitación profesional:

- **MAPB0112 Actividades subacuáticas para instalacións acuícolas e recolección de recursos.**

MARISCADOR A PÉ E DE RECURSOS ESPECÍFICOS

ÓRGANO COMPETENTE:

DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO- CONSELLERÍA DO MAR

NORMATIVA

- ◆ Orde do 8 de novembro de 2000 pola que se regula a obtención dos certificados de cualificación necesarios para optar aos permisos de explotación de mariscador a pé e de recursos específicos.

A Consellería do Mar, baseándose na Orde do 8 de novembro de 2000, regula a obtención dos certificados de cualificación para o exercicio do marisqueo a pé (certificado de mariscador), da extracción de percebe (certificado de percebeiro) e da extracción de recursos mariños mediante técnicas de mergullo (certificado de mariscador a mergullo). Para obter estes certificados, os aspirantes deberán asistir a un curso de formación de 40 horas lectivas impartido pola consellería e superar a correspondente proba de avaliación. Os aspirantes a participar nos cursos deberán acreditar documentalmente os seguintes requisitos: maior de 16 anos e ter rematada a escolarización obrigatoria.

Os aspirantes ao certificado de mariscador a mergullo deberán acreditar unicamente estar en posesión dunha titulación de mergullo profesional.

NOTA: Os recolectores de apnea ou submarinos que teñan a súa certificación profesional obtida consonte o Decreto 210/2000, do 21 de xullo, están exentos de realizar o curso de certificado de mariscador a mergullo para a súa obtención.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Cómpre salientar a existencia dun certificado de profesionalidade publicado, que fai referencia aos mariscadores a pé, concretamente aos percebeiros:

MAPN0112 Actividades de extracción e recollida de crustáceos adheridos ás rochas.

Por outra banda, contamos coa publicación dun certificado referido á recolección de recursos mediante técnicas de mergullo:

MAPB0112 Actividades subacuáticas para instalacións acuícolas e recolección de recursos.

Esta non é unha profesión regulada a nivel europeo.

ÓRGANO COMPETENTE:**CONSELLERÍA DO MAR****NORMATIVA**

- ◆ Real decreto 449/2020, de 10 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 36/2014, polo que se regulan os títulos profesionais do sector pesqueiro, co fin de modernizar os seus requisitos e efectos.
- ◆ Orde APM/243/2018, do 7 de marzo, polo que se desenvolve o Real decreto 36/2014, do 24 de xaneiro, polo que se regulan os títulos profesionais do sector pesqueiro.
- ◆ Orde do 31 de xullo de 2014 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a obtención das titulacións de mariñeiro/a pescador/a, patrón/patroa local de pesca e patrón/patroa costeiro/a polivalente na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ◆ Real decreto 36/2014, do 24 de xaneiro, polo que se regulan os títulos profesionais do sector pesqueiro.

O real decreto 36/2014 ten por obxecto regular as condicións básicas de obtención dos títulos profesionais requiridos para o exercicio de funcións a bordo dos buques de pesca españois, e as atribucións de cada un dos ditos títulos en buques pesqueiros. Esta normativa dítase en cumprimento das disposicións contidas no **Convenio internacional sobre normas de formación**, titulación e garda para o persoal dos buques pesqueiros.

As peculiaridades da costa galega que demandan unha maior atención en materia de seguridade, aconsellan acometer unha reforma da normativa autonómica para establecer unhas novas bases e regular o procedemento para a obtención dos títulos de mariñeiro pescador, patrón local de pesca e patrón costeiro polivalente na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Orde APM/243/2018 ten por obxecto desenvolver o disposto no citado real decreto. Aplicarase a toda persoa debidamente provista ou que desexe obter un título profesional náutico pesqueiro.

CAPITÁN DE PESCA**Requisitos:**

-Estar en posesión do título de patrón de altura ou do título de patrón de pesca de altura.

- Dispor dun impreso oficial, expedido por un centro de recoñecemento de condutores (CRC), no que se certifique a aptitude psicofísica de acordo cos requisitos exixidos para a expedición do permiso ordinario de conducir. (Este impreso non é necesario se dispón do certificado médico recollido no artigo 13 deste real decreto).
- Ter cumpridos 600 días de embarque como capitán ou oficial de ponte en buques de pesca de eslora superior a 18 metros; 300 destes días deben terse realizado, tras a obtención do título de patrón de altura ou patrón de pesca de altura.
- Ter aprobado o exame correspondente.

NOTA: Profesionais da mariña mercante

A orde APM/243/2018 establece no seu art.10.3 que os capitáns e pilotos da marina mercante, para poderen exercer o mando de buques de pesca, deberán obter o título de capitán de pesca. Os requisitos para a obtención do citado título son:

- a) Ter superado o exame previsto no art. 2 da citada orde.
- b) Ter cumprido 300 días de embarque como primeiro oficial ou oficial de ponte en buques de pesca de eslora superior a 18 metros; ao menos 100 destes días deben terse realizado, tras a superación do exame previsto na alínea a), a bordo de buques de pesca de calquera país membro do Espazo Económico Europeo, ou que a propiedade dos buques pertenza, ao menos nun 34%, a persoas físicas ou xurídicas de nacionalidade española.

Ademais, os capitáns e pilotos da mariña mercante española que desexen ocupar prazas en buques pesqueiros deberán inscribirse no Rexistro de Profesionais do Sector Pesqueiro (art. 10.1).

PATRÓN DE ALTURA

Requisitos:

- Ter cumpridos 20 anos de idade.
- Dispor dun impreso oficial, expedido por un centro de recoñecemento de condutores (CRC), no que se certifique a aptitude psicofísica de acordo cos requisitos exixidos para a expedición do permiso ordinario de conducir. (Este impreso non é necesario se dispón do certificado médico recollido no artigo 13 deste real decreto).
- Estar en posesión do título académico de técnico superior en Transporte Marítimo e Pesca de Altura, establecido no RD 1691/2011, do 18 de novembro, polo que se

establece o título de técnico superior en Transporte Marítimo de Pesca de Altura e se fixan as súas ensinanzas mínimas, para a obtención do cal é necesario ter aprobado un exame que inclúa os coñecementos mínimos requiridos no apéndice da regra II/1 do Convenio STCW-F.

- Ter prestado servizo na sección ponte de buques pesqueiros de eslora non inferior a 12 metros, durante un período de embarque de polo menos dous anos, dos cales polo menos 6 meses deberán ter sido con posterioridade á celebración do exame citado no parágrafo anterior. Este período de embarque poderá ser substituído por outro de duración non inferior a 12 meses, como alumno ou mariñeiro, realizando polo menos 6 meses en actividades da garda de navegación, como parte dun programa de formación conforme os requisitos da sección A-II/1 do Código STCW, sempre que este feito conste nun libro de rexistro da formación aprobado de acordo co Convenio de formación de 1978.

NOTA: A disposición adicional cuarta deste real decreto fai referencia aos títulos pesqueiros de ponte obtidos de conformidade coa lexislación anterior á publicación do Real decreto 930/1998. Para estes casos, determina que o *patrón de pesca de altura* pasará a denominarse patrón de altura, e terá, nos buques pesqueiros, as atribucións inherentes á nova denominación desde o momento en que entre en vigor este real decreto.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Hai unha cualificación profesional publicada que fai referencia a esta profesión: **MAP234 Navegación, transporte marítimo e actividades pesqueiras (nivel 3)**-Patrón de altura. En calquera caso, esta formación non habilitaría para traballar, xa que son requiridos os citados títulos académicos.

Estas son profesións reguladas a nivel europeo.

PATRÓN DE LITORAL

Requisitos:

- Ter cumpridos 18 anos.
- Dispor dun impreso oficial, expedido por un centro de recoñecemento de condutores (CRC), no que se certifique a aptitude psicofísica de acordo cos

requisitos exixidos para a expedición do permiso ordinario de conducir. (Este impreso non é necesario se dispón do certificado médico recollido no artigo 13 deste real decreto).

- Estar en posesión do título académico de técnico en Navegación e Pesca de Litoral, establecido no Real decreto 1444/2012, do 27 de xullo, polo que se establece o título de técnico en Navegación e Pesca de Litoral e se fixan as súas ensinanzas mínimas, para a obtención do cal é necesario ter aprobado un exame que inclúa os coñecementos mínimos requiridos no apéndice da Regra II/1 do anexo ao Convenio STCW-F.

- Ter prestado servizo na sección ponte de buques pesqueiros de eslora non inferior a 12 metros durante un período de embarque de polo menos dous anos, dos cales polo menos 6 meses deberán ter sido realizados con posterioridade á celebración do exame citado no parágrafo anterior. Este período de embarque poderá ser substituído por outro de duración non inferior a 12 meses, como alumno ou mariñeiro, realizando polo menos 6 meses en actividades da garda de navegación, como parte dun programa de formación de conformidade cos requisitos da sección A-II/1 do Código STCW, sempre que este feito conste nun libro de rexistro da formación aprobado de acordo co Convenio de formación de 1978.

NOTA: A disposición adicional cuarta deste real decreto fai referencia aos títulos pesqueiros de ponte obtidos de conformidade coa lexislación anterior á publicación do Real decreto 930/1998. Para estes casos, determina que o *patrón de primeira clase de pesca litoral* pasará a denominarse patrón de litoral, e terá, nos buques pesqueiros, as atribucións inherentes á nova denominación desde o momento en que entre en vigor este real decreto.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Hai unha cualificación publicada que fai referencia a esta profesión: **MAP591 Navegación e pesca marítima (nivel 2)** -Patrón de litoral. En calquera caso, *esta formación non habilitaría para traballar*, xa que son requiridos os citados títulos académicos.

Estas son profesións reguladas a nivel europeo.

Requisitos:

- Ter cumpridos 18 anos.
- Dispor dun impreso oficial, expedido por un centro de recoñecemento de condutores (CRC), no que se certifique a aptitude psicofísica de acordo cos requisitos exixidos para a expedición do permiso ordinario de conducir. (Este impreso non é necesario se dispón do certificado médico recollido no artigo 13 deste real decreto).
- Ter superado un exame que inclúa, polo menos, as materias establecidas no anexo I deste real decreto, no que se recollen os coñecementos mínimos requiridos na regra II/3 do anexo ao convenio.
- Ter prestado servizo na sección ponte de buques pesqueiros de eslora non inferior a 12 metros, durante un período de embarque de polo menos dous anos. Para o cómputo do período de embarque de dous anos previsto neste apartado, aceptaranse ata dezoito meses de días de embarque realizados con anterioridade á realización do exame previsto no terceiro requisito exposto; o resto do embarque debe ser realizado, en todo caso, con posterioridade á superación do citado exame.
- Realizar un período de embarque de 6 meses no servizo de máquinas dun buque civil.

TITULACIÓNS E CONTIDOS FORMATIVOS (SEGUNDO A NORMATIVA AUTONÓMICA)

O alumnado deberá realizar satisfactoriamente un curso de formación sobre os coñecementos teóricos- prácticos establecidos no anexo V da orde do 31 de xullo de 2014 e superar o exame teórico-práctico establecido para o efecto.

A duración do curso non será inferior a 600 horas lectivas, das cales 350 horas corresponderán á sección de ponte e 250 horas á sección de máquinas.

Para o acceso ao curso de patrón costeiro polivalente, o alumnado deberá reunir os seguintes requisitos:

- Ter feitos os dezoito anos de idade.
- Estar en posesión do título de mariñeiro pescador.

- Estar en posesión do certificado de nivel 1 de ensinanzas básicas iniciais ou certificado equivalente, ou ben estar en posesión da tarxeta profesional de patrón local de pesca.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Hai publicado un certificado, **MAPN0410 Operacións en transporte marítimo e pesca de baixura** (nivel 2), que recolle a formación relacionada coa ocupación de patrón costeiro polivalente e co patrón local de pesca. O número de horas é de 630 (inclúe 40 horas de prácticas).

Especifícase nel que, para exercer a actividade profesional de mariñeiro en buques de pesca, cómpre estar en posesión da tarxeta profesional de mariñeiro-pescador e do certificado de especialidade de formación básica segundo a Orde FOM 2296/2002, do 4 de setembro.

Ata o de agora, a formación de certificados non habilitaría para traballar, xa que eran requiridas as titulacións expedidas polo órgano competente. A disposición adicional sétima do Real decreto 36/2014 establece a posibilidade de que o título de patrón costeiro polivalente se poida obter mediante a validación dos correspondentes certificados de profesionalidade polo órgano competente en materia de titulacións pesqueiras da comunidade autónoma.

Unha vez aprobada a validación dun certificado de profesionalidade, a comunidade autónoma expedirá o correspondente título. Para poder efectuar a validación citada, será necesario que o solicitante supere un exame, nun centro acreditado pola comunidade autónoma ou polo Servizo Público de Emprego estatal, que inclúa as materias sinaladas no anexo I.

Para obter o título profesional, ademais dos coñecementos anteriormente citados, o alumnado deberá acreditar o cumprimento do período de embarque establecido no artigo 8 deste real decreto.

Esta é unha profesión regulada a nivel europeo.

PATRÓN LOCAL DE PESCA

Requisitos:

- Ter cumpridos 18 anos de idade.

- Dispor dun impreso oficial, expedido por un centro de recoñecemento de condutores (CRC), no que se certifique a aptitude psicofísica de acordo cos requisitos exixidos para a expedición do permiso ordinario de conducir. (Este impreso non é necesario se dispón do certificado médico recollido no artigo 13 deste real decreto).
- Ter superado un exame que inclúa, polo menos, as materias previstas no anexo II deste real decreto.
- Ter prestado servizo en buques pesqueiros ou auxiliares de pesca ou acuicultura durante o período de dezoito meses, dentro do cal polo menos seis meses deberán ser realizados na sección de ponte de buques pesqueiros con posterioridade á superación da proba de aptitude. Os doce meses restantes poderán realizarse con anterioridade á realización da citada proba, debendo cumprirse polo menos seis deles na garda de máquinas.

TITULACIÓNS E CONTIDOS FORMATIVOS (SEGUNDO A NORMATIVA AUTONÓMICA)

O alumnado deberá realizar satisfactoriamente un curso de formación sobre os coñecementos teóricos- prácticos establecidos no anexo IV da orde do 31 de xullo de 2014 e superar o exame teórico-práctico establecido para o efecto.

A duración do curso non será inferior a 250 horas lectivas, das cales 130 horas corresponderán á sección de ponte e común e 120 horas á sección de máquinas.

Para o acceso ao curso de patrón local de pesca, o alumnado deberá reunir os seguintes requisitos:

- Ter feitos os dezoito anos de idade.
- Estar en posesión do título de mariñeiro pescador.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Hai publicado un certificado, **MAPN0111 Pesca local** (nivel 2), que recolle a formación relacionada coa ocupación de patrón local de pesca. O número de horas é de 390 (inclúe 40 horas de prácticas).

Nel especificase que, para exercer a actividade profesional de mariñeiro en buques de pesca, cómpre ter a tarxeta profesional de mariñeiro-pescador e o certificado de

especialidade de formación básica segundo a Orde FOM 2296/2002, do 4 de setembro.

Ata o de agora, a formación de certificados non habilitaría para traballar, xa que eran requiridas as titulacións expedidas polo órgano competente. A disposición adicional sétima do Real decreto 36/2014 establece a posibilidade de que o título de patrón local de pesca se poida obter mediante a validación dos correspondentes certificados de profesionalidade polo órgano competente en materia de titulacións pesqueiras da comunidade autónoma. Unha vez aprobada a validación dun certificado de profesionalidade, a comunidade autónoma expedirá o correspondente título. Para poder efectuar a validación citada, será necesario que o solicitante supere un exame, nun centro acreditado pola comunidade autónoma ou polo Servizo Público de Emprego estatal, que inclúa as materias sinaladas no anexo II. Para obter o título profesional, ademais dos coñecementos anteriormente citados, o alumnado deberá acreditar o cumprimento do período de embarque establecido no artigo 9 deste real decreto.

MARIÑEIRO- PESCADOR

Con carácter xeral, a posesión do título de mariñeiro pescador é obrigatorio para poder exercer como mariñeiro, tanto na máquina como na cuberta, dun buque de pesca.

Requisitos:

- Ter cumpridos 16 anos de idade.
- Estar en posesión dun certificado, expedido por un centro docente autorizado pola autoridade pesqueira, que acredite ter superado satisfactoriamente o curso de mariñeiro pescador ou unha proba de aptitude sobre os coñecementos teórico-prácticos cuxo contido mínimo se establece no anexo III desta norma.

TITULACIÓNS E CONTIDOS FORMATIVOS (SEGUNDO A NORMATIVA AUTONÓMICA)

O alumnado deberá realizar satisfactoriamente un curso de formación sobre os coñecementos teóricos- prácticos establecidos no anexo III da orde do 31 de xullo de 2014, superar a proba de natación e aprobar o exame teórico-práctico establecido para o efecto.

A duración do curso non será inferior a 50 horas lectivas, das cales 35 serán de coñecementos teóricos e 15 de contidos prácticos.

Para o acceso ao curso mariñeiro pescador, o alumnado deberá reunir os seguintes requisitos:

- Ter feitos os dezaseis anos de idade.
- Declaración responsable de posuír aptitude para realizar unha proba de natación previa á realización do exame de coñecementos teórico-prácticos.
- Acreditar unha formación mínima mediante calquera dos seguintes medios:
 - x Certificación expedida pola consellería con competencias en materia educativa ou por unha Administración educativa equivalente do Estado de ter superado o nivel 1 de ensinanzas básicas iniciais ou certificado equivalente.
 - x Certificado de ter superado un curso de alfabetización en calquera das linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido por unha entidade pública ou privada.
 - x Declaración responsable da persoa solicitante de ter coñecementos básicos de lectoescritura en calquera das linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia segundo o modelo publicado no portal web de formación da consellería con competencias en materia pesqueira.

No caso de achegar este último documento, a entidade organizadora poderá comprobar que se cumpren os aspectos da declaración mediante unha proba de lecto-escritura. De non superar a dita proba, o/a alumno/a será dado de baixa do curso.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Existe unha unidade de competencia, a **UC0010_1 “Contribuír ás operacións básicas de cuberta nunha embarcación pesqueira”**, relacionada coa formación requirida para obter este título, asociada a un módulo formativo de 30 horas. En marzo de 2014 estarían publicados os seguintes certificados de profesionalidade que conteñen a antedita unidade:

- **MAPN0110** Actividades en pesca con artes de enmalle e marisqueo, e en transporte marítimo.
- **MAPN0210** Actividades en pesca en palangre, arrastre e cerco, e en transporte marítimo.
- **MAPN0211** Operacións de coordinación en cuberta e parque de pesca.

- **MAPN0710** Observación da actividade e control das capturas dun buque pesqueiro.
- **MAPN0310** Amarre de porto e monoboias¹⁹.
- **MAPN0610** Documentación pesqueira.
- **MAPN0112** Actividades de extracción e recollida de crustáceos adheridos ás rochas.
- **MAPN0312** Manipulación e conservación en pesca e acuicultura.
- **MAPN0612** Mantemento dos equipos dun parque de pesca e da instalación frigorífica.

Aínda que o número de horas formativas desta unidade resultaría insuficiente, ao requirirse un total de 50 horas (35 teóricas e 15 prácticas), o certo é que algúns destes certificados especifican dentro das vinculacións profesionais que "garanten o nivel de coñecementos necesarios para obter a tarxeta profesional de mariñeiro pescador". Tal é o caso dos MAPN0110, MAPN0210, MAPN0211, MAPN0112, MAPN0312, MAPN0612 e MAPN0710.

Ata o de agora, a formación de certificados non habilitaría para traballar, xa que eran requiridas as titulacións expedidas polo órgano competente. A disposición adicional sétima do Real decreto 36/2014 establece a posibilidade de que o título de mariñeiro pescador se poida obter mediante a validación dos correspondentes certificados de profesionalidade polo órgano competente en materia de titulacións pesqueiras da comunidade autónoma. Unha vez aprobada a validación dun certificado de profesionalidade, a comunidade autónoma expedirá o correspondente título. Para poder efectuar a validación citada, será necesario que o solicitante superase un exame, nun centro acreditado pola comunidade autónoma ou polo Servizo Público de Emprego estatal, que inclúa as materias sinaladas no anexo III.

MECÁNICO MAIOR NAVAL

Requisitos:

- Ter cumpridos 20 anos de idade.
- Dispor dun impreso oficial, expedido por un centro de recoñecemento de condutores (CRC), no que se certifique a aptitude psicofísica de acordo cos requisitos exixidos para a expedición do permiso ordinario de conducir. (Este impreso

¹⁹ O Real decreto 1587/2012, do 23 de novembro, establece no artigo 2 que se elimina a UC0010_1 da cualificación "Amarre de porto e monoboias". Suponse que esta situación se trasladará ao certificado de profesionalidade MAPN0310, que verá diminuídas as súas UC.

non é necesario se dispón do certificado médico recollido no artigo 13 deste real decreto).

- Estar en posesión do título académico de técnico superior en organización do mantemento de maquinaria de buques e embarcacións, establecido no Real decreto 1075/2012, do 13 de xullo, polo que se establece o título de técnico superior en organización do mantemento de maquinaria de buques e embarcacións e se fixan as súas ensinanzas mínimas, para a obtención do cal é necesario ter superado exames que inclúan as materias sinaladas no apéndice da regra II/5 do anexo ao convenio.
- Ter participado nun curso de loita contra incendios. Para estes efectos, e para buques pesqueiros de eslora inferior ou igual a 50 metros, considerárase suficiente coa superación do módulo teórico-práctico de loita contra incendios necesario para obter o certificado de formación básica, establecido no artigo 5 da Orde FOM/2296/2002, do 4 de setembro, pola que se regulan os programas de formación dos títulos profesionais de mariñeiros de ponte e de patrón portuario, así como os certificados de especialidade acreditativos da competencia profesional.
- Ter prestado servizo na cámara de máquinas dun buque civil, en calidade de alumno ou mariñeiro, durante un período de embarque non inferior a 12 meses, dos cales polo menos seis meses fosen desempeñando actividades de garda de máquinas.

NOTA: A disposición adicional quinta deste real decreto fai referencia aos títulos pesqueiros de máquinas obtidos de conformidade coa lexislación anterior á publicación do Real decreto 930/1998. Para estes casos, determina que o *mecánico naval maior* pasará a denominarse mecánico maior naval e terá, nos buques pesqueiros, as atribucións inherentes á nova denominación desde o momento en que entre en vigor este real decreto.

Todas as categorías de mecánico naval están recoñecidas como profesións reguladas a nivel europeo.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Hai unha cualificación publicada que fai referencia a esta profesión:

- MAP594 Control do funcionamento e supervisión do mantemento da planta propulsora, máquinas e equipamentos auxiliares do buque, que fai referencia a mecánico maior naval. Non conta con certificado de profesionalidade publicado.

Requisitos:

- Ter cumpridos 18 anos de idade.
- Dispor dun impreso oficial, expedido por un centro de recoñecemento de condutores (CRC), no que se certifique a aptitude psicofísica de acordo cos requisitos exixidos para a expedición do permiso ordinario de conducir. (Este impreso non é necesario se dispón do certificado médico recollido no artigo 13 deste real decreto).
- Estar en posesión do título académico de técnico en mantemento e control da maquinaria de buques e embarcacións, establecido no Real decreto 1072/2012, do 13 de xullo, polo que se establece o título de técnico en mantemento e control da maquinaria de buques e embarcacións e se fixan as ensinanzas mínimas, para a obtención do cal cómpre ter superado exames que inclúan as materias sinaladas no apéndice da regra II/5 do anexo ao Convenio STCW-F.
- Ter participado nun curso de loita contra incendios. Para estes efectos, e para buques pesqueiros de eslora inferior ou igual a 50 metros, considerarase suficiente coa superación do módulo teórico-práctico de loita contra incendios necesario para obter o certificado de formación básica establecido no punto 4 do anexo I da Orde FOM/2296/2002, do 4 de setembro.
- Ter prestado servizo na cámara de máquinas dun buque civil, durante un período de embarque no inferior a 12 meses, dos cales polo menos 6 meses fosen desempeñando actividades de garda de máquinas.

NOTA: A disposición adicional quinta deste real decreto fai referencia aos títulos pesqueiros de máquinas obtidos de conformidade coa lexislación anterior á publicación do Real decreto 930/1998. Para estes casos, determina que o *mecánico naval de primeira clase* pasará a denominarse mecánico naval, e terá, nos buques pesqueiros, as atribucións inherentes á nova denominación desde o momento en que entre en vigor este real decreto.

Os posuidores do título de *mecánico naval de segunda clase* poderán obter o título de mecánico naval se acreditan ter navegado exercendo de oficial de máquinas en buques civís de potencia entre 500 e 3.000 kW, durante un período non inferior a 24 meses, con posterioridade á obtención do título de mecánico naval de segunda clase. Mentres non obteñan o citado título, poderán exercer como xefes de máquinas en buques de ata 550 kW, como primeiros oficiais de

máquinas en buques de ata 750 kW e como oficiais de máquinas en calquera buque de pesca.

Todas as categorías de mecánico naval están recoñecidas como profesións reguladas a nivel europeo.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Hai unha cualificación publicada que fai referencia a esta profesión:

- MAP592 Operación de control do funcionamento e mantemento da planta propulsora, máquinas e equipos auxiliares do buque, que fai referencia a mecánico naval. Non conta con certificado de profesionalidade publicado.

TÍTULOS OBTIDOS ANTES DO REAL DECRETO 662/1997: Patrón de segunda clase de pesca litoral, patrón de pesca local e mecánico de litoral

A disposición adicional sexta do real decreto fai referencia aos **títulos menores de ponte e máquinas** obtidos de acordo coa lexislación anterior á publicación do Real decreto 662/1997.

- Os posuidores dos títulos de patrón de segunda clase de pesca litoral, patrón de pesca local e mecánico de litoral manterán as atribucións que lles confería a normativa anterior á publicación deste real decreto.
- Os posuidores dos títulos citados no apartado anterior poderán solicitar a expedición de títulos establecidos neste real decreto nas seguintes condicións:
 - x Os que posúan os títulos de patrón de pesca local e mecánico de litoral poderán obter directamente o título de patrón local de pesca. Se non dispoñen do título de mecánico de litoral, pero contan co título de motorista naval e acreditan cinco anos de navegación, dos cales polo menos dous se realizaron exercendo esta última titulación, poderán solicitar igualmente o troco.
 - x Quen posúa os títulos de patrón de segunda clase de pesca litoral e de mecánico naval de segunda clase poderá obter directamente o título de patrón costeiro polivalente.

- Aos posuidores de títulos náutico-pesqueiros citados nos apartados 1 e 2 desta disposición adicional que desexen cursar estudos para obter os títulos de patrón costeiro polivalente ou de patrón local de pesca seranlles **validados os seguintes módulos profesionais**:

- x A quen teña o título de patrón de pesca local validaráselle todos os módulos, agás o de máquinas, da titulación de patrón local de pesca.
- x A quen estea en posesión do título de mecánico de litoral validaráselle o módulo de máquinas da titulación de patrón local de pesca.
- x A quen posúa o título de motorista naval e acredite cinco anos de navegación, dos cales polo menos dous se realizaron exercendo a dita titulación, validaráselles o módulo de máquinas da situación de patrón local de pesca.
- x A quen teña o título de patrón de segunda clase de pesca litoral validaráselle todos os módulos agás o de máquinas do título de patrón costeiro polivalente.
- x A quen posúa o título de mecánico naval de segunda clase validaráselle o módulo de máquinas do título de patrón costeiro polivalente.

TITULACIÓNS PROFESIONAIS DA MARIÑA MERCANTE

ÓRGANO COMPETENTE:

DIRECCIÓN XERAL DA MARIÑA MERCANTE, DEPENDENTE DA SECRETARÍA XERAL DE TRANSPORTE DO MINISTERIO DE FOMENTO

NORMATIVA

- ◆ Real decreto 938/2014, do 7 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 973/2009, do 12 de xuño, polo que se regulan as titulacións profesionais da mariña mercante.
- ◆ Real decreto 80/2014, do 7 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 973/2009, de 12 do xuño, polo que se regulan as titulacións profesionais da mariña mercante.
- ◆ Real decreto 973/2009, do 12 de xuño, polo que se regulan as titulacións profesionais da mariña mercante.

Segundo o estipulado no citado real decreto, os títulos profesionais da mariña mercante serán os seguintes:

SECCIÓN DE PONTE OU CUBERTA

- ◆ Capitán da mariña mercante.
- ◆ Piloto de primeira da mariña mercante.
- ◆ Piloto de segunda da mariña mercante.
- ◆ Patrón de altura.
- ◆ Patrón de litoral.
- ◆ Patrón portuario.

SECCIÓN DE MÁQUINAS

- ◆ Xefe de máquinas da mariña mercante.
- ◆ Oficial de máquinas de primeira da mariña mercante.
- ◆ Oficial de máquinas de segunda da mariña mercante.
- ◆ Oficial electrotécnico da mariña mercante
- ◆ Mecánico maior naval.
- ◆ Mecánico naval.

SECCIÓN DE RADIOCOMUNICACIÓN

- ◆ Oficial radioelectrónico de primeira da mariña mercante.
- ◆ Oficial radioelectrónico de segunda da mariña mercante.
- ◆ Operador xeral do Sistema Mundial de Socorro e Seguridade Marítima (SMSSM)
- ◆ Operador restrinxido do Sistema Mundial de Socorro e Seguridade Marítima (SMSSM)

Ademais desta nova relación de títulos profesionais da mariña mercante por seccións, o máis significativo é a inclusión como titulacións profesionais dos antigos certificados de especialidade de operador xeral e restrinxido do Sistema Mundial de Socorro e Seguridade Marítima (SMSSM), e a **desaparición como titulacións profesionais dos títulos de Mariñeiro de ponte e de Mariñeiro de máquinas.**

O código STCW, citado a continuación dentro dos requisitos exixidos en cada título profesional, é o código de formación, titulación e garda para a xente de mar aprobado mediante a Resolución 2 da Conferencia de 1995, na súa versión máis actualizada. O Convenio STCW é o Convenio da Organización Marítima Internacional sobre normas de formación, titulación e garda para a xente de mar.

Requisitos:

- Estar en posesión do título universitario oficial de licenciado en Náutica e Transporte Marítimo ou dos correspondentes títulos de grao e máster no dito ámbito.
- Estar en posesión do título profesional de piloto de primeira da mariña mercante ou de piloto de segunda da mariña mercante.
- Acreditar un período de embarque non inferior a 36 meses como oficial de ponte. Este período poderase reducir a non menos de 24 meses de se acreditar o exercicio profesional de capitán ou de primeiro oficial de ponte durante un período de embarque de polo menos 12 meses.
- Ter en vigor o recoñecemento médico realizado polo Instituto Social da Mariña conforme a regra I/9 do anexo do Convenio STCW e a sección A-I9 do código STCW, no momento da solicitude do título. O anterior certificado non será necesario se o interesado xa dispón dun certificado médico de aptitude para o embarque, en vigor, expedido polo Instituto Social da Mariña.

PILOTO DE PRIMEIRA DA MARIÑA MERCANTE

Requisitos:

- Estar en posesión do título profesional de piloto de segunda da mariña mercante.
- Ter exercido de oficial de ponte durante un período de embarque non inferior a 12 meses.
- Ter en vigor o recoñecemento médico realizado polo Instituto Social da Mariña conforme a regra I/9 do anexo do Convenio STCW e a sección A-I/9 do código STCW, no momento da solicitude do título. O anterior certificado non será necesario se o interesado xa dispón dun certificado médico de aptitude para o embarque, en vigor, expedido polo Instituto Social da Mariña.

PILOTO DE SEGUNDA DA MARIÑA MERCANTE

Requisitos:

- Estar en posesión do título universitario oficial de diplomado en Navegación Marítima ou licenciado en Náutica e Transporte Marítimo ou dun título de grao no dito ámbito.

- Ter cumprido un período de embarque non inferior a 12 meses como alumno de ponte en prácticas, realizando polo menos seis meses en actividades da garda de navegación, como parte dun programa de formación consonte os requisitos da sección A-II/1 baixo a supervisión do capitán ou dun oficial cualificado. Esta formación deberase reflectir nun libro de rexistro da formación do alumno.
- Ter en vigor o recoñecemento médico realizado polo Instituto Social da Mariña conforme a regra I/9 do anexo do Convenio STCW e a sección A-I/9 do código STCW, no momento da solicitude do título. O anterior certificado non será necesario se o interesado xa dispón dun certificado médico de aptitude para o embarque, en vigor, expedido polo Instituto Social da Mariña.
- Ter superada a proba de idoneidade profesional determinada polo Ministerio de Fomento, de acordo coas normas de competencia das seccións A-II/1, A-II/2.5 e A-II/3 do Código STCW e tendo en conta a sección A-VIII/2 do código STCW, que establece a organización das gardas e principios que deben observarse.

PATRÓN DE ALTURA

Requisitos:

- Estar en posesión do título de formación profesional de técnico superior en transporte marítimo e pesca de altura.
- Ter cumpridos 20 anos de idade.
- Ter en vigor o recoñecemento médico realizado polo Instituto Social da Mariña conforme a regra I/9 do anexo do Convenio STCW e a sección A-I/9 do código STCW, no momento da solicitude do título. O anterior certificado non será necesario se o interesado xa dispón dun certificado médico de aptitude para o embarque, en vigor, expedido polo Instituto Social da Mariña.
- Ter cumprido un período de embarque non inferior a 12 meses, en calidade de alumno ou mariñeiro, realizando polo menos seis meses en actividades da garda de navegación, como parte dun programa de formación consonte os requisitos da sección A-II/1 do Código STCW. Este feito terá que constar no libro de rexistro da formación.
- Ter superada a proba de idoneidade profesional determinada polo Ministerio de Fomento, de acordo coas normas de competencia das seccións A-II/1, A-II/2.5 e A-II/3 do Código STCW e tendo en conta a sección A-VIII/2 do código STCW, que establece a organización das gardas e principios que deben observarse.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

O Real decreto 973/2009, contemplaba a posibilidade de dispor dun certificado de profesionalidade onde se recollan as competencias profesionais propias desta titulación, no entanto, o Real decreto 80/2014, que modifica ao anterior, elimina tal posibilidade.

PATRÓN DE LITORAL

Requisitos:

- Estar en posesión do título de formación profesional de técnico en navegación e pesca de litoral.
- Ter cumpridos 19 anos de idade.
- Ter en vigor o recoñecemento médico realizado polo Instituto Social da Mariña conforme a regra I/9 do anexo do Convenio STCW e a sección A-I/9 do código STCW, no momento da solicitude do título. O anterior certificado non será necesario se o interesado xa dispón dun certificado médico de aptitude para o embarque, en vigor, expedido polo Instituto Social da Mariña.
- Ter cumprido un período de embarque non inferior a 12 meses, en calidade de alumno ou mariñeiro, realizando polo menos seis meses en actividades da garda de navegación, como parte dun programa de formación conforme os requisitos da sección A-II/1 do Código STCW. Este feito terá que constar no libro de rexistro da formación.
- Ter superada a proba de idoneidade profesional determinada polo Ministerio de Fomento, de acordo coas normas de competencia das seccións A-II/1, A-II/2.5 e A-II/3 do Código STCW e tendo en conta a sección A-VIII/2 do código STCW, que establece a organización das gardas e principios que deben observarse.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

O Real decreto 973/2009, contemplaba a posibilidade de dispor dun certificado de profesionalidade onde se recollan as competencias profesionais propias desta titulación, no entanto, o Real decreto 80/2014, que modifica ao anterior, elimina tal posibilidade.

Requisitos:

- Superar o curso, e as probas prácticas, aprobados pola Dirección Xeral da Mariña Mercante, cuxo contido estará de acordo coas normas da sección A-II/3 do Código STCW, ou estar en posesión dun título ou un curso de especialización de formación profesional ou estar en posesión dos correspondentes *certificados de profesionalidade* que inclúan a formación requirida para a obtención da titulación profesional de patrón portuario.
- Ter cumpridos 20 anos de idade ou 19 no caso de estar en posesión dun título ou un curso de especialización de formación profesional, dos indicados no apartado anterior.
- Ter cumprido un período de embarque non inferior a 12 meses, debendo acreditar polo menos seis meses no servizo de ponte e seis meses no servizo de máquinas.
- Ter en vigor o recoñecemento médico realizado polo Instituto Social da Mariña conforme a regra I/9 do anexo do Convenio STCW e a sección A-I/9 do código STCW, no momento da solicitude do título. O anterior certificado non será necesario se o interesado xa dispón dun certificado médico de aptitude para o embarque, en vigor, expedido polo Instituto Social da Mariña.
- Estar en posesión dos certificados de especialidade de formación básica en seguridade, operador restrinxido do sistema mundial de socorro e seguridade marítima e certificado de formación sanitaria específica inicial.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Hai un certificado de profesionalidade, **MAPN0510** “Navegación en augas interiores e próximas á costa”, que recolle competencias profesionais propias desta titulación.

XEFE DE MÁQUINAS DA MARIÑA MERCANTE**Requisitos:**

- Estar en posesión do título universitario oficial de licenciado en máquinas navais ou dos correspondentes títulos de grao e máster de dito ámbito.
- Estar en posesión do título profesional de oficial de máquinas de primeira clase da mariña mercante ou de oficial de máquinas de segunda clase da mariña mercante.

- Ter exercido de oficial de máquinas durante un período de embarque non inferior a 36 meses. No entanto, este período poderá reducirse a un mínimo de 24 meses se se prestou servizo como primeiro oficial de máquinas durante un período non inferior a 12 meses.

- Ter en vigor o recoñecemento médico realizado polo Instituto Social da Mariña conforme a regra I/9 do anexo do Convenio STCW e a sección A-I/9 del código STCW, no momento da solicitude do título. O anterior certificado non será necesario se o interesado xa dispón dun certificado médico de aptitude para o embarque, en vigor, expedido polo Instituto Social da Mariña.

OFICIAL DE MÁQUINAS DE PRIMEIRA DA MARIÑA MERCANTE

Requisitos:

- Estar en posesión do título profesional de oficial de máquinas de segunda da mariña mercante.

- Ter exercido de oficial de máquinas de segunda durante un período de embarque non inferior a 12 meses.

- Ter en vigor o recoñecemento médico realizado polo Instituto Social da Mariña conforme a regra I/9 do anexo do Convenio STCW e a sección A-I/9 do código STCW, no momento da solicitude do título. O anterior certificado non será necesario se o interesado xa dispón dun certificado médico de aptitude para o embarque, en vigor, expedido polo Instituto Social da Mariña.

OFICIAL DE MÁQUINAS DE SEGUNDA DA MARIÑA MERCANTE

Requisitos:

- Estar en posesión do título universitario oficial de diplomado ou licenciado en máquinas navais ou dun título de grao de dito ámbito.

- Ter cumprido unha combinación de formación de taller e período de embarque non inferior a 12 meses, dos que 6 meses, ao menos, serán de período de embarque como alumno de máquinas realizando cometidos relacionados coa garda na cámara de máquinas, baixo a supervisión do xefe de máquinas ou dun oficial de máquinas cualificado, conforme ao disposto na sección A-III/1 e A-III/3 do código STCW. Este feito haberá de constar no libro de rexistro da formación.

- Ter en vigor o recoñecemento médico realizado polo Instituto Social da Mariña conforme a regra I/9 do anexo do Convenio STCW e a sección A-I/9 do código

STCW, no momento da solicitude do título. O anterior certificado non será necesario se o interesado xa dispón dun certificado médico de aptitude para o embarque, en vigor, expedido polo Instituto Social da Mariña.

- Ter superado unha proba de idoneidade profesional determinada polo Ministerio de Fomento, de acordo coas normas de competencia das seccións A-III/1 e A-III/3 do código STCW e tendo en conta a sección A-VIII/2 do código STCW, que establece a organización das gardas e principios que deben observarse.

OFICIAL ELECTROTÉCNICO DA MARIÑA MERCANTE²⁰

Requisitos:

- Estar en posesión do título universitario oficial de diplomado, licenciado ou título de grao naquelas ensinanzas que incorporen os coñecementos requiridos para prestar servizos a nivel operacional segundo o apartado 1.3. da sección A-I/1 do código STCW e conforme á regra III/6 do anexo do convenio STCW e sección A-III/6 do código STCW.

- Ter en vigor o recoñecemento médico realizado polo Instituto Social da Mariña conforme a regra I/9 do anexo do Convenio STCW e a sección A-I/9 do código STCW, no momento da solicitude do título. O anterior certificado non será necesario se o interesado xa dispón dun certificado médico de aptitude para o embarque, en vigor, expedido polo Instituto Social da Mariña.

- Ter cumprido unha combinación de formación de taller e período de embarque non inferior a 12 meses, dos que 6 meses, ao menos, serán de período de embarque como parte dun programa de formación aprobado cumpra os requisitos da sección A-III-6 do código STCW e que conste nun rexistro de formación aprobado, ou ben unha combinación de formación de taller e período de embarco aprobado de duración non inferior a 36 meses, dos cales 30 meses cando menos corresponderán ao período de embarco na sección de máquinas.

- Satisfacer as correspondentes normas de competencia das seccións A-III/6 do código STCW.

MECÁNICO MAIOR NAVAL

Requisitos:

- Estar en posesión do título académico de técnico superior en supervisión e control de máquinas e instalacións do buque ou de técnico especialista da rama marítimo

²⁰ Resolución do 16 de novembro do 2018, da Dirección Xeral da Mariña Mercante, sobre obtención da tarxeta profesional de Oficial electrotécnico da Mariña Mercante.

pesqueira, especialidade mecánica naval, ou ben estar en posesión do correspondente certificado de profesionalidade onde se recollan as competencias profesionais propias desta titulación.²¹

- Ter cumpridos 20 anos de idade.
- Ter en vigor o recoñecemento médico realizado polo Instituto Social da Mariña conforme a regra I/9 do anexo do Convenio STCW e a sección A-I/9 do código STCW, no momento da solicitude do título. O anterior certificado non será necesario se o interesado xa dispón dun certificado médico de aptitude para o embarque, en vigor, expedido polo Instituto Social da Mariña.
- Ter cumprido unha combinación de formación de taller e período de embarque non inferior a 12 meses, dos que 6 meses, ao menos, serán de período de embarque como mariñeiro ou alumno de máquinas realizando cometidos relacionados coa garda na cámara de máquinas, baixo a supervisión do xefe de máquinas ou dun oficial de máquinas cualificado. Esta formación deberase reflectir no libro de rexistro da formación do alumno.
- Ter superado unha proba de idoneidade profesional determinada polo Ministerio de Fomento, de acordo coas normas de competencia das seccións A-III/1 e A-III/3 do código STCW e tendo en conta a sección A-VIII/2 do código STCW, que establece a organización das gardas e principios que deben observarse.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Hai unha cualificación, MAP594 "Control do funcionamento e supervisión do mantemento da planta propulsora, máquinas e equipamentos auxiliares de buques", que recolle competencias profesionais propias desta titulación. O correspondente certificado de profesionalidade aínda non está publicado.

MECÁNICO NAVAL

Requisitos:

- Estar en posesión do título de formación profesional técnico en mantemento e control da maquinaria de buques e embarcacións.
- Ter cumpridos 18 anos de idade.
- Ter en vigor o recoñecemento médico realizado polo Instituto Social da Mariña conforme a regra I/9 do anexo do Convenio STCW e a sección A-I/9 do código

²¹ O Real decreto 80/2004, do 7 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 973/2009, do 12 de xuño, polo que se regulan as titulacións profesionais da mariña mercante establece un cambio sobre este apartado pero unha posterior corrección de erros elimina a antedita corrección polo que entendemos que o parágrafo quedaría como estaba anteriormente.

STCW, no momento da solicitude do título. O anterior certificado non será necesario se o interesado xa dispón dun certificado médico de aptitude para o embarque, en vigor, expedido polo Instituto Social da Mariña.

- Ter cumprido unha combinación de formación de taller e período de embarque non inferior a 12 meses, dos que 6 meses, ao menos, serán de período de embarque como mariñeiro ou alumno de máquinas realizando cometidos relacionados coa garda na cámara de máquinas, baixo a supervisión do xefe de máquinas ou dun oficial de máquinas cualificado. Esta formación deberase reflectir no libro de rexistro da formación do alumno.

- Ter superado unha proba de idoneidade profesional determinada polo Ministerio de Fomento, de acordo coas normas de competencia das seccións A-III/1 e A-III/3 do código STCW e tendo en conta a sección A-VIII/2 do código STCW, que establece a organización das gardas e principios que deben observarse.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

O Real decreto 973/2009, contemplaba a posibilidade de dispor dun certificado de profesionalidade onde se recollan as competencias profesionais propias desta titulación, no entanto, o Real decreto 80/2014, que modifica ao anterior, elimina tal posibilidade.

OFICIAL RADIOELECTRÓNICO DE PRIMEIRA DA MARIÑA MERCANTE

Requisitos:

- Estar en posesión do título universitario oficial de licenciado en radioelectrónica naval ou dos correspondentes títulos de grao e máster no dito ámbito.
- Ter exercido de oficial radioelectrónico realizando servizos en estacións de radiocomunicacións marítimas a bordo ou situadas en terra durante un período non inferior a 12 meses.
- Ter en vigor o recoñecemento médico realizado polo Instituto Social da Mariña conforme a regra I/9 do anexo do Convenio STCW e a sección A-I/9 do código STCW, no momento da solicitude do título. O anterior certificado non será necesario se o interesado xa dispón dun certificado médico de aptitude para o embarque, en vigor, expedido polo Instituto Social da Mariña.

Requisitos:

- Estar en posesión do título universitario oficial de diplomado ou licenciado en radio electrónica naval ou dun título de grao no dito ámbito.
- Ter desenvolto un período de prácticas non inferior a 6 meses, dos cales, polo menos 3 meses deberán ser realizados en estacións de radiocomunicacións marítimas a bordo ou situadas en terra, e o resto en empresas, fábricas ou instalacións relacionadas co sector das radiocomunicacións.
- Ter en vigor o recoñecemento médico realizado polo Instituto Social da Mariña conforme a regra I/9 do anexo do Convenio STCW e a sección A-I/9 do código STCW, no momento da solicitude do título. O anterior certificado non será necesario se o interesado xa dispón dun certificado médico de aptitude para o embarque, en vigor, expedido polo Instituto Social da Mariña.
- Ter superado unha proba de idoneidade profesional determinada polo Ministerio de Fomento, de acordo co capítulo IV do código STCW partes A e B aplicable á titulación dos oficiais radioelectrónicos, no capítulo IV do Convenio SOLAS e o regulamento de radiocomunicacións e tendo en conta a sección A-VIII/2 que establece a organización de gardas e principios que deben observarse.

OPERADOR XERAL DO SISTEMA MUNDIAL DE SOCORRO E SEGURIDADE MARÍTIMA**Requisitos:**

- Ter cumpridos 18 anos.
- Ter superado satisfactoriamente o curso aprobado pola Dirección Xeral da Mariña Mercante que desenvolve as normas de competencia ou estar en posesión dos títulos profesionais citados nos artigos 5, 6, 7, 8, 9, 16 e 17 do presente real decreto.
- Ter en vigor o recoñecemento médico realizado polo Instituto Social da Mariña conforme a regra I/9 do anexo do Convenio STCW e a sección A-I/9 do código STCW, no momento da solicitude do título. O anterior certificado non será necesario se o interesado xa dispón dun certificado médico de aptitude para o embarque, en vigor, expedido polo Instituto Social da Mariña.

Esta é unha profesión regulada a nivel europeo.

Requisitos:

- Ter cumpridos 18 anos.
- Ter superado satisfactoriamente o curso aprobado pola Dirección Xeral da Mariña Mercante que desenvolve as normas de competencia.
- Ter en vigor o recoñecemento médico realizado polo Instituto Social da Mariña conforme a regra I/9 do anexo do Convenio STCW e a sección A-I/9 do código STCW, no momento da solicitude do título. O anterior certificado non será necesario se o interesado xa dispón dun certificado médico de aptitude para o embarque, en vigor, expedido polo Instituto Social da Mariña.

Esta é unha profesión regulada a nivel europeo.

TARXETAS A EXTINGUIR**ÓRGANO COMPETENTE:****DIRECCIÓN XERAL DA MARIÑA MERCANTE****NORMATIVA**

- ◆ Estas tarxetas atopábanse reguladas no RD 930/1998, do 14 de maio, sobre condicións xerais de idoneidade e titulación de determinadas profesións da mariña mercante e do sector pesqueiro, e extinguíronse coa entrada en vigor do RD 2062/1999, do 30 de decembro, polo que se regula o nivel mínimo de formación en profesións marítimas. O RD 509/2002 modifica as atribucións dos titulados que estaban en posesión dese título con anterioridade á súa derogación.
- **Patrón maior de cabotaxe** (vaise extinguir, só se expiden renovacións).
- **Patrón de cabotaxe** (vaise extinguir, só se expiden renovacións).
- **Mecánico naval maior** (vaise extinguir, só se expiden renovacións).
- **Mecánico naval de primeira clase** (vaise extinguir, só se expiden renovacións).
- **Mecánico naval de segunda clase** (vaise extinguir, só se expiden renovacións).

Aínda que estas titulacións non exixan título académico, en contactos mantidos coa Dirección Xeral de Mariña Mercante, maniféstannos que as autoridades académicas están a expedir unha “validación” de **ciclo superior** para patrón maior de cabotaxe e mecánico naval maior, e de **ciclo medio** para patrón de cabotaxe e mecánico naval de primeira clase.

A DXMM só expediu estes títulos ata o 1 de febreiro de 2002.

Para as tarxetas de mecánico naval de 1ª e 2ª clase e mecánico naval maior, só se impartiu formación de adultos ata finais do ano 2004, con algunhas excepcións, como é o caso de Galicia, onde se impartiu ata 2005. Puidéronse expedir tarxetas ata o ano 2008 para permitirles realizar o tempo de embarque.

CERTIFICADOS DE SUFICIENCIA

ÓRGANO COMPETENTE:

DIRECCIÓN XERAL DA MARIÑA MERCANTE

NORMATIVA

- ◆ Resolución do 8 de febreiro do 2018, da Dirección Xeral da Mariña Mercante, pola que se determinan as condicións para a obtención do certificado de suficiencia en alta voltaxe.
- ◆ Resolución do 14 de novembro do 2016, da Dirección Xeral da Mariña Mercante, pola que se determinan as condicións de obtención dos certificados de suficiencia dos mariñeiros da mariña mercante.
- ◆ Real decreto 938/2014, do 7 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 973/2009, do 12 de xuño, polo que se regulan as titulacións profesionais da mariña mercante.

O Real decreto 938/2014, supuxo a desaparición como titulacións profesionais dos títulos de mariñeiro de ponte e de mariñeiro de máquinas.

Estes títulos profesionais pasan a considerarse **CERTIFICADOS DE SUFICIENCIA** acreditativos de competencia profesional, ademais de cambiar a súa nomenclatura; agora pasan a chamarse: mariñeiro de primeira de ponte, mariñeiro de primeira de máquina, e engádese o título de mariñeiro electrotécnico.

A Resolución do 14 de novembro establece os programas de formación, as condicións de homologación e control dos centros de formación e as condicións

para a obtención dos certificados de suficiencia acreditativos da competencia profesional de mariñeiro de ponte da mariña mercante, mariñeiro de primeira de ponte da mariña mercante, mariñeiro de máquinas da mariña mercante, mariñeiro de primeira de máquinas da mariña mercante e mariñeiro electrotécnico.

NOTA: O Convenio STCW é o Convenio da Organización Marítima Internacional sobre normas de formación, titulación e garda para a xente de mar.

CERTIFICADO DE SUFICIENCIA DE MARIÑEIRO DE PONTE DA MARIÑA MERCANTE

Este certificado é necesario para todo mariñeiro que vaia formar parte dunha garda de navegación en buques mercantes. Para poder obtelo hai que ter superado satisfactoriamente o curso de formación definido no anexo III.1 da citada resolución. O período de embarque non será inferior a meses en buques mercantes ou de pesca realizando servizos profesionais relacionados coa garda de navegación, baixo a supervisión directa do capitán, do oficial encargado da garda de navegación ou dun mariñeiro cualificado.

Poderán solicitar a validación polo certificado de suficiencia de mariñeiro de ponte da mariña mercante aqueles que cumpran cunha das seguintes condicións:

- x Estar en posesión da tarxeta de competencia de mariñeiro ou mariñeiro-mecánico, ter en vigor o certificado de suficiencia de formación básica en seguridade e ter realizado un período de embarque de ao menos 6 meses no servizo de ponte nun buque civil.
- x Estar en posesión dun certificado emitido por un centro de formación oficial que acredite que o alumno recibiu satisfactoriamente formación de acordo ás seccións A-II/4 e A-VI/1 do Código de Formación do Convenio STCW.

Os certificados de suficiencia de mariñeiro de ponte serán expedidos, trocados ou validados sen caducidade.

CERTIFICADO DE SUFICIENCIA DE MARIÑEIRO DE MÁQUINAS DE MARIÑA MERCANTE

Este certificado é necesario para todo mariñeiro que vaia formar parte da garda en cámaras de máquinas. Para poder obtelo hai que ter superado satisfactoriamente o curso de formación definido no anexo III.2 da citada resolución. O período de embarque non será inferior a 2 meses en buques mercantes ou de pesca realizando servizos profesionais relacionados coa garda de máquinas, baixo a supervisión directa do xefe de máquinas, do oficial encargado da garda de máquinas ou dun mariñeiro de máquinas.

Poderán solicitar a validación polo certificado de suficiencia de mariñeiro de ponte da mariña mercante aqueles que cumpran cunha das seguintes condicións:

- x Estar en posesión da tarxeta de competencia de mariñeiro-mecánico, ter en vigor o certificado de suficiencia de formación básica en seguridade e ter realizado un período de embarque de ao menos 6 meses no servizo de máquinas nun buque civil.
- x Estar en posesión dun certificado emitido por un centro de formación oficial que acredite que o alumno recibiu satisfactoriamente formación de acordo coas seccións A-III/4 e A-VI/1 do Código de Formación do Convenio STCW.

Os certificados de suficiencia de mariñeiro de máquinas serán expedidos, trocados ou validados sen caducidade.

CERTIFICADO DE SUFICIENCIA DE MARIÑEIRO DE PRIMEIRA DE PONTE DA MARIÑA MERCANTE

Este certificado é necesario para todo mariñeiro de primeira de ponte que vaia prestar servizo a bordo dun buque mercante de arqueado bruto igual ou superior a 500 GT. O interesado, maior de idade, en obter o certificado de suficiencia de mariñeiro de primeira de ponte da mariña mercante e en posesión do certificado de suficiencia de mariñeiro de ponte da mariña mercante e formación básica en seguridade, e un certificado emitido por un centro de formación acreditativo de ter superado satisfactoriamente o curso de formación definido no anexo III.3 desta resolución poderán solicitalo á Administración marítima.

En relación co período de embarque, será non inferior a 12 meses en buques mercantes de ao menos 100 GT, como mariñeiro de ponte.

Aqueles mariñeiros de ponte da mariña mercante que estivesen embarcados en buques mercantes de ao menos 100 GT, como mariñeiros de ponte durante ao menos 12 meses no curso dos 60 meses anteriores, non lles será exixible o curso de formación definido no anexo III.3.

Os certificados de suficiencia de mariñeiro de primeira de ponte expediranse sen caducidade.

CERTIFICADO DE SUFICIENCIA DE MARIÑEIRO DE PRIMEIRA MÁQUINA DA MARIÑA

MERCANTE

Este certificado é necesario para todo mariñeiro de primeira de máquinas que preste servizo nun buque mercante cuxa máquina propulsora principal teña unha potencia igual ou superior a 750 kW. O interesado, maior de idade, en obter o certificado de suficiencia de mariñeiro de primeira de máquinas da mariña mercante e en posesión do certificado de suficiencia de mariñeiro de máquinas da mariña mercante e formación básica en seguridade, e un certificado emitido por un centro de formación acreditativo de ter superado satisfactoriamente o curso de formación definido no anexo III.4 desta resolución poderán solicitalo á Administración marítima.

En relación ao período de embarque, será non inferior a 6 meses en buques mercantes cuxa máquina propulsora principal teña unha potencia igual ou superior a 750 kW, como mariñeiro de máquinas.

A aqueles mariñeiros de máquinas da mariña mercante que estivesen embarcados en buques mercantes cuxa máquina propulsora principal teña unha potencia igual ou superior a 750 kW, como mariñeiros de máquinas durante ao menos 12 meses no curso dos 60 meses anteriores, non lles será exixible o curso de formación definido no Anexo III.4.

Os certificados de suficiencia de mariñeiro de primeira de máquinas expediranse sen caducidade.

CERTIFICADO DE SUFICIENCIA DE MARIÑEIRO ELECTROTÉCNICO DA MARIÑA

MERCANTE

Este certificado é necesario para todo mariñeiro electrotécnico encargado da instalación, a reparación e o mantemento dos sistemas eléctricos e electrónicos a nivel de apoio, a bordo dun buque mercante, cuxa máquina propulsora principal teña unha potencia igual ou superior a 750 kW. O interesado, maior de idade, en obter o certificado de suficiencia de mariñeiro electrotécnico da mariña mercante e en posesión do certificado de suficiencia de formación básica en seguridade, e un certificado emitido por un centro de formación acreditativo de ter superado satisfactoriamente o curso de formación definido no anexo III.5 desta resolución poderán solicitalo á Administración marítima. En relación co período de embarque, será non inferior a 3 meses en buques mercantes realizando servizos profesionais relacionados coa instalación, a reparación e o mantemento dos sistemas eléctricos, electrónicos e de control baixo a supervisión directa do xefe de máquinas, de oficial encargado da garda de máquinas ou dun mariñeiro cualificado.

A aqueles mariñeiros que estivesen embarcados en buques mercantes como electricista con funcións de apoio durante ao menos 12 meses no curso dos 60 meses anteriores, non lles será exixible o curso de formación definido no anexo III.5.

Poderán solicitar a validación do curso de cualificación das competencias técnicas necesarias para a obtención deste certificado de suficiencia, os que teñan unha titulación académica ou formación técnica que cumpra as normas de competencia que se establecen na sección A-III/7 do Código de Formación, conforme se desenvolven no anexo III.5 da presente resolución realizaron un período de embarco a bordo de buques mercantes non inferior a 3 meses realizando traballos relativos a ese cargo.

Os certificados de suficiencia de mariñeiro electrotécnico expediranse sen caducidade.

CERTIFICADO DE SUFICIENCIA EN ALTA VOLTAXE

Este certificado é necesario para todos aqueles que posúan un título de competencia do departamento de máquinas de conformidade o Convenio STCW e vaian prestar servizos en buques cun sistema de alta voltaxe, entendendo por este aquel que xera, transforma ou distribúe corrente eléctrica a unha tensión de 1.000 voltios ou superior. Non se inclúen aqueles sistemas onde a alta voltaxe se utiliza localmente, por exemplo sistemas de acendido, transmisión de radio, radar e outros equipamentos de navegación.

Os interesados en obter este certificado terán que cumprir os seguintes **requisitos específicos**:

- a) Estar en posesión dun título académico conducente á obtención dun título profesional da mariña mercante ou a tarxeta profesional de xefe de máquinas, oficial de máquinas de primeira ou segunda, mecánico naval maior, mecánico naval ou oficial electrotécnico da mariña mercante.
- b) Acreditar a formación debida, cuxo contido estará de acordo coa competencia de alta voltaxe establecida nas seccións A-III/1, A-III/2 e A-III/6, do Código de formación e que a Resolución do 8 de febreiro do 2018 desenvolve no anexo I. A acreditación realizarase mediante unha das seguintes vías:
 - Certificado de ter superado o curso homologado pola Dirección Xeral da Mariña Mercante nun centro público ou privado.
 - Certificado expedido polos centros públicos de formación marítima que certifique que se superaron as materias relacionadas con este certificado.

CERTIFICADOS DE ESPECIALIDADE

ÓRGANO COMPETENTE:

DIRECCIÓN XERAL DA MARIÑA MERCANTE

NORMATIVA

- ◆ Resolución do 22 de marzo do 2021, da Dirección Xeral da Mariña Mercante, pola que se determinan as condicións sobre o procedemento de revalidación dos certificados de suficiencia do convenio sobre normas de formación, titulación e garda para a xente do mar
- ◆ Resolución do 2 de febreiro do 2017, da Dirección Xeral da Mariña Mercante, pola que se desenvolve o procedemento de revalidación dos certificados de suficiencia do Convenio sobre normas de formación, titulación e garda para a xente de mar (STCW)
- ◆ Orde FOM/2296/2002, do 4 de setembro, pola que se regulan os programas de formación dos títulos profesionais de mariñeiros de ponte e de máquinas da mariña mercante e de patrón portuario, así como os certificados de especialidade acreditativos da competencia profesional.

O obxecto desta orde inclúe a regulación dos requisitos para obter os certificados de especialidade que deben posuír os membros da tripulación que exercen funcións profesionais a bordo dos buques civís españois acreditativos da competencia profesional.

Pola Orde FOM/2296/2002, do 4 de setembro, créanse os certificados de especialidade de²²:

- Formación básica.
- Avanzado en loita contra incendios.
- Embarcacións de supervivencia e botes de rescate (non rápidos).
- Botes de rescate rápidos.
- Familiarización en buques tanque.
- Buques petroleiros.
- Buques gaseiros.
- Buques quimiqueiros.

²² Os certificados de especialidade de operador xeral e restrinxido do sistema mundial de socorro e seguridade marítima, pasan a considerarse titulacións profesionais segundo o Real decreto 938/2014, do 7 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 973/2009, do 12 de xuño, polo que se regulan as titulacións profesionais da mariña mercante.

- Básico de buques de pasaxe.
- Buques de carga rodada (ro-ro) de pasaxe e buques de pasaxe distintos de buques ro-ro.
- Radar de punteo automático (ARPA).

FORMACIÓN BÁSICA²³

Requiriráselle formación básica a todo o persoal que exerza funcións profesionais marítimas nos buques civís, así como a aquelas persoas ás cales se lles confían tarefas de seguridade ou de prevención da contaminación relacionadas coas operacións do buque.

Obterase tras superar satisfactoriamente un curso de duración non inferior a 70 horas.

O persoal non incluído, que non sexan pasaxeiros, recibirán a bordo unha formación básica de familiarización que lles permita saber como actuar ante distintas situacións de emerxencia e seguridade.

AVANZADO EN LOITA CONTRA INCENDIOS

Requiriráselle a súa posesión ao seguinte persoal:

- Capitáns e oficiais de ponte e de máquinas de buques tanque, así como os tripulantes que teñan asignados deberes específicos e responsabilidades relacionadas coa carga ou o equipamento de carga en buques tanque.
- Capitáns e oficiais de ponte e de máquinas de buques mercantes de arqueo bruto superior a 75 GT.
- Capitáns e oficiais de ponte e máquinas de buques pesqueiros maiores de 50 metros de eslora.

Obterase tras superar satisfactoriamente un curso de duración non inferior a 24 horas (contido desenvolto no anexo I da orde citada).

EMBARCACIÓNS DE SUPERVIVENCIA E BOTES DE RESCATE (NON RÁPIDOS)

Requiriráselle a súa posesión ao seguinte persoal:

- Capitáns e oficiais de ponte e de máquinas de buques de pasaxe.
- Capitáns e oficiais de ponte e de máquinas de buques mercantes de arqueo bruto superior a 75 GT.
- Capitáns e oficiais de ponte e máquinas de buques pesqueiros maiores de 20 metros de eslora.

²³ Resolución do 21 de setembro do 2016, da Dirección Xeral da Mariña Mercante, sobre obtención do certificado de suficiencia en formación básica e avanzada para capitáns, oficiais e mariñeiros de buques que utilicen gases u outros combustibles de baixo punto de inflamación (Código IGF).

- Mariñeiros de ponte e de máquinas, de buques mercantes que teñan asignadas funcións no manexo de embarcacións de supervivencia e botes de rescate nos buques citados nos anteriores subapartados.

Obterase tras superar satisfactoriamente un curso de duración non inferior a vinte e catro horas (contido desenvolto no anexo I da orde citada).

BOTES DE RESCATE RÁPIDOS

Requiráselles aos oficiais e mariñeiros, de ponte e de máquinas, que teñan asignadas estas funcións nos buques que estean equipados con botes de rescate rápidos.

Obterase tras superar satisfactoriamente un curso de duración non inferior a dezaseis horas (contido desenvolto no anexo I da orde citada).

CERTIFICADO DE FAMILIARIZACIÓN EN BUQUES TANQUE

Requiráselles aos capitáns, oficiais e tripulantes, que teñan asignados deberes específicos e responsabilidades relacionadas coa carga ou o equipamento de carga.

Obterase tras superar satisfactoriamente un curso de duración non inferior a 30 horas.

CERTIFICADO DE BUQUES PETROLEIROS

Requiráselles aos capitáns e oficiais de ponte e de máquinas de buques petroleiros, así como a toda persoa que teña asignados deberes específicos e responsabilidades relacionadas coa carga e o equipamento de carga.

Obterase tras superar satisfactoriamente un curso de duración non inferior a 40 horas.

CERTIFICADO DE BUQUES GASEIROS

Requiráselles aos capitáns e oficiais de ponte e de máquinas de buques gaseiros, así como a toda persoa que teña asignados deberes específicos e responsabilidades relacionadas coa carga e o equipamento de carga.

Obterase tras superar satisfactoriamente un curso de duración non inferior a 40 horas.

CERTIFICADO DE BUQUES QUIMIQUIEROS

Requiráselles aos capitáns e oficiais de ponte e de máquinas de buques quimiqueiros, así como a toda persoa que teña asignados deberes específicos e responsabilidades relacionadas coa carga e o equipamento de carga.

Obterase tras superar satisfactoriamente un curso de duración non inferior a 40 horas.

CERTIFICADO DE BUQUES DE PASAXE

Requiriráselles aos capitáns, oficiais de ponte e de máquinas e mariñeiros ou persoal con funcións de asistencia á pasaxe en situacións de emerxencia, nos buques de pasaxe con arqueado bruto superior a 100 e inferior a 500 GT ou que estean autorizados a transportar máis de 50 e menos de 300 pasaxeiros.

Obterase tras superar satisfactoriamente un curso de duración non inferior a 16 horas.

**CERTIFICADO DE BUQUES RO-RO DE PASAXE E BUQUES DE PASAXE DISTINTOS DE
BUQUES RO-RO**

Requiriráselles aos capitáns, oficiais e mariñeiros, de ponte e de máquinas, e demais persoal con funcións de asistencia á pasaxe en situacións de emerxencia nos buques de pasaxe, tanto convencionais como de transbordo rodado (ro-ro), con tonelaxe igual ou superior a 500 GT ou que estean autorizados a transportar 300 ou máis pasaxeiros.

Obterase tras superar satisfactoriamente un curso de duración non inferior a 32 horas.

CERTIFICADO DE RADAR DE PUNTEO AUTOMÁTICO (ARPA)

Requiriráselles aos capitáns e oficiais de ponte de buques que leven este equipamento. Obterase tras superar satisfactoriamente un curso de duración non inferior a 30 horas. Os posuidores deste certificado estarán habilitados para operar en radares non dotados de sistemas de punteo automático.

EMBARCACIÓNS DE GRAN VELOCIDADE OU DE SUSTENTACIÓN DINÁMICA

Requiriráselles aos capitáns e oficiais de ponte e máquinas das embarcacións ás que lles sexan aplicables os códigos aprobados pola Organización Marítima Internacional sobre seguridade para naves de gran velocidade ou de sustentación dinámica. As empresas navieiras aseguraranse de que os tripulantes sinalados reciban a formación mínima sinalada no anexo I da citada orde.

FORMACIÓN IMPARTIDA EN GALICIA

Os cursos de formación conducentes á expedición destes certificados poderán ser impartidos por entidades públicas ou privadas tras a correspondente **homologación dos centros pola Dirección Xeral da Mariña Mercante**. Na nosa comunidade autónoma, estes cursos lévanse a cabo na aula de seguridade e salvamento da Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol e no Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo, nos centros de formación do Instituto Social da Mariña (ISM) e nas entidades homologadas.

O curso de operador de GMDSS xeral realízase nos tres centros dos que dispón a Consellería do Medio Rural e do Mar: Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico, Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol e Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira. Vai dirixido a oficiais de ponte.

Existe tamén un centro privado, o Colexio de Oficiais da Mariña Mercante, que realiza este curso.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Existe unha unidade de competencia, a **UC0733_1 “Actuar en emerxencias marítimas e aplicar as normas de seguridade no traballo”**, relacionada coa formación requirida para obter o certificado de formación básica asociada a un módulo formativo de 60 horas. En marzo de 2014 estarían publicados os seguintes certificados de profesionalidade que conteñen a antedita unidade:

- MAPN0110 Actividades en pesca con artes de enmalle e marisqueo, e en transporte marítimo.
- MAPN0210 Actividades en pesca en palangre, arrastre e cerco, e en transporte marítimo.
- MAPN0211 Operacións de coordinación en cuberta e parque de pesca.
- MAPN0710 Observación da actividade e control das capturas dun buque pesqueiro.
- MAPN0310 Amarre de porto e monoboias.
- MAPN0610 Documentación pesqueira.
- MAPN0112 Actividades de extracción e recollida de crustáceos adheridos ás rochas
- MAPN0512 Actividades auxiliares de mantemento de máquinas, equipos e instalacións de buques
- MAPN0212 Goberno de embarcacións e motos náuticas destinadas ao socorrismo acuático
- MAPN0312 Manipulación e conservación en pesca e acuicultura
- MAPN0412 Operacións de bombeo para carga e descarga do buque
- MAPN0612 Mantemento dos equipos dun parque de pesca e de instalación frigorífica

Algúns destes certificados especifican, dentro das vinculacións profesionais, que “garanten o nivel de coñecementos necesarios para obter o certificado de especialidade de formación básica”. Tal é o caso dos MAPN0110, MAPN0210, MAPN0211, MAPN0112, MAPN0212, MAPN0312, MAPN0412, MAPN0612 e MAPN0710.

PATRÓN PROFESIONAL DE EMBARCACIONES DE LECE

ÓRGANO COMPETENTE:

DIRECCIÓN XERAL DA MARIÑA MERCANTE

NORMATIVA

- Real Decreto 238/2019, do 5 de abril, polo que se establecen habilitacións anexas ás titulacións náuticas para o goberno das embarcacións de lecer e se actualizan as medidas de seguranza na actualización das motos náuticas.
- Resolución do 7 de febreiro do 2017, da Dirección Xeral da Mariña Mercante, pola que se establece o procedemento para a obtención do certificado de especialidade de patrón profesional de embarcacións de recreo
- Real decreto 973/2009, do 12 de xuño, polo que se regulan as titulacións profesionais da mariña mercante.

A disposición adicional quinta do antedito real decreto crea o certificado de patrón profesional de embarcación de recreo, que lles emitirá a Dirección Xeral da Mariña Mercante ás persoas que cumpran os requisitos que se indican a continuación:

- ☒ Estar en posesión do título de capitán de iate.
- ☒ Achegar unha declaración responsable na que se acredite, con indicación do nome do buque e a súa matrícula, ter navegado, polo menos, 50 días e 2.500 millas, incluíndo polo menos cinco travesías de máis de 60 millas, medidas ao longo da ruta navegable máis curta, dun porto de zarpada a un de destino, exercendo como patrón durante a travesía; esta travesía deberá ser de altura e dunha duración mínima de 48 horas.
- ☒ Ter cumpridos 20 anos de idade.
- ☒ Posuír os seguintes certificados ou tarxetas profesionais:
 - De acordo coas atribucións desenvoltas pola Dirección Xeral da Mariña Mercante: tarxeta profesional de operador xeral ou restrinxido do Sistema mundial de socorro e seguridade marítima; ou ben certificado de operador xeral e restrinxido do Sistema mundial de socorro e seguridade marítima se aínda non realizou a troca polo título de operador xeral ou restrinxido. Tamén a formación sanitaria, inicial ou avanzada
 - Certificado de especialidade de formación básica en seguridade.
 - Certificado de embarcacións de supervivencia e botes de rescate (non rápidos).

- ☑ Superar o recoñecemento médico de embarque marítimo realizado polo Instituto Social da Mariña.
- ☑ Superar a proba de coñecemento que determine a Dirección Xeral da Mariña Mercante.

A Resolución do 7 de febreiro do 2017, establece un procedemento de expedición e de revalidación do certificado de especialidade de patrón profesional de embarcacións de lecer.

Así pois, o certificado de especialidade de patrón profesional de embarcacións de recreo será expedido pola Dirección Xeral da Mariña Mercante, directamente ou a través dos seus servizos periféricos, de acordo co modelo do anexo I, a aqueles que cumpran cun dos seguintes requisitos e presenten a oportuna documentación:

- Titulados profesionais da Mariña Mercante: capitán da mariña mercante, piloto de primeira da mariña mercante, piloto de segunda da mariña mercante, patrón de altura, patrón de litoral, patrón maior de cabotaxe e patrón de cabotaxe.
- Escala de oficiais do corpo xeral da Armada.
- Capitáns de iate

Tamén explica o proceso que se debe seguir para revalidar o certificado de especialidade de patrón profesional.

PATRÓN PROFESIONAL DE INSTALACIÓNS E DÁRSENAS PORTUARIAS

ÓRGANO COMPETENTE:

CAPITANÍAS MARÍTIMAS

NORMATIVA

- ➔ Real decreto 973/2009, do 12 de xuño, polo que se regulan as titulacións profesionais da mariña mercante.

A disposición adicional novena do citado real decreto crea o certificado de patrón profesional de instalacións e dársenas portuarias, que lles emitirán as capitanías marítimas ás persoas que cumpran e acrediten os requisitos que se indican a continuación:

- ☑ Ter realizado e superado o curso de mariñeiro de ponte.
- ☑ Ter realizado un mes de prácticas como mariñeiro en remolcadores de porto ou en buques auxiliares ou de servizos portuarios.

OFICIAL DE PROTECCIÓN DO BUQUE

ÓRGANO COMPETENTE:

DIRECCIÓN XERAL DA MARIÑA MERCANTE

NORMATIVA

- Resolución do 16 de novembro de 2010, da Dirección Xeral da Mariña Mercante, pola que se crea o certificado de especialidade de oficial de protección de buque e oficial da compañía para a protección marítima.
- Real decreto 1617/2007, do 7 de decembro, pola que se establecen medidas para a mellora da protección dos portos e do transporte marítimo.

Para realizar o curso de oficial de protección do buque, cómpre ter un título profesional da mariña mercante que permita enrolarse como capitán ou xefe de máquinas, oficial de ponte ou oficial de máquinas, ou oficial radioelectrónico, ou ben un título académico que permita obter os citados títulos.

O certificado de oficial de protección do buque acadarase tras superar satisfactoriamente un curso de 24 horas.

O certificado terá validez indefinida, podéndose renovar por instancia do interesado en caso de perda ou deterioración.

OFICIAL DA COMPAÑÍA PARA A PROTECCIÓN MARÍTIMA

ÓRGANO COMPETENTE:

DIRECCIÓN XERAL DA MARIÑA MERCANTE

NORMATIVA

- Resolución do 16 de novembro de 2010, da Dirección Xeral da Mariña Mercante, pola que se crea o certificado de especialidade de oficial de protección de buque e oficial da compañía para a protección marítima.
- Real decreto 1617/2007, do 7 de decembro, polo que se establecen medidas para a mellora da protección dos portos e do transporte marítimo.

O certificado de oficial da compañía para a protección marítima obterase tras superar satisfactoriamente un curso de 30 horas.

O certificado terá validez indefinida, podéndose renovar por instancia do interesado en caso de perda ou deterioración.

PREVENCIÓN E LOITA CONTRA A CONTAMINACIÓN EN MANIPULACIÓN DE HIDROCARBUROS

ÓRGANO COMPETENTE:

DIRECCIÓN XERAL DA MARIÑA MERCANTE

NORMATIVA

- Orde FOM/555/2005, do 2 de marzo, pola que se establecen cursos de formación en materia de prevención e loita contra a contaminación nas operacións de carga, descarga e manipulación de hidrocarburos no ámbito marítimo e portuario.
- Real decreto 253/2004, do 13 de febreiro, polo que se establecen medidas de prevención e loita contra a contaminación nas operacións de carga, descarga e manipulación de hidrocarburos no ámbito marítimo e portuario.

As empresas suxeitas ao ámbito de aplicación deste real decreto que lles contraten a outras empresas os servizos de prevención ou loita contra a contaminación deberán acreditar que estas últimas dispoñen dunha certificación de calidade que garante a correcta realización das tarefas encomendadas e a cualificación técnica do persoal ao seu servizo.

As refinarias de petróleo e as empresas que posúan terminais ou puntos de carga ou descarga de cargamentos de hidrocarburos a granel transportados por buques deberán comprobar e exixir que o persoal da súa propia empresa ou da empresa contratada, adscrito a postos en operacións de prevención e loita contra a contaminación, teña superado os cursos que estableza a Dirección Xeral da Mariña Mercante de acordo cos niveis requiridos.

Os cursos de formación serán os seguintes:

- Nivel operativo básico. Dirixido a operarios e técnicos de formación profesional.
- Nivel operativo avanzado. Dirixido a xefes de grupo con formación universitaria de grao medio.
- Nivel superior de dirección. Dirixido a directivos con formación universitaria de grao superior.

Ao persoal que supere os cursos e as probas de avaliación que se establezan de acordo co contido teórico-práctico que figura no anexo da citada orde, a Dirección Xeral da Mariña Mercante expediralles o correspondente certificado.

Os cursos serán impartidos en centros homologados pola Dirección Xeral da Mariña Mercante, ben nas súas propias sedes ou noutros centros concertados, sempre que estes últimos implantasen un sistema de calidade da ensinanza certificado por un organismo ou entidade de normalización e acreditación autorizado pola Administración competente.

COMPENSADOR DE AGULLAS NÁUTICAS

ÓRGANO COMPETENTE:

DIRECCIÓN XERAL DA MARIÑA MERCANTE

NORMATIVA

- Orde do 14 de decembro de 1992 sobre compensación de agullas náuticas.

Esta orde ten por obxecto determinar a formación específica exigible para realizar a actividade de compensación das agullas náuticas, a expedición do certificado de aptitude necesaria para esta actividade, as función de compensador e o modo de acreditar os procesos de compensación efectuados e as condicións necesarias para a súa validez.

Requirirase ter o certificado de compensador de agullas náuticas para exercer a actividade profesional de compensador de agullas náuticas. A duración do curso non será inferior a 30 horas lectivas.

Poderán realizar o curso de formación para obter o certificado os españois ou nacionais doutros Estados membros da Comunidade Europea ou de terceiros Estados que teñan o título de licenciado ou doutor en náutica e transportes marítimos, ou equivalente, expedido en España, ou da titulación superior equivalente a aquela debidamente homologada pola Administración española.

OPERADOR DE PEIRAO E TERMINAL QUE MANIPULE MERCADORÍAS PERIGOSAS

ÓRGANO COMPETENTE:

DIRECCIÓN XERAL DA MARIÑA MERCANTE

NORMATIVA

- ➔ Orde do 30 de maio de 1990 pola que se establecen as condicións dos cursos de capacitación para manipular mercadorías perigosas nos portos de interese xeral.
- ➔ Real decreto 145/1989, do 20 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de admisión, manipulación e almacenamento de mercadorías perigosas nos portos.

Os operadores de peiraos e terminais deberán estar en posesión dun certificado que acredite ter realizado con aproveitamento un curso específico sobre manipulación e almacenamento de mercadorías perigosas con referencia especial á prevención de riscos e á intervención inmediata no control das emerxencias que se poidan orixinar.

Para acceder ao curso, hai que ter unha titulación de grao medio e estudos de bacharelato superior, así como unha experiencia profesional demostrable de dous anos no sector, durante os últimos cinco anos.

A duración do curso non será inferior a 35 horas lectivas de teoría e 5 horas de prácticas.

Unha vez superado o curso, os centros de formación homologados emitirán o correspondente certificado. Para que teña efecto ese certificado, deberá estar referendado pola Dirección Xeral da Mariña Mercante.

CAPACITACIÓN PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO PORTUARIO DE MANIPULACIÓN DE MERCADORÍAS

ÓRGANO COMPETENTE:

MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA

NORMATIVA

- ➔ Real decreto-lei 9/2019, do 29 de marzo, polo que se modifica a Lei 14/1994, do 1 de xuño, pola que se regulan as empresas de traballo temporal, para a súa adaptación á actividade da estiba portuaria e se conclúe a adaptación legal do réxime dos traballadores para a prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías. (MODIFICA O ARTIGO 3.1 DO REAL DECRETO LEI 8/2017)

- Real decreto lei 8/2017, do 12 de maio, polo que se modifica o réxime dos traballadores para a prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías dando cumprimento á Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 11 de decembro do 2014, recaída no asunto C-576/13 (procedemento de infracción 2009/4052).
- Orde FOM/2297/2012, do 23 de outubro, pola que se determinan as titulacións de formación profesional exixibles para a prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías.

O obxecto do presente real decreto lei é establecer o réxime dos traballadores para a prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías, que dea cumprimento ao disposto na Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 11 de decembro do 2014. A contratación de traballadores para a prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías é libre, logo do cumprimento dos requisitos establecidos que garantan a profesionalidade dos traballadores portuarios.

REQUISITOS DE CAPACITACIÓN DOS TRABALLADORES (Art.3)

As actividades incluídas no servizo de manipulación de mercadorías deberán ser realizadas por traballadores que obtiveran o certificado de profesionalidade establecido no anexo VIII (Operacións portuarias de carga, estiba, descarga, desestiba e transbordo) do Real decreto 988/2013, do 13 de decembro, polo que se establecen nove certificados de profesionalidade da familia profesional marítimo-pesqueira.

Tamén poderán realizar actividades incluídas no servizo de manipulación de mercadorías os traballadores pertencentes aos grupos profesionais 0 (auxiliar) e I (especialista) do IV Acordo para a regulación das relacións laborais no sector da estiba portuaria, ou os que no futuro os substitúan, que, baixo un contrato para a formación e a aprendizaxe, se atopen cursando o certificado de profesionalidade definido anteriormente, en alternancia da formación teórica coa actividade laboral retribuída. A través da actividade realizada con este contrato de formación e aprendizaxe quedarán acreditadas as horas correspondentes ao Módulo de Prácticas Profesionais non laborais necesario para obter o certificado de profesionalidade “operacións portuarias de carga, estiba, descarga, desestiba e transbordo”.

Non serán exixibles os requisitos de titulación aos traballadores que se atopen nos seguintes supostos á entrada en vigor deste real decreto-lei:

- a) Os que acrediten ter realizado con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei máis de 100 xornadas de traballo no servizo portuario de manipulación de mercadorías

en calquera Estado membro da Unión Europea, así como en tarefas de carga, estiba, desestiba, descarba e transbordo de mercadorías que estivesen excluídas do servizo ao amparo do artigo 2.g) do Real decreto-lei 2/1986, do 23 de maio. Esta acreditación deberá ser homologado por Portos do Estado.

b) O persoal de buque que realice a bordo as ditas actividades nas situacións e condicións permitidas no texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

O seguinte certificado de profesionalidade responde aos requisitos de capacitación dos traballadores para a prestación do servizo portuario de manipulación de mercadorías:

 **MAPN0712 Operacións portuarias de carga, estiba, descarga, desestiba e transbordo**

TRANSPORTE SANITARIO

ÓRGANO COMPETENTE:

CONSELLERÍA DE SANIDADE

NORMATIVA

- ◆ Decreto 52/2015, do 5 de marzo, polo que se regula o transporte sanitario.
- ◆ Real decreto 22/2014, do 17 de xaneiro, polo que se modifica o Real decreto 836/2012, do 25 de maio, polo que se establecen as características técnicas, o equipamento sanitario e a dotación de persoal dos vehículos de transporte sanitario por estrada.
- ◆ Real decreto 836/2012, do 25 de maio, polo que se establecen as características técnicas, o equipamento sanitario e a dotación de persoal dos vehículos de transporte sanitario por estrada.
- ◆ Decreto 11/2011, do 20 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 42/1998, do 15 de xaneiro, polo que se regula o transporte sanitario.

REGULACIÓN GALEGA: DECRETO 52/2015

O obxecto do presente decreto é regular o transporte sanitario terrestre que transcorra integramente no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

O persoal que preste servizos de transporte sanitario por estrada deberá reunir os requisitos de titulación que, en función do tipo de vehículo, veñen determinados no anexo II deste decreto.

A partir da entrada en vigor deste decreto (15 de abril de 2015), o persoal condutor ou o persoal condutor en funcións de axudante de **novo ingreso** nas empresas de transporte sanitario, deberá posuír o **certificado de profesionalidade en transporte sanitario ou o título de técnico/a en emerxencias sanitarias**.

Para os efectos do presente decreto, entenderase como “novo ingreso” a contratación de persoal que non prestase servizos no sector do transporte sanitario con anterioridade.

HABILITACIÓN DE TRABALLADORES EXPERIMENTADOS (Art. 17.2)

- a) Quedarán habilitadas como persoal condutor ou como persoal condutor en funcións de axudante de ambulancias de **clase A1 e A2** as persoas que acrediten **máis de tres anos de experiencia laboral realizando funcións propias do seu posto de traballo nos últimos seis anos inmediatamente anteriores ao 9 de xuño de 2012.**
- b) Quedarán habilitadas como persoal condutor ou como persoal condutor en funcións de axudante de ambulancias de **clase B e C** as persoas que acrediten unha experiencia laboral realizando funcións propias do seu posto de traballo de **cinco anos nos últimos oito anos inmediatamente anteriores ao 9 de xuño de 2012.**

As persoas que se atopen nestes supostos deberán presentar solicitude de habilitación dentro dos seis meses seguintes á entrada en vigor deste decreto, dirixida á Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061.

A habilitación como persoal condutor ou como persoal condutor en funcións de axudante en ambulancias de clase B e C, servirá tamén como habilitación para as de clase A1 e A2. A obtención da habilitación terá efecto exclusivamente de cara á xustificación dos requisitos mínimos de formación para cada tipo de ambulancia.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

A **disposición transitoria primeira** establece un período de transición e determina que "os traballadores que no momento da entrada en vigor do Real decreto 836/2012, do 25 de maio, estivesen prestando servizo en vehículos de transporte sanitario e non reúnan os requisitos de formación exixidos, nin a experiencia profesional necesaria para a habilitación profesional, poderán permanecer nos seus postos de traballo desenvolvendo as mesmas funcións **mentres se manteña a relación de servizo**, sen que por tales motivos poidan se removidos del".

A **disposición transitoria segunda** establece que as empresas de transporte sanitario deberán acreditar, **dentro dos seis meses seguintes á entrada en vigor deste decreto**, que todo o persoal contratado para cada vehículo como condutor ou como persoal condutor en funcións de axudante, con posterioridade á publicación do Real decreto 836/2012, do 25 de maio, posúa o título de técnico en emerxencias sanitarias, ou certificado de profesionalidade ou a habilitación (ou no su defecto, a solicitude de habilitación).

REGULACIÓN DO PERSOAL VOLUNTARIO (Disposición adicional primeira)

O persoal voluntario que desempeñe as funcións de persoal condutor ou de persoal condutor en funcións de axudantes nas ambulancias destinadas á prestación dos servizos de transporte sanitario de Cruz Vermella Española ou doutras entidades cuxa actividade principal sexa a prestación de servizos de asistencia sanitaria cunha finalidade humanitaria e social de carácter xeral, deberán posuír, como mínimo, o **certificado de profesionalidade de transporte sanitario** previsto no Real decreto 710/2011, do 20 de maio. Sen prexuízo do anterior, este persoal tamén poderá acceder aos procedementos de habilitación establecidos no presente decreto.

As habilitacións obtidas como persoal condutor ou como persoal condutor en funcións de axudante de ambulancias en entidades benéficas, unicamente producirán efectos para a prestación de servizos nas ditas entidades.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

■ **SANT0208 Transporte sanitario**

PROFESIONAIS DA ÁREA SANITARIA DE FORMACIÓN PROFESIONAL

ÓRGANO COMPETENTE:

ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E SANITARIAS

NORMATIVA

◆ Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias.

A Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, determina que son profesionais da área sanitaria de formación profesional os que posúan os **títulos de formación profesional da familia profesional de sanidade ou os títulos ou certificados equivalentes** a eles. Cómpre ter en conta que as disposicións desta lei son aplicables tanto se a profesión se exerce nos servizos sanitarios públicos como no ámbito da sanidade privada.

Os profesionais da área sanitaria de formación profesional estrutúranse nos seguintes grupos:

- a) De grao superior: as persoas que contén cos títulos de técnico superior en Anatomía Patolóxica e Citolóxica, en Dietética, en Documentación Sanitaria, en Hixiene Bucodental, en Imaxe para o Diagnóstico, en Laboratorio de Diagnóstico Clínico, en Ortoprotésica, en Próteses Dentais, en Radioterapia, en Saúde Ambiental e en Audioprótese.
- b) De grao medio: as persoas que contén cos títulos de técnico en Coidados Auxiliares de Enfermaría e en Farmacia.

O Servizo Galego de Saúde, para traballar nas categorías citadas, só acepta a formación profesional específica.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Actualmente están publicadas algunhas cualificacións da rama sanitaria: SAN124 Laboratorio de análises clínicas, SAN125 Anatomía patolóxica e citolóxica, SAN127 Radioterapia, SAN627 Imaxe para o diagnóstico e SAN669 Coidados auxiliares sanitarios, pero non contan con certificados de profesionalidade publicados.

Estas son profesións reguladas a nivel europeo.

OBSERVACIÓNS

No caso de clínicas de dietética e nutrición, debemos sinalar que, para efectos de instalar unha clínica ou consulta de nutrición ou dietética, a Consellería de Sanidade a considera como un centro sanitario e, polo tanto, de acordo co Real decreto 1277/2003 e a normativa autonómica recollida no Decreto 12/2009, do 8 de xaneiro (DOG do 29 de xaneiro de 2009), exíxese dispor dunha diplomatura en dietética e nutrición ou a licenciatura de medicina en dietética e nutrición.

PROTÉTICO DENTAL E HIXIENISTAS DENTAIS

ÓRGANO COMPETENTE:

ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E SANITARIAS

NORMATIVA

- ◆ Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias.

- ◆ Real decreto 1594/1994, do 15 de xullo, pola que se desenvolve o previsto na Lei 10/1986, que regula a profesión de odontólogo, protético e hixienista dental.
- ◆ Lei 10/1986, do 17 de marzo, sobre odontólogos e outros profesionais relacionados coa saúde dental.

A Lei 10/1986, do 17 de marzo, sobre odontólogos e outros profesionais relacionados coa saúde dental, estableceu no seu artigo segundo o recoñecemento da profesión de protético dental, e no artigo terceiro creou a profesión de hixienista dental, previsto na súa disposición transitoria, a situación e dereitos dos que, no momento de entrada en vigor desta, acreditasen de forma fidedigna e nas condicións que regulamentariamente se establecesen que viñan exercendo as profesións mencionadas.

No desenvolvemento da citada lei, o Real decreto 1594/1994, do 15 de xullo, preveu na súa disposición transitoria primeira un procedemento especial para a habilitación profesional de protéticos e hixienistas dentais que estivesen a exercer as profesións citadas antes da entrada en vigor do propio real decreto e, nesta mesma disposición transitoria, constituíanse as comisións de análise encargadas de determinar os criterios que deberían aplicar as comunidades autónomas para emitir o certificado acreditativo de habilitación profesional e para realizar as probas de avaliación da competencia profesional dos interesados.

*“O exercicio profesional a que se refire o parágrafo anterior, así como o seu **desempeño durante un período de tempo non inferior a cinco anos con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto**, deberase demostrar mediante boletíns de cotización á Seguridade Social e, ademais, no caso dos hixienistas dentais, por xustificación documental que avale o seu traballo nunha clínica dental privada ou centro de titularidade pública.*

A superación desta proba, sobre a cal os aspirantes terán dereito a unha convocatoria anual durante un período de tres anos, habilitará para o exercicio profesional en iguais termos que o establecido neste real decreto”.

Unha vez concluído o traballo das citadas comisións, os seus acordos publicáronse mediante Resolución do 12 de xuño de 1998, da Subsecretaría do Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social (*Boletín Oficial del Estado* do 27 de xullo de 1998). A partir dese momento, as comunidades autónomas deben desenvolver os seus propios procedementos de habilitación profesional dentro do marco establecido na normativa citada, tendo en conta que as resolucións ditadas por cada comunidade autónoma producirán efectos en todas as demais.

No que respecta á habilitación na nosa comunidade autónoma de protéticos e hixienistas que non posúan o título correspondente, o SERGAS propuña, na resolución do 21 de decembro de 1999, realizar probas para habilitar os profesionais que acreditasen ter

exercida a profesión con anterioridade a 1994 por un período inferior a cinco anos (non cumpría a normativa estatal).

A Asociación de Protéticos de Galicia presentou recurso ante o Tribunal Superior de Galicia contra esta resolución, xa que non estaban de acordo co recoñecemento da experiencia profesional e acadaron unha sentenza favorable aos seus intereses. O SERGAS interpuxo recurso de casación ante el Tribunal Supremo, quen ditamina que para participar nas probas son requisitos necesarios **exercer a profesión antes da entrada en vigor da Lei 10/1986 e ter exercido por un período non inferior a cinco anos antes de 1994** (RD 1594/1994).

A Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, determina que son profesionais da área sanitaria de formación profesional neste campo as persoas que posúan o título de formación profesional de grao superior en prótese dental. Cómpre ter en conta que as disposicións desta lei son aplicables tanto se a profesión se exerce nos servizos sanitarios públicos como no ámbito da sanidade privada.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Están publicadas dúas cualificacións profesionais de nivel 3 que farían referencia a estas ocupacións: SAM489 Hixiene bucodental e SAN628 Prótese dental, pero non están publicados os seus respectivos certificados de profesionalidade.

Estas son profesións reguladas a nivel europeo.

AUXILIAR DE FARMACIA

ÓRGANO COMPETENTE:

ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E SANITARIAS

NORMATIVA

- ◆ Lei 3/2019, do 2 de xullo, de ordenación farmacéutica de Galicia.
- ◆ Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias.

Coa entrada en vigor da Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, pretendeuse resolver a deficiente situación lexislativa existente ata este momento nesta materia.

Procédese, por primeira vez, a un tratamento lexislativo específico e diferenciado das profesións sanitarias e a regulamentar as condicións do exercicio e os respectivos ámbitos das profesións sanitarias, tanto se a profesión se exerce nos servizos sanitarios públicos como no ámbito da sanidade privada.

No artigo 3.2 desta lei faise referencia aos profesionais da área sanitaria de formación profesional, pero só alude á formación profesional regrada, é dicir, a que dá lugar aos títulos de técnico e técnico superior. Polo que respecta á área de farmacia, só fai referencia ao título de ciclo medio de farmacia.

Na Resolución do 7 de xaneiro de 2011, da Dirección Xeral de Traballo, pola que se rexistra e publica o XXIII Convenio colectivo marco para oficinas de farmacia (BOE núm. 20, do 24 de xaneiro de 2001), no artigo 11 recóllense as diferentes categorías laborais:

II. Grupo segundo: persoal técnico

- a) Técnico en farmacia.
- b) Auxiliar maior diplomado (vaise extinguir).
- c) Auxiliar diplomado (vaise extinguir).

III. Grupo terceiro: persoal auxiliar de farmacia

- a) Auxiliar de farmacia.
- b) Axudante (vaise extinguir).
- c) Axudante en formación (vaise extinguir).

Nos artigos 27.1 e 27.2 recóllense, para as categorías laborais de técnico en farmacia e de auxiliar de farmacia, as seguintes indicacións de cara á súa acreditación profesional:

27.1.- Técnico en farmacia.- A prol de mellorar a profesionalización do sector, de forma que redunde no aumento da calidade do servizo farmacéutico, as partes acordan que aquel persoal que, na data de publicación deste convenio colectivo, estea a desenvolver as funcións recollidas no RD 1689/2007, do 14 de decembro, polo que se establece o título de técnico en farmacia e parafarmacia, e adquirese a titulación regrada de formación profesional ou equivalente, pasará automaticamente a ter a categoría de técnico en farmacia, con efectos económicos desde a referida data.

27.2.- Persoal auxiliar.- Co fin de lle facilitar ao persoal auxiliar o acceso á categoría de técnico en farmacia, as partes, a través da Comisión de Formación e Promoción Profesional, comprométense a elaborar as bases do que constituirá un plan de formación que se adaptará aos criterios que estableza o Instituto Nacional das Cualificacións e ao que dispoñan as autoridades competentes.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Na actualidade temos unha cualificación profesional publicada, SAN123 Farmacia de nivel 2, pero que aínda non conta con certificado de profesionalidade publicado.

CREACIÓN E FUNCIONAMENTO DE LABORATORIOS CLÍNICOS

ÓRGANO COMPETENTE:

CONSELLERÍA DE SANIDADE

NORMATIVA

- ◆ Decreto 252/2000, do 5 de outubro, polo que se regulan os laboratorios clínicos.

No artigo 3 do Decreto 252/2000, do 5 de outubro, polo que se regulan os laboratorios clínicos, recóllese que “a organización e supervisión xeral do laboratorio en materia sanitaria estará baixo a dirección técnica dun facultativo que teña o título oficial da especialidade correspondente, ou o certificado do Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social de ter realizado a formación da especialidade correspondente, ou a titulación que o habilite legal ou regulamentariamente para o exercicio de tales funcións”, do cal se desprende que pode ser exixible o título de TS en laboratorio de diagnóstico clínico, polo tipo de actividade que regula a norma en cuestión; non obstante, non o cita de xeito expreso.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Actualmente está publicada a cualificación SAN124 Laboratorio de análises clínicas, pero aínda non conta con certificado de profesionalidade publicado.

ORTOPEDIA E AUDIOPRÓTESES

ÓRGANO COMPETENTE:

ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E SANITARIAS

NORMATIVA

- ◆ Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias.
- ◆ Real decreto 437/2002, do 10 de maio, polo que se establecen os criterios para a concesión de licenzas de funcionamento aos fabricantes de produtos sanitarios á medida.
- ◆ Real decreto 2727/1998, do 18 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 414/1996, do 1 de marzo, polo que se regulan os produtos sanitarios.

- ◆ Real decreto 414/1996, do 1 de marzo, que desenvolve a regulación de produtos sanitarios.

A normativa diferenza a fabricación de produtos sanitarios á medida da venda con adaptación individualizada.

Existe unha regulación na actividade de “fabricación de produtos sanitarios á medida” polo RD 437/02 (norma básica) que establece como requisito para a concesión da correspondente licenza de funcionamento aos fabricantes a “dispoñibilidade dun responsable técnico, con titulación que acredite unha cualificación adecuada en función dos produtos que teña ao seu cargo, que exercerá a supervisión directa da actividade realizada pola empresa. En canto á súa titulación en cuestión, pode ser universitaria ou pode ser unha titulación específica en ortopedia, aínda que non sexa de carácter universitario. Este real decreto, no seu artigo 3, parágrafo 3, determina que “para efectos da designación do responsable técnico, os fabricantes deberán aterse a o establecido por: 1º as normas que sobre a materia contén o RD 2727/98”. Consultada esta norma, vemos que establece que tamén se pode exercer se se acredita unha experiencia de 3 anos. Con estes datos, pódese deducir que, aínda que sempre ten que haber un responsable convenientemente titulado, tamén pode haber outras persoas que estean a desenvolver a actividade sen a titulación, ben porque traballan baixo a supervisión dun responsable titulado ou ben porque accederon á profesión acreditando unha experiencia profesional de tres anos.

Baseándose no mencionado real decreto, así como no RD 414/1996 e no RD 2727/1998, que regulan os produtos sanitarios, dedúcese que, no que respecta a produtos sanitarios, nos atopamos cunha profesión regulada propiamente dita (tamén entraría nesta normativa a óptica, pero é profesión titulada de carácter universitario), que é a de prótese dental, e dúas –ortopedia e audioprótese– para as cales, sen seren profesións reguladas no sentido estrito do termo, a normativa establece uns requirimentos de cualificación do persoal para outorgar as correspondentes licenzas de funcionamento. Como se indica máis arriba, este requirimento redúcese ao responsable técnico da fabricación, non a todo o persoal. Ademais, a normativa non establece que títulos en particular se consideran “cualificación adecuada”. En consecuencia, no que se refire á aplicación da normativa, o que sucede é que, por medio de cursos de aproximadamente 200 horas, titulados farmacéuticos ou doutros ámbitos sen demasiada “adecuación” están a obter a licenza correspondente. Os títulos de FP relacionados con estas profesións son: **TS en audioprótese e TS en ortoprotética**.

Capítulo á parte merece a Lei de ordenación das profesións sanitarias, que no seu artigo 2 se refire ás “profesións sanitarias tituladas”, que son as universitarias e a de protéticos e hixienistas, e no seu artigo 3 aos “profesionais da área sanitaria de formación profesional”,

incluíndo neste punto todos os títulos da área de sanidade. No resto do articulado, fala das profesións sanitarias pero non queda claro se se refire en exclusiva ás citadas no artigo 2 ou se igualmente se refire ás profesións mencionadas no artigo 3, convertendo estas últimas tamén en profesións reguladas. A disposición transitoria terceira, titulada "definición e estruturación das profesións sanitarias e dos profesionais da área sanitaria de formación profesional", induce a pensar que, cando fala de profesións sanitarias, só se refire ás do artigo 2. No entanto, na nosa opinión, esta lei mantén un grao de ambigüidade importante neste sentido.

No que se refire á nosa comunidade autónoma, existe unha norma específica, a Orde do 23 de xullo de 1999 (modificada pola Orde do 18 de agosto de 2000), pola que se regulan os establecementos de **ortopedia**. Non aparece recollida normativa para o establecemento de audiopróteses.

O artigo 3º desta orde exige que tales establecementos sexan atendidos directa e persoalmente por un técnico ortopédico ou técnico superior en ortoprotética ou outro profesional en posesión da titulación que acredite unha cualificación axeitada para o exercicio de tales funcións, que será o responsable da actividade técnico- sanitaria do establecemento.

Estes profesionais cuxa titulación acredite unha cualificación adecuaríanse aos licenciados en farmacia que realizaron o curso de posgrao de especialización en ortopedia ou outros titulados que contén cunha formación especializada en ortopedia, especialidade que xa se está a impartir en varias universidades do territorio nacional, incluída a Universidade de Santiago de Compostela.

Polo tanto, no ámbito da nosa comunidade, esta actividade require a posesión da titulación; logo está regulada.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Actualmente existen tres cualificacións publicadas relacionadas con estas actividades: SAN126 Audiopróteses, SAN528 Produtos sanitarios ortoprotéticos e axudas técnicas e SAN128 Ortoprotética, aínda que ningunha delas conta, polo de agora, con certificado de profesionalidade publicado.

ÓRGANO COMPETENTE:

ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E SANITARIAS

NORMATIVA

- ◆ Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias.
- ◆ Orde do 27 de maio de 1993 pola que se regula a autorización de establecementos de ópticas.

Trátase dunha profesión titulada, é dicir, unha profesión na que se estableceu por lei a necesidade dunha **titulación oficial universitaria** específica para exercer e a colexiación no colexio profesional correspondente (Lei 44/2003, do 21 de novembro). Por outra banda, na normativa autonómica, a Orde do 27 de maio de 1993 relativa aos establecementos sanitarios determina a necesidade de que cada óptica conte cun diplomado en óptica, ou en óptica e optometría, responsable da actividade asistencial, sen prexuízo de que poida estar asistido polos axudantes ou auxiliares que considere convenientes. Polo tanto, á profesión de óptica accédese cunha titulación universitaria de diplomado en óptica e optometría; o **TS en óptica de anteollos** da familia de fabricación mecánica intervirá exercendo funcións “no marco do respecto á competencia profesional, responsabilidade e autonomía propias das profesións sanitarias”.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

No ficheiro de especialidades do SPEE non figura actualmente ningunha especialidade relacionada con esta actividade.

MANTEMENTO E LIMPEZA DOS EQUIPOS E INSTALACIÓNS DE PISCINAS

ÓRGANO COMPETENTE:

MINISTERIO DE SANIDADE, CONSUMO E BENESTAR SOCIAL

NORMATIVA

- ◆ Decreto 119/2019, do 19 de setembro, polo que se regulan os criterios hixiénico-sanitarios das piscinas de Galicia.

- ◆ Real decreto 742/2013, do 27 de setembro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios de piscinas.

O real decreto ten por obxecto establecer os criterios básicos técnico-sanitarios da calidade da auga e do aire das piscinas coa finalidade de protexer a saúde dos usuarios de posibles riscos físicos, químico ou microbiolóxicos derivados do seu uso.

Aplicarase a calquera **piscina de uso público** instalada no territorio español ou baixo bandeira española. O artigo 2.2 determina que as piscinas de uso público poderán ser:

Tipo 1: Piscinas onde a actividade relacionada coa auga é o obxectivo principal, como no caso de piscinas públicas, de ocio, parques acuáticos ou spas.

Tipo 2: Piscinas que actúan como servizo suplementario ao obxectivo principal, como no caso de piscinas de hoteis, aloxamentos turísticos, cámping ou terapéuticas en centros sanitarios, entre outras.

O artigo 8 dedicado ao persoal determina que "o persoal para a posta a punto, o mantemento e a limpeza dos equipos e instalacións das piscinas deberá contar co certificado ou título que o capacite para o desempeño desta actividade mediante superación dos contidos formativos que estableza o Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social e nas condicións que este determine"²⁴.

A disposición derradeira terceira establece que no prazo máximo de dous anos desde a entrada en vigor deste decreto (o que indicaría como prazo decembro de 2015) o Ministerio deberá ter desenvolto os contidos formativos para a obtención do certificado ou título que capacite para a posta a punto, o mantemento e a limpeza dos equipos e instalacións das piscinas previsto no citado artigo 8.

Quedarían *excluídas* as piscinas naturais (a renovación da auga está asociada ao movemento natural de mareas ou cursos de ríos) e os vasos termais ou mineromedicinais (non está tratada quimicamente e utilízase só para tratamentos médico-termais).

²⁴ Segundo dispón o Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social, a formación do persoal de posta a punto, mantemento e limpeza dos equipamentos e instalacións das piscinas sería a seguinte:

- No caso que aplique biocidas deberá cumprir o disposto no Real decreto 830/2010, do 25 de xullo, polo que se establece a normativa reguladora de capacitación para realizar tratamentos con biocidas. Ver neste informe o apartado de "Capacitación para realizar tratamentos con biocidas".
- Así mesmo, se realiza operacións de mantemento hixiénico-sanitario das instalacións con risco de proliferación da leixionela obxecto do Real decreto 865/2003, do 4 de xullo, debe contar coa formación necesaria definida no artigo 13 do dito real decreto e desenvolvida na Orde SCO/317/2003, do 7 de febreiro. No caso galego, contamos co desenvolvemento do Decreto 51/2018, do 22 de marzo, onde se regula a formación deste persoal. Ver "Mantemento das instalacións susceptibles de se converter en focos de propagación da leixionelose".

SITUACIÓN DAS PISCINAS PRIVADAS

Por piscina de uso privado entendemos aquelas destinadas só á familia e invitados do propietario, ou ocupante, incluíndo o uso relacionado co alugamento de casas para uso familiar. Estas piscinas están catalogadas do seguinte xeito:

Tipo 3A: Piscinas de comunidades de propietarios, casas rurais ou de agroturismo, colexios maiores ou similares

Tipo 3B: Piscinas unifamiliares

Este real decreto regula tamén o mantemento destas piscinas marcando uns *mínimos de cumprimento*, segundo sexa tipo 3A ou 3B. En ningún dos dous casos o cumprimento do artigo 8 aparece como obrigatorio.

PERSOAL CUALIFICADO EN TANATOPRAXIA

ÓRGANO COMPETENTE:

CONSELLERÍA DE SANIDADE

NORMATIVA

◆ Decreto 151/2014, do 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia

É obxecto do presente decreto a regulación da sanidade mortuoria na Comunidade Autónoma de Galicia, que inclúe as seguintes materias:

- a) Toda clase de prácticas sanitarias sobre cadáveres, tales como as de tanatopraxia e tanatoestética.
- b) As condicións técnico-sanitarias que deben reunir as empresas funerarias, tanatorios, velorios e crematorios, de carácter público ou privado, nos traballos que realizan e medios que empregan para o transporte de cadáveres e restos humanos e restos cadavéricos.
- c) As condicións técnico sanitarias que teñen que cumprir os cemiterios e demais lugares de enterramentos.
- d) As normas sanitarias no tratamento dos restos cadavéricos.
- e) As infraccións e sancións en materia de sanidade mortuoria.

REQUISITOS DAS TÉCNICAS DE TANATOPRAXIA, TANATOESTÉTICA E TANATOPLASTIA

O Art. 8 especifica no apartado b) que “as técnicas de tanatopraxia efectuaranse en salas de tanatopraxia, baixo a supervisión e responsabilidade de **persoal con cualificación profesional axustada ao Real decreto 140/2011, do 4 de febreiro**, polo que se complementa o Catálogo nacional de cualificacións profesionais, para a realización das ditas técnicas”.

O técnico responsable certificará a súa actuación con descrición das técnicas usadas así como o precinto final do féretro cando proceda. Os residuos que se xeren nas técnicas de tanatopraxia deberán ser manipulados e xestionados de acordo co establecido na lexislación vixente sobre residuos sanitarios

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

SANP0108 “Tanatopraxia”. Este certificado correspóndese coa cualificación citada no artigo 8 do Decreto.

MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS SUSCEPTIBLES DE SE CONVERTER EN FOCOS DE PROPAGACIÓN DE LEXIONELOSE

ÓRGANO COMPETENTE:

CONSELLERÍA DE SANIDADE

NORMATIVA

- ◆ **Decreto 51/2018**, do 22 de marzo, polo que se regula a formación do persoal que realiza actividades de mantemento hixiénico-sanitario de instalacións susceptibles de propagar a lexielose, do persoal que realiza prácticas de tatuaxe, micropigmentación e piercing, así como calquera outra práctica de decoración corporal que implique a perforación da pel, mucosas ou tecidos, e do persoal operador de aparellos de bronceado artificial mediante radiacións ultravioleta.

O disposto neste decreto resultará de aplicación á formación do persoal que realiza operacións de mantemento hixiénico-sanitario das instalacións incluídas no ámbito de aplicación do Real decreto 865/2003, do 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e control da lexielose.

ENTIDADES DE FORMACIÓN

As entidades que se dediquen á formación do persoal que realice as operacións de mantemento hixiénico-sanitario das instalacións susceptibles de propagar lexielose deberán dispoñer dos espazos necesarios para o desenvolvemento das accións formativas, cun programa de formación e cos recursos materiais e humanos axeitados para impartir os contidos previstos, así como un sistema que posibilita a actualización constante do persoal docente en relación cos avances científicos e técnicos propios de cada sector.

Estas entidades deben de presentar unha **declaración responsable** que permitirá a estas a organización e impartición da formación desde o día da súa presentación, sen prexuízo das facultades administrativas de comprobación, control e inspección.

A superación da formación a que se refire este decreto acreditarase mediante certificación individual expedida pola entidade de formación.

No eido do sector público autonómico de Galicia, e sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos da Administración xeral e das entidades públicas instrumentais, a consellería competente en materia de sanidade levará a cabo as funcións de inspección das entidades de formación, así como o control do cumprimento das obrigas exixibles a

estas. Así mesmo, créase un **rexistro de entidades de formación hixiénico-sanitaria**, no cal se inscribirán as entidades que impartan formación ao persoal que realice as actividades hixiénico-sanitario a que se refire o presente decreto. Este rexistro dependerá organicamente do órgano superior competente en materia de saúde pública da consellería competente en materia de sanidade.

PERSOAL EXCLUÍDO DO ÁMBITO DE APLICACIÓN DO DECRETO

Queda excluído o persoal que conte con algún título universitario de diplomado, licenciado, graduado en cuxo programa de estudos se inclúan os contidos formativos recolleitos no anexo IV do presente decreto; pola posesión dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade que acredite as unidades de competencia correspondentes á cualificación profesional SEA492_2 Mantemento hixiénico-sanitario de instalacións susceptibles de proliferación de microorganismos nocivos e a súa diseminación por aerosolización-Nivel 2 e SEA251_3 Xestión de servizos para o control de organismos nocivos -Nivel3.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

A obtención dos seguintes certificados excluíría o persoal formado da aplicación do antedito decreto:

- **SEAG0212** Mantemento hixiénico-sanitario de instalacións susceptibles de proliferación de microorganismos nocivos e a súa diseminación por aerosolización.
- **SEAG0311** Xestión de servizos para o control de organismos nocivos.

PERSOAL DE SEGURIDADE PRIVADA

ÓRGANO COMPETENTE:
MINISTERIO DO INTERIOR

NORMATIVA

- ◆ Lei 5/2014, do 4 de abril, de seguridade privada.
- ◆ O Regulamento de seguridade privada, aprobado polo Real decreto 2364/1994, do 9 de decembro, e o resto da normativa de desenvolvemento da Lei 23/1992, do 30 de xullo, e do propio regulamento, manterán a súa vixencia no que non contraveñan a Lei 5/2014.

O persoal de seguridade privada estará integrado por: os vixilantes de seguridade e a súa especialidade de vixilantes de explosivos, os escoltas privados, os gardas rurais e as súas especialidades de gardas de caza e gardapesca marítimos, os xefes de seguridade, os directores de seguridade e os detectives privados.

Para os efectos de habilitación, considerárase:

- Para habilitarse como vixilantes de explosivos, será necesario ter previamente a habilitación como vixilante de seguridade.
- Para habilitarse como garda de caza ou gardapesca marítimo, será preciso facelo previamente como garda rural.

Para obter a correspondente habilitación profesional do Ministerio do Interior, requirirase a obtención da tarxeta de identidade profesional, para a cal será necesario:

- ☒ Dispor dos requisitos xerais e dos específicos que regulamentariamente se determinen en atención ás funcións que teñan que desempeñar.
- ☒ Contar coa formación requirida.

REQUISITOS XERAIS

De acordo co artigo 28 da Lei de seguridade privada, o persoal terá que reunir os seguintes **requisitos xerais**:

- ☒ Ter a nacionalidade dalgún dos Estados membros da Unión Europea ou dun Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, ou ser nacional dun terceiro Estado que teña subscrito con España un convenio internacional no que cada parte recoñeza o acceso ao exercicio destas actividades aos nacionais da outra.

- ☑ Ser maior de idade.
- ☑ Posuír a capacidade física e a aptitude psicolóxica necesarias para o exercicio das funcións.
- ☑ Estar en posesión da formación previa requirida no artigo 29.
- ☑ Carecer de antecedentes penais por delitos dolosos.
- ☑ Non ter sido sancionado nos dous ou catro anos anteriores por infracción grave ou moi grave, respectivamente, en materia de seguridade privada.
- ☑ Non ter sido separado do servizo nas Forzas e Corps de Seguridade ou nas Forzas Armadas españolas ou do país da súa nacionalidade ou procedencia nos dous anos anteriores.
- ☑ Non ter sido condenado por intromisión ilexítima no ámbito de protección do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, vulneración do segredo das comunicacións ou doutros dereitos fundamentais nos cinco anos anteriores á solicitude.
- ☑ Superar, de ser o caso, as probas de comprobación que regulamentariamente estableza o Ministerio do Interior, que acrediten os coñecementos e a capacidade necesarios para o exercicio das súas funcións.

FORMACIÓN

A formación requirida para o persoal de seguridade privada será a seguinte:

- **Vixilantes de seguridade, vixilantes de explosivos, escoltas privados, gardas rurais, gardas de caza e gardapescas marítimos:** obtención da certificación acreditativa correspondente, expedida por un centro de formación do persoal de seguridade privada que presentase a declaración responsable ante o Ministerio do Interior ou o órgano autonómico competente, ou dos correspondentes **certificados de profesionalidade de vixilancia e seguridade privada e gardería rural e marítimo, que estableza o Goberno por proposta do Ministerio de Emprego e Seguridade Social**, ou do título de formación profesional que estableza o Goberno por proposta do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Nestes dous últimos casos, non se exixirá a proba de comprobación de coñecementos e capacidade a que se refire o artigo 28 (requisitos xerais).
- **Xefes e directores de seguridade:** obtención ben dun título universitario oficial de grao no ámbito da seguridade que acredite a adquisición das competencias que se determinen, ou ben do título do curso de investigación privada, recoñecido polo Ministerio do Interior.
- **Detectives privados:** obtención dun título universitario de grao no ámbito da investigación privada que acredite a adquisición das competencias que se determinen, ou ben do título do curso de investigación privada, recoñecido polo Ministerio do Interior.

REQUISITOS ESPECÍFICOS EN FUNCIÓN DA SÚA ESPECIALIDADE

De acordo co punto nove do artigo único do Real decreto 4/2008, do 11 de xaneiro, polo que se modifican determinados artigos do Regulamento de seguridade privada para a habilitación do persoal e en todo momento para a prestación de servizos de seguridade privada, o persoal terá que reunir os seguintes **requisitos específicos**:

VIXILANTES DE SEGURIDADE E GARDAS PARTICULARES DE CAMPO en calquera das súas especialidades:

- Non ter cumpridos os 55 anos de idade.
 - Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria, de técnico, ou outros equivalentes para os efectos profesionais, ou superiores.
 - Os requisitos necesarios para poder portar e utilizar armas de fogo, a teor do disposto para o efecto no vixente Regulamento de armas.
 - Posuír o diploma acreditativo de ter superado os módulos profesionais da formación teórico-práctica en centros autorizados pola Secretaría de Estado de Seguridade.
- O RD 2364/1994, do 9 de decembro, polo que se aproba a lexislación de seguridade persoal, no seu artigo 58 establece que “os aspirantes que superasen o curso a que se refire o artigo 56 poderán solicitar a súa participación nas probas oficiais de coñecementos e capacidades que, para cada especialidade, estableza o Ministerio de Xustiza e Interior”.

ESCOLTAS PRIVADOS: ademais dos requisitos específicos dos vixilantes de seguridade, deberán ter unha estatura mínima de 1,70 metros os homes e de 1,65 metros as mulleres.

DETECTIVES PRIVADOS:

- Estar en posesión do título de bacharelato, de técnico superior, de técnico nas profesións que se determinen, ou outros equivalentes para os efectos profesionais, ou superiores.
- Ter o diploma de detective privado, recoñecido para estes efectos na forma que se determine por orde do Ministerio do Interior e obtido despois de cursar as ensinanzas programadas e de superar as correspondentes probas.
- Non ser funcionario de ningunha das administracións públicas en activo, no momento da solicitude nin durante os dous anos anteriores a esta.

XEFES DE SEGURIDADE E DIRECTORES DE SEGURIDADE:

- Estar en posesión do título de bacharelato, de técnico superior, de técnico nas profesións que se determinen, ou outros equivalentes para os efectos profesionais, ou superiores.
- Acreditar o desempeño de postos ou funcións de seguridade pública ou privada, polo menos durante cinco anos.

TÁBOA RESUMO:

PROFESIÓN	REQUISITOS ESPECÍFICOS	REQUISITOS XERAIS
Vixilantes de seguridade e gardas particulares de campo, gardas de caza e gardapesca marítimo	1.- Non ter cumpridos os 55 anos de idade. 2.- Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria, de técnico, ou outros equivalentes para os efectos profesionais, ou superiores. 3.- Os requisitos necesarios para poder portar e utilizar armas de fogo, a teor do disposto para o efecto no vixente Regulamento de armas. 4.- Posuír o diploma acreditativo de ter superado os módulos profesionais da formación teórico-práctica en centros autorizados pola Secretaría de Estado de Seguridade.	1.- Ter a nacionalidade dalgún dos Estados membros da Unión Europea ou dun Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, ou ser nacional dun terceiro Estado que teña subscrito con España un convenio internacional no que cada parte recoñeza o acceso ao exercicio destas actividades aos nacionais da outra. 2.- Ser maior de idade. 3.- Posuír a capacidade física e a aptitude psicolóxica necesarias para o exercicio das funcións. 4.- Estar en posesión da formación previa requirida no artigo 29. 5.- Carecer de antecedentes penais por delitos dolosos. 6.- Non ter sido sancionado nos dous ou catro anos anteriores por infracción grave ou moi grave, respectivamente, en materia de seguridade privada. 7.- Non ter sido separado do servizo nas Forzas e Corpos de Seguridade ou nas Forzas Armadas españolas ou do país da súa nacionalidade ou procedencia nos dous anos anteriores. 8.- Non ter sido condenado por intromisión ilexítima no ámbito de protección do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, vulneración do segredo das comunicacións ou doutros dereitos fundamentais nos cinco anos anteriores á solicitude. 9.- Superar, de ser o caso, as probas de comprobación que regulamentariamente estableza o Ministerio do Interior que acrediten os coñecementos e a capacidade necesarios para o exercicio das súas funcións.
Escoltas privados, vixilantes de explosivos e substancias perigosas	Ademais dos requisitos específicos dos vixilantes de seguridade, deberán ter unha estatura mínima de 1,70 metros os homes e de 1,65 metros as mulleres.	
Detectives privados	1.- Ter o título de bacharelato, de técnico superior, de técnico nas profesións que se determinen, ou outros equivalentes para os efectos profesionais, ou superiores. 2.- Estar en posesión do diploma de detective privado, recoñecido para estes efectos na forma que se determine por orde do Ministerio do Interior e obtido despois de cursar as ensinanzas programadas e de superar as correspondentes probas.	
Xefes de seguridade e directores de seguridade	1.- Estar en posesión do título de bacharelato, de técnico superior, de técnico nas profesións que se determinen, ou doutros equivalentes para os efectos profesionais, ou superiores. 2.- Acreditar o desempeño de postos ou funcións de seguridade pública ou privada, polo menos durante cinco anos.	

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Existen dous certificados de profesionalidade que cobren de forma expresa a formación requirida pola Lei 5/2014, do 4 de abril, de seguridade privada:

- SEAD0112 Vixilancia, seguridade privada e protección de persoas
- SEAD0212 Vixilancia, seguridade privada e protección de explosivos

Por outra banda, o certificado SEAG0309 Control e protección do medio natural, ten formación relacionada coa ocupación de garda de caza.

Estas son profesións reguladas a nivel europeo.

INSTRUTOR DE TIRO

ÓRGANO COMPETENTE:

MINISTERIO DO INTERIOR

NORMATIVA

- ◆ Resolución do 28 de febreiro de 1996, da Secretaría de Estado de Interior (BOE núm. 57, do 6 de marzo), pola que se aproban as instrucións para a realización dos exercicios de tiro do persoal de seguridade privada.
- ◆ Orde INT/318/2011, do 1 de febreiro, sobre persoal de seguridade privada (BOE núm. 42, do 18 de febreiro).
- ◆ Resolución do 18 de outubro de 2007 (BOE núm. 284, do 27 de novembro), da Dirección Xeral da Garda Civil, pola que se designa a unidade administrativa que desenvolverá determinadas competencias en materia de seguridade privada (Servizo de Protección e Seguridade da Garda Civil).

PROCEDEMENTO

A función dos instrutores de tiro será dirixir as prácticas e o perfeccionamento no manexo das armas do persoal de seguridade privada.

Unha vez ao ano (no mes de xaneiro), mediante publicación no BOE, convócanse as probas selectivas para obter a habilitación de instrutores de tiro do persoal de seguridade privada.

Estas probas serán xestionadas a través do Servizo de Protección e Seguridade da Garda Civil.

O exame para obter a habilitación constará de dúas probas: unha de coñecementos teóricos e unha proba de aptitude práctica.

A súa superación habilitará para exercer as funcións de dirección e instrución nas prácticas e no perfeccionamento no manexo das armas do persoal de seguridade privada durante os exercicios de tiro tanto de adestramento como de cualificación.

REQUISITOS

Para poder concorrer á citada convocatoria de probas selectivas, os solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- ☒ Ter nacionalidade española ou ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea ou doutros Estados partes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.
- ☒ Ser maior de idade.
- ☒ Carecer de antecedentes penais.
- ☒ Estar en posesión do título de graduado escolar, de graduado en educación secundaria obrigatoria, de formación profesional de primeiro grao ou doutros equivalentes ou superiores.
- ☒ Ter algunha das licenzas de armas en vigor das clases A, B, C ou F, ou, no seu defecto, un certificado emitido por un organismo oficial de posuír experiencia suficiente no manexo de armas, circunstancia que valorará o tribunal en cada caso.

Tales requisitos deberán ser acreditados polos solicitantes que desexen tomar parte nas probas que se convocan.

CONTROL DE ACCESOS A ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS

ÓRGANO COMPETENTE:

DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR (as probas son convocadas pola Academia Galega de Seguridade Pública)

NORMATIVA

- ◆ Decreto 48/2021, do 11 de marzo, polo que se regula a actividade de control de acceso aos espectáculos públicos e actividades recreativas, así como aos establecementos ou espazos abertos ao público en que se realicen.

- ◆ Decreto 75/2015, do 21 de maio, polo que se modifica o Decreto 8/2010, do 21 de xaneiro, polo que se regula a actividade de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas.
- ◆ Decreto 104/2015, do 23 de xullo, polo que se modifica o Decreto 8/2010, do 21 de xaneiro, polo que se regula a actividade de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas.

O persoal de control de acceso é aquel que exerce as funcións de admisión e control de acceso do público aos espectáculos públicos e ás actividades recreativas, así como aos establecementos ou espazos abertos ao público en que se realicen. Actuará baixo a directa dependencia da persoa titular do establecemento ou espazo aberto ao público ou da persoa organizadora do espectáculo público ou da actividade recreativa.

O Decreto 48/2021 será de aplicación ao persoal de control de acceso que exerza esta actividade naqueles establecementos, espazos, espectáculos e actividades recreativas que dispoñan de dito servizo e estean incluídos no Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia. Quedan excluídos aqueles establecementos abertos ao público de titularidade das administracións públicas que teñan o seu propio persoal de control de acceso.

REQUISITOS E HABILITACIÓN

Para desempeñar as funcións de persoal de control de acceso será necesario reunir os seguintes requisitos:

- ☒ Ser maior de idade.
- ☒ Ter a nacionalidade española ou dalgún dos países que integran a Unión Europea ou estar en posesión do permiso de residencia e traballo correspondentes.
- ☒ Carecer de antecedentes penais.
- ☒ Ter superado o curso específico que para tal efecto convoque a Academia Galega de Seguridade Pública e de conformidade co disposto no artigo 8 deste decreto.
- ☒ Ter a aptitude psicolóxica necesaria acreditada consonte o que dispón o artigo 8.4.

Para desenvolver a función de control de acceso deberá contarse coa **habilitación** da dirección xeral competente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas, logo da obtención do certificado acreditativo de ter superado o curso correspondente expedido pola Academia Galega de Seguridade Pública.

A vixencia da habilitación prevista neste decreto será de **dez anos** desde a data da súa expedición. **A súa renovación requirirá** a acreditación do cumprimento dos requisitos que se establecen nas letras b) e c) do artigo 8.3 deste decreto.

CAPACITACIÓN PARA ADESTRAMENTO DE CANS

ÓRGANO COMPETENTE:

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

NORMATIVA

- ◆ O Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, polo que se regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia e se crean os rexistros galegos de identificación de animais de compañía e potencialmente perigosos e de adestradores caninos, dedica o seu capítulo IV á regulación do adestramento para garda e defensa.
- ◆ Orde de 16 do outubro do 2002 pola que se habilitan para a expedición directa do certificado de capacitación para o adestramento, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste capítulo establece que o adestramento para a garda e defensa o deberán efectuar adestradores que teñan un **certificado de capacitación expedido ou homologado pola consellería**.

Para obter este certificado de capacitación, existen dúas vías:

Expedición directa para aqueles que dispoñan das titulacións recollidas no anexo da Orde do 16 de outubro de 2002, e que son as seguintes:

- Persoal con titulación da Escola de Cans das Forzas Armadas e das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.
- Xuíces internacionais e nacionais nomeados pola Real Sociedad Canina de España para:
 - Probas de traballo para cans de utilidade.
 - Probas de *Mondioring*.
- Xuíces homologadores de rescate canino en catástrofes.
- Probas de caza que inclúen: cans de mostra e cans de rastro.

- Probas internacionais de obediencia.
- Xuíces internacionais e nacionais nomeados pola Real Federación Española de Caza.
- Xuíces autonómicos nomeados pola Federación Galega de Caza.
- Persoal con titulación de escolas de cans guía recoñecidas pola Federación Internacional de Escolas de Cans Guía.
- Xuíces nomeados pola Federación de Clubs Españoles de Adiestramiento Canino (Federación CEAC) para probas de traballo para cans de utilidade.

Expedición a través da superación dun exame que versará sobre os contidos do programa que figura no anexo VII do Decreto 90/2002. Para poder presentarse aos exames, é necesario cumprir os seguintes requisitos:

- ☒ Ser maior de idade.
- ☒ Non estar incapacitado física nin psiquicamente.
- ☒ Non ter antecedentes penais por delitos de homicidio, lesións, torturas, contra a liberdade, ou contra a integridade moral, a liberdade sexual e a saúde pública, de asociación con banda armada ou de narcotráfico.
- ☒ Ausencia de sancións por infraccións en materia de protección animal ou en materia de tenza de animais potencialmente perigosos.
- ☒ Antecedentes e experiencia acreditada durante un mínimo de 5 anos.
- ☒ De ser o caso, dispoñibilidade de instalacións e aloxamentos axeitados desde o punto de vista hixiénico-sanitario, de protección animal e de seguridade cidadá, que deberán reunir as condicións sinaladas no artigo 15 do Decreto 90/2002.
- ☒ Compromiso de cumprimento de normas de manexo e de comunicación de datos.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Hai dous certificados de profesionalidade que fan referencia a esta actividade:

- SEAD0412 Adestramento de base e educación canina
- SEAD0512 Instrución canina en operacións de seguridade e protección civil

Cómpre salientar tamén a existencia dun certificado de profesionalidade para adestrar a cans guía:

- SSCI0112 Instrución de cans de asistencia

Ningún deles fai referencia ao certificado de capacitación de adestramento de cans.

CAPACITACIÓN PARA REALIZAR TRATAMENTOS CON BIOCIDAS

ÓRGANO COMPETENTE:

MINISTERIO DE SANIDADE, CONSUMO E BENESTAR SOCIAL

AS COMUNIDADES AUTÓNOMAS SON AS ENCARGADAS de controlar as entidades que realicen estes cursos, os contidos destes, o profesorado e a expedición dos certificados de aproveitamento (Dirección Xeral de Saúde Pública)

NORMATIVA

- ◆ Orde do 29 de xuño de 2016 polo que se prorroga o prazo de validez dos carnés de biocidas.
- ◆ RD 830/2010, do 25 de xuño, polo que se establece a normativa reguladora da capacitación para realizar tratamentos con biocidas.
- ◆ RD 1054/2002, do 11 de outubro, polo que se regula o proceso de avaliación para o rexistro, autorización e comercialización de biocidas.

OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Protección da saúde mediante o establecemento de criterios que lles permitan garantir uns niveis mínimos de capacitación ás persoas que desenvolvan actividades laborais relacionadas coa aplicación de produtos biocidas dos grupos e tipos sinalados a continuación:

a) Grupo principal 1: **DESINFECTANTES E BIOCIDAS XERAIS**

- Tipo de produto 2 (**TP2**) – Desinfectantes utilizados nos ámbitos da vida privada e da saúde pública e outros biocidas, agás os utilizados na desinfección de hospitais.
- Tipo de produto 3 (**TP3**) – Biocidas para a hixiene veterinaria.
- Tipo de produto 4 (**TP4**) – Desinfectantes para as superficies que estean en contacto con alimentos e pensos.

b) Grupo principal 2: **CONSERVANTES**

- Tipo de produto 8 (**TP8**) – Protectores para madeiras.
- Tipo de produto 11 (**TP11**) – Protectores para líquidos utilizados en sistemas de refrixeración e en procesos industriais.

c) Grupo principal 3: **PRAGUICIDAS**

- Tipo de produto 14 (**TP14**) – Rodenticidas.
- Tipo de produto 18 (**TP18**) – Insecticidas, acaricidas e produtos para controlar outros artrópodos.
- Tipo de produto 19 (TP19) – Repelentes e atraentes.

APLICADOR DE TRATAMENTO BIOCIDA

Estarán capacitadas para realizar actividades laborais relacionadas coa aplicación de biocidas aquelas persoas que acrediten ter superado unha formación no dito ámbito.

A. Para os **TP 2, 3, 4, 11, 14, 18 e 19**:

- Pola posesión dun título de formación profesional, curso de especialización de formación profesional previsto no Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro, ou dun certificado de profesionalidade que acrediten as unidades de competencia correspondente á cualificación profesional de **servizos para o control de pragas** (nivel 2).
- Pola posesión dun título de formación profesional, curso de especialización de formación profesional aos que se refire o punto anterior, ou dun certificado de profesionalidade que acrediten as unidades de competencia correspondentes á cualificación profesional de **xestión de servizos para o control de organismos nocivos** (nivel 3).

B. Para os **TP 8**:

- Pola posesión dun certificado de aproveitamento emitido por unha entidade que dedique a súa actividade a impartir a formación referida no anexo I do RD 830/2010.

RESPONSABLE TÉCNICO DE SERVICIOS BIOCIDAS

Os servizos biocidas que realicen tratamentos a terceiros, con carácter corporativo ou en instalacións fixas, deberán designar un responsable técnico. A capacitación para exercer a responsabilidade técnica considerarase acreditada coa posesión do certificado de profesionalidade, títulos de formación profesional ou curso de especialización de formación

profesional aos que se refire o artigo 4, punto 1.a), que acrediten as unidades de competencia correspondentes á cualificación profesional de **xestión de servizos para o control de organismos nocivos (nivel 3)**, para as empresas dedicadas a tratamentos con biocidas dos tipos 2, 3, 4, 11, 14, 18 e 19, ou ben co nivel de formación de responsables do anexo I, e mais os niveis especiais do anexo II, sendo ambos *obrigatorios*, para biocidas do TP8. Considérase igualmente que están capacitadas para exercer a responsabilidade técnica de servizos biocidas dos tipos 2, 3, 4, 11, 14, 18 e 19 as persoas que posúan as seguintes titulacións:

- **Título universitario** que acredite a obtención de competencias e coñecementos axeitados para a xestión dos procesos de control de organismos nocivos, relacionados coa sanidade ambiental, ou a enxeñaría dedicada basicamente ao saneamento dos ámbitos en que se desenvolve a actividade humana.
- **Título de formación profesional** de grao superior específico en saúde ambiental.

VALIDEZ DOS CARNÉS ACTUAIS

No ámbito dos biocidas dos tipos 2, 3, 4, 14, 18 e 19, concédese un **PRAZO DE 10 ANOS**²⁵ (ata o 15 de xullo do 2020) durante os que se prorrogará a validez dos carnés de niveis básico e cualificado, ata o momento homologados para uso ambiental e na industria alimentaria.

Para continuaren exercendo a súa actividade unha vez finalizado este período transitorio, os traballadores e traballadoras que actualmente contén cos carnés de control de pragas deberán cumprir coas condicións que estableza a lexislación pertinente relativa á obtención dos certificados de profesionalidade correspondentes ás cualificacións profesionais de nivel 2 (servizos para o control de pragas) e nivel 3 (xestión de servizos para o control de organismos nocivos). En todo caso, deberán ter realizado os cursos correspondentes aos niveis especiais para a aplicación de biocidas clasificados como moi tóxicos, e biocidas que sexan ou xeren gases (anexo II do real decreto).

Durante este período transitorio, as comunidades autónomas teñen a facultade de poderen adoptar as disposicións que se consideren oportunas para paliar os eventuais problemas que puidesen ocasionar no mercado de traballo.

²⁵ A Orde do 29 de xuño prorrogou en 4 anos o prazo previsto na disposición transitoria do Real decreto 830/2010, onde se falaba dun período transitorio de 6 anos.

Están publicados os dous certificados (nivel 2 e nivel 3) que habilitarían para traballar. Para aplicador de biocidas:

SEAG0110 Servizos para o control de pragas

Para responsable técnico de servizos de biocidas:

SEAG0311 Xestión de servizos para o control de organismos nocivos

NOTA

O tratamento de biocidas TP8 "Protectores para madeira" implica uns requisitos formativos específicos e obrigatorios recollidos nos anexos do Real decreto 830/2010.

En calquera caso, queremos expor a existencia dun módulo formativo da familia de madeira, moble e cortiza que podería cumprir os requisitos formativos descritos.

MF0686_2: Tratamentos curativos da madeira (80 horas) do certificado de profesionalidade de nivel 2 "Preparación da madeira" (MAMA0310).

A capacidades e criterios de avaliación serían os seguintes:

- Describir os procesos de detección de danos nas madeiras, para aplicar o tratamento axeitado, segundo as normas establecidas.
- Obter disolucións de produtos curativos segundo especificacións do fabricante e respectando as normas de seguridade, saúde laboral e ambientais.
- Realizar as operacións de preparación e posta a punto dos equipamentos e espazos, respectando as normas de seguridade, saúde laboral e ambientais.
- Operar cos equipamentos de aplicación de produtos curativos, en condicións de seguridade, saúde laboral e ambientais axeitadas.

Este certificado de profesionalidade non fai referencia á posibilidade de obter a formación adecuada para tratamentos biocidas TP8, pero poderíase adaptar a tal circunstancia dados os contidos e a formación de 80 horas, que serviría non só para o aplicador de biocidas (25 horas), senón tamén para o responsable (80 horas).

PERSOAL VOLUNTARIO DO SISTEMA INTEGRADO DE PROTECCIÓN CIVIL E DE XESTIÓN DE RISCOS E DE EMERXENCIAS DE GALICIA

ÓRGANO COMPETENTE:

**VICEPRESIDENCIA PRIMERA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E
TURISMO**

Academia Galega de Seguridade

NORMATIVA

- ◆ Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia
- ◆ Decreto 123/2014 do 18 de setembro, polo que se regula a acreditación, a uniformidade dos distintivos do persoal voluntario das agrupacións de voluntarios de protección civil, a imaxe corporativa destas agrupacións e os equipos de mobilidade necesarios para o desenvolvemento das funcións de protección civil e emerxencias

A regulación en materia de acreditación será de aplicación obrigatoria ao persoal voluntario das agrupacións de voluntarios de protección civil (en adiante AVPC) e ao persoal dos servizos profesionalizados de protección civil dos concellos que voluntariamente se sometan ao disposto neste decreto.

De acordo co previsto no artigo 46.3 da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, o persoal voluntario das AVPC deberá seguir un curso de formación básica, organizado ou homologado pola Xunta de Galicia, co fin de obter a acreditación precisa para o exercicio da súa función. **A superación do devandito curso dará dereito á obtención do carné de persoal voluntario do sistema integrado de protección civil e de xestión de riscos e de emerxencias de Galicia.**

O currículo do curso de formación básica será un compendio de coñecementos básicos en materia de protección civil, prevención e extinción de incendios, primeiros auxilios, comunicacións e riscos, repartido en horas teóricas e prácticas e será deseñado pola Academia Galega de Seguridade Pública, organismo con competencias nesta materia, que será quen de expedir os diplomas correspondentes.

O carné do persoal voluntario do sistema integrado de protección civil e de xestión de riscos e emerxencias de Galicia constitúe o documento persoal e intransferible, que faculta o seu titular para o desenvolvemento das actividades de protección civil, polo que é obrigatorio levalo as súas actuacións. Este carné renovarase cada catro anos, logo da súa solicitude e entrega do carné caducado.

As AVPC disporán dun prazo de catro anos, a partir da entrada en vigor do decreto 123/2014, para se adaptaren aos cambios regulados neste decreto sobre a acreditación, a uniformidade, a imaxe corporativa e a marcación e rotulación dos equipamentos de mobilidade.

EDUCADORES NO TEMPO LIBRE

ÓRGANO COMPETENTE:

**DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO DA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

NORMATIVA

- ◆ Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude.
- ◆ Decreto 58/2012, do 12 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos do mercado interior.
- ◆ Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia (*Mentres non entre en vigor a normativa de desenvolvemento desta lei, resultarán de aplicación o antedito decreto e o decreto da súa adaptación á directiva de servizos en todo canto non se opoñan ao establecido nesta lei*).

No Decreto 500/2000 regúlanse as escolas de formación de educadores no tempo libre da xuventude. Son aquelas escolas recoñecidas oficialmente pola Xunta, e as únicas autorizadas a impartir os cursos para obter os títulos oficiais de monitores e directores de actividades de tempo libre, e directores de campos de traballo.

A Lei 6/2012 incide nesta idea, establecendo que a Rede de Escolas de Tempo Libre de Galicia impartirá as seguintes modalidades de ensinanza:

- **Cursos de primeiro nivel**, que se corresponden coa titulación de monitor de actividades de tempo libre.
- **Cursos de segundo nivel**, que se corresponden coa titulación de director de actividades de tempo libre e director de campos de traballo.

O órgano directivo competente en materia de xuventude procederá á expedición dos correspondentes títulos, baixo os principios e requisitos previstos na normativa que, en desenvolvemento desta lei, resulte de aplicación.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Na actualidade existen novos certificados de profesionalidade neste campo:

- SSCB0109 Dinamización comunitaria
- SSCB0110 Dinamización, programación e desenvolvemento de accións culturais
- SSCB0209 Dinamización de actividades de tempo libre infantil e xuvenil.
- SSCB0211 Dirección e coordinación de actividades de tempo libre educativo infantil e xuvenil.

Esta **non é** unha profesión regulada a nivel europeo.

EDUCADOR INFANTIL

ÓRGANO COMPETENTE:

SUBDIRECCIÓN XERAL DE DEMOGRAFÍA E CONCILIACIÓN DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

NORMATIVA

- ◆ Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.

Tras a publicación da Orde do 29 de febreiro de 1996 pola Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, todo o persoal dos centros de menores e atención á infancia (0 a 3 anos) debe posuír a titulación de educador, co nivel de diplomatura. Segundo a devandita orde, a titulación exixida para traballar en centros de atención á primeira infancia é a de mestre especialista en educación infantil ou equivalente, técnico especialista en xardín de infancia ou técnico superior en educación infantil.

Na citada orde establecíase un período transitorio para que o persoal que non posúe esta titulación a acadase nun prazo de 5 anos a partir da entrada en vigor da citada orde (día seguinte á publicación no Diario Oficial de Galicia); este período transitorio rematou, polo que actualmente para desenvolver esta actividade xa se exige ter as titulacións sinalas na orde.

Na actualidade, esta profesión atópase regulamentada no Decreto 329/2005, que derroga a orde citada anteriormente. Nesta normativa actual, no seu artigo 27 sinálanse cales son os requisitos que debe reunir o persoal dedicado a funcións educativas nas escolas infantís de 0-3 anos, que son as seguintes:

- Persoal de atención:

- Licenciado en pedagogía ou psicopedagogía.
- Mestre especialista en educación infantil ou equivalente.
- Técnico superior en educación infantil ou equivalente.

■ Persoal de apoio

En todos os centros deberá haber, polo menos, unha persoa de apoio á atención e coidados, a cal, ademais das titulacións anteriores, poderá ter algunha das seguintes titulacións: técnico en atención sociosanitaria, técnico superior en animación sociocultural, técnico en coidados auxiliares de enfermaría, diplomado en puericultura recoñecido pola Consellería de Sanidade, ou aquelas outras recoñecidas como apropiadas polo órgano competente na autorización do centro.

No artigo 20.4 dise tamén que:

- c) Todo o persoal que realice funcións de atención e coidado dos/das nenos/as deberá acreditar o seu correcto estado de saúde e con periodicidade anual someterase a un recoñecemento médico que acredite que non padece enfermidade infecto-contaxiosa nin defecto físico ou psíquico que impida ou dificulte as súas funcións. Será igualmente preceptiva a vacinación do persoal contra a rubéola, co especial compromiso das mulleres en idade fértil de adoptar as medidas sanitarias preventivas que correspondan durante os 3 meses seguintes á vacinación.
- d) Todo o persoal de atención e coidado deberá acreditar coñecementos básicos en primeiros auxilios.
- e) O persoal que manipule alimentos deberá estar en posesión do carné de manipulador segundo a normativa vixente²⁶.

En todo caso, podemos concluír que se trata dunha profesión regulada, que exige un título para exercela.

Esta é unha profesión regulada a nivel europeo.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Hai unha cualificación relacionada, SSC322 Educación infantil, pero non conta con certificado de profesionalidade publicado.

²⁶ A partir do 26 de agosto de 2003, coa entrada en vigor do Decreto 290/2003, desaparece o documento "carné de manipulador", pero non desaparece a necesidade e a obriga de formación e hixiene nos alimentos. Actualmente, en vez do carné de manipulador, expídese o certificado individual de acreditación, por parte da empresa ou dun centro de formación autorizado.

AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR

ÓRGANO COMPETENTE:

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

NORMATIVA

- ◆ Orde do 19 de novembro de 2018 pola que se regula o procedemento de obtención das habilitacións para profesionais pertencentes ás categorías de persoal coidador, xerocultor, auxiliar de axuda no fogar e asistente/a persoal nos centros e servizos sociais do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- ◆ Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (revisión vixente dende o 1 de xullo do 2016)
- ◆ Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar.

Segundo a Orde do 19 de novembro de 2018, as persoas que realicen as funcións de asistencia persoal a persoas en situación de dependencia previstas no artigo 19 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, e o persoal auxiliar de axuda no fogar, deberán acreditar a cualificación profesional de atención sociosanitaria a persoas no domicilio. Para este efecto considéranse os seguintes títulos e certificacións:

- ☑ O título de **técnico/a en Coidados Auxiliares de Enfermaría** establecido polo Real decreto 546/1995, do 7 de abril, ou os títulos equivalentes de técnico/a Auxiliar de Clínica, técnico/a Auxiliar de Psiquiatría e técnico/a auxiliar de Enfermaría que se establecen no Real decreto 777/1998, do 30 de abril ou, se for caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.
- ☑ O título de **técnico/a en Atención a Persoas en Situación de Dependencia**, regulado polo Real decreto 1593/2011, do 4 de novembro, ou o título equivalente de técnico/a de Atención Sociosanitaria, establecido polo Real decreto 496/2003, do 2 de maio ou, se for o caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.
- ☑ O título de **técnico/a superior en Integración Social**, establecido polo Real decreto 1074/2012, do 13 de xullo, ou o título equivalente de técnico/a superior en Integración Social establecido no Real decreto 2061/1995, do 22 de decembro, para aqueles profesionais que na data de publicación do dito Acordo do 19 de outubro

de 2017, se atopen traballando na categoría profesional de asistente/a persoal ou auxiliar de axuda no fogar.

- ☑ O certificado de profesionalidade de **Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais**, regulado polo Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto ou, se for o caso calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.
- ☑ o certificado de profesionalidade de **Atención Sociosanitaria a Persoas no Domicilio**, regulado no Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, ou o equivalente certificado de profesionalidade da ocupación de auxiliar de axuda no fogar, regulado no Real decreto 331/1997, do 7 de marzo ou, se for o caso, calquera outro certificados que se publique cos mesmos efectos profesionais.

No caso dos/das asistentes/as persoais, as exigencias de cualificación profesional adaptaranse á regulación que se estableza polo Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, que se aprobe para ese efecto.

Poderán obter a habilitación excepcional ou a provisional aquelas persoas que, sen dispoñer da cualificación profesional correspondente á súa categoría profesional, realizen traballos nos centros e servizos do Sistema para a autonomía persoal e atención á dependencia, radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, nas categorías de auxiliar de axuda no fogar.

HABILITACIÓN EXCEPCIONAL: REQUISITOS

Poderán solicitar a habilitación excepcional as persoas que con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2018 cumpran os seguintes requisitos:

- Posuír nacionalidade española, ter obtido o certificado de rexistro de cidadanía comunitaria, a tarxeta familiar de cidadanía da Unión Europea ou ser titular dunha autorización de residencia e traballo en España en vigor, nos termos establecidos na normativa española de estranxeiría e inmigración.
- Ter desempeñado funcións na categoría de persoal auxiliar de axuda no fogar ou estar en situación asimilada á alta, ou estar a prestar servizos como persoal voluntario ou bolseiro en empresas, entidades ou institucións que ofrezan atención sanitaria en centros ou servizos do Sistema para a autonomía e atención á dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia, na categoría profesional, durante polo menos tres anos, cun mínimo de 2.000 horas traballadas na categoría profesional nos últimos 12 anos.

- No suposto de non alcanzar os requisitos de experiencia mínima establecidos no apartado anterior, que se traballase na categoría profesional e ter acreditada, a 31 de decembro de 2017, formación relacionada coas competencias profesionais que se queren acreditar cun mínimo de 300 horas nos últimos 12 anos.

Obtida a habilitación profesional excepcional na categoría de auxiliar de axuda no fogar, será expedida unha certificación individual que terá validez en todo o territorio do Estado.

HABILITACIÓN PROVISIONAL: REQUISITOS

Poderán solicitar a habilitación provisional as persoas que con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2018 cumpran os seguintes requisitos:

- Posuír nacionalidade española, ter obtido o certificado de rexistro de cidadanía comunitaria, a tarxeta familiar de cidadanía da Unión Europea ou ser titular dunha autorización de residencia e traballo en España en vigor, nos termos establecidos na normativa española de estranxeiría e inmigración.
- Ter desempeñado, con anterioridade do 1 de xaneiro de 2018, as súas funcións nas categorías de persoal auxiliar de axuda no fogar sen alcanzar os requisitos para a habilitación excepcional.
- Formular unha declaración responsable comprometéndose a participar nos procesos de avaliación e acreditación da experiencia laboral que se realicen desde o ámbito estatal ou autonómico, ou a realizar a formación vinculada aos correspondentes certificados de profesionalidade aos títulos de formación profesional, para obter a acreditación na categoría profesional antes do 1 de xaneiro de 2023. Transcorrido este prazo sen participar nos devanditos procesos ou sen realizar a formación vinculada exixida, a habilitación provisional deixará de ter efectos.

Obtida a habilitación provisional, será expedida unha certificación individual que terá efectos en todo o territorio do Estado e cun período de validez que finalizará o 31 de decembro de 2022.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

- **SSCS0108** Atención sociosanitaria a persoas no domicilio.
- **SSCS0208** Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais.

COIDADORES E XEROCULTORES OU CATEGORÍAS SIMILARES

ÓRGANO COMPETENTE:

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

NORMATIVA

- ◆ Orde do 19 de novembro de 2018 pola que se regula o procedemento de obtención das habilitacións para profesionais pertencentes ás categorías de persoal coidador, xerocultor, auxiliar de axuda no fogar e asistente/a persoal nos centros e servizos sociais do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- ◆ Resolución do 11 de decembro de 2017, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, que modifica parcialmente o Acordo do 27 de novembro do 2008, sobre criterios comúns de acreditación para garantir a calidade dos centros e servizos do Sistema para a autonomía e atención á dependencia.
- ◆ Resolución do 2 de decembro de 2008, da Secretaría de Estado de Política Social, Familias e Atención á Dependencia e á Discapacidade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, sobre criterios comúns de acreditación para garantir a calidade dos centros e servizos do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.

Segundo a Orde do 19 de novembro de 2018, o persoal coidador e xerocultor que preste os seus servizos en centros ou institucións sociais deberá acreditar a cualificación profesional de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais. Para este efecto considéranse os seguintes títulos e certificacións:

- ☑ O título de **técnico en Coidados Auxiliares de Enfermaría** establecido polo Real decreto 546/1995, do 7 de abril, ou os títulos equivalentes de técnico/a Auxiliar de Clínica, técnico/a Auxiliar de Psiquiatría e técnico/a Auxiliar de Enfermaría que se establecen no Real decreto 777/1998, do 30 de abril ou, se for o caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.
- ☑ O título de **técnico/a en Atención a Persoas en Situación de dependencia**, regulado polo Real decreto 1593/2011, do 4 de novembro, ou o título equivalente de técnico/a de Atención Sociosanitaria, establecido polo Real decreto 496/2003, do 2

de maio ou, se for o caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.

- ☑ O título de **técnico/a superior en Integración Social**, establecido polo Real decreto 1074/2012, do 13 de xullo, ou o título equivalente de técnico/a superior en Integración Social establecido no Real decreto 2061/1995, do 22 de decembro, para aqueles profesionais que á data de publicación do dito Acordo do 19 de outubro de 2017, estean a traballar na categoría profesional de coidador/a ou xerocultor/a.
- ☑ O certificado de profesionalidade de **Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais**, regulado polo Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto ou, se for o caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.

O Acordo do Consello Territorial do 30 de decembro do 2017 recolleu a previsión de que non sería posible acadar a cualificación do 100% destes profesionais para o 31 de decembro do 2017, polo que a citada Orde do 19 de novembro do 2018 regula o procedemento para obter as denominadas habilitacións excepcionais e provisionais.

HABILITACIÓN EXCEPCIONAL: REQUISITOS

Poderán solicitar a habilitación excepcional as persoas que con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2018 cumpran os seguintes requisitos:

- Posuír nacionalidade española, ter obtido o certificado de rexistro de cidadanía comunitaria, a tarxeta familiar de cidadanía da Unión Europea ou ser titular dunha autorización de residencia e traballo en España en vigor, nos termos establecidos na normativa española de estranxeiría e inmigración.
- Ter desempeñado funcións na categoría de persoal coidador ou xerocultor ou estar en situación asimilada á alta, ou estar a prestar servizos como persoal voluntario ou bolseiro en empresas, entidades ou institucións que ofrezan atención sanitaria en centros ou servizos do Sistema para a autonomía e atención á dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia, na categoría profesional, durante polo menos tres anos, cun mínimo de 2.000 horas traballadas na categoría profesional nos últimos 12 anos.
- No suposto de non alcanzar os requisitos de experiencia mínima establecidos no apartado anterior, que se traballase na categoría profesional e ter acreditada, a 31 de decembro de 2017, formación relacionada coas competencias profesionais que se queren acreditar cun mínimo de 300 horas nos últimos 12 anos.

Obtida a habilitación profesional excepcional nas categorías profesionais de coidador ou xerocultor, será expedida unha certificación individual que terá validez en todo o territorio do Estado.

HABILITACIÓN PROVISIONAL: REQUISITOS

Poderán solicitar a habilitación provisional as persoas que con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2018 cumpran os seguintes requisitos:

- Posuír nacionalidade española, ter obtido o certificado de rexistro de cidadanía comunitaria, a tarxeta familiar de cidadanía da Unión Europea ou ser titular dunha autorización de residencia e traballo en España en vigor, nos termos establecidos na normativa española de estranxeiría e inmigración.
- Ter desempeñado, con anterioridade do 1 de xaneiro de 2018, as súas funcións nas categorías de persoal coidador ou xerocultor sen alcanzar os requisitos para a habilitación excepcional.
- Formular unha declaración responsable comprometéndose a participar nos procesos de avaliación e acreditación da experiencia laboral que se realicen desde o ámbito estatal ou autonómico, ou a realizar a formación vinculada aos correspondentes certificados de profesionalidade aos títulos de formación profesional, para obter a acreditación na categoría profesional antes do 1 de xaneiro de 2023. Transcorrido este prazo sen participar nos devanditos procesos ou sen realizar a formación vinculada exixida, a habilitación provisional deixará de ter efectos.

Obtida a habilitación provisional, será expedida unha certificación individual que terá efectos en todo o territorio do Estado e cun período de validez que finalizará o 31 de decembro de 2022.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

- **SSCS0208** Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais.

DIRECTORES/AS DE CENTROS DE DEPENDENCIA

ÓRGANO COMPETENTE:

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

NORMATIVA

- ◆ Resolución do 11 de decembro de 2017, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, que modifica parcialmente o Acordo do 27 de novembro do 2008, sobre criterios comúns de

acreditación para garantir a calidade dos centros e servizos do Sistema para a autonomía e atención á dependencia.

Os **directores e directoras dos centros** deberán contar con titulación universitaria e ter realizado formación complementaria en dependencia, discapacidade, xeriatría, xerontoloxía, dirección de centros residenciais, ou outras áreas de coñecemento relacionadas co ámbito de atención á dependencia, agás nos postos xa ocupados, nos que o director ou directora terá como mínimo 3 anos de experiencia no sector e contará coa formación complementaria anteriormente indicada.

MEDIADOR FAMILIAR

ÓRGANO COMPETENTE:

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

NORMATIVA

- ◆ Lei 4/2001 e o seu decreto de desenvolvemento
- ◆ Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro, (DOG do 18 de febreiro de 2003), polo que se regula a figura do mediador familiar e o Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia.

Este decreto ten por obxecto regular a figura do mediador familiar, así como crear e regular o Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia, no que preceptivamente deberán estar inscritos os mediadores para así poderen desenvolver de forma axeitada a súa función.

Os **MEDIADORES FAMILIARES** son aqueles profesionais especializados en actuacións psico-socio-familiares que, estando inscritos como tales no Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia, actúan en funcións de cooperación e auxilio a aquelas persoas que teñen ou tiveron unha relación familiar, para ofrecerlles unha solución pactada á súa problemática matrimonial ou de parella, no marco do previsto na Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar.

A mediación poderase utilizar tanto con carácter previo á iniciación de procedementos xudiciais como para atopar saídas aos procedementos xudiciais en curso.

No artigo 3 do Decreto 159/2003 recóllense os requisitos de habilitación que se deben cumprir para obter a inscrición no Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia:

- ☒ Ser titulado en dereito, psicoloxía, pedagogía, psicopedagogía, traballo social ou educación social.

- ☑ Ter desenvolvido, polo menos durante os dous anos inmediatamente anteriores á solicitude de habilitación para a inscrición, actividades profesionais no eido psico-socio-familiar.
- ☑ Estar en posesión das licenzas ou autorizacións pertinentes para o exercicio da súa actividade profesional e, se é o caso, inscrito no seu colexio profesional.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Hai un certificado de profesionalidade que forma nesta materia: **SSCG0209** Mediación comunitaria.

PERSOAL QUE PRESTA SERVIZO NAS LUDOTECAS COMO CENTROS DE SERVIZOS SOCIAIS

ÓRGANO COMPETENTE:

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

NORMATIVA

- ◆ Decreto 354/2003, do 16 de setembro (DOG do 26 de setembro de 2003), polo que se regulan as ludotecas como centros de servizos sociais e se establecen os seus requisitos.

No seu artigo 7, punto 2, establece que as ludotecas deberán contar co seguinte persoal cualificado:

- Un **coordinador** que deberá ter algunha das seguintes titulacións:
 - ☑ Titulación superior en pedagogía, psicoloxía ou psicopedagogía.
 - ☑ Titulación media en maxisterio ou educación social.
 - ☑ Ciclos formativos de grao superior en animación sociocultural ou educación infantil.
 - ☑ Ciclos formativos de grao medio en actividades físicas e deportivas.

Así mesmo, estes profesionais deberán contar con algún dos títulos acreditativos das ensinanzas que imparten as Escolas de Tempo Libre, agás aqueles profesionais que teñan a titulación específica de animación sociocultural.

- Un ou varios **monitores** que deberán posuír o título de bacharelato ou de formación profesional de grao medio, con cursos de animación sociocultural.

E, no caso de que o centro atenda nenos de dous anos, o persoal que os atenda deberá ter algunha das titulacións específicas en educación infantil.

TRATAMENTO DE DROGODEPENDENCIA

ÓRGANO COMPETENTE:

CONSELLERÍA DE SANIDADE

NORMATIVA

- ◆ Orde do 7 de xullo de 1988, sobre autorización de unidades, centros, servizos e establecementos sanitario-asistenciais de tratamento das drogodependencias.

A Orde do 7 de xullo de 1988 exige, como requisito indispensable, dotar as unidades, centros, servizos ou establecementos sanitario-asistenciais de Galicia que se dediquen de forma específica ao tratamento das drogodependencias cun persoal técnico determinado. En concreto, nas unidades de día e nas comunidades terapéuticas deberanse integrar, polo menos, un médico-psiquiatra ou un psicólogo, un asistente ou traballador social e un monitor-educador por cada 7.

A figura de monitor-educador aparecía porque ata o ano 1991 non existía en Galicia a diplomatura de educador social –as primeiras promocións comezaron a traballar ao redor do ano 1995– co cal, actualmente, parece que esta figura se dividiu no que sería o monitor –un profesional encargado das actividades que se poidan desenvolver no eido de talleres ocupacionais– e o educador social, que levaría a cabo os labores de intervención propiamente dita.

A interpretación lóxica é que estamos a falar dun titulado universitario de grao superior ou medio, porque, á parte das conclusións derivadas do contexto, na época en que se redactou a norma non existían os técnicos superiores e medios como titulación de FP; emporiso, non se especifica, o que podería dar lugar a ambigüidades no momento actual co técnico en integración social (pero este título non cumpre a condición de ter formación en terapia de grupos).

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Actualmente hai unha cualificación publicada relacionada con esta actividade: SSC090_3 Educación de habilidades de autonomía persoal e social, pero non contamos co correspondente certificado de profesionalidade.

CERTIFICADO DE APTITUDE DE PROFESOR DE FORMACIÓN VIARIA

ÓRGANO COMPETENTE:

DIRECCIÓN XERAL DE TRÁFICO DO MINISTERIO DO INTERIOR

NORMATIVA

- Real decreto 1295/2003, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento regulador das escolas particulares de condutores.

O certificado de aptitude de profesor de formación viaria poderase obter superando os cursos ou probas que para o efecto se convoquen.

REQUISITOS PARA PODER REALIZAR OS CURSOS

- ☒ Estar en posesión, como mínimo, do título de educación secundaria obrigatoria ou do título de técnico (formación profesional de grao medio).
- ☒ Ser titular do permiso de condución ordinario da clase B, polo menos, cunha antigüidade mínima de dous anos.
- ☒ Posuír as aptitudes psicofísicas que determine o Ministerio do Interior por proposta da Dirección Xeral de Tráfico. No entanto, quen, sen posuílas, teña un permiso de condución da clase B, polo menos, suxeito a condicións restritivas, cunha antigüidade mínima de dous anos, logrado ao abeiro do disposto no artigo 14.2 do Regulamento xeral de condutores, poderá obter un certificado de aptitude limitado a ensinanzas de carácter teórico.

Así mesmo, o persoal docente de toda escola necesitará de autorización administrativa previa para exercer as súas funcións.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Hai unha cualificación publicada que forma neste materia, SSC566 Docencia de formación viaria, que aínda non conta con certificado de profesionalidade publicado.

En calquera caso, a propia cualificación específica que esta actividade está sometida a regulación pola Administración competente.

Está é unha profesión regulada a nivel europeo.

CERTIFICADO DE APTITUDE DE DIRECTOR DE ESCOLAS DE CONDUTORES

ÓRGANO COMPETENTE:

DIRECCIÓN XERAL DE TRÁFICO DO MINISTERIO DO INTERIOR

NORMATIVA

- ◆ Real decreto 1295/2003, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento regulador das escolas particulares de condutores.

REQUISITOS PARA OBTENIR O CERTIFICADO

O certificado de aptitude de director de escolas de condutores precisa ter os seguintes requisitos:

- ☒ Certificado de aptitude de profesor de formación viaria ou de profesor de escolas particulares de condutores e superar os cursos e probas que ao efecto se convoquen.

Aos que superen as probas expediráselles o certificado de aptitude de director de escolas de condutores, circunstancia que se fará constar no Rexistro de profesionais da ensinanza da condución.

Así mesmo, o persoal directivo de toda escola necesitará de autorización administrativa previa para exercer as súas funcións.

ENCARGADO OU RESPONSABLE TÉCNICO DE TALLER DE REPARACIÓN DE AUTOMÓBILES

ÓRGANO COMPETENTE:

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

NORMATIVA

- ◆ Decreto 108/2017, do 2 de novembro, polo que se modifica o Decreto 70/2011, do 7 de abril, polo que se regulan a actividade industrial e a prestación de servizos nos talleres de reparación de vehículos automóbiles e dos seus equipamentos e compoñentes.
- ◆ Decreto 70/2011, do 7 de abril, polo que se regula a actividade industrial e a prestación de servizos nos talleres de reparación de vehículos automóbiles e dos seus equipamentos e compoñentes.

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación exige, para desempeñar o cargo de responsable técnico de taller de reparación de automóbiles nas distintas ramas de actividade, a necesidade de presentar, no departamento territorial da consellería competente en materia de industria onde estea situado o taller, unha declaración responsable na que, ademais de declarar que se dispón dos medios técnicos, o responsable técnico acredite a súa preparación e idoneidade. Exixirase esta preparación e idoneidade por cada rama de actividade: mecánica, electricidade e electrónica, carrozaría e pintura.

Esta normativa tamén é aplicable aos talleres de ciclomotores e motocicletas, vehículos todoterreo e outros vehículos de pouca cilindrada de tres ou catro rodas, así como a talleres especializados en realizar traballos con pneumáticos, radiadores, equipamentos de inxección, cristais e parabrisas, dispositivos de remolcar ata un peso máximo de 3.500 kg, tacógrafos e limitadores de velocidade.

REQUISITOS PARA A SÚA OBTENCIÓN

A acreditación da preparación e idoneidade deste responsable técnico efectuarase mediante calquera das seguintes formas:

- ☑ Dispor dun título universitario cuxo plan de estudos cubra as materias obxecto da actividade que se vai desenvolver no taller.
- ☑ Dispor dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Catálogo Nacional de Cualificacións profesionais, cuxo ámbito competencial coincida coas materias obxecto da actividade que se vai desenvolver no taller.
- ☑ Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo co estipulado no Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, nas materias obxecto da actividade que se vai desenvolver no taller.

Os labores de responsable técnico poderán ser desenvolvidas polo titular do taller se pode acreditar a súa preparación e idoneidade dalgunha das formas citadas anteriormente.

Nota: PERÍODO TRANSITORIO

A disposición transitoria 4ª recolle que as entidades de formación autorizadas no momento de entrada en vigor deste decreto poderán seguir a exercer a actividade ata o 31 de decembro do 2011.

As persoas que reciban esta formación nunha entidade de formación autorizada neste períodos transitorio poderán obter a acreditación de responsable técnico na rama de actividades correspondente.

Para poder cumprir este requisito, será necesario acreditar dez anos de experiencia nunha empresa do sector do automóbil, dos cales cinco serán polo menos como oficial de primeira, así como a asistencia a un ou varios cursos relacionados coa reparación de vehículos automóbiles (70 horas) na rama de actividade e un curso de normativa legal (30 horas) autorizado pola Consellería de Innovación e Industria.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

O anexo I da Instrución 4/2015, do 23 de decembro da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se establecen os títulos de formación profesional, os certificados de profesionalidade e as unidades de competencia que permiten acreditar a preparación e idoneidade dun responsable técnico de taller.

RAMA DE MECÁNICA²⁷**Certificados de profesionalidade:**

- TMVG0409 Mantemento do motor e os seus sistemas auxiliares + TMVG0309 Mantemento de sistemas de transmisión de forza e trens de rodaxe de vehículos automóbiles
- TMVG0210 Mantemento de sistemas de rodaxe e transmisión de maquinaria, agrícola, de industrias extractivas e de edificación e obra civil, os seus equipos e apeiros + TMVG0310 Mantemento do motor e dos sistemas eléctricos, de seguridade e confortabilidade de maquinaria agrícola, de industrias extractivas e de edificación e obra civil + UC0132_2 Manter o motor térmico
- TMVG0110 Planificación e control do área de electromecánica + TMVL0609 Planificación e control da área de carrozaría
- TMVE10 Mecánico de vehículos lixeiros
- TMVE50 Técnico en diagnose de vehículos

Unidades de competencia:

- UC0139_3 Planificar os procesos de reparación dos sistemas de transmisión de forza e trens de rodaxe, controlando a súa execución+ UC0140_3 Planificar os procesos de reparación dos motores térmicos e dos seus sistemas auxiliares controlando a súa execución+ UC0134_3 Planificar os procesos de reparación de elementos amovibles e fixos non estruturais, controlando a execución dos mesmos + UC0135_3 Planificar os procesos de reparación de estruturas de vehículos, controlando a execución dos mesmos.

²⁷ Títulos de formación profesional:

- Electromecánica de Vehículos Automóbiles (LOE)
- Técnico en Electromecánica de Vehículos (LOXSE)
- Técnico auxiliar en Mecánica do Automóbil, rama de Automoción (LXE)
- Técnico auxiliar Mecánico e Electricista de Motocicletas, rama Automoción (LXE)
- Electromecánica de Maquinaria (LOE)
- Técnico superior en Automoción (LOE)
- Técnico superior en Automoción (LOXSE)
- Técnico especialista en Mecánica e Electricidade do Automóbil, rama Automoción (LXE)
- Técnico especialista en Automoción, rama Automoción (LXE)
- Técnico especialista en Mantemento de Máquinas e Equipos de Construción e Obras, rama Construción e Obras (LXE)

RAMA DE ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA²⁸**Certificados de profesionalidade:**

- TMVG0209 Mantemento dos sistemas eléctricos e electrónicos de vehículos
- TMVG0310 Mantemento do motor e dos sistemas eléctricos, de seguridade e confortabilidade de maquinaria agrícola, de industrias extractivas e de edificación e obra civil
- TMVG0110 Planificación e control da área de electromecánica
- TMVE40 Electricista-electrónico de vehículos
- TMVE50 Técnico en diagnose de vehículo

Unidades de competencia:

- UCO626_2 Manter os sistemas de carga e arranque de vehículos +UC0627_2 Manter os circuitos eléctricos auxiliares de vehículos
- UC0853_3 Manter os sistemas eléctricos, de seguridade e confortabilidade, de maquinaria agrícola, de industrias extractivas e de edificación e obra civil
- UC0138_3 Planificar os procesos de reparación dos sistemas eléctricos, electrónicos, de seguridade e confortabilidade, controlando a execución dos mesmos.

RAMA DE CARROZARÍAS²⁹

²⁸ Títulos de formación profesional:

- Electromecánica de Vehículos Automóviles (LOE)
- Técnico en Electromecánica de Vehículos (LOXSE)
- Técnico auxiliar en Electricidade do Automóbil, rama de Automoción (LXE)
- Técnico auxiliar Mecánico e Electricista de Motocicletas, rama Automoción (LXE)
- Técnico auxiliar Mecánico do Automóbil, rama Automoción (LXE)
- Electromecánica de Maquinaria (LOE)
- Técnico superior en Automoción (LOE)
- Técnico superior en Automoción (LOXSE)
- Técnico especialista en Mecánica e Electricidade do Automóbil, rama Automoción (LXE)
- Técnico especialista en Automoción, rama Automoción (LXE)
- Técnico especialista en Mantemento de Máquinas e Equipos de Construción e Obras, rama Construción e Obras (LXE)

²⁹ Títulos de formación profesional:

- Técnico en Carrozaría (LOE)
- Técnico en Carrozaría (LOXSE)
- Técnico auxiliar Chapa e Pintura (metal) (LXE)
- Técnico auxiliar Carrozaría do Automóbil (Automoción) (LXE)
- Técnico auxiliar Carrozaría (Automoción) (LXE)
- Técnico auxiliar Chapa e Pintura de Vehículos (Automoción) (LXE)

Certificados de profesionalidade:

- TMVL0309 Mantemento de estruturas de carrozarías de vehículos + TMVL0209 Mantemento de elementos non estruturais de carrozarías de vehículos
- TMVL0609 Planificación e control da área de carrozaría
- TMVH10 Chapista-pintor de vehículos

Unidades de competencia:

- UCO134_3 Planificar os procesos de reparación de elementos amovibles e fixos non estruturais, controlando a execución dos mesmos + UC0135_3 Planificar os procesos de reparación de estruturas de vehículos, controlando a execución dos mesmos + UC0136_3 Planificar os procesos de protección, preparación e embelecemento de superficies, controlando a execución dos mesmos.

RAMA DE PINTURA³⁰**Certificados de profesionalidade:**

- TMVL0509 Pintura de vehículos
- TMVL0609 Planificación e control da área de carrozaría
- TMVH10 Chapista-pintor de vehículos

Unidades de competencia:

- UC0136_3 Planificar os procesos de protección, preparación e embelecemento de superficies, controlando a execución dos mesmos

-
- Técnico auxiliar Chapista do Automóbil (Metal) (LXE)
 - Técnico superior en Automoción (LOE)
 - Técnico superior en Automoción (LOXSE)
 - Técnico especialista en Automoción, rama Automoción (LXE)
 - Técnico especialista en Mantemento de Máquinas e Equipos de Construción e Obras, rama Construción e Obras (LXE)

³⁰ Títulos de formación profesional:

- Técnico en Carrozaría (LOE)
- Técnico en Carrozaría (LOXSE)
- Técnico auxiliar Chapa e Pintura (Metal) (LXE)
- Técnico auxiliar Chapa e Pintura de Vehículos (Automoción) (LXE)
- Técnico auxiliar Chapista do Automóbil (Metal) (LXE)
- Técnico superior en Automoción (LOE)
- Técnico superior en Automoción (LOXSE)
- Técnico especialista en Automoción, rama Automoción (LXE)
- Técnico especialista en Mantemento de Máquinas e Equipos de Construción e Obras, rama Construción e Obras (LXE)

ESPECIALIDADE PNEUMÁTICOS³¹**Certificados de profesionalidade:**

- TMVG0309 Mantemento de sistemas de transmisión de forza e trens de rodaxe de vehículos automóbiles
- TMVG0210 Mantemento de sistemas de rodaxe e transmisión de maquinaria agrícola, de industrias extractivas e de edificación e obra civil, os seus equipos e apeiros
- TMVG0110 Planificación e control da área de electromecánica
- TMVE50 Técnico en diagnose de vehículos
- TMVE10 Mecánico de vehículos lixeiros

Unidades de competencia:

- UC0130_2 Manter os sistemas hidráulicos e pneumáticos, dirección e suspensión
- UC0849_2 Manter os sistemas de dirección e suspensión de maquinaria agrícola, de industrias extractivas e de edificación e obra civil
- UC0139_3 Planificar os procesos de reparación dos sistemas de transmisión de forza e trens de rodaxe, controlando a execución destes.

ESPECIALIDADE RADIADORES³²

³¹ Títulos de formación profesional:

- Electromecánica de Vehículos Automóbiles (LOE)
- Técnico en Electromecánica de Vehículos (LOXSE)
- Técnico auxiliar en Mecánica do Automóbil, rama de Automoción (LXE)
- Técnico auxiliar Mecánico do Automóbil, rama Automoción (LXE)
- Técnico auxiliar Mecánico e Electricista de Motocicletas, rama Automoción (LXE)
- Electromecánica de Maquinaria (LOE)
- Técnico superior en Automoción (LOE)
- Técnico superior en Automoción (LOXSE)
- Técnico especialista en Mecánica e Electricidade do Automóbil, rama Automoción (LXE)
- Técnico especialista en Automoción, rama Automoción (LXE)
- Técnico especialista en Mantemento de Máquinas e Equipos de Construción e Obras, rama Construción e Obras (LXE)

³² Títulos de formación profesional:

- Electromecánica de Vehículos Automóbiles (LOE)
- Técnico en Electromecánica de Vehículos (LOXSE)
- Técnico auxiliar en Mecánica do Automóbil, rama de Automoción (LXE)
- Técnico auxiliar Mecánico do Automóbil, rama Automoción (LXE)
- Técnico auxiliar Mecánico e Electricista de Motocicletas, rama Automoción (LXE)
- Electromecánica de Maquinaria (LOE)
- Técnico superior en Automoción (LOE)

Certificados de profesionalidade:

- TMVG0409 Mantemento do motor e os seus sistemas auxiliares
- TMVG0310 Mantemento do motor e dos sistemas eléctricos, de seguridade e confortabilidade de maquinaria agrícola, de industrias extractivas e de edificación e obra civil
- TMVG0110 Planificación e control da área de electromecánica
- TMVE50 Técnico en diagnose de vehículos
- TMVE10 Mecánico de vehículos lixeiros

Unidades de competencia:

- UC0132_2 Manter o motor térmico
- UC0629_2 Manter motores diésel
- UC0140_3 Planificar os procesos de reparación dos motores térmicos e os seus sistemas auxiliares controlando a execución dos mesmos

ESPECIALIDADE EQUIPAMENTOS DE INYECCIÓN³³**Certificados de profesionalidade:**

- TMVG0409 Mantemento do motor e os seus sistemas auxiliares

-
- Técnico superior en Automoción (LOXSE)
 - Técnico especialista en Mecánica e Electricidade do Automóvil, rama Automoción (LXE)
 - Técnico especialista en Automoción, rama Automoción (LXE)
 - Técnico especialista en Mantemento de Máquinas e Equipos de Construción e Obras, rama Construción e Obras (LXE)

³³ Títulos de formación profesional:

- Electromecánica de Vehículos Automóbiles (LOE)
- Técnico en Electromecánica de Vehículos (LOXSE)
- Técnico auxiliar en Mecánica do Automóvil, rama de Automoción (LXE)
- Técnico auxiliar Mecánico do Automóvil, rama Automoción (LXE)
- Técnico auxiliar Mecánico e Electricista de Motocicletas, rama Automoción (LXE)
- Electromecánica de Maquinaria (LOE)
- Técnico superior en Automoción (LOE)
- Técnico superior en Automoción (LOXSE)
- Técnico especialista en Mecánica e Electricidade do Automóvil, rama Automoción (LXE)
- Técnico especialista en Automoción, rama Automoción (LXE)
- Técnico especialista en Mantemento de Máquinas e Equipos de Construción e Obras, rama Construción e Obras (LXE)

- TMVG0310 Mantemento do motor e dos sistemas eléctricos, de seguridade e confortabilidade de maquinaria agrícola, de industrias extractivas e de edificación e obra civil
- TMVG0110 Planificación e control da área de electromecánica
- TMVE50 Técnico en diagnose de vehículos
- TMVE10 Mecánico de vehículos lixeiros

Unidades de competencia:

- UC0133_2 Manter os sistemas auxiliares de motor térmico
- UC0629_2 Manter motores diésel
- UC0140_3 Planificar os procesos de reparación dos motores térmicos e os seus sistemas auxiliares controlando a execución destes.

ESPECIALIDADE DISPOSITIVOS DE REMOLCAR³⁴

Certificados de profesionalidade:

- TMVL0309 Mantemento de elementos non estruturais de carrozarías de vehículos + TMVG0209 Mantemento dos sistemas eléctricos e electrónicos de vehículos
- TMVL0609 Planificación e control da área de carrozaría + TMVG0110 Planificación e control da área de electromecánica
- TMVG0210_2 Mantemento de sistemas de rodaxe e transmisión de maquinaria agrícola, de industrias extractivas e de edificación e obra civil, os seus equipos e apeiros + TMVG0310 Mantemento do motor e dos sistemas eléctricos, de seguridade e confortabilidade de maquinaria agrícola, de industrias extractivas e de edificación e obra civil
- TMVH10 Chapista pintor de vehículos + TMVE40 Electricista- electrónico de vehículos

Unidades de competencia:

³⁴ Títulos de formación profesional:

- Electromecánica de Vehículos Automóviles (LOE)
- Técnico en Electromecánica de Vehículos (LOXSE)
- Técnico auxiliar en Mecánica do Automóvil, rama de Automoción (LXE)
- Técnico auxiliar Mecánico e Electricista de Motocicletas, rama Automoción (LXE)
- Técnico auxiliar en Electricidade do Automóvil, rama Automoción (LXE)
- Técnico superior en Automoción (LOE)
- Técnico superior en Automoción (LOXSE)
- Técnico especialista en Automoción, rama Automoción (LXE)
- Técnico especialista en Mecánica e Electricidade do Automóvil, rama Automoción (LXE)
- Técnico especialista en Mantemento de Máquinas e Equipos de Construción e Obras, rama Construción e Obras (LXE)
- Electromecánica de Maquinaria (LOE)

- UC0127_2 Substituír e/ou reparar elementos amovibles dun vehículo + UC0627_2 Manter os circuitos eléctricos auxiliares de vehículos
- UC0134_3 Planificar os procesos de reparación de elementos amovibles e fixos non estruturais, controlando a execución destes + UC0138_3 Planificar os procesos de reparación dos sistemas eléctricos, electrónicos de seguridade e confortabilidade, controlando a execución destes.
- UC0852_2 Montar e manter equipos e apeiros de maquinaria agrícola de industrias extractivas e de edificación e obra civil + UC0853_3 Manter os sistemas eléctricos, de seguridade e confortabilidade, de maquinaria agrícola, de industrias extractivas e de edificación e obra civil

ESPECIALIDADE CRISTAIS E PARABRISAS³⁵

Certificados de profesionalidade:

- TMVL0209 Mantemento de elementos non estruturais de carrozarías de vehículo
- TMVL0609 Planificación e control da área de carrozaría
- TMVH10 Chapista- pintor de vehículos

Unidades de competencia:

- UC0127_2 Substituír e/ou reparar elementos amovibles dun vehículo
- UC0134_3 Planificar os procesos de reparación de elementos amovibles e fixos non estruturais, controlando a execución dos mesmos

³⁵ Títulos de formación profesional:

- Electromecánica de Vehículos Automóviles (LOE)
- Técnico en Electromecánica de Vehículos (LOXSE)
- Técnico auxiliar en Mecánica do Automóvil, rama de Automoción (LXE)
- Técnico auxiliar Mecánico e Electricista de Motocicletas, rama Automoción (LXE)
- Técnico en Carrozaría (LOE)
- Técnico en Carrozaría (LOXSE)
- Técnico auxiliar Chapa e Pintura de Vehículos (Automoción) (LXE)
- Técnico auxiliar Chapista do Automóvil (Metal) (LXE)
- Electromecánica de Maquinaria (LOE)
- Técnico superior en Automoción (LOE)
- Técnico superior en Automoción (LOXSE)
- Técnico especialista en Automoción, rama Automoción (LXE)
- Técnico especialista en Mantemento de Máquinas e Equipos de Construción e Obras, rama Construción e Obras (LXE)

ESPECIALIDADE AIRE ACONDICIONADO E CLIMATIZACIÓN³⁶**Certificados de profesionalidade:**

- TMVG0209 Mantemento dos sistemas eléctricos e electrónicos de vehículos
- TMVG0310 Mantemento do motor e dos sistemas eléctricos, de seguridade e confortabilidade de maquinaria agrícola, de industrias extractivas e de edificación e obra civil
- TMVG0110 Planificación e control da área de electromecánica
- TMVE40 Electricista-electrónico de vehículos
- TMVE50 Técnico en diagnose de vehículo

Unidades de competencia:

- UCO628_2 Manter os sistemas de seguridade e confortabilidade de vehículos
- UC0853_3 Manter os sistemas eléctricos, de seguridade e confortabilidade, de maquinaria agrícola, de industrias extractivas e de edificación e obra civil
- UC0138_3 Planificar os procesos de reparación dos sistemas eléctricos, electrónicos, de seguridade e confortabilidade, controlando a súa execución.

³⁶ Títulos de formación profesional:

- Electromecánica de vehículos automóbiles (LOE)
- Técnico en electromecánica de vehículos (LOXSE)
- Técnico auxiliar en mecánica do automóbil, rama de automoción (LXE)
- Técnico auxiliar mecánico e electricista de motocicletas, rama automoción (LXE)
- Técnico auxiliar en electricidade do automóbil, rama automoción (LXE)
- Electromecánica de maquinaria (LOE)
- Técnico superior en automoción (LOE)
- Técnico superior en automoción (LOXSE)
- Técnico especialista en automoción, rama automoción (LXE)
- Técnico especialista en mecánica e electricidade do automóbil, rama automoción (LXE)
- Técnico especialista en mantemento de máquinas e equipos de construción e obras, rama construción e obras (LXE)

ESPECIALIDADE AUTORRADIOS E EQUIPAMENTOS DE COMUNICACIÓN³⁷**Certificados de profesionalidade:**

- TMVG0209 Mantemento dos sistemas eléctricos e electrónicos de vehículos
- TMVG0310 Mantemento do motor e dos sistemas eléctricos, de seguridade e confortabilidade de maquinaria agrícola, de industrias extractivas e de edificación e obra civil
- TMVG0110 Planificación e control da área de electromecánica
- TMVE40 Electricista-electrónico de vehículos
- TMVE50 Técnico en diagnose de vehículo

Unidades de competencia:

- UCO628_2 Manter os sistemas de seguridade e confortabilidade de vehículos
- UC0853_3 Manter os sistemas eléctricos, de seguridade e confortabilidade, de maquinaria agrícola, de industrias extractivas e de edificación e obra civil
- UC0138_3 Planificar os procesos de reparación dos sistemas eléctricos, electrónicos, de seguridade e confortabilidade, controlando a súa execución.

Non é unha profesión regulada a nivel europeo.

³⁷ Títulos de formación profesional:

- Electromecánica de vehículos automóbiles (LOE)
- Técnico en electromecánica de vehículos (LOXSE)
- Técnico auxiliar en electricidade do automóbil, rama automoción (LXE)
- Técnico auxiliar en mecánica do automóbil, rama de automoción (LXE)
- Técnico auxiliar mecánico e electricista de motocicletas, rama automoción (LXE)
- Electromecánica de maquinaria (LOE)
- Técnico superior en automoción (LOE)
- Técnico superior en automoción (LOXSE)
- Técnico especialista en automoción, rama automoción (LXE)
- Técnico especialista en mecánica e electricidade do automóbil, rama automoción (LXE)
- Técnico especialista en mantemento de máquinas e equipos de construción e obras, rama construción e obras (LXE)

ÓRGANO COMPETENTE:

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE

NORMATIVA

- ◆ Real decreto 284/2021, do 20 de abril, polo que se regula a cualificación inicial e a formación continua dos condutores de determinados vehículos destinados ao transporte por estrada e polo que se modifica o Regulamento da Lei de Ordenación dos Transportes Terrestres, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro
- ◆ Directiva 2018/645 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de abril de 2018 pola que se modifica a Directiva 2003/59/CE, relativa á cualificación inicial e a formación continua dos condutores de determinados vehículos destinados ao transporte de mercadorías ou de viaxeiros por estrada e a Directiva 2006/126/CE sobre o permiso de condución
- ◆ Real decreto 1032/2007, do 20 de xullo, polo que se regula a cualificación inicial e a formación continua dos condutores de determinados vehículos destinados ao transporte por estrada.
- ◆ Directiva 2003/59/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de xullo de 2003, relativa á cualificación inicial e á formación continua dos condutores de determinados vehículos destinados ao transporte de mercadorías ou de viaxeiros por estrada, pola que se modifican o Regulamento (CEE) nº 3820/85 do Consello e a Directiva 91/439/CEE do Consello.

As siglas CAP corresponden a certificado de aptitude profesional, o cal acredita que determinados **condutores profesionais** superaron os cursos e exames exixidos para a nova formación obrigatoria da Unión Europea.

O Parlamento Europeo e o Consello aprobaron a Directiva 2003/59/CE, que obriga un determinado grupo de condutores profesionais a realizar un curso de cualificación inicial, previo á obtención do permiso de conducir, e outros cursos periódicos que garanten os seus coñecementos ao volante. A través do **Real decreto 1032/2007, do 20 de xullo**, establécese, por unha banda, unha cualificación inicial para os condutores de determinados vehículos destinados ao transporte por estrada, que se debe obter con independencia do permiso de condución, e, por outra, unha formación continua dirixida a manter actualizados os coñecementos inicialmente exixidos.

Así pois, **os condutores profesionais de vehículos industriais de mercadorías a partir de 3.500 kg e de autobuses**, a partir de agora, deberán posuír un certificado acreditativo de formación inicial (CAP) e, xunto a este certificado, o órgano competente expediralle a cada un dos aspirantes que aprrobe o exame de cualificación inicial a correspondente tarxeta de cualificación. Deste xeito, establécese unha formación obrigatoria continuada que é independente da que resulte necesaria para obter os permisos de conducir.

A Directiva 2018/645, determina as seguintes **exencións**: os condutores de vehículos de 45 km/h de velocidade máxima; vehículos das forzas armadas; vehículos de ensaio que estean sometidos a probas en estrada con fins de mellora técnica ou mantemento; para os condutores aos que se exixa un permiso de condución de categoría D e D1 e que son conducidos, sen pasaxeiros, por persoal de mantemento e sempre que a condución do vehículo non constitúa a actividade principal do condutor; vehículos utilizados en estados de urxencia ou destinados a misións de salvamento; vehículos empregados en clases prácticas destinadas á obtención do permiso de conducir (ou CAP); vehículos utilizados para o transporte non comercial de viaxeiros ou de bens; vehículos que transporten materiais, equipamentos ou maquinaria para o uso dos condutores no exercicio da súa profesión, sempre que a condución non represente a actividade principal do condutor; vehículo utilizado para circular nas zonas rurais para o abastecemento da propia empresa do condutor e con carácter ocasional: os vehículos utilizados ou alugados sen condutor por empresas agrícolas, hortícolas, forestais, gandeiras e pesqueiras para o transporte de mercadorías no marco da súa propia actividade empresarial.

REQUISITOS PARA OBTENIR A CUALIFICACIÓN INICIAL

É necesario facer:

- 1º Un curso nun centro de formación autorizado.
- 2º Unha vez superado o curso, as persoas aspirantes deberán presentarse a un exame convocado pola Dirección Xeral de Mobilidade.

Non obstante, estarán exentos da formación inicial os condutores que sexan titulares dos seguintes permisos de condución:

a) Dunha das categorías D1, D1+E, D, D+E ou dun permiso recoñecido como equivalente, expedido antes do 11 de setembro do 2008.

b) Dunha das categorías C1, C1+E, C, C+E ou dun permiso recoñecido como equivalente, expedido antes do 11 de setembro do 2009.

Preséntanse dúas modalidades de cursos:

- Modalidade ordinaria (curso de 280 horas).
- Modalidade acelerada (curso de 140 horas).

O CAP de formación continua exíxase cada 5 anos e obterase realizando cursos de 35 horas de duración nun centro autorizado³⁸.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Quen acredite ser titular do certificado de profesionalidade TMVI0108 Condución de autobuses e TMVI0208 Condución de vehículos pesados de transporte de mercadorías por estrada regulados nos anexos III e IV, respectivamente, do Real decreto 1539/2011, do 3 de outubro, polo que se establecen sete certificados de profesionalidade da familia profesional Transporte e mantemento de vehículos que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade, poderán presentarse ao exame para a obtención do certificado de aptitude profesional acreditativo da cualificación inicial, na modalidade ordinaria, que deberá superar nun prazo non superior a un ano contado dende dita finalización, nos mesmos termos previstos no artigo 16 onde se regulan os exames de cualificación inicial.

³⁸ Non se exixirá a realización dos cursos e exames previstos para a obtención do certificado de aptitude profesional acreditativo da cualificación inicial regulado neste real decreto a quen obtivera o título de Técnico en condución de vehículos de transporte por estrada, establecido polo Real decreto 555/2012, do 23 de marzo, aos que o órgano competente da comunidade autónoma expedirá directamente dito certificado, referido tanto a transporte de mercadorías como ao de viaxeiros, na súa modalidade ordinaria.

ÓRGANO COMPETENTE:**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE****DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE****NORMATIVA**

- ◆ Regulamento (CE) nº 1071/2009 do Parlamento Europeo e do Consello do 21 de outubro de 2009 polo que se establecen as normas comúns relativas ás condicións que deben cumprirse para o exercicio da profesión de transportista por estrada e pola que se derroga a Directiva 96/26/CE do Consello.
- ◆ Orde do 28 de maio de 1999 pola que se desenvolve o capítulo I do título II do Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, en materia de expedición de certificados de capacitación profesional.

A obtención desta capacitación profesional está dirixida a persoas que queiran ser **propietarias do seu propio negocio**, condutores por conta allea que se queiran instalar pola súa conta, directivos de empresas de transportes, directivos de cooperativas de traballo asociado ou persoas que necesiten capacitar a terceiros.

O transporte público por estrada e as súas actividades auxiliares e complementarias só as poderá levar a cabo quen, unha vez superado un exame, obteña o **certificado de competencia profesional para o desempeño das funcións de xestor de transporte en empresas de transporte por estrada** correspondente:

- Transporte nacional ou internacional de mercadorías, coñecido comunmente como transportista.
- Transporte nacional ou internacional de viaxeiros.

Iso implica que o que se queira dedicar pola súa conta ás actividades de transporte de mercadorías, nacional ou internacional, de viaxeiros ou os operadores de transporte –a axencia de transporte de mercadorías, o transitario ou o almacenista- distribuidor– debe contar inicialmente, e en todo momento, cos coñecementos necesarios para o exercicio de tales actividades.

Eses coñecementos acredítanse ante a Consellería de Infraestruturas e Vivenda, que está obrigada por lei a realizar polo menos un exame de capacitación profesional ao ano. De feito, o número de convocatorias anuais adoitan ser dúas: unha arredor dos meses de abril-xuño e outra nos meses de outubro-novembro. As persoas interesadas poden concorrer indistintamente á primeira convocatoria, á segunda ou ás dúas.

REQUISITOS

- Para presentarse ás probas de capacitación profesional, non se exige ningunha titulación académica, nin permiso de condución xenérico de determinada clase, nin idade mínima; tan só hai que ter a residencia habitual na comunidade autónoma correspondente antes de finalizar o prazo de presentación de solicitudes, acreditándoo co DNI.
- Só se admitirá que o domicilio sexa distinto do que apareza no DNI se acredita, mediante certificado de empadramento, que tivo o seu domicilio habitual na comunidade correspondente polo menos 185 días naturais do último ano, contado desde o día de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Para obter a capacitación profesional, será necesario superar dúas probas:

- ☑ **1ª proba:** 100 preguntas tipo test con catro respostas alternativas.
- ☑ **2ª proba:** 6 supostos prácticos.

As probas para obter este certificado de capacitación profesional regúlanse na orde citada do Ministerio de Fomento (BOE do 11 de xuño) e versarán sobre o contido do programa incluído no anexo B desta orde.

A obtención desta capacitación profesional habilita os seus posuídores para que poidan ser titulares das TARXETAS DE TRANSPORTE que son exhibibles para poder realizar transporte público de viaxeiros e mercadorías, xa se trate de vehículos lixeiros ou pesados, independentemente do seu ámbito, así como para desenvolver calquera actividade auxiliar, tal como a axencia, tránsito e almacenista-distribuidor ou operador de transporte.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Polo que respecta á formación para o emprego, no ficheiro de especialidades do SPEE contamos con certificados de profesionalidade que poden servir como soporte formativo parcial para preparar o exame oficial de xestor de transporte:

- **COML0111 Tráfico de viaxeiros por estrada** (para o exercicio da actividade do transporte interior e internacional de viaxeiros por estrada convocado polas autoridades competentes).
- **COML0211 Xestión comercial e financeira do transporte por estrada** (para a actividade de transporte, interior e internacional, por estrada, tanto de viaxeiros como mercadorías).

CONSELLEIROS DE SEGURIDADE PARA O TRANSPORTE DE MERCADORÍAS PERIGOSAS

ÓRGANO COMPETENTE:

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE

NORMATIVA

- ◆ Real decreto 97/2014, do 14 de febreiro, polo que se regulan as operacións de transporte de mercadorías perigosas por estrada en territorio español.
- ◆ Orde FOM/605/2004, do 27 de febreiro, sobre capacitación profesional dos conselleiros de seguridade para o transporte de mercadorías perigosas por estrada, por ferrocarril ou por vía navegable (vixente, agás o artigo 4).
- ◆ Real decreto 1566/1999, do 8 de outubro, sobre os conselleiros de seguridade para o transporte de mercadorías perigosas por estrada, por ferrocarril ou por vía navegable.

O aumento do transporte de mercadorías perigosas e a necesidade de establecer medidas que potenciasen a seguridade destes orixinou a creación da figura dun experto no ámbito do transporte destas materias. De tal forma, **todas as empresas que se dediquen ao transporte de mercadorías perigosas deberán dispor do citado conselleiro de seguridade.**

Existen cinco especialidades diferentes de conselleiro de seguridade para o transporte por estrada: clase 1: "explosivos", clase 2: "gases", clase 7: "radioactivos", produtos petrolíferos: "UN 1202-gasóleo, UN1203-gasolina, UN1223- queroseno", UN3475- mestura de etanol e gasolina ou mestura de etanol e combustible para motores, e o combustible de aviación clasificado nos nº UN 1268 ou UN 1863; resto de materias incluídas nas clases: 3, 4.1, 4.2, 4.3, 5.1, 5.2, 6.1, 6.2, 8 e 9.

A Consellería de **Infraestruturas e Vivenda** leva a cabo a convocatoria de probas para obter un certificado CE de formación para conselleiros de seguridade para o transporte de mercadorías perigosas por estrada e ferrocarril, que se atopan recollidas na resolución do 27 de febreiro de 2001, regulándose as probas de acordo coa directiva 96/35CE, co RD 1566/99 e coa Orde ministerial do 21 de outubro de 1999.

Os exames consistirán na superación dunha proba tipo test e dun suposto práctico, ambos relativos ao modo de transporte e á especialidade escollida.

A validez dos certificados será de 5 anos. Para a súa renovación, será necesario superar un exame que se realizará no ano anterior á expiración do certificado.

Esta **non é** unha profesión regulada a nivel europeo.

AUTORIZACIÓN ESPECIAL PARA VEHÍCULOS QUE TRANSPORTEN MERCADORÍAS PERIGOSAS

ÓRGANO COMPETENTE:

XEFATURA PROVINCIAL DE TRÁFICO

NORMATIVA

- ◆ Real decreto 818/2009, do 8 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de condutores.
- ◆ RD 1032/2007, do 20 de xullo, de cualificación inicial e formación continua dos condutores de determinados vehículos destinados ao transporte por estrada (formación polivalente).

A Dirección Xeral de Tráfico establece que, para obter o carné de condutor de mercadorías perigosas, será necesaria unha **autorización especial**.

REQUISITOS PARA A SÚA OBTENCIÓN

Para obter a autorización especial deberánse cumprir os seguintes requisitos:

- a) Estar en posesión, cunha antigüidade mínima dun ano, do permiso de conducción ordinario en vigor da clase B, polo menos.
- b) Ter realizado con aproveitamento un curso de formación como condutor para o transporte de mercadorías perigosas nun centro de formación autorizado pola Dirección Xeral de Tráfico.
- c) Ser declarado apto pola Xefatura Provincial de Tráfico nas correspondentes probas de aptitude.
- d) Non estar privado por resolución xudicial do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores, nin atoparse sometido a suspensión ou intervención administrativa do permiso que se posúa.
- e) Reunir as aptitudes psicofísicas requiridas.
- f) Ter a residencia normal en España.

No ficheiro de especialidades do SEPE aparece unha especialidade relacionada coa materia *Transporte de mercadorías perigosas por estrada* TMVC06.

A realidade da nosa comunidade é que a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación ten centros homologados con esta especialidade que están tamén recoñecidos como centros de formación pola Dirección Xeral de Tráfico; polo tanto, os cursos impartidos nestes centros non teñen ningún tipo de problema para obter o dito carné.

Esta **non é** unha profesión regulada a nivel europeo.

AUXILIAR/RESPONSABLE DE CIRCULACIÓN

ÓRGANO COMPETENTE:

MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA

NORMATIVA

- ◆ Orde FOM/679/2015, do 9 de abril, pola que se modifica a Orde FOM/2872/2010, do 5 de novembro, pola que se determinan as condicións para obter os títulos habilitantes que permiten o exercicio das funcións do persoal ferroviario relacionadas coa seguridade na circulación, así como o réxime dos centros homologados de formación e dos de recoñecemento médico do dito persoal.
- ◆ Orde FOM/2872/2010, do 5 de novembro, pola que se determinan as condicións para obter os títulos habilitantes que permiten o exercicio das funcións do persoal ferroviario relacionadas coa seguridade na circulación, así como o réxime dos centros homologados de formación e dos de recoñecemento médico do dito persoal.
- ◆ Real decreto 810/2007, polo que se aproba o regulamento da seguridade na circulación da rede ferroviaria de interese xeral, modificado polo Real decreto 918/2010.

FUNCIONES

- **Do responsable de circulación:** dirixir a circulación de trens e manobras nunha estación, ou nun conxunto de estacións, nas que estea operativo un sistema de control de tráfico centralizado, así como exercer todas aquelas funcións que a normativa ferroviaria vixente en materia de seguridade na circulación lle asigne e,

ademais, realizar todas as tarefas para as que faculta a habilitación de auxiliar de circulación.

- **Do auxiliar de circulación:** segundo as ordes do responsable de circulación, levar adiante determinadas tarefas nas terminais e estacións ferroviarias, tales como o accionamento de agullas e das barreiras dos pasos a nivel, a realización de manobras e demais tarefas complementarias.

REQUISITOS PARA O ACCESO Á FORMACIÓN

☒ **Idade:** 18 anos cumpridos.

☒ **Nivel educativo:**

- Auxiliar: ESO ou equivalente para efectos laborais.
- Responsable: bacharelato ou dun título de Técnico de Formación Profesional ou equivalentes para efectos laborais, ou, no seu defecto, catro anos de experiencia como auxiliar de circulación.

☒ **Idiomas:** Para aquelas persoas interesadas que non teñan como idioma nativo o castelán, acreditar un coñecemento suficiente da lingua que lle permita ao aspirante o axeitado seguimento do proceso formativo. A citada acreditación deberá realizarse mediante un certificado emitido por un centro de ensino de idiomas oficialmente recoñecido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

☒ Acreditar, mediante certificado de aptitude psicofísica emitido por un centro homologado de recoñecemento, as condicións recollidas no anexo I da presente orde.

OBTENCIÓN DAS HABILITACIÓNS DE CIRCULACIÓN

Requirírase superar as correspondentes probas teóricas e prácticas que aseguren un nivel de formación e coñecemento axeitados para realizar as funcións para as que facultan, así como a obtención previa do certificado de aptitude psicofísica.

As habilitacións serán válidas mentres os seus titulares cumpran as condicións exixidas para o seu mantemento e non incorran en ningunha causa de suspensión ou revogación. Non obstante, polo menos cada tres anos, os seus titulares deberán seguir un curso de actualización e reciclaxe de coñecementos teóricos e prácticos.

ENCARGADO DE TRABALLOS FERROVIARIOS

ÓRGANO COMPETENTE:

MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA

NORMATIVA

- ◆ Orde FOM/679/2015, do 9 de abril, pola que se modifica a Orde FOM/2872/2010, do 5 de novembro, pola que se determinan as condicións para obter os títulos habilitantes que permiten o exercicio das funcións do persoal ferroviario relacionadas coa seguridade na circulación, así como o réxime dos centros homologados de formación e dos de recoñecemento médico do dito persoal.
- ◆ Orde FOM/2872/2010, do 5 de novembro, pola que se determinan as condicións para obter títulos habilitantes que permiten o exercicio das funcións do persoal ferroviario relacionadas coa seguridade na circulación, así como o réxime dos centros homologados de formación e dos de recoñecemento médico do dito persoal.
- ◆ Real decreto 810/2007, polo que se aproba o regulamento da seguridade na circulación da rede ferroviaria de interese xeral, modificado polo Real decreto 918/2010.

FUNCÍONS

- A habilitación de encargado de traballos faculta o seu titular para realizar as funcións correspondentes a actuacións en vía bloqueada segundo se establece na normativa ferroviaria vixente en materia de seguridade na circulación, controlar e, de ser o caso, dirixir, os traballos que se levan adiante na infraestrutura ferroviaria ou nas súas proximidades, controlando os pilotos de seguridade na circulación e nas súas funcións de vixilancia da infraestrutura e protección dos traballos sobre esta en relación coa seguridade na circulación. En cada caso, a habilitación especificará as funcións correspondentes ás actuacións ou especialidades de que se trate, que poderán ser de infraestrutura e vía, electrificación, sinalización ou telecomunicacións, ou calquera outra que puidese establecer a Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias por proposta do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias.

REQUISITOS PARA O ACCESO Á FORMACIÓN

- ☑ **Idade:** 18 anos cumpridos.
- ☑ **Nivel educativo:** Bacharelato ou dun título de Técnico de Formación Profesional ou equivalentes para efectos laborais ou, no seu defecto, acreditar

unha experiencia profesional de polo menos catro anos como piloto de seguridade.

- ☑ **Idiomas:** Para aquelas persoas interesadas que non teñan como idioma nativo o castelán, acreditar un coñecemento suficiente da lingua que lle permita ao aspirante o axeitado seguimento do proceso formativo. A citada acreditación deberá realizarse mediante un certificado emitido por un centro de ensino de idiomas oficialmente recoñecido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.
- ☑ Acreditar, mediante certificado de aptitude psicofísica emitido por un centro homologado de recoñecemento, as condicións recollidas no anexo II da presente orde.

OBTENCIÓN DAS HABILITACIÓNS DE CIRCULACIÓN

Requirirase superar as correspondentes probas teóricas e prácticas que aseguren un nivel de formación e coñecemento axeitados para realizar as funcións para as que facultan, así como a obtención previa do certificado de aptitude psicofísica.

As habilitacións serán válidas mentres os seus titulares cumpran as condicións exixidas para o seu mantemento e non incorran en ningunha causa de suspensión ou revogación. No entanto, polo menos cada tres anos, os seus titulares deberán seguir un curso de actualización e reciclaxe de coñecementos teóricos e prácticos.

PILOTO DE SEGURIDADE NA CIRCULACIÓN FERROVIARIA

ÓRGANO COMPETENTE:

MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA

NORMATIVA

- ◆ Orde FOM/679/2015, do 9 de abril, pola que se modifica a Orde FOM/2872/2010, do 5 de novembro, pola que se determinan as condicións para obter os títulos habilitantes que permiten o exercicio das funcións do persoal ferroviario relacionadas coa seguridade na circulación, así como o réxime dos centros homologados de formación e dos de recoñecemento médico do dito persoal.
- ◆ Orde FOM/2872/2010, do 5 de novembro, pola que se determinan as condicións para obter os títulos habilitantes que permiten o exercicio das funcións do persoal ferroviario

relacionadas coa seguridade na circulación, así como o réxime dos centros homologados de formación e dos de recoñecemento médico do dito persoal.

- ◆ Real decreto 810/2007, polo que se aproba o regulamento da seguridade na circulación da rede ferroviaria de interese xeral, modificado polo Real decreto 918/2010.

FUNCIÓNS

- A habilitación de piloto de seguridade na circulación faculta o seu titular para realizar as funcións de vixilancia da infraestrutura e protección dos traballos sobre ela en relación coa seguridade na circulación ferroviaria, así como a vixilancia dos pasos a nivel.

REQUISITOS PARA O ACCESO Á FORMACIÓN

- ☑ **Idade:** 18 anos cumpridos.
- ☑ **Nivel educativo:** ESO ou equivalente para efectos laborais.
- ☑ **Idiomas:** Para aquelas persoas interesadas que non teñan como idioma nativo o castelán, acreditar un coñecemento suficiente da lingua que lle permita ao aspirante o axeitado seguimento do proceso formativo. A citada acreditación deberá realizarse mediante un certificado emitido por un centro de ensino de idiomas oficialmente recoñecido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.
- ☑ Acreditar, mediante certificado de aptitude psicofísica emitido por un centro homologado de recoñecemento, as condicións recollidas no anexo II da presente orde.

OBTENCIÓN DAS HABILITACIÓNS DE CIRCULACIÓN

Requirirase superar as correspondentes probas teóricas e prácticas que aseguren un nivel de formación e coñecemento axeitado para realizar as funcións para as que facultan, así como a obtención previa do certificado de aptitude psicofísica.

As habilitacións serán válidas mentres os seus titulares cumpran as condicións exixidas para o seu mantemento e non incorran en ningunha causa de suspensión ou revogación. No entanto, polo menos cada tres anos, os seus titulares deberán seguir un curso de actualización e reciclaxe de coñecementos teóricos e prácticos.

OPERADOR DE MAQUINARIA DE INFRAESTRUTURA FERROVIARIA

ÓRGANO COMPETENTE:

MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA

NORMATIVA

◆ Orde FOM/679/2015, do 9 de abril, pola que se modifica a Orde FOM/2872/2010, do 5 de novembro, pola que se determinan as condicións para obter os títulos habilitantes que permiten o exercicio das funcións do persoal ferroviario relacionadas coa seguridade na circulación, así como o réxime dos centros homologados de formación e dos de recoñecemento médico do dito persoal.

◆ Orde FOM/2872/2010, do 5 de novembro, pola que se determinan as condicións para obter os títulos habilitantes que permiten o exercicio das funcións do persoal ferroviario relacionadas coa seguridade na circulación, así como o réxime dos centros homologados de formación e dos de recoñecemento médico do dito persoal.

◆ Real decreto 810/2007, polo que se aproba o regulamento da seguridade na circulación da rede ferroviaria de interese xeral, modificado polo Real decreto 918/2010.

FUNCÍONS

■ A habilitación de operador de maquinaria de infraestrutura faculta o seu titular para o desprazamento, manexo e guiado do material rodante auxiliar especificamente habilitado para realizar traballos na infraestrutura ferroviaria, incluíndo, entre outros, a maquinaria de vía, os vehículos de socorro e os vehículos automóbiles adaptados para circular polas vías.

REQUISITOS PARA O ACCESO Á FORMACIÓN

- ☑ **Idade:** 18 anos cumpridos.
- ☑ **Nivel educativo:** ESO ou equivalente para efectos laborais.
- ☑ **Idiomas:** Para aquelas persoas interesadas que non teñan como idioma nativo o castelán, acreditar un coñecemento suficiente da lingua que lle permita ao aspirante o axeitado seguimento do proceso formativo. A citada acreditación deberá realizarse mediante un certificado emitido por un centro de ensino de idiomas oficialmente recoñecido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

Acreditar, mediante certificado de aptitude psicofísica emitido por un centro homologado de recoñecemento, as condicións recollidas no anexo II da presente orde.

OBTENCIÓN DAS HABILITACIÓNS DE CIRCULACIÓN

Requirirase superar as correspondentes probas teóricas e prácticas que aseguren un nivel de formación e coñecemento axeitados para realizar as funcións para as que facultan, así como a obtención previa do certificado de aptitude psicofísica.

As habilitacións serán válidas mentres os seus titulares cumpran as condicións exixidas para o seu mantemento e non incorran en ningunha causa de suspensión ou revogación. Non obstante, polo menos cada tres anos, os seus titulares deberán seguir un curso de actualización e reciclaxe de coñecementos teóricos e prácticos.

AUXILIAR DE OPERACIÓNS DO TREN

ÓRGANO COMPETENTE:

MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA

NORMATIVA

- ◆ Orde FOM/679/2015, do 9 de abril, pola que se modifica a Orde FOM/2872/2010, do 5 de novembro, pola que se determinan as condicións para obter os títulos habilitantes que permiten o exercicio das funcións do persoal ferroviario relacionadas coa seguridade na circulación, así como o réxime dos centros homologados de formación e dos de recoñecemento médico do dito persoal.
- ◆ Orde FOM/2872/2010, do 5 de novembro, pola que se determinan as condicións para obter os títulos habilitantes que permiten o exercicio das funcións do persoal ferroviario relacionadas coa seguridade na circulación, así como o réxime dos centros homologados de formación e dos de recoñecemento médicos do dito persoal.
- ◆ Real decreto 810/2007, polo que se aproba o regulamento da seguridade na circulación da rede ferroviaria de interese xeral, modificado polo Real decreto 918/2010.

FUNCIÓNS

- A habilitación do auxiliar de operación do tren faculta o seu titular para realizar, entre outros, os labores de enganche, desenganche e unión de vehículos ferroviarios, colaborar na realización de probas de freada e efectuar a colocación e retirada dos sinais de colas dos trens. Tamén poderá realizar ás ordes do responsable de circulación, e cando dispoña da formación requirida e así conste na súa habilitación, todas as operacións que supoñen a realización de manobras, agás o manexo dos vehículos de manobras.

A habilitación de auxiliar de operacións do tren con alcance de manobras tamén faculta á realización das labores do auxiliar de cabina.

REQUISITOS PARA O ACCESO Á FORMACIÓN

- ☑ **Idade:** 18 anos cumpridos.
- ☑ **Nivel educativo:** ESO ou equivalente para efectos laborais.
- ☑ **Idiomas:** Aqueles interesados que non teñan o castelán como idioma nativo, deberán acreditar un coñecemento suficiente do idioma que lle permita ao aspirante o axeitado seguimento do proceso formativo. A citada acreditación deberá realizarse mediante un certificado emitido por un centro de ensino de idiomas oficialmente recoñecido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.
- ☑ Acreditar, mediante certificado de aptitude psicofísica emitido por un centro homologado de recoñecemento, as condicións recollidas no anexo III da presente orde.

OBTENCIÓN DAS HABILITACIÓNS DE CIRCULACIÓN

Requirirase superar as correspondentes probas teóricas e prácticas que aseguren un nivel de formación e coñecemento axeitados para realizar as funcións para as que facultan, así como a obtención previa do certificado de aptitude psicofísica.

As habilitacións serán válidas mentres os seus titulares cumpran as condicións exixidas para o seu mantemento e non incorran en ningunha causa de suspensión ou revogación. Emporiso, polo menos cada tres anos, e en calquera caso cando se produzan cambios normativos que afecten ao contido da habilitación, os seus titulares deberán seguir un curso de actualización e reciclaxe de coñecementos teóricos e prácticos.

RESPONSABLES DAS OPERACIÓNS DE CARGA

ÓRGANO COMPETENTE:

MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA

NORMATIVA

◆ Orde FOM/679/2015, do 9 de abril, pola que se modifica a Orde FOM/2872/2010, do 5 de novembro, pola que se determinan as condicións para obter os títulos habilitantes que permiten o exercicio das funcións do persoal ferroviario relacionadas coa seguridade na

circulación, así como o réxime dos centros homologados de formación e dos de recoñecemento médico do dito persoal.

◆ Orde FOM/2872/2010, do 5 de novembro, pola que se determinan as condicións para obter os títulos habilitantes que permiten o exercicio das funcións do persoal ferroviario relacionadas coa seguridade na circulación, así como o réxime dos centros homologados de formación e dos de recoñecemento médico do dito persoal.

◆ Real decreto 810/2007, polo que se aproba o regulamento da seguridade na circulación da rede ferroviaria de interese xeral, modificado polo Real decreto 918/2010.

FUNCIÓNS

■ A habilitación do responsable das operacións de carga faculta ao seu titular para realizar as funcións de supervisión, dirección e, no seu caso, execución das operacións de carga e descarga das mercadorías transportadas por ferrocarril, entre as que se inclúen o acondicionamento da carga e a súa suxeición ao material remolcado, que permitan asegurar que se realizan de conformidade coa normativa ferroviaria e os procedementos das empresas cargadora e ferroviaria.

REQUISITOS PARA O ACCESO Á FORMACIÓN

- ☑ **Idade:** 18 anos cumpridos.
- ☑ **Nivel educativo:** ESO ou equivalente para efectos laborais.
- ☑ **Idiomas:** Aqueles interesados que non teñan o castelán como idioma nativo, deberán acreditar un coñecemento suficiente do idioma que lle permita ao aspirante o axeitado seguimento do proceso formativo. A citada acreditación deberá realizarse mediante un certificado emitido por un centro de ensino de idiomas oficialmente recoñecido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.
- ☑ Acreditar, mediante certificado de aptitude psicofísica emitido por un centro homologado de recoñecemento, as condicións recollidas no anexo III da presente orde.

OBTENCIÓN DAS HABILITACIÓNS DE CIRCULACIÓN

Requirirase superar as correspondentes probas teóricas e prácticas que aseguren un nivel de formación e coñecemento axeitados para realizar as funcións para as que facultan.

As habilitacións serán válidas mentres os seus titulares cumpran as condicións exixidas para o seu mantemento e non incorran en ningunha causa de suspensión ou revogación. Non obstante, polo menos cada tres anos, e en calquera caso cando se produzan cambios normativos que afecten ao contido da habilitación, os seus titulares deberán seguir un curso de actualización e reciclaxe de coñecementos teóricos e prácticos.

OPERADOR DE VEHÍCULOS DE MANOBRAS

ÓRGANO COMPETENTE:

MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA

NORMATIVA

- ◆ Orde FOM/679/2015, do 9 de abril, pola que se modifica a Orde FOM/2872/2010, do 5 de novembro, pola que se determinan as condicións para obter os títulos habilitantes que permiten o exercicio das funcións do persoal ferroviario relacionadas coa seguridade na circulación, así como o réxime dos centros homologados de formación e dos de recoñecemento médico do dito persoal.
- ◆ Orde FOM/2872/2010, do 5 de novembro, pola que se determinan as condicións para obter os títulos habilitantes que permiten o exercicio das funcións do persoal ferroviario relacionadas coa seguridade na circulación, así como o réxime dos centros homologados de formación e dos de recoñecemento médico do dito persoal.
- ◆ Real decreto 810/2007, polo que se aproba o regulamento da seguridade na circulación da rede ferroviaria de interese xeral, modificado polo Real decreto 918/2010.

FUNCIÓNS

- A habilitación do operador de vehículos de manobras faculta o seu titular para realizar, dentro do límite da denominada zona de manobras das terminais de mercadorías e estacións integrantes da Rede Ferroviaria de Interese Xeral que establece a normativa ferroviaria vixente en materia de seguridade en circulación, o desprazamento e manexo de vehículos ferroviarios polas súas vías, en operacións asociadas ás actividades de manobras, de clasificación e de retirada da subministración de material rodante a derivacións particulares, centros de tratamento técnico ou centros de mantemento de material ferroviario.

Cando no manexo dos correspondentes vehículos sexa necesario saír a vías de circulación, o titular desta habilitación deberá ter a licenza de condución.

REQUISITOS PARA O ACCESO Á FORMACIÓN

- ☑ **Idade:** 18 anos cumpridos.
- ☑ **Nivel educativo:** ESO ou titulación equivalente para efectos laborais.
- ☑ **Idiomas:** Aqueles interesados que non teñan o castelán como idioma nativo, deberán acreditar un coñecemento suficiente do idioma que lle permita ao aspirante o axeitado seguimento do proceso formativo. A citada acreditación deberá realizarse mediante un certificado emitido por un centro de ensino de idiomas oficialmente recoñecido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.
- ☑ Acreditar, mediante certificado de aptitude psicofísica emitido por un centro homologado de recoñecemento, as condicións recollidas no anexo III da presente orde.

OBTENCIÓN DAS HABILITACIÓNS DE CIRCULACIÓN

Requirirase superar as correspondentes probas teóricas e prácticas que aseguren un nivel de formación e coñecemento axeitados para realizar as funcións para as que facultan, así como a obtención previa do certificado de aptitude psicofísica.

As habilitacións serán válidas mentres os seus titulares cumpran as condicións exixidas para o seu mantemento e non incorran en ningunha causa de suspensión ou revogación. No entanto, polo menos cada tres anos, e en calquera caso cando se produzan cambios normativos que afecten o contido da habilitación, os seus titulares deberán seguir un curso de actualización e reciclaxe de coñecementos teóricos e prácticos.

AUXILIAR DE CABINA

ÓRGANO COMPETENTE:

MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA

NORMATIVA

◆ Orde FOM/679/2015, do 9 de abril, pola que se modifica a Orde FOM/2872/2010, do 5 de novembro, pola que se determinan as condicións para obter os títulos habilitantes que permiten o exercicio das funcións do persoal ferroviario relacionadas coa seguridade na circulación, así como o réxime dos centros homologados de formación e dos de recoñecemento médico do dito persoal.

- ◆ Orde FOM/2872/2010, do 5 de novembro, pola que se determinan as condicións para obter os títulos habilitantes que permiten o exercicio das funcións do persoal

ferroviario relacionadas coa seguridade na circulación, así como o réxime dos centros homologados de formación e dos de recoñecemento médico do dito persoal.

- ◆ Real decreto 810/2007, polo que se aproba o regulamento da seguridade na circulación da rede ferroviaria de interese xeral, modificado polo Real decreto 918/2010.

FUNCIÓNS

Esta habilitación facultará ao seu titular para colaborar co maquinista na identificación e o cumprimento das ordes das sinais e demais prescricións de circulación que lle afecten, así como a utilización do freo de emerxencia e inmovilización do vehículo en casos de emerxencia.

REQUISITOS PARA O ACCESO Á FORMACIÓN

- ☑ **Idade:** 18 anos cumpridos.
- ☑ **Nivel educativo:** ESO ou titulación equivalente para efectos laborais.
- ☑ **Idiomas:** Aqueles interesados que non teñan o castelán como idioma nativo, deberán acreditar un coñecemento suficiente do idioma que lle permita ao aspirante o axeitado seguimento do proceso formativo. A citada acreditación deberá realizarse mediante un certificado emitido por un centro de ensino de idiomas oficialmente recoñecido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.
- ☑ Acreditar, mediante certificado de aptitude psicofísica emitido por un centro homologado de recoñecemento, as condicións recollidas no anexo III da presente orde.

OBTENCIÓN DAS HABILITACIÓNS DE CIRCULACIÓN

Requirirase superar as correspondentes probas teóricas e prácticas que aseguren un nivel de formación e coñecemento axeitados para realizar as funcións para as que facultan, así como a obtención previa do certificado de aptitude psicofísica.

As habilitacións serán válidas mentres os seus titulares cumpran as condicións exixidas para o seu mantemento e non incorran en ningunha causa de suspensión ou revogación. Non obstante, polo menos cada tres anos, e en calquera caso cando se produzan cambios normativos que afecten o contido da habilitación, os seus titulares deberán seguir un curso de actualización e reciclaxe de coñecementos teóricos e prácticos.

RESPONSABLE DE CONTROL DO MANTEMENTO DE MATERIAL RODANTE FERROVIARIO

ÓRGANO COMPETENTE:

MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA

NORMATIVA

◆ Orde FOM/679/2015, do 9 de abril, pola que se modifica a Orde FOM/2872/2010, do 5 de novembro, pola que se determinan as condicións para obter os títulos habilitantes que permiten o exercicio das funcións do persoal ferroviario relacionadas coa seguridade na circulación, así como o réxime dos centros homologados de formación e dos de recoñecemento médico do dito persoal.

◆ Orde FOM/2872/2010, do 5 de novembro, pola que se determinan as condicións para obter os títulos habilitantes que permiten o exercicio das funcións do persoal ferroviario relacionadas coa seguridade na circulación, así como o réxime dos centros homologados de formación e dos de recoñecemento médico de dito persoal.

◆ Real decreto 810/2007, polo que se aproba o regulamento da seguridade na circulación da rede ferroviaria de interese xeral, modificado polo Real decreto 918/2010.

FUNCÍONS

Esta habilitación facultará o seu titular para emitir, en nome do centro homologado de mantemento, a certificación de que se teñen realizadas todas as intervencións e operacións do material rodante levadas adiante segundo as normas técnicas de mantemento e seguridade do vehículo ferroviario de conformidade co seu plan de mantemento e de acordo co plan de calidade do mencionado centro. Poderá estar referida a un ou varios tipos de intervencións.

REQUISITOS PARA O ACCESO Á FORMACIÓN

- ☑ **Idade:** 18 anos cumpridos.
- ☑ **Nivel educativo:** Dispor, polo menos, dun título de técnico de formación profesional de grao medio relacionado coas áreas de mantemento de vehículos ferroviarios; ou de formación profesional equivalente en mantemento doutros medios de transporte e, neste caso, acreditar unha experiencia mínima de dous anos na realización de traballos de mantemento de vehículos ferroviarios. Alternativamente, cando non se teña o nivel académico referido anteriormente, deberase contar cun título de formación

profesional básica ou a certificación profesional de ter superado os programas de cualificación profesional inicial ou a titulación profesional equivalente e acreditar unha experiencia mínima de cinco anos na realización de traballos de mantemento de vehículos ferroviarios.

- ☑ **Idiomas:** Para aquelas persoas interesadas que non teñan como idioma nativo o castelán, acreditar un coñecemento suficiente da lingua que lle permita ao aspirante o axeitado seguimento do proceso formativo. A citada acreditación deberá realizarse mediante un certificado emitido por un centro de ensino de idiomas oficialmente recoñecido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

OBTECCIÓN DAS HABILITACIÓNS DE CIRCULACIÓN

Requirirase superar as correspondentes probas teóricas e prácticas que aseguren un nivel de formación e coñecemento axeitados para realizar as funcións para as que facultan, así como a obtención previa do certificado de aptitude psicofísica.

As habilitacións serán válidas mentres os seus titulares cumpran as condicións exixidas para o seu mantemento e non incorran en ningunha causa de suspensión ou revogación. Non obstante, polo menos cada tres anos, os seus titulares deberán seguir un curso de actualización e reciclaxe de coñecementos teóricos e prácticos.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Os novos certificados de profesionalidade aprobados relacionado con esta ocupación serían os seguintes:

- TMVB0111 Mantemento dos sistemas mecánicos de material rodante ferroviario
- TMVB0211 Mantemento de sistemas eléctricos e electrónicos de material rodante ferroviario

Cómpre salientar que a superación dos contidos da unidade formativa UF2118 (Diagnose e reparación de sistemas de climatización e confortabilidade de material rodante ferroviario) incluída no certificado TMVB0211, permitirá obter a **acreditación persoal para a manipulación de sistemas frigoríficos que empreguen refrixerantes fluorados destinados a confort térmico de persoas instalados en vehículos.**

ÓRGANO COMPETENTE:

MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA

NORMATIVA

- ◆ Orde TMA/1254/2020, do 8 de decembro, pola que se modifica a Orde FOM/2872/2010, do 5 de novembro, pola que se determinan as condicións para a obtención dos títulos habilitantes que permiten o exercicio das funcións do persoal ferroviario relacionadas coa seguridade na circulación, así como o réxime dos centros homologados de formación e dos de recoñecemento médico do dito persoal.
- ◆ Orde FOM/1613/2016, do 4 de outubro, pola que se modifica a Orde FOM/2872/2010, do 5 de novembro, pola que se determinan as condicións para a obtención dos títulos habilitantes que permiten o exercicio das funcións do persoal ferroviario relacionadas coa seguridade na circulación, así como o réxime dos centros homologados de formación e dos de recoñecemento médico do dito persoal.
- ◆ Orde FOM/679/2015, do 9 de abril, pola que se modifica a Orde FOM/2872/2010, do 5 de novembro, pola que se determinan as condicións para obter os títulos habilitantes que permiten o exercicio das funcións do persoal ferroviario relacionadas coa seguridade na circulación, así como o réxime dos centros homologados de formación e dos de recoñecemento médico do dito persoal.
- ◆ Orde FOM/2872/2010, do 5 de novembro, pola que se determinan as condicións para obter os títulos habilitantes que permiten o exercicio das funcións do persoal ferroviario relacionadas coa seguridade na circulación, así como o réxime dos centros homologados de formación e dos de recoñecemento médico do dito persoal.
- ◆ Directiva 2007/59/CE sobre a certificación dos maquinistas de locomotoras e trens no sistema ferroviario da comunidade.
- ◆ Real decreto 810/2007, polo que se aproba o regulamento da seguridade na circulación da rede ferroviaria de interese xeral, modificado polo Real decreto 918/2010.

CERTIFICACIÓN DE MAQUINISTA

A certificación de maquinista comporase de dous documentos: unha licenza e un, ou máis, certificados.

■ Licenza

Para obter a licenza de maquinista, cómpre demostrar que se reúnen as condicións mínimas establecidas en canto a requisitos médicos e formativos (titulación de Bacharelato ou de Técnico de Formación Profesional ou equivalentes a efectos laborais), e competencias profesionais. A licenza ten carácter de documento persoal do seu titular. Será expedida pola Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias do Ministerio de Fomento.

Para obter a licenza será necesario:

- ☒ Ter cumpridos 20 anos.
- ☒ Cursar os programas de formación
- ☒ Demostrar os seus coñecementos profesionais xerais superando as probas de avaliación que inclúan as materias xerais indicadas no anexo V.
- ☒ Xustificar a aptitude psicofísica a través do preceptivo certificado médico regulado no anexo IV.

A validez da licenza será de 10 anos sempre que se cumpran os requisitos psicofísicos exixidos para a súa obtención.

■ Certificados

O certificado autoriza o maquinista para a condución dunha das seguintes categorías de vehículos, ou das dúas:

- Categoría A: Vehículos e locomotoras de manobra; trens de traballo a velocidade máxima de 60 km/h e nunha distancia máxima de 100 km desde a base á zona de traballos e viceversa; vehículos ferroviarios empregados para o mantemento e construción da infraestrutura ferroviaria; e locomotoras cando estas sexan utilizadas para realizar manobras.
- Categoría B: Trens de transporte de viaxeiros e/ou mercadorías e todo o recollido na categoría A.

Para poder acceder á formación que permite obter os certificados de condución, cómpre ser titular dunha licenza de maquinista expedida por un Estado membro da Unión Europea.

O período de validez dos certificados suxeitarase ao réxime de renovación que estableza a entidade ferroviaria correspondente. Para que un certificado siga a ter

validez, o seu titular deberá superar o curso de actualización e reciclaxe polo menos cada tres anos. En todo caso deberán realizarse ditos cursos cando se produzan innovacións tecnolóxicas ou cambios normativos e cando, a xuízo da Dirección Xeral de Infraestruturas Ferroviarias, así se considere.

Segundo a Orde FOM/1613/2016, do 4 de outubro, os maquinistas que se deban comunicar co administrador da infraestrutura sobre cuestións esenciais relacionadas coa seguridade deberán posuír a necesaria competencia lingüística en castelán. Co fin de satisfacer este requisito deberán ter unha capacidade de comprensión oral e escrita e de comunicación oral e escrita correspondente ao nivel B1 do Marco común europeo de referencia para as linguas (MCER). No caso dos tramos entre as fronteiras e as estacións situadas na súa proximidade poderá eximir os maquinistas da obriga de cumprir os requisitos anteriores.

Os maquinistas que obtivesen a licenza antes da entrada en vigor desta orde, cumpren os requisitos establecidos nela. Así mesmo, seguirán sendo válidos os certificados complementarios emitidos para as infraestruturas afectadas antes da entrada en vigor desta orde

CARRETILLAS ELEVADORAS

TRANSVERSAL

Actualmente **non existe unha normativa** que exixa ter un carné profesional para manipular este tipo de aparellos; os únicos carnés de aparellos de elevación existentes son os de manipulador de pa en explotacións mineiras, operador de guindastre-torre en obras e operador de guindastre móbil autopropulsado.

A regulación do transporte ou empurre de cargas mediante carretillas automotoras de manutención ou elevadoras atópase nunha **nota técnica de prevención do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo e na norma española sobre aparellos de elevación UNE 58-140-94**. Nestas notas recóllense as características dos operadores, así como o contido da formación que deben recibir, indicando que a formación práctica debe comprender polo menos o 75% da formación total. A normativa non indica o número de horas de formación que se exige. Na análise de diferentes entidades que levan a cabo formación neste campo, observamos que a media de horas é de 8 totais. Na Fundación Laboral da Construción recóllense cursos de 40 h de formación total, incluíndose un módulo de 5 h en materia de igualdade e 5 h en sensibilización).

No ano 2012 publicouse a **UNE 58451:2012** de formación dos operadores de carretillas de manutención de ata 10.000 kg. O sector das carretillas elaborou esta norma co obxectivo de conseguir a certificación para as **entidades formadoras** que se queiran distinguir mediante o cumprimento dos requisitos da norma e avalar a garantía da formación aos operadores de carretilla. As entidades acreditadas para a formación deben ser empresas en que a actividade principal sexa a formación, ou fabricantes e subministradores de carretillas de manutención e que acrediten persoal e instalacións para realizaren a dita formación.

Os requisitos mínimos que deben cumprir estas entidades son:

- Ter instalacións e equipamentos axeitados.
- Contar con formadores que cumpran os requisitos.

Dispor de procedementos de aseguramento da calidade certificados para actividades de formación.

No estudo realizado polo *Instituto Galego das Cualificacións* sobre esta ocupación, constatouse que a formación dos traballadores e traballadoras a realizan ou ben a propia empresa, e unicamente para os seus traballadores/as, ou ben centros de formación privados por pedimento de empresas que desexan formar os seus traballadores. Polo tanto, estas dúas vías de formación son para persoas traballadoras en activo.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

A formación establecida no módulo formativo **MF0432_1** Manipulación de cargas con carretillas elevadoras garante o nivel de coñecementos necesarios para o desenvolvemento das funcións de condución de carretillas elevadoras. Este módulo ten un carácter transversal e aparece incluído en certificados de profesionalidade de diferentes familias profesionais.

Certificados que inclúen o MF0432_1:

- **COML0110** Actividades auxiliares de almacén.
- **MAMA0110** Obtención de chapas, taboleiros contrachapados e rechapados.
- **MAMA0210** Fabricación de taboleiros de partículas e fibras de madeira.
- **MAMA0310** Preparación da madeira.
- **IEXD0108** Elaboración da pedra natural.
- **IEXD0308** Operacións auxiliares en plantas de elaboración de pedra natural e de tratamento e beneficio de minerais e rochas.
- **TCPPO110** Operacións auxiliares de procesos téxtiles.
- **TCPF0111** Operacións auxiliares de curtidos.
- **TCPN0109** Operacións auxiliares de ennobrecemento téxtil.
- **INAD0108** Operacións auxiliares de elaboración na industria alimentaria.
- **INAQ0108** Operacións auxiliares de mantemento e transporte interno na industria alimentaria.

Esta **non** é unha profesión regulada a nivel europeo.

